

MEMORIA DE SERVICIO PÚBLICO 2023

INTRODUCCIÓN	7
CAPÍTULO 1. As relacións laborais na CRTVG.....	23
1.1 Negociacións coa parte social	23
1.2 Renovación tecnolóxica. Sistema de información de RRHH.....	25
1.3 Seguridade e saúde laboral	26
1.3 Formación e selección.....	31
CAPÍTULO 2. Audiencias	35
2.1 Audiencias xerais das canles da CRTVG.....	37
2.2 Referencia informativa	42
2.3 Referencia para o entretemento	44
2.4 Conclusións	45
CAPÍTULO 3. Os servizos informativos da CRTVG.....	47
3.1 Informativos da Televisión de Galicia e a Radio Galega.....	48
3.2 G24 e novos formatos	56
3.3 DígochoEu	57
3.4 Cultura365, un proxecto transversal	59
3.5 Deportes na CRTVG	61
3.6 O tempo.....	68
CAPÍTULO 4. Os contidos e emisións da CRTVG.....	71
4.1 Programación televisiva	75
4.2 Emisións televisivas	90
4.3 Producción allea	94
4.4 Dobraxa e subtitulación.....	102
4.5 Programación radiofónica.....	103
4.6 A futura plataforma OTT	116
4.7 Redes sociais e outros contidos dixitais	127
CAPÍTULO 5. Relación co sector audiovisual.....	137
5.1 Apoio ao sector a través do 6%	137
5.2 Proxectos aprobados no 2023	137
5.3 Relación global co sector audiovisual	140
5.4 Promoción e presenza exterior das producións galegas	141
CAPÍTULO 6. O desenvolvemento tecnolóxico.....	143
6.1 Pantalla xigante para estudio 300 de TVG	143
6.2 Cadeas de cámara Panasonic para os estudos 300 e 150	143
6.3 Nova cabina de almacenamento NAS e Scale-Out	143
6.4 Renovación da librería de cintas	144
6.5 Ciberseguridade: novos protocolos nos accesos VPN	144
6.6 Plataforma de inscrición nos procesos selectivos	145
6.7 Proxecto de actualización da plataforma PROVYS	145
6.8 Ciberseguridade: implantación solución EDR	145
6.9 Mellora do sistema de climatización	146

CAPÍTULO 7 Canles dixitais en datos	147
7.1 Datos estatísticos.....	148
7.2 Datos demográficos e xeográficos.....	149
7.3 Acceso a través de dispositivos	150
CAPÍTULO 8. Documentación e Arquivo da CRTVG	151
8.1 Reorganización do Arquivo histórico	151
8.2 Optimización do Arquivo dixital	154
8.3 Dixitalización dos fondos históricos	155
8.4 Atención de solicitudes externas	158
CAPÍTULO 9. Normalización lingüística.....	161
9.1 Adaptación a novas necesidades da Corporación	162
9.2 Equipo de asesores lingüistas.....	162
9.3 Principais cometidos.....	162
9.4 Colaboracións de normalización lingüística.....	164
CAPÍTULO 10. A Proxección Social da CRTVG.....	165
10.1 Responsabilidade Social Corporativa. #Accións G	165
10.2 Coordinación Creativa	169
10.3 Comunicación e relación co público	170
10.4 Igualdade e inclusión.....	172
10.5 Accións internacionais	182
10.6 Colaboracións institucionais e apoio ao tecido social galego.....	183
10.7 Premios e recoñecementos á CRTVG.....	185
CAPÍTULO 11. O control sobre a CRTVG.....	189
11.1 Consello de Administración da CRTVG.....	189
11.2 Funcionamento do Consello de Administración.....	191
11.3 Decisións que adoptou o socio único da CRTVG	207
11.4 Órganos ou comisión de participación, asesoramento ou de control interno.....	208
11.5 Parlamento de Galicia.....	219
11.6 Outros organismos de control	222

INTRODUCCIÓN

O 1 de xaneiro de 2016 nacia a Corporación Radio e Televisión de Galicia, participada ao 100% pola Xunta de Galicia, despois de que o 4 de decembro de 2015 o *Diario Oficial de Galicia* publicara o decreto polo que se extinguía a entidade de dereito público Compañía de Radio-Televisión de Galicia, unificándose as tres entidades instrumentais existentes ata aquel momento (Compañía de Radio-Televisión de Galicia, Radiotelevisión Galicia, S.A. e Televisión de Galicia, S.A.).

A creación da Corporación RTVG encádrase no marco regulamentario do sector da comunicación audiovisual, que parte da aprobación da Lei 7/2010, de 31 de marzo, xeral de Comunicación Audiovisual, a cal persegue adecuar a prestación do servizo público de comunicación audiovisual ás novas esixencias dun sector e un mercado cada vez máis innovador e con máis competencia despois da chegada das plataformas e múltiples operadores internacionais.

A configuración do ente público aplica o establecido na Lei 9/2011 de Medios Públicos de Comunicación Audiovisual de Galicia, na que tamén se establecen os mecanismos de control correspondentes, como os procesos de rendición de contas que, con carácter anual, ten que seguir a CRTVG. Entre eles, a edición e presentación desta Memoria de Servizo Público que é primeiramente trasladada ao Consello de Administración da Corporación.

Por outra banda, o Mandato Marco da Corporación Radio e Televisión de Galicia, publicado no *DOG* o 29 de decembro de 2015, no seu artigo 7 de “Control polo Parlamento”, explicita que, de conformidade co previsto na Lei 9/2011, o Parlamento de Galicia desenvolverá as funcións de control da Corporación mediante, entre outras medidas, o control da xestión e do cumprimento da función de servizo público a través da Comisión Permanente non lexislativa de Control da CRTVG. Disto dáse conta no último capítulo desta memoria anual.

A lei prevé a existencia dese Mandato Marco no que o Parlamento de Galicia reflicte os termos e criterios que definen, por un período de nove anos, as liñas básicas para a prestación do servizo que lle cómpre á CRTVG. Deste xeito, ese instrumento contén as indicacións suficientes como para informar da estratexia da Corporación.

O preámbulo dese Mandato Marco, cuxa vixencia remata no 2024, sinala como fundamental garantir que o servizo público de comunicación audiovisual de Galicia cubra as necesidades de información, cultura, educación e entretemento da sociedade galega, e contribúa a preservar o pluralismo nos medios de comunicación, así como a normalización da lingua galega, o reforzamento da identidade de Galicia, a promoción da cultura galega e o impulso da súa industria audiovisual.

Todo isto coa finalidade de que a entidade prestadora se consolide como un instrumento eficaz de vertebración social, cultural e económica de Galicia, así como de promoción e dinamización da lingua galega. Con ese obxectivo, a Lei 9/2011 encomenda á Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. (Corporación RTVG) a xestión do servizo público de comunicación audiovisual de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, sometendo a súa actividade a unha serie de valores que emanan do respecto e da defensa dos principios que informan a Constitución española e o Estatuto de autonomía de Galicia, e dos dereitos e liberdades que neles se recoñecen e garanten.

O Mandato Marco emanado do Parlamento é, polo tanto, a ferramenta estratéxica para a concreción do modelo de radio-televisión de Galicia e, en fin, para o cumprimento dos obxectivos xerais da función de servizo público da Corporación RTVG. A este respecto, merece especial atención o principio de eficiencia na prestación do servizo público da Corporación RTVG, orientado a cumprir coas esixencias de consolidación fiscal e estabilidade orzamentaria.

Á luz de todo o anterior, este Mandato Marco configúrase como o instrumento de orientación estratéxica para desenvolver o servizo público audiovisual de Galicia, adaptándoo aos cambios tecnolóxicos, económicos e de usos sociais que impoñen a evolución da sociedade da información e do coñecemento, as políticas audiovisuais europeas e nacionais, as directivas comunitarias de servizos audiovisuais e a Axenda Dixital 2020.

Hai que salientar, nesta memoria referida ao 2023 que o Parlamento Europeo vai aprobar a principios de 2024 a Lei de Liberdade dos Medios de Comunicación, cuxo acordo foi acadado en decembro, e na que se recolle a protección aos xornalistas e medios de comunicación europeos de interferencias políticas o económicas.

De conformidade co previsto na Lei 9/2011, o Parlamento de Galicia desenvolve as funcións de control da CRTVG mediante a elección dos membros do Consello de Administración; a elección e, de ser o caso, a revogación do seu director; o coñecemento do informe anual; e o control da xestión e do cumprimento da función de servizo público a través da Comisión Permanente non lexislativa de Control da Corporación. Teimando no corpo normativo que rexe a actuación da Corporación, existe un Plan de Actuación xeral da CRTVG 2022-2023, que se atopa publicado no Portal de Transparencia do portal crtvg.gal. O Portal de Transparencia recolle tamén o Informe de Seguimento Anual no que se detalla o grao de cumprimento das medidas, o que reflicte a proxeción da actividade da Corporación.

Coa presente memoria preténdese ao tempo dar conta da execución do Mandato Marco da Corporación Radio e Televisión de Galicia, do que os principios inspiradores constitúen unha verdadeira guía da misión de servizo público encomendada á CRTVG.

1. Resultado da provisión de servizo público de comunicación audiovisual

1.1 Resultados en clave de audiencia

A Corporación dispón de oito canles polas que emite programación exclusivamente no idioma galego. Esas canles son: dúas canles de Televisión Dixital Terrestre, TVG e G2; dúas canles de televisión vía satélite para o exterior, América e Europa; xunto a catro canles de radio, a Radio Galega xeneralista e tres son canles de música, unha delas exclusivamente dedicada á música galega e outra á música infantil, Radio Picariña. Tamén ten operativas as canles dixitais, con G24.gal como web informativa, o portal corporativo crtvg.gal e redes sociais de información, entretemento e dos seus programas máis senlleiros.

Aproximación ao rendemento da grella de contidos

En clave de identificar os resultados de audiencia do servizo público de comunicación audiovisual de Galicia, a continuación preséntanse os niveis obtidos (datos Kantar Media e EXM). Estes datos postos en combinación cos valores orzamentarios do exercicio correspondente permiten avanzar un xuízo custo/resultado do rendemento da grella de programación. No ano 2008 a marca TVG (TVG e G2) no ámbito galego obtiña uns resultados de audiencia que a situaba en 4ª posición; no ano 2023, a marca TVG ascendeu á 2ª posición en Galicia. No ámbito das televisións autonómicas en España (FORTA), a marca TVG tamén se sitúa na 2ª posición, segundo os datos do medidor Kantar Media. Segundo o Estudo Xeral de Medios, TVG remata 2023 como a canle líder absoluta na comunidade cunha cota do 20,8%, tanto de luns a venres como no conxunto da semana, e como referente informativo absoluto da sociedade galega. Por outra banda, a Radio Galega acadou no ano 2008 unha audiencia de 136.000 oíntes, que a situaba na 4ª posición en Galicia; no ano 2023 logrou 144.000 oíntes, ascendendo á 3ª posición. No ámbito das emisoras autonómicas en España (FORTA), a emisora sitúase tamén na 3ª posición, mellorando un posto en relación ao ano 2008.

En consecuencia, e con base no conxunto de información exposto, obtivéronse mellores resultados a un menor custo, xa que o orzamento en 2009 foi de 146,9 millóns de euros e o do ano 2023 foi de 115,8 millóns de euros, un <-21%> inferior. En valores absolutos son <-31,1> millóns de euros. Ponse así de manifesto un compromiso da Corporación coa eficiencia da grella de programación e a competitividade da mesma.

Televisión

A primeira canle, no conxunto do día ao longo do ano 2023, acadou unha cota media do 11%. No horario máis importante do día (*prime time*) esta aumenta ata o 11,1%. TVG e G2, que emiten a través de TDT, obtiveron unha cota de pantalla conxunta no 2023 do 11,9%, segundo Kantar Media.

En posición comparativa coas canles autonómicas que integran a FORTA, a marca TVG acada a 2ª posición no conxunto do día e tamén no *prime time*.

A canle TVG preséntase como unha das máis dinámicas do grupo autonómico, xa que acada no conxunto do día 2,5 puntos de cota máis que a media da FORTA (8,5%). No *prime time* a TVG acada 1,9 puntos máis que a media da FORTA (9,2%).

Radio

A audiencia diaria da Radio Galega (RG) de luns a domingo do ano 2023, segundo os datos do Estudo Xeral de Medios, foi de 144.000 oíntes. Ao respecto da Radio Galega Música (RGM), a audiencia diaria no ano 2023 foi de 25.000 oíntes. As canles públicas galegas de radio (RG e RGM) acadaron no 2023 un total de 169.000 oíntes diarios, o que supón unha cota de escoita en Galicia do 17,4%.

Canles dixitais

Pola súa parte, as canles dixitais da Corporación RTVG amosan un total de 633.099.626 visualizacións, 135 millóns de reproducións e 6,4 millóns de *engagements*, é dicir, un incremento promedio do 151% con respecto ao 2022.

Este crecemento consolida a nova aposta da CRTVG nos medios dixitais, que estará operativa desde xaneiro de 2024 coa posta en marcha da nova plataforma OTT, que operará con tres marcas diferentes: AGalega, centrada no entretemento e na ficción audiovisual; AGalegaAudio, especializada en todos os contidos sonoros; e a app Xabarín, dedicada integramente aos contidos infantís. Deste proxecto, desenvolvido ao longo do 2023, dáse conta en capítulos posteriores desta memoria.

Con esta proposta, a CRTVG adapta os estándares internacionais de difusión dixital aos contidos galegos, para garantir a máxima distribución posible para os contidos audiovisuais en lingua galega.

- Crtvg.gal e *streamings*

Dentro destas canles, cómpre salientar o comportamento dos sitios web da Corporación RTVG, que rematan o 2023 cun total de 6.778.198 usuarios, 14.733.805 de sesións e 41.875.632 de impresións.

Tamén é importante a evolución dos eventos deportivos en *streaming* con 113.945 usuarios únicos máximos no caso da TVG, o que implica un incremento do 6% respecto a 2022. En YouTube, o consumo de directos foi de 1,6 millóns de reproducións.

- Facebook

Os contidos das diferentes canles de CRTVG en Facebook foron vistos 290,2 millóns de veces, un 31% máis que no ano 2022.

Os máis vistos foron os contidos de vídeo, que acadaron a cifra de 112 millóns de visualizacións, un 88% máis que no ano 2022.

As canles en Facebook máis seguidas foron: G24, con 118 millóns de visualizacións; a conta oficial da TVG, con 72 millóns; e O Tempo, con 25,5 millóns.

- Instagram

O alcance da CRTVG en Instagram foi de 73,8 millóns, un 481% máis que no ano 2022. A conta máis seguida foi a de 'Land Rober Tunai Show', seguida da oficial de TVG e a do programa 'A liga dos cantantes extraordinarios'.

- TikTok

O alcance da CRTVG en TikTok acadou a cifra de 50,8 millóns, un 122% máis que no ano 2022. A conta máis seguida foi a do 'DígochoEu', con 329,7 milleiros de seguidores e con máis de 9 millóns de interaccións positivas.

A conta corporativa da TVG acadou a cifra de 37.700 seguidores, con máis de 700.000 interaccións positivas.

- X (Twitter)

En X (Twitter), o conxunto de contas da CRTVG rematou o ano con 148,1 millóns de impresións ou contidos vistos (dos cales 19,2 millóns foron vídeos), un 36% máis que no ano 2022.

A conta do programa 'En xogo' foi a máis seguida, con 69,8 millóns de impresións, seguida da conta de 'G24' con 32,6 millóns e a do espazo radiofónico 'Galicia en goles' con 16,3 millóns.

- YouTube

YouTube rematou o 2023 con 97.700 subscritores, un 12% de incremento respecto a 2022, que supuxeron un total de 6,7 millóns de visitas, un 18% inferior ao ano 2022.

A comercialización na canle de YouTube incrementou en máis dun 70%.

1.2 Ao respecto da liquidación orzamentaria e o resultado da mesma correspondente ao exercicio pechado 2023.

Para financiar os custos do servizo público de comunicación audiovisual de Galicia, a Corporación xestionou un orzamento definitivo no 2023 por importe de 126,7 millóns de euros (115,8 millóns de euros excluindo a achega finalista destinada a Tributos para financiar o sobrecusto do IVE por importe de 10,9 millóns de euros).

A liquidación orzamentaria correspondente ao exercicio 2023 acada un resultado orzamentario en posición de superávit por importe de 2.103.953 euros.

DOTACIÓNS E RECURSOS CONSOLIDADOS 2023	ORZAMENTO INICIAL 2023	ORZAMENTO DEFINITIVO 2023	ORZAMENTO EXECUTADO 2023	RESULTADO ORZAMENT. 2023
<u>DOTACIÓNS</u>				
Compras	36.979.833	40.252.597	40.209.509	43.088
Servizos Exteriores	16.157.000	15.967.000	15.942.430	24.570
Tributos	11.053.000	11.053.000	11.983.775	(930.775)
Gastos de Persoal	56.109.183	52.786.419	52.751.314	35.105
Outros Gastos de Xestión	20.000	20.000	17.922	2.078
Gastos Financeiros	33.000	63.000	60.284	2.716
Perdas Proc. do Activo e G. Excep.	0	60.000	42.593	17.407
Inmobilizacións Intanxibles	2.970.200	3.285.200	3.278.060	7.140
Inmobilizacións Materiais e en Curso	3.337.800	3.172.800	3.170.798	2.002
TOTAL DOTACIÓNS	126.660.016	126.660.016	127.456.685	(796.669)
<u>RECURSOS</u>				
Ingresos Publicitarios Netos	6.872.000	6.872.000	7.440.129	568.129
Outras Vendas	729.798	729.798	804.610	74.812
Outros Ingresos Xestión	44.724	44.724	985.216	940.492
Ingresos Financeiros	0	0	791.408	791.408
Benef. Prod. do Activo non Cte e l. Excep.	0	0	36.110	36.110
Achega Patrimonial	107.863.494	107.863.494	106.890.351	(973.143)
Achega Patrimonial Finalista IVE	10.900.000	10.900.000	11.873.143	973.143
Subvencións de Capital	250.000	250.000	250.000	0
Remanentes de Capital			489.671	489.671
TOTAL RECURSOS	126.660.016	126.660.016	129.560.638	2.900.622
RESULTADO ORZAMENTARIO 2023	0	0	2.103.953	2.103.953

A conciliación cos valores de balance do exercicio 2023 a través do estado demostrativo das variacións de remanente de tesourería é a seguinte:

CONCEPTOS	2023	2022	VARIACIÓN
DEREITOS PENDENTES DE COBRO	67.281.693	54.599.640	12.682.053
Crédito Facenda Pública l/p	61.423.287	49.550.144	11.873.143
Fianzas e depósitos constituídos l/p	51.420	30.648	20.772
Créditos concedidos c/p	0	0	0
Debedores por operacións tráfico	5.538.911	4.790.497	748.414
Investimentos financeiros c/p	49.504	4.800	44.704
Axustes periodificación	209.317	206.186	3.131
Anticipos sobre compras	9.254	17.365	(8.111)
OBRIGAS PENDENTES DE PAGAMENTO	(75.692.012)	(63.383.507)	(12.308.505)
Provisións responsabilidades	(1.162.853)	(1.702.528)	539.675
Débedas a l/p	(61.423.287)	(49.550.144)	(11.873.143)
Acredores por operacións tráfico	(13.001.059)	(12.017.035)	(984.024)
Outras débedas a c/p	(104.813)	(113.800)	8.987
TESOURARÍA	28.451.980	29.831.926	(1.379.946)
(=) REMANENTE TESOURARÍA	20.041.661	21.048.059	(1.006.398)
Variación neta incluídos remanentes por incorporacións orzamentarias			3.110.351
(=) RESULTADO ORZAMENTARIO 2023			2.103.953

De acordo co estipulado no artigo 85.2.a) e b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobada polo Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, tramitáronse determinados expedientes de modificación orzamentaria. A Consellería de Facenda autorizou modificacións do orzamento de explotación e capital da Corporación en datas 05.05, 18.07 e 13.12.2023.

A CRTVG, no exercicio 2023, contou con notoriedade para a sociedade á que serve, marco xurídico e de financiamento, recursos tecnolóxicos, base estrutural e organizativa, experiencia colectiva e intelixencia estratéxica con base suficiente para avanzar en clave de transformación e competitividade.

Así os vectores, que caracterizaron a xestión corporativa, son tres principalmente:

- A conservación e mellora dunha contorna de xestión eficiente, equilibrio financeiro e estabilidade orzamentaria.
- A evolución da cultura corporativa en razón dunha nova filosofía e práctica da xestión das persoas e a organización. A mudanza de procesos e procedementos produtivos a favor dunha maior eficiencia esixiu da execución dunha xerencia orzamentaria desenvolvida cun característico sentido empresarial.
- A constancia na innovación na estratexia tecnolóxica, de medios e comercial.

En consecuencia, as tarefas de administración centráronse en dotar a mesma dunha maior capacidade de xestión estratéxica. Isto permitiu mellorar: en clave de adaptación ao cambio, en completar os procedementos convencionais de cálculo e proxección ao futuro e mesmo en avanzar na función de predición de análise especulativa-selectiva e as análises de percepción subxectiva. Ao mesmo tempo, a Corporación foi quen de establecer unha estratexia dixital no centro das súas liñas de actuación, a cal abordou desde unha visión estrutural, como unha constante de vantaxe competitiva. Este proceso proxectou o seu efecto na implicación do conxunto da organización, conscientes de que nos espazos de tecnoloxía e as persoas é onde está presente o liderado dixital.

En resumo, a provisión do servizo público media centrouse, a nivel de xestión, na transformación dixital e a competitividade a cubrir nunha secuencia sucesiva de transformación cultural, transformación orgánica, transformación profesional e transformación tecnolóxica.

Histórico de resultados orzamentarios

O conxunto informativo que se recolle a continuación contribúe a unha mellor comprensión e facilita a análise do resultado orzamentario do exercicio 2023. Os datos para o período 1985-2023 son os seguintes:

Millóns de euros

CONCEPTOS	ORZAMENTO	RESULTADO	RESULTADO ACUMULADO	CONCEPTOS	ORZAMENTO	RESULTADO	RESULTADO ACUMULADO
EXERCICIO 1985		(0,7)	(0,7)	EXERCICIO 2006	134,7	4,5	(51,0)
EXERCICIO 1986	20,5	(1,8)	(2,5)	EXERCICIO 2007	133,8	3,7	(47,3)
EXERCICIO 1987	27,4	(1,4)	(3,9)	EXERCICIO 2008	142,1	(3,7)	(51,0)
EXERCICIO 1988	35,3	(7,5)	(11,4)	TOTAL 1985-2008		(51,0)	(51,0)
EXERCICIO 1989	41,0	(14,0)	(25,4)	EXERCICIO 2009	146,9	2,0	(49,0)
EXERCICIO 1990	66,6	(3,8)	(29,2)	EXERCICIO 2010	145,4	21,6	(27,4)
EXERCICIO 1991	72,2	(11,0)	(40,2)	EXERCICIO 2011	121,5	0,4	(27,0)
EXERCICIO 1992	64,1	(9,4)	(49,6)	EXERCICIO 2012	114,4	0,3	(26,7)
EXERCICIO 1993	62,0	(2,3)	(51,9)	EXERCICIO 2013	104,0	0,3	(26,4)
EXERCICIO 1994	68,1	(2,7)	(54,6)	EXERCICIO 2014	107,8	0,3	(26,1)
EXERCICIO 1995	71,6	0,7	(53,9)	EXERCICIO 2015	103,6	0,8	(25,3)
EXERCICIO 1996	76,0	2,4	(51,5)	EXERCICIO 2016	104,1	3,7	(21,6)
EXERCICIO 1997	81,0	(0,1)	(51,6)	EXERCICIO 2017	107,2	1,6	(20,0)
EXERCICIO 1998	87,3	(2,5)	(54,1)	EXERCICIO 2018	106,9	2,2	(17,8)
EXERCICIO 1999	100,9	5,5	(48,6)	EXERCICIO 2019	109,2	1,7	(16,1)
EXERCICIO 2000	101,0	10,6	(38,0)	EXERCICIO 2020	111,2	1,8	(14,3)
EXERCICIO 2001	99,9	1,7	(36,3)	EXERCICIO 2021	110,4	2,8	(11,5)
EXERCICIO 2002	105,5	(21,9)	(58,2)	EXERCICIO 2022	111,2	3,1	(8,4)
EXERCICIO 2003	108,1	(9,6)	(67,8)	EXERCICIO 2023	115,8	2,1	(6,3)
EXERCICIO 2004	118,0	(7,6)	(75,4)	TOTAL 2009-2023		44,7	(6,3)
EXERCICIO 2005	125,1	19,9	(55,5)	TOTAL 1985-2023		(6,3)	(6,3)

Nota: Dende 2022, a efectos comparativos e homoxéneos, exclúese a achega finalista para financiar o sobrecusto do IVE.

Fonte: Contas anuais auditadas.

Ao respecto da liquidación orzamentaria do exercicio 2023, a mesma presenta unha posición cun resultado orzamentario positivo de 2.103.953 euros.

As posicións no período 2009-2023 (a.i) acadaron unha sistemática posición do resultado orzamentario con superávit. Isto permitiu sanear a acumulación histórica de déficits de tesourería negativos non presupostados, os cales evolucionan desde <-51,0> millóns de euros en 2008 ata <-6,3> en 2023. No período 2009-2023 (a.i) executouse unha xestión centrada na redución do déficit histórico.

En total no período obxecto de observación sanéanse 44,7 millóns de euros, o cal representa unha porcentaxe do 88%.


A evolución do orzamento consolidado da CRTVG no período 2008 a 2023 é a seguinte:

ORZAMENTO	EUROS	VARIACIÓN S/ANTERIOR	% VARIACIÓN INTERANUAL	Euros	
				VARIACIÓN S/2009	% VARIACIÓN S/2009
EXERCICIO 2008	142.145.146				
EXERCICIO 2009	146.908.995	4.763.849	3,4%		
EXERCICIO 2010	145.428.046	-1.480.949	-1,0%	-1.480.949	-1,0%
EXERCICIO 2011	121.490.783	-23.937.263	-16,5%	-25.418.212	-17,3%
EXERCICIO 2012	114.416.077	-7.074.706	-5,8%	-32.492.918	-22,1%
EXERCICIO 2013	103.964.275	-10.451.802	-9,1%	-42.944.720	-29,2%
EXERCICIO 2014	107.770.030	3.805.755	3,7%	-39.138.965	-26,6%
EXERCICIO 2015	103.575.943	-4.194.087	-3,9%	-43.333.052	-29,5%
EXERCICIO 2016	104.137.617	561.674	0,5%	-42.771.378	-29,1%
EXERCICIO 2017	107.187.830	3.050.213	2,9%	-39.721.165	-27,0%
EXERCICIO 2018	106.882.830	-305.000	-0,3%	-40.026.165	-27,2%
EXERCICIO 2019	109.165.000	2.282.170	2,1%	-37.743.995	-25,7%
EXERCICIO 2020	111.213.000	2.048.000	1,9%	-35.695.995	-24,3%
EXERCICIO 2021	110.351.000	-862.000	-0,8%	-36.557.995	-24,9%
EXERCICIO 2022	111.210.387	859.387	0,8%	-35.698.608	-24,3%
EXERCICIO 2023	115.760.016	4.549.629	4,1%	-31.148.979	-21,2%

Nota: Dende 2022, a efectos comparativos e homoxéneos, exclúese a achega finalista para financiar o sobrecusto do IVE.
Fonte: Contas anuais auditadas.

Histórico de resultados orzamentarios 1985-2023

Evolución do Resultado orzamentario vs Orzamento 1985-2023



CRTVG en cifras 2008 - 2023 | Indicadores financeiros

2. Xestión das persoas

A xestión de recursos humanos ten unha relevancia interna de primeira orde, conscientes de que o capital humano, que na súa dilatada experiencia e probada capacidade, constitúe o activo de maior valor Corporativo. En coherencia con isto, a CRTVG desenvolve un plan de acción laboral centrado nas persoas, que incorpora as liñas de traballo seguintes: estabilidade e calidade no emprego, clima laboral, coidado do ámbito de traballo, estudo da implantación de instrumentos de teletraballo, recoñecemento e participación das persoas traballadoras, comunicación corporativa efectiva e formación continua.

2.1 Un proxecto laboral centrado nas persoas, na transparencia, no desenvolvemento profesional e comprometido coa estabilidade no emprego

O conxunto de actuacións e medidas executadas no ámbito laboral contribuíron a favorecer o desenvolvemento profesional, a iniciativa e un esquema que propicie contornos favorables para acadar unha maior satisfacción profesional baixo criterios de manter a estabilidade da Corporación RTVG. Un eixe prioritario foi mellorar a xestión operativa dos recursos humanos en relación coa nova organización produtiva. Implantouse así un sistema de xestión integral, que funciona baixo soporte de aplicacións informáticas, que impulsou avances en clave de desenvolvemento profesional e rendemento operacional e estratéxico.

Este esquema, presente na área da xestión das persoas, determina na organización un xeito de traballo comprometido coa eficiencia na xestión e a trazabilidade fundada nas decisións operativas.

Os avances insisten en considerar os vectores seguintes:

- Mellorar a xestión en clave de seguridade xurídica e sentar unha base axeitada para xestionar de xeito profesional a área laboral.
- Proporcionar transparencia externa e interna plenamente coherente coa reformulación da cultura corporativa.
- Ter un decisivo valor instrumental inmediato en clave de xestión e soporte para a estabilización no emprego de todo o cadro de persoal, na medida en que o mesmo identifica con claridade o conxunto de postos de traballo da Corporación RTVG.
- Mellorar así a capacidade de gobernanza na proxección estratéxica da xestión referida aos recursos humanos, facilitándolles ao supervisor e aos órganos de goberno da Corporación RTVG a toma de decisións.

O traballo está centrado nas novas competencias que demande a actividade e tamén en xestionar o cambio de forma acompasada coas necesidades produtivas mellorando as capacidades de adaptación estratéxica. En definitiva, estase a falar dunha aplicación produtiva da dixitalización. Trátase de facer compatible o contorno laboral existente cun conxunto de melloras e avances asociados á diversidade xeracional e aos niveis formativos e funcionais, de xeito que permitan manter unha coherencia dos custos de explotación.

O compromiso corporativo cun emprego de calidade e axeitadamente retribuído queda formalmente recollido no acordo do Consello da Xunta de 14.12.2023, polo que se aproba a oferta de emprego público da Corporación Radio e Televisión de Galicia correspondente ao ano 2023, na que se ofertaron 14 prazas mediante o sistema de concurso-oposición e 12 prazas de promoción interna para o persoal da Corporación.

Esta oferta do exercicio 2023 é unha continuación da liña de traballo iniciada coas Ofertas Públicas de Emprego dos anos 2021 e 2022 nas que se ofertaron un total de 270 prazas, das que 255 o foron mediante sistema de concurso. Estes datos dan como resultado que nos últimos 3 anos a Corporación ofertou un total de 294 prazas, o cal ven a representar o 35% do cadro de persoal. Cómpre sinalar que as ditas Ofertas Públicas de Emprego integraron a perspectiva das persoas con discapacidade mediante a inclusión nas mesmas de prazas tanto de discapacidade xeral como intelectual.


En consecuencia, no ano 2023, e por terceiro ano consecutivo, a Corporación consolida o que xa é un trazo característico sen precedentes desde a creación do medio, a través dun esquema de provisión definitiva de prazas con vínculo de fixeza. Como novidade, a OPE do 2023 contén 14 prazas de promoción interna coa finalidade de recoñecer o talento interno, dando a posibilidade aos profesionais da CRTVG de desenvolvemento profesional dentro da propia empresa.

O proxecto laboral segue os criterios executivos que establecen as directrices básicas, aprobadas polo Consello de Administración, en materia de xestión das persoas: igualdade, capacidade, mérito e publicidade na captación e xestión do talento; estabilidade e calidade no emprego; intencionalidade e autonomía na xestión dos efectivos e do cadro de persoal; racionalidade e sustentabilidade da organización produtiva, procurando unha coherencia entre os custos da actividade produtiva e os retornos económicos e sociais desta actividade; eficiencia e optimización da organización produtiva; e finalmente a actualización e provisión do cadro de persoal.


2.2 Estado de situación da cuestión laboral

Unha visión baseada nunha análise dinámica pon de manifesto que no ano 2009 a CRTVG tiña un número medio de persoas traballadoras de 996 e un cadro de persoal de 769 prazas. Isto evidencia que o cadro de persoal non representaba axeitadamente o número de efectivos e a diferenza existente entre ambas proxectaba unha característica problemática laboral asociada á contratación indefinida. A maiores, o perímetro de risco laboral (principalmente referido aos servizos de novas externalizados que conformaban o esquema das actuais delegacións territoriais da Corporación, os cales finalmente se fixeron propios) ascendía aproximadamente a 160, ata completar o seu número total en aproximadamente 1.156 efectivos.

A xestión levada a cabo no eido dos recursos humanos supuxo cuantitativamente pasar dun cadro de 769 prazas e 996 persoas traballadoras e un perímetro de risco laboral que completaba o seu número en aproximadamente 1.156 efectivos, cara a evolucionar, no 2023, a un cadro de persoal laboral composto por 832 prazas e 883 persoas traballadoras de media, coa conseguinte estabilización e racionalización dos custos de persoal e a drástica redución da temporalidade na contratación.



Fonte: Contas Anuais auditadas.



Fonte: Contas Anuais auditadas.

A CRTVG pecha o exercicio 2023 cun número medio de traballadores de 883. Este dato pon de manifesto o compromiso corporativo con manter unha coherencia dos custos de explotación.

Cómpre salientar tamén a progresiva redución da contratación temporal implantada na xestión desde o ano 2010 (a temporalidade no 2009 superaba o 40%). A distribución do promedio dos traballadores no exercicio 2023, por tipo de vinculación contractual, é a seguinte: fixos e indefinidos 77,4%; relevos 4,3%; interinidade 9,2%; obra 1,5%; temporais por circunstancias da produción 0,1%; prácticas 3,3%; e directivos 4,2%.

En síntese, unha análise inmediata do número de traballadores/as medios no período obxecto de observación 2009-2023 pon de manifesto que as medidas de mellora da xestión laboral executadas proxectaron o seu efecto en clave de estabilidade e calidade no emprego, diminución da temporalidade, sostibilidade e mesmo coherencia dos custos da actividade. Os resultados propiciaron así contornos axeitados en clave de eficiencia, sen perder de vista unha perspectiva de mellora laboral baseada no diálogo e negociación cos axentes sociais.

Os datos do exercicio 2023 poñen de manifesto que o número medio de persoas traballadoras/ano se estabilizou nun valor de 883, correspondéndose co cadro de persoal autorizado (872: 832 cadro de persoal laboral e 40 cadro de persoal directivo). A segregación por natureza do vínculo é a seguinte:

- Cadro directivo: 38.
- Persoal de cadro: i) fixos: 455; ii) relevistas: 38, iii) indefinidos -firmes e non firmes- en praza vacante: 221; iv) interinos en praza vacante: 28; v) obras ou servizos determinados: 13; e vi) 13 interinos que ocupan prazas reservadas.
- Persoal de longa duración: i) indefinidos sentenza non firme: 7; e ii) contratos en prácticas: 29.
- Substitucións (motivadas principalmente por Incapacidades Temporais): 40 e 1 contrato temporal por circunstancias da produción.

As resolucións xudiciais que declaran a existencia de relacións laborais indefinidas determinan, na práctica totalidade dos casos, que a data da primeira vinculación contractual das persoas traballadoras é anterior ao ano 2009.

3. Tributación indirecta

A provisión do servizo público de comunicación audiovisual recolle, na última década, o efecto asociado á xestión da problemática do IVE, a cal proxecta inestabilidade sobre a xestión financeira e orzamentaria da Corporación e, en consecuencia, sobre o conxunto da actividade de provisión do servizo público. A AEAT foi adoptando diversos criterios cambiantes en función das modificacións lexislativas que se foron aprobando, promovidas coa pretensión de clarificar a tributación do IVE e establecer un contorno estable. A pesar diso, a AEAT interpretou sempre a normativa en sentido contrario ao que se pretendía, en contra dos intereses dos contribuíntes e tratando de maximizar a súa recadación.

A situación financeira e a evolución da tesourería da Corporación viuse afectada polas continuas e cuantiosas inspeccións de IVE. Por este motivo, a CRTVG formalizou un convenio de colaboración co Accionista Único (Xunta de Galicia) en 2019, modificado por tres addendas ata un montante total de 38,9 millóns de euros, que dá cobertura ao risco e compensa a debilidade financeira.

Dende o exercicio 2022 a CRTVG financia a problemática de IVE mediante unha achega orzamentaria na aplicación de Tributos, que para o ano 2023 tivo unha liquidación orzamentaria de 11,9 millóns de euros.

Á data de emisión deste informe, as controversias abertas coa AEAT son as seguintes:

- Problemática IVE repercutido (Xan.2017-Mai.2017).
Nesta inspección de IVE a AEAT aplicou o criterio de “Contraprestación de servizos sobre o IVE repercutido”, considerando que a achega patrimonial do socio único está suxeita ao IVE do 21%. O 14.11.2017 a AEAT emitiu Acordo de Liquidación, que actualmente se atopa recorrido dende o 07.03.2023 ante a Audiencia Nacional.
- Problemática IVE repercutido (Ano 2016 e Xuñ.2017-Out.2017).
No 2020 a AEAT inicia unha inspección para tódolos períodos non prescritos. No caso destes períodos, volve de novo ao criterio de contraprestación de servizos, aplicando o 21% de IVE repercutido sobre as achegas da Xunta de Galicia. O 23.02.2021 a AEAT emitiu dous Acordos de Liquidación, que actualmente se atopan recorridos dende o 06.07.2022 ante o Tribunal Económico Administrativo Central.

- Problemática IVE soportado (Nov.2017-Dec.2018).
Nesta inspección de IVE a AEAT aplicou o criterio “Actividade dual sobre o IVE soportado”, considerando que a CRTVG exerce 2 actividades: “comercial” (publicidade e programas con alta audiencia, con dereito a dedución do IVE) e “non comercial” (programas con baixa audiencia, sen dereito a dedución do IVE). O 04.03.2019 a AEAT emitiu Acordo de Liquidación, que actualmente se atopa recorrido dende o 19.09.2023 ante a Audiencia Nacional.
- Problemática IVE soportado (Xan.2019-Dec.2020).
A inspección do 2020, comentada anteriormente, tamén actúa sobre estoutro período, volve de novo ao criterio da “actividade dual”. Neste caso a pretensión foi a de restrinxir a deducibilidade do IVE soportado, aplicando a prorrata financeira. O 23.06.2021 a AEAT emitiu Acordo de Liquidación, que actualmente se atopa recorrido dende o 06.07.2022 ante o Tribunal Económico Administrativo Central.
- Problemática IVE soportado (Xan.2021-Dec.2021).
No 2022 a AEAT inicia unha nova inspección, ao igual que no caso anterior, polo criterio da “actividade dual”. Do mesmo xeito pretende restrinxir a deducibilidade do IVE soportado, aplicando a prorrata financeira. O 25.05.2022 a AEAT emitiu Acordo de Liquidación, que actualmente se atopa recorrido dende o 29.06.2023 ante o Tribunal Económico Administrativo Central.
- Problemática IVE soportado (Xan.2022-Dec.2023).
A CRTVG, dende o Acordo de Liquidación da AEAT do 23.06.2021, resultante da inspección dos exercicios 2019 e 2020, nos que a Axencia Tributaria aplicou o criterio da “actividade dual”, para evitar posibles sancións, presenta as declaracións mensuais conforme ao criterio imposto, reflectindo na epígrafe VI de Debedores do Activo non corrente, do mesmo xeito que nos anos anteriores, o IVE soportado pendente de recuperar en consideración de que é ao 100% deducible.

1. AS RELACIÓNS LABORAIS NA CRTVG

Ao respecto da política sociolaboral da CRTVG durante o ano 2023, podemos salientar os seguintes aspectos.

1.1 Negociacións coa parte social

A interlocución entre a parte social e a empresa é unha das principais e recurrentes características nas relacións laborais na Corporación.

Existen na actualidade diferentes foros de negociación abertos, relativos a aspectos diversos relacionados coa actividade habitual da empresa e outras cuestións organizativas e técnicas.

O obxectivo da apertura destas comisións de negociación parte da vontade de chegar a acordos beneficiosos para a empresa e os traballadores, así como obter a perspectiva e análise dos representantes dos traballadores. Neste caso, debemos mencionar as xuntanzas dos diferentes comités e os principais temas abordados nos mesmos ao longo do 2023.

Comité Intercentros e Comité de Empresa

Estes comités representan o persoal da CRTVG, e máis concretamente, no caso do Intercentros a todo o conxunto da corporación e no caso do de Empresa do que presta os seus servizos no centro de San Marcos. No ano 2023 realizáronse 14 xuntanzas. Delas, podemos destacar as seguintes cuestións, entre outras, derivadas da actividade diaria:

- Negociación da Oferta de Emprego Público e das bases dos procesos do concurso-oposición.
- Xestión do cadro de persoal e materia de contratacións.
- Cuestións de xestión de infraestruturas, espazos e condicións de traballo.

Comisión Paritaria

Segundo o disposto no artigo 11 do convenio colectivo da CRTVG, a comisión paritaria ten como principal función a interpretación do disposto no convenio. Neste senso, no 2023 producíronse 6 xuntanzas en que se analizaron diferentes cuestións que, ben por cambios normativos ou de aplicacións, suscitaron dúbidas. En todas as xuntanzas procúrase conseguir unha interpretación acorde ao espírito da norma do convenio, ao beneficio dos traballadores e á lexislación vixente.

Comisión de Listaxes de Contratación

Ao longo de 2023 mantivéronse 7 reunións da Comisión de Listaxes de Contratación, en que se trataron temas tales como a contratación en prácticas, os contratos de revezamento froito das xubilacións parciais, así como outros asuntos sobre a ampliación de listaxes de contratación.

Comité de Seguridade e Saúde

O Comité de Seguridade e Saúde Laboral asume as competencias que a Lei de prevención de riscos laborais establece no seu artigo 39. Trátase dun órgano colexiado e paritario composto por todos os delegados de prevención e en igual número por representantes da empresa. Os delegados de prevención son nomeados polos sindicatos atendendo á súa representación. No 2023 producíronse un total de 10 xuntanzas, nas que se levaron a cabo diferentes análises, protocolos e avaliacións das diferentes actividades nestas materias que afectan ao persoal da CRTVG.

Comisión de Igualdade

No ano 2023 a Comisión de Igualdade reuniuse en 19 ocasións. Estas xuntanzas versaron sobre as diferentes propostas de cara á elaboración dun Plan de Igualdade empresarial para a Corporación. Estase a negociar un novo diagnóstico de situación actualizado de cara á aprobación dun Plan de Igualdade da CRTVG.

Comisión de Formación

A Comisión Paritaria de Programación e Seguimento da Formación está integrada por un membro de cada sindicato e o mesmo número de representantes da empresa. Esta comisión reúnese polo menos unha vez cada trimestre. No 2023 houbo 8 xuntanzas da Comisión de Formación, que abordaron:

- Desenvolvemento de accións de formación de carácter xeral para todos os traballadores da CRTVG.
- Desenvolvemento de accións de formación específica de carácter voluntario ou obrigatorio, dirixida a determinadas categorías laborais. A formación obrigatoria resulta necesaria para a adaptación ás modificacións operadas no posto de traballo.
- Así mesmo, no seo da Comisión de Formación informouse das prácticas non laborais realizadas na CRTVG, as de carácter formativo (FCT, FP dual e prácticas académicas externas dos estudos universitarios) e as complementarias á formación (prácticas para estudantes ou titulados sen experiencia).

Outras xuntanzas coa representación sindical

En 2023 houbo 4 xuntanzas no AGA que remataron acadando un consenso no relativo a temas de saúde laboral, nova clasificación e outros de menor entidade.

A Comisión de Plan de Pensións tivo dúas xuntanzas no ano 2023, nas que se abordou o proceso de internalización de funcións por parte da Entidade Xestora do Plan e do Fondo de Pensións. Aprobáronse as contas anuais e o informe de xestión do fondo. Reactivouse o traballo da comisión de nova clasificación, que se constituíu e comezou os traballos no ano 2023; do mesmo xeito nese ano constituíuse, previa a denuncia pola parte social, a comisión negociadora do convenio colectivo.

Realizáronse tamén 5 xuntanzas co comité de folga, para tratar de acadar consensos que evitasen a súa realización e para acordar os efectivos mínimos durante a xornada.

Ao longo do ano realizáronse 77 xuntanzas formais dos comités ou comisións para informar e negociar coas seccións sindicais diferentes puntos de interese para os traballadores da CRTVG. Esta vontade negociadora de ambas partes móstrase a prol da paz social e para fomentar o diálogo entre os diferentes axentes sociais corporativos.

Os procedementos de información cos representantes dos traballadores son as propias comisións e comités, ademais das vías habituais de comunicación interna como as notas, intranet, onde se comparten documentos, e os correos electrónicos. Estas xuntanzas son preavisadas con polo menos 48 horas de antelación, a non ser que sexan de urxencia.

A representación sindical é informada de xeito puntual de materias como contratación, conciliacións, chamamentos de listaxes, xubilacións, materias de seguridade e saúde e eventos especiais, entre outras cuestións. Os traballadores poden acceder por diferentes vías a comunicados e novas a través da intranet da empresa, onde se publicitan algunhas medidas e acordos en diferentes materias que atinxen aos traballadores.

O convenio colectivo propio da CRTVG, vixente desde o ano 2015, marca os prazos de preaviso aos representantes dos traballadores de diferentes situacións administrativas, así como os casos nos que unha modificación substancial das condicións de traballo debe ser negociada coa representación sindical e preavisada cun prazo mínimo aos traballadores. Toda a normativa nesta materia recóllese no convenio colectivo e, de non facer referencia no mesmo, remítese á lexislación xeral vixente sobre a materia.

1.2 Renovación tecnolóxica – Sistema de información de Recursos Humanos:

Destaca no ano 2023 o desenvolvemento a medida dunha nova aplicación informática para a Corporación RTVG para a xestión da presentación de méritos no proceso selectivo excepcional de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, mediante o sistema de concurso para o ingreso como persoal laboral fixo en diversas categorías da Corporación RTVG, convocado por Resolución do 29 de decembro de 2022 (DOG nº 248, do 30 de decembro de 2022).

Esta aplicación ten precargados os datos que consten nos sistemas de información da CRTVG e permitirá tamén ás persoas aspirantes presentar e/ou modificar os seus méritos de forma telemática. Así mesmo, servirá como elemento de apoio aos membros das Comisións de Valoración, que a poderán utilizar ferramenta para extraer as puntuacións dos aspirantes conforme se regula nas bases da convocaría do proceso selectivo excepcional.

1.3 Seguridade e Saúde Laboral

Desde a súa orixe, a CRTVG estivo moi implicada na protección das súas traballadoras e traballadores e na prevención dos riscos que lles poderían afectar. Simplemente cabe indicar que o Comité de Seguridade e Saúde Laboral, antigamente Comité de Seguridade e Hixiene, foi constituído hai máis de vinte e cinco anos. Como servizo público de comunicación audiovisual, a Corporación é unha organización complexa que dispón dunha multiplicidade de lugares de traballo, cunha localización xeográfica dispersa e cun elevado número de persoal, pertencentes a colectivos diferenciados, tanto na actividade desenvolvida coma no réxime legal aplicable á súa relación contractual.

A complexidade da CRTVG e o seu carácter de servizo público, desde o punto de vista da seguridade e a saúde laboral, evidéncianse tamén na multiplicidade de factores de risco presentes nos seus centros de traballo.

Obxectivos

Deseñáronse, ao longo do tempo, diversas accións co obxectivo de aumentar a sensibilidade e a participación de todos os niveis da empresa no ámbito da seguridade e a saúde empezando pola Dirección Xeral, que promulga unha política particular para unha cuestión fundamental no transcurso do día a día da empresa.

Entre as actividades para protexer o persoal cabe destacar o deseño, aplicación e coordinación dos plans e programas de actuación preventiva, a avaliación dos factores de risco que poidan afectar a seguridade e saúde do persoal; a determinación das prioridades na adopción das medidas preventivas axeitadas e a vixilancia da súa eficacia; o seguimento das accións preventivas; a información e formación do persoal; a prestación dos primeiros auxilios; os manuais de autoprotección; a vixilancia da saúde en relación cos riscos derivados do traballo; o rexistro e as estatísticas de accidentes de traballo; a xestión da documentación que se xere relacionada coa prevención de riscos laborais; o fomento dunha cultura preventiva e a promoción da prevención; así como calquera outra función que poida ser encomendada e asumida en función da lexislación en materia de prevención de riscos laborais vixente e da política de seguridade e saúde da Corporación.

Seguridade e a saúde laboral

Tendo en conta todo o anterior, dentro das posibilidades de organización preventiva que recolle a lexislación de aplicación, a Corporación conta cun servizo de prevención propio. A seguridade e a saúde laboral dos traballadores, no exercicio da súa actividade profesional, son prioritarias sobre calquera outras nas actividades que como servizo público desenvolve a CRTVG.

Querendo chegar máis alá das esixencias legais vixentes, deseñáronse diversas accións co obxectivo de aumentar a sensibilidade e a participación da Corporación como servizo público no ámbito da seguridade e da saúde laboral.

O persoal ten á súa disposición todos os medios necesarios de protección para desenvolver o seu traballo, sendo a empresa a responsable de proporcionar tal protección.

A Organización Mundial da Saúde (OMS) define a saúde como un estado de completo benestar físico, mental e social, e non soamente a ausencia de afeccións ou enfermidades. O “traballo” pode definirse como toda actividade de transformación da natureza, para satisfacer as necesidades humanas. O “perigo” é aquela fonte ou situación con capacidade de producir dano en termos de lesións, danos á propiedade, danos ao medio ambiente ou unha combinación deles. O “risco laboral” consiste na posibilidade de que un traballador sufra un determinado dano derivado do traballo, que é unha combinación da frecuencia e a probabilidade e das consecuencias que poderían derivarse da materialización dun perigo (LPRL, art.4º), entendendo por perigo aquel factor ou situación con capacidade de producir dano en termos de lesións, danos á propiedade, danos ao medio ambiente ou unha combinación deles.

Polo tanto, a política da Corporación neste ámbito proxéctase en dous niveis:

- Un xenérico, constituído por determinadas accións de promoción da saúde, así como o control e redución do impacto da actividade no medio ambiente, en canto atenden a reducir e evitar danos nel.
- Un específico, obxecto agora desta epígrafe en particular.

Neste nivel específico, o vector determinante é a prevención. Prevención é, segundo o Art. 4 Lei 31/1995-LPRL, o conxunto de actividades ou medidas adoptadas ou previstas en todas as fases de actividade da empresa co fin de evitar ou diminuír os riscos derivados do traballo. Do devandito séguese que a política de prevención se proxecta en varias dimensións conectadas entre si:

- A adopción dun marco de referencias normativas e de orde teórica que, en especial no primeiro caso, veñen dadas polo marco xurídico, aínda que poden ampliarse como efecto da iniciativa da empresa ou do diálogo entre esta e o seu persoal.
- A identificación en consecuencia dos riscos para a saúde e a seguridade e a súa avaliación.
- A adopción de medidas correctoras e de mellora por ampliación da prevención.
- O desenvolvemento destas.
- O seu seguimento, control e eventual axuste.

A CRTVG é unha empresa comprometida na prevención dos riscos que poden afectar á seguridade e á saúde do seu persoal. No actual convenio colectivo, na medida que concreta e amplía as obrigas de orde normativa que ao respecto a atinxen, reflíctese ese compromiso expresado como produto do diálogo social. É así

que dar conta dese compromiso esixe glosar o disposto nese documento, en particular no seu Capítulo XV, que contén desde o Art. 96 ao Art.106, no que se expresa a regulación referente á seguridade e saúde laboral. Nel especificase:

- A protección da saúde e a seguridade como obxectivo prioritario para as dúas partes asinantes.
- Un compromiso de asunción dos dereitos e obrigas ao respecto que, con carácter recíproco, se derivan do marco normativo vixente xeral de aplicación, de xeito especial en materia de prevención, particularmente: a LPRL, o Real decreto 39/1997, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención, a Lei 54/2003, de 12 de decembro, de reforma do marco normativo da prevención de riscos laborais, e o Real Decreto 1711/2004, de 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, en materia de coordinación de actividades empresariais, así como doutras normas que se poidan ditar durante a vixencia do convenio colectivo, do disposto nel e da toma en consideración das normas e recomendacións da OIT e da UE.
- A planificación anual das actuacións en materia de seguridade e saúde laboral, así como a inclusión nelas dos correspondentes estudos e proxectos, a execución de medidas de prevención, control e inspección e os programas precisos de formación do persoal.
- O compromiso por parte da empresa de incluír nos pregos das licitacións unha cláusula determinando que as empresas adxudicatarias se comprometan ao estrito cumprimento da normativa laboral xeral e do convenio colectivo que lles sexa de aplicación, en particular, en materia de prevención, saúde e seguridade laborais; mesmo, sendo a Corporación competente, aplicando a normativa propia para satisfacer ese criterio, e fixando que o incumprimento poderá dar lugar á rescisión da relación contractual. Ese compromiso fai explícita a necesaria observancia do Art. 42 do Estatuto dos Traballadores en caso de subcontratacións.
- O establecemento de criterios sobre organización dos servizos e órganos encargados da prevención e, en xeral, de velar pola saúde e seguridade laborais.
- Un servizo de prevención propio, de seguridade e saúde laboral, coas especialidades de seguridade, ergonomía e psicosocioloxía, sen prexuízo de que as disciplinas de hixiene e vixilancia da saúde son atendidas por un servizo de prevención alleo.
- Un Comité de Seguridade e Saúde, coas competencias e facultades que a LPRL establece no seu Art. 39, como órgano colexiado e paritario composto por todos os delegados de prevención, nomeados polos sindicatos atendendo á súa representación, e, en igual número, por representantes da empresa. O articulado relativo a este órgano fixa a periodicidade das reunións e o dereito de convocatoria, as proporcións e maiorías para os acordos.

Finalmente, o convenio colectivo desprega no capítulo e artigos referidos unha serie de determinacións sobre cuestións varias relacionadas coa prevención de riscos en eventualidades ou para colectivos singulares:

- En canto aos equipos de protección individual -EPI- e a roupa de traballo, a preferencia por medidas de seguridade colectivas sobre as individuais; o fornecemento destas, por conta e con cargo á empresa, en función das características dos postos atinxidos e dos resultados das avaliacións de riscos que se realicen, a todos os traballadores que o precisen.

- Relativamente ao traballo nocturno sublíñase que a empresa prestará especial atención en materia de prevención de riscos laborais ás persoas que o desenvolvan.

O servizo de prevención, como instancia axente da empresa neste ámbito, desenvolve no nivel técnico de deseño e execución a política, programas e medidas correspondentes. A súa función concrétese así en:

- ✓ A avaliación dos riscos que poidan afectar a seguridade e saúde do persoal.
- ✓ A determinación das prioridades na adopción de medidas preventivas.
- ✓ O deseño, coordinación, vixilancia e seguimento dos plans, programas e medidas.
- ✓ A supervisión e control técnicos da homologación e funcionamento dos equipos e dispositivos de seguridade.
- ✓ A disposición dos medios de prevención e o fornecemento nos termos en que cumpra dos EPI ao persoal.
- ✓ A elaboración dos manuais de autoprotección.
- ✓ En xeral, o fomento dunha cultura preventiva e a promoción desta; en particular a información e formación do persoal, incluíndo expresamente o adestramento específico que poida ser preciso no uso de equipos e dispositivos de seguridade.
- ✓ A vixilancia da saúde do persoal en relación cos riscos laborais.
- ✓ A prestación de primeiros auxilios dentro das instalacións da empresa.
- ✓ A xestión técnica dos servizos externos contratados en materia de seguridade e saúde a efectos de estudos, avaliacións, deseño e implantación de medidas, fornecemento de equipos e dispositivos, etc.
- ✓ O exercicio no nivel técnico da representación e participación da empresa no Comité de Seguridade e Saúde.
- ✓ A xestión da documentación xerada en relación coa prevención de riscos laborais.
- ✓ O rexistro dos accidentes de traballo e a xeración das estatísticas correspondentes.

Desde o punto de vista do seu emprazamento orgánico na empresa e dos recursos de que dispón, debe dicirse do servizo de prevención que constitúe unha unidade operativa dentro da estrutura organizativa da CRTVG. Fai parte da dirección de RRHH. Polo tanto, o persoal que o integra ten unha dedicación íntegra e exclusiva ao desempeño das funcións do servizo de prevención. Articúlase en dous ámbitos dados polas disciplinas de seguridade e mais ergonomía e psicocioloxía.

O servizo conta coas instalacións e medios materiais precisos para desenvolver de xeito eficaz esas funcións. Conta como instancia coordinada co servizo médico, xestionado por acordo cun servizo de prevención alleo. O servizo médico está acreditado pola Consellería de Sanidade e incluído así no Rexistro de Centros, Servizos e Establecementos Sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia. Como apoio complementario dispón dun servizo de prevención alleo.

A conxunción de medios, singularmente a especialización técnico-profesional do persoal do servizo de prevención propio e alleo, garante a debida interdisciplinabilidade no desenvolvemento de tales funcións, particularmente en relación coas relativas ao deseño preventivo dos postos de traballo, a identificación e avaliación de riscos, o plan de prevención e os plans de formación derivados.

Un balance xeral en materia de seguridade e saúde laboral leva a concluír, tomando como referencia 2023, que a política de prevención presenta un alto grao de relevancia na dinámica da empresa e que esa relevancia está ademais formalmente recoñecida no vixente convenio colectivo. Así, en virtude del, e excedendo os termos do marco normativo legal de aplicación común, a participación do persoal no marco do diálogo social no seu impulso, deseño e control está garantida cun igualmente alto nivel de responsabilidade e capacidade.

Como foi aludido, a política específica descrita da Corporación no ámbito da seguridade e a saúde proxéctase no sentido da promoción da saúde integral, mediante algunhas actuacións singulares de índole sanitaria, converxendo tamén nese sentido as medidas humanizadoras da dedicación laboral de carácter xeral e de conciliación en particular.

O marco global desas políticas e medidas é a responsabilidade social corporativa, e nel as de orde preventiva conectan así nalgunhas dimensións concretas coas de protección do medio ambiente.

Vixilancia da saúde

Dentro da preocupación pola saúde dos seus traballadores, xa no 2011 a CRTVG acreditou o seu servizo médico fronte á Consellería de Sanidade, que o inclúe no rexistro de centros, servizos e establecementos sanitarios da comunidade autónoma de Galicia. No ano 2015, dito servizo médico, despois das adaptacións e cos medios solicitados postos á súa disposición, foi adscrito ao programa galego de vacinacións, converténdose así en punto de vacinación da comunidade autónoma.

No ano 2023 leváronse a cabo 364 recoñecementos médicos correspondentes á vixilancia da saúde, dos que 178 foron realizados a mulleres e os outros 186 a homes. Administráronse un total de 68 vacinas da gripe, das que 37 foron administradas a mulleres e 31 a homes.

Analizados os datos, pode indicarse que tanto a saúde xeral como laboral da empresa non presenta alteracións relevantes que requiran intervencións colectivas específicas.

As alteracións individuais detectadas foron postas en coñecemento dos traballadores afectados pola médica do traballo, entregándolles nos seus informes individuais as recomendacións personalizadas requiridas en función da patoloxía detectada.

Comité de Seguridade e Saúde Laboral

Durante o transcurso do ano tiveron lugar 14 reunións do Comité de Seguridade e Saúde Laboral, co fin de mellorar a protección e a saúde dos traballadores, tendo en conta que é un obxectivo básico e prioritario das partes asinantes do vixente convenio colectivo.

Accidentabilidade laboral

Na CRTVG, o SSSL encárgase da seguridade, a hixiene, a ergonomía e a psicosocioloxía no traballo e do recoñecemento, avaliación e control dos factores de risco provocados no lugar de traballo que poidan ocasionar accidentes ou enfermidades, alterar a saúde, o benestar ou crear algún malestar significativo entre as traballadoras e traballadores.

Durante o ano 2023, no servizo público de comunicación audiovisual galego, debe indicarse que se computaron 12 accidentes de traballo, dos que 5 deron lugar a baixas, sendo 2 destes 'in itinere'. Todos os procesos derivados foron cualificados como leves, non se producindo, pois, ao longo do exercicio ningún grave nin moi grave; como tampouco se produciu outra continxencia ningunha de calquera outro tipo neste ámbito. Os accidentes sen baixa foron 7, afectando a 2 mulleres e a 5 homes, e os accidentes con baixa foron 5, afectando a 2 homes e a 3 mulleres.

1.4 Formación e selección

Formación

A actividade da CRTVG en materia de formación continua en 2023 articulouse, como vén sendo práctica habitual, nun plan de carácter ordinario onde se recollen os contidos demandados polas diferentes áreas, departamentos ou servizos e canalizados tamén pola súa representación legal, definindo así o carácter participativo deste. A formación impartida no ano 2023 foi destinada aos diversos colectivos profesionais da Corporación, no marco da formación continua establecido polo capítulo XIII do convenio colectivo, o emanado do Estatuto dos Traballadores (art. 23), o deber de planificación do departamento de Recursos Humanos de formar ao persoal (art. 69.1.d) e mais polo deber dos traballadores de manter actualizada a formación e cualificación (art. 54.8).

Os principais datos da formación de 2023 son os seguintes:

- Número de cursos: 43
- Número de accións formativas: 88
- Número de categorías formadas: 49

- Número de alumnos: 444
- Número de asistentes: 834
- Número de horas impartidas: 627,60
- Número de horas lectivas: 11.354,30

Selección

En 2023 convocáronse quince probas de selección para a realización de contratos en prácticas nas seguintes categorías:

- Redactor/a (xaneiro e setembro)
- Operador/a montador/a de vídeo (febreiro e agosto)
- Deseñador/a gráfico/a (marzo e novembro)
- Oficial administrativo (abril e outubro)
- Axudante de realización (abril e maio)
- Reporteiro/a gráfico/a (abril)
- Operador/a de posproducción (abril)
- Locutor/a de radio (agosto)
- Técnico/a de son (agosto)
- Auxiliar de programas de radio (setembro)

Bolseiros

A CRTVG é un dos destinos preferidos para a realización das prácticas educativas en todas as súas modalidades. Asumindo a súa responsabilidade de servizo público, a CRTVG proporciónalles aos bolseiros un marco de primeira clase para a realización das prácticas en empresas, obrigatorias no caso da Formación Profesional e optativas no caso da universidade, podendo ser, neste caso, curriculares ou extra curriculares, dependendo de se forman ou non parte do Plan de Estudos. Todas as prácticas están reguladas por convenios subscritos cos centros de procedencia e cumprindo coa lexislación vixente.

Cando inicia as prácticas, o bolseiro recibe un Manual de Acolida en que se expoñen, de forma detallada, os aspectos básicos para o seguimento da bolsa, así como os dereitos e deberes tanto do alumno como da CRTVG. Así mesmo, será informado tamén en normas básicas en materia de seguridade e saúde laboral.

As procedencias das modalidades das prácticas non laborais son:

1.- Módulo Profesional de formación en centros de traballo dos ciclos de FP

O obxectivo desta modalidade de prácticas é o de completar as competencias profesionais propias de cada titulación, adquiridas no centro educativo, e facilitar a inserción laboral. As actividades formativas, sempre supervisadas, desenvólvense nas instalacións da empresa, sen que isto implique ningunha relación laboral. A duración do período de prácticas nos ciclos formativos de grao medio e grao superior é, como regra xeral, de 400 horas. O alumnado debe cursar ciclos relacionados coas actividades e requisitos das categorías laborais existentes nos medios públicos e proceder de centros do sistema educativo de Galicia.

Ciclos de procedencia:

- Produción de audiovisuais e espectáculos
- Realización de proxectos audiovisuais e espectáculos
- Iluminación, captación e tratamento da imaxe
- Asistencia á dirección
- Marketing e publicidade

Centros de procedencia de Formación en Centros de Traballo (FCT):

- CIPF A Farixa (Ourense)
- CIFP Imaxe e Son (A Coruña)
- EISV Marcote (Vigo)
- IES as Fontiñas (Santiago de Compostela)
- EFA Piñeirál (Arzúa)
- CIFP Audiovisual de Vigo

2.- Módulo Profesional de formación FP Dual

A FP Dual é unha modalidade de formación profesional que ten como finalidade a cualificación profesional das persoas nun réxime de alternancia de actividade laboral nunha empresa coa actividade formativa nun centro educativo. A duración do período de prácticas é, de media, de 800 horas. O alumnado debe proceder de centros do sistema educativo de Galicia.

Ciclos de procedencia:

- Realización de proxectos audiovisuais e espectáculos
- Produción de audiovisuais e espectáculos

Centros de procedencia de FP Dual:

- CIFP Imaxe e Son (A Coruña)
- IES Audiovisual Vigo

3.- Universidade e máster

Os obxectivos das prácticas externas son o de permitir que os estudantes apliquen e complementen os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecer a adquisición de competencias que os preparen para o exercicio de actividades profesionais, facilitar coa obtención dunha experiencia práctica a súa inserción no mercado laboral e fomentar a súa capacidade de emprendemento.

Estas prácticas poden ser curriculares, prácticas conducentes á elaboración dos traballos fin de máster ou extracurriculares. A duración das prácticas para os estudos de grao é de 300 horas e para estudos de máster de 150 horas.

As prácticas desta modalidade fixéronse a través dos Programas da Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA), que están dirixidos a titulados das tres universidades públicas galegas e a titulados procedentes de centros de FP a través dun programa de bolsas coa Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. Estes programas favorecen a incorporación do alumnado recentemente titulado ao mercado laboral e complementan a súa formación teórica previa cunha estadía práctica na empresa.

Graos de procedencia dos bolseiros en 2023:

- Comunicación Audiovisual
- Xornalismo
- Dobre grao Xornalismo e comunicación audiovisual
- Lingua e literatura galegas
- Xestión dixital da información e documentación
- Publicidade e Relacións Públicas
- Xornalismo e Comunicación Multimedia (Máster)

Facultades de procedencia dos alumnos:

- CC. da Comunicación (USC)
- CC. Sociais e da Comunicación (UVIGO)
- Artes e Humanidades (USC)
- CC. da Comunicación (UDC)
- Humanidades e Documentación (UDC)
- CC. Sociais e Xurídicas (UVigo)

4.- Prácticas para titulados sen experiencia

As prácticas desta modalidade fixéronse a través dos Programas da Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA), que están dirixidos a titulados das tres universidades públicas galegas e a titulados procedentes de centros de FP a través dun programa de bolsas coa Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. Estes programas favorecen a incorporación do alumnado recentemente titulado ao mercado laboral e complementan a súa formación teórica previa cunha estadía práctica na empresa.

As titulacións de procedencia desta modalidade son as seguintes:

- Comunicación Audiovisual
- Relacións Laborais e RRHH
- Xornalismo
- Producción de Audiovisuais e Espectáculos

2. AUDIENCIAS 2023

A imprescindible adaptación dos medios de comunicación á sociedade implica un fondo coñecemento de datos e información relativos a cuestións como a xeolocalización, os graos de impulsividade no consumo de contidos informativos ou de entretemento, os graos de satisfacción na busca de contidos específicos, a medición das escollos cualitativas nos procesos de recepción (elección de idioma, contorno de consumo, uso dos dispositivos de referencia para a recepción, consumo colectivo ou individual...), o grao de interactividade do usuario (actividade de espallamento das mensaxes, definición de líderes de opinión sobre cada tema, tempos de resposta ante estímulos informativos...).

A análise de toda esa información posibilita o bo coñecemento da sociedade en que centra a súa actividade unha empresa de comunicación e permite avanzar no coñecemento dos usuarios, logrando combinar toda a experiencia da análise sociolóxica coa información achegada polos usuarios na súa actividade diaria.

Ademais, é imprescindible comprender os comportamentos sociais co obxectivo de lograr unha maior anticipación na oferta e, por suposto, mellorar as *ratios* de satisfacción que cada usuario pretende acadar cando inicia un proceso de consumo de mensaxes informativas ou de contidos de entretemento.

Con todo isto, os medios de comunicación públicos de Galicia convértense nunha das principais ferramentas de análise sociolóxica de Galicia, especialmente en todo o que se refire á capacidade de absorción de información, ao ocio e ao entretemento. Televisión de Galicia está consolidada como o medio de comunicación audiovisual e dixital de referencia para a cidadanía galega.

A TVG chega ao 97,6% dos fogares galegos e, no 2023, 594.000 persoas contactaron diariamente co medio ao longo dun día. Iso supón que un 22,6% dos espectadores consumiron nalgún momento do día os contidos emitidos pola TVG a través do televisor por calquera das súas canles.

No ano 2023 a TVG fixo un importante esforzo para aumentar a cobertura das súas canles, mellorando o número de operadores que distribúen o sinal da CRTVG en América e en Europa. Se falamos do conxunto de canles de tv da CRTVG, estas chegan ao 99,5% dos fogares. 659.000 contactos de media cada día, que supón o 25,1%.

No eido da radio pública, os datos tamén avalan a importancia que lle outorga a poboación galega. Cada día, a Radio Galega e Radio Galega Música achegan contidos informativos e de entretemento a 169.000 persoas, segundo o Estudo Xeral de Medios, converténdose habitualmente na canle de referencia nos momentos de maior tensión informativa en Galicia (de luns a venres a audiencia medra a 189.000, dos que 1.000 pertencen a Son Galicia Radio).

Ao longo do ano, a CRTVG intensificou a súa aposta polos contidos nativos dixitais, con novas propostas e co proxecto 'DígochoEu' -do que se informa en detalle no seguinte capítulo desta memoria- sempre co obxectivo de achegarse a públicos novos a través das redes e canles dixitais que adoita consumir a mocidade.

Por outra parte, neste 2023 a CRTVG contou cos contidos dos portais Radio-GalegaPodcast.gal e G24.gal como parte esencial da súa estratexia de diversificación.

O primeiro consolidou o seu papel de plataforma de audio de referencia da emisora, e o segundo na canle de información tanto da Corporación. Deste xeito, a aposta dixital está concibida con catro plataformas: a de audio de entretemento, a de información de audio e vídeo, a de entretemento de vídeo (futura OTT) e a de contidos interactivos, infantís e xuvenís (PETISGO).

Respecto das forma de medición, hai que salientar que se atopan nun proceso de transición: Google foi o primeiro en facer cambios coa introdución de Google Tag Manager, orientado á medición publicitaria. Desapareceron, entre outras métricas, as páxinas vistas, como se comprobará neste informe nas novas webs creadas este ano.


Ademais, a perda do medidor único (ComScore) durante 2020 fai que non exista unha métrica comparativa co resto das canles autonómicas no eido dixital, incluído YouTube. O novo ecosistema audiovisual está en continuo cambio, tamén nas métricas, e require de novas formas de traballo para dar resposta ás estratexias marcadas pola Corporación RTVG.

Por todo isto, esta memoria propón unha nova estética, tipo *dashboard*, coas métricas máis importantes para analizar a evolución da estratexia dixital da Corporación e posibilitar as futuras decisións da mesma; así como a achega de novas formas de medición incorporadas no Data Lake da CRTVG e que xorden como adaptación dos cambios do actual ecosistema audiovisual.

2.1 Audiencias xerais das canles de CRTVG


Neste capítulo analízanse as audiencias de televisión e radio, agrupadas polos tres grandes grupos de análise: as audiencias xerais, os informativos e o entretemento. Os datos utilizan como fonte Kantar Media, o Estudo Xeral de Medios (EXM) e os datos internos da CRTVG. A TVG é a primeira canle pública en Galicia, cunha cota de *share* do 11% no conxunto do ano.

Gráfico 1. Audiencia en Galicia da TVG e a competencia. Ano 2023 (cota de pantalla). Fonte: Kantar Media - Share




Se se analiza a evolución dos últimos dez anos, obsérvase como TVG está consolidando a súa presenza no mercado audiovisual galego, e cómpre salientar que, máis alá da estabilización, no 2023 acádase o valor máis elevado do período.

Gráfico 2. Evolución audiencia TVG e competencia (cota de pantalla). Fonte: Kantar Media



Existe tamén unha tendencia á estabilidade e mesmo ao crecemento en boa parte do resto das televisións autonómicas.

Gráfico 3. Evolución da audiencia das televisións autonómicas (cota de pantalla).
Fonte: Kantar Media




Un 22,6% dos galegos maiores de 4 anos contactan diariamente con TVG, o que a converte na terceira das televisións autonómicas con maior impacto en España. No caso da TVG, está tres puntos e medio por riba da media de contactos das canles autonómicas, que se sitúa nun 19,1%.

Gráfico 4. Evolución da audiencia das televisións autonómicas por media de contactos diarios sobre o total de poboación (datos en porcentaxes). Fonte: Kantar Media

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
TVG	42,9	36,8	35,2	34,4	32,2	31,8	30	30,9	29,3	26,5	25,1	27,6	26,3	24,4	22,6
C.SUR	47,2	42,2	37,5	38,1	36,8	33,3	29,2	26,8	26,2	24,2	22,7	24,6	22,9	21	19,8
TV3	43	40,8	38,9	40,5	38,3	34,9	31,5	29,1	28,2	27,7	27	26,9	24,6	22,2	20,9
ETB2	48,6	40,5	36,4	37,5	36,3	34,5	31,1	29	28,7	27,3	25,9	29,1	28	23,7	22,9
TVM	38,5	32	28,5	26,2	22	22,2	21,5	22,3	20,9	19,4	18,2	19,8	18,5	15	14
C9	40,6	33,7	30,6	28,6	23,5										
A PUNT										1,9	9,7	12,9	13,4	12	10,3
TPA	35,6	33,1	33,2	33	29,7	30,1	26,5	23,1	22,2	21,4	20,8	23,6	22,4	20,7	18,1
TVCAN	42,2	36,9	34,8	32,9	29,9	29	24,5	22,1	22,5	20,5	18,5	22,2	24,1	19	17,1
CMM	39,5	33,6	30	28,9	26,3	25	24,6	24,3	23,7	20,6	19,8	21,8	20,2	18,7	18,8
ATV	40,3	40,7	40,2	38,7	38,7	36,5	34,3	32,3	31,3	30,1	30,1	32,7	31	27,8	26
IB3	26,5	25,4	22,7	25,6	25,9	24,8	22,8	17,1	15,7	13,7	13,5	15,8	15	13,6	12,3
FORTA	44,3	39,3	37,1	36	32,2	27,5	25,4	24,6	24,1	22,8	22,6	24,5	22,9	20,4	19,1


Na radio, a audiencia xeral das emisoras da CRTVG acada valores medios para o tramo de luns a venres. No 2023 tanto Radio Galega como Radio Galega Música acadan unha audiencia acumulada de 189.000 persoas, o 4º valor anual máis elevado nos últimos 16 anos. A tendencia que existe no ano 2023 é á estabilización entre as audiencias máis elevadas en ambas emisoras.

Gráfico 5. Evolución da audiencia acumulada de luns a venres 2008-2023 en miles de persoas. Fonte: EXM



No período de luns a domingo, os valores son superiores ás medias tanto da Radio Galega como de Radio Galega Música. No 2023 acadouse a cota acumulada de 169.000 oíntes, o 5º valor máis elevado dos últimos 16 anos.

Gráfico 6. Evolución da audiencia acumulada de luns a domingo 2008-2023 en miles de persoas. Fonte: EXM



Salientables son os datos deste Estudo Xeral de Medios da Asociación para a Investigación de Medios de Comunicación (AIMC) na súa terceira onda do ano, no mes de novembro. O EXM indicou que a Radio Galega logrou o mellor dato de audiencia da súa historia con 225.000 oíntes diarios de luns a venres e 188.000 de luns a domingo.

Radio Galega Música tamén experimentou un incremento de audiencia e chegou aos 31.000 oíntes de luns a domingo e 28.000 de luns a venres.

En total, o grupo de emisoras da radio pública galega alcanzou a cifra histórica dos 253.000 oíntes diarios de luns a venres e 219.000 de luns a domingo. Con respecto á anterior onda, a Radio Galega incrementou a súa audiencia nun 58,4% de luns a venres, con 83.000 novos oíntes. E con este pico de audiencia, a Radio Galega protagonizou seis rexistros históricos de audiencia entre 2019 e 2023.

O EXM marca o claro liderado no 2023 tamén na TVG

A medición de audiencias ao longo do ano complétase cos datos das tres ondas do Estudo Xeral de Medios. E tamén segundo o EXM, Televisión de Galicia reumatou 2023 como a canle líder absoluta na comunidade cunha cota do 20,8%, tanto de luns a venres como no conxunto da semana, e como referente informativo absoluto da sociedade galega.

Con este 20,8%, a TVG é líder con 6,9 puntos máis, de luns a venres, que o seguinte competidor, Antena 3, e case duplicando os resultados da outra canle pública que emite en Galicia (TVE, 11,78%).




Gráfico 7. Comparativa de canles. Fonte: EXM

A audiencia dos informativos da Galega non deixou de medrar neste 2023. Na sobremesa, ‘Galicia noticias’ e ‘Telexornal mediodía’ marcaron o liderado informativo na franxa entre as 13:00 e as 17:00 h, cun 35,3% de cota de pantalla, case triplicando a audiencia de TVE (cunha media do 13,2%). E no tramo inicial do ‘Telexornal mediodía’, de 14:30 a 15:00 h, chégase ao 47,8% de cota.




Gráfico 8. Comparativa na franxa do mediodía. Fonte: EXM

Pero os bos datos reflíctense xa desde a primeira hora da grella: o matinal ‘Bos días’, na franxa de 8:30 a 13:30, consegue un 25,7%. Polas tardes, entre as 17:00 e as 20:00 h, a franxa de entretemento acada o 11,6%. E a franxa da noite, que contén a cita informativa do ‘Telexornal serán’, acada o 26,5%, segundo os datos do EXM da última onda do ano 2023.

Na franxa de noite (entre 20:00 e 04:00 h.), a TVG acada tamén o liderado en Galicia cunha cota do 16,2%, a 1,6 puntos de distancia do competidor máis próximo (Antena 3, cunha cota do 14,6%). Destacan sobre todo os luns, co 23,1%.




Gráfico 9. Comparativa na franxa da noite. Fonte: EXM

Este é o tempo do último informativo da xornada, pero tamén da franxa de entretemento e do *prime time*, na que triunfa entre a audiencia unha grella que inclúe ficción, con propostas como a serie ‘Operación Marea Negra’ ou o ciclo de cine galego ‘Realmente G’, o ‘Land Rober Tunai show’ das noites dos xoves e o veterano espazo de música e humor ‘Luar’, os venres, entre outros.

TVG, líder tamén das canles autonómicas

Entre as televisións autonómicas reunidas baixo o paraugas de FORTA, Televisión de Galicia é a que acadou maior cota, segundo o derradeiro EXM do ano, con 2,7 puntos de cota máis que o seguinte competidor, TV3 (18,1%), no conxunto da semana. De luns a venres, a cota da canle galega, 20,8%, atópase a 1 punto de cota de TPA (19,8%), a canle de Asturias. E se se mide por temporada, a que abrangue de setembro de 2022 a xuño de 2023 rematou cun 11% de cota para TVG, o mellor resultado dunha temporada desde o ano 2011.

2.2 Referencia informativa

A TVG é referencia informativa televisiva para a poboación galega, sendo líder historicamente na franxa do mediodía. O liderado na cota de pantalla dos programas informativos en Galicia por parte da TVG demostra unha preferencia clara por parte dos galegos. O conxunto dos programas informativos da TVG lideran cunha audiencia media de 41.000 telespectadores, segundo o medidor oficial de TV en ámbito España Kantar Media. A audiencia total dos informativos da CRTVG ascendeu a 2.462.000 telespectadores ao longo do ano 2023, o 93,6% dos galegos de 4 e máis anos. (No caso de TVG 2.401.000 ou o 91,3%, no caso de TVG2 1.834.000 ou o 69,7%, no caso de Galicia TV 198.000 ou o 7,5%).

Gráfico 10. Evolución da audiencia da TVG e competencia. Cota de pantalla da información diaria. Fonte: Kantar Media




Gráfico 11. Audiencia media dos informativos en Galicia no ano 2023






Gráfico 12. Cota de pantalla dos informativos en Galicia no ano 2023



Na Radio Galega tamén se aprecia unha estabilización logo do crecemento na audiencia dos programas informativos marcando o segundo valor máis alto dos últimos seis anos.


Gráfico 13. Audiencia acumulada de luns a venres da Radio Galega (Miles de oíntes).
Fonte: EXM



2.3 Referentes para o entretemento


A maior aposta polo entretemento da canle concéntrase no horario de *prime time*, desde as 20:30 h ata as 24:00 h. Nesa franxa a TVG acada unha media de 11,1 puntos de *share*, non existindo un valor superior nos últimos 6 anos e sendo o 2ª valor máis elevado nos últimos 10 anos. Cómpre salientar que é a mesma cota do ano pasado, o que indica unha forte estabilidade como segunda alternativa en ámbito Galicia na franxa con maior peso do día.

Gráfico 14. Evolución da audiencia do prime time (cota de pantalla).
Fonte: Kantar Media



Na radio, tamén se consolida o crecemento producido nos programas de entretemento, especialmente nos tramos de tarde como de noite. Unha vez máis, tamén de madrugada se acadan datos relevantes, con picos de 44.000 oíntes. O ano 2023 destaca co 3º valor máis elevado dos últimos 15 anos.

Gráfico 15. Audiencia acumulada dos programas de entretemento de luns a venres da Radio Galega (En miles de oíntes). Fonte: EXM



2.4 Conclusións

A TVG marca a referencia informativa galega: os seus programas informativos contan coa audiencia media e a cota de pantalla máis elevada en Galicia de toda a oferta televisiva. Cómpre salientar que ningún outro soporte de comunicación logra acadar audiencias superiores no ámbito galego.

No caso da Radio Galega, dáse un proceso de estabilización entre as audiencias máis elevadas a nivel histórico, e no referido ao dixital, a información tamén segue sendo un dos eixes principais na comunicación a través de redes e da nova canle temática G24.gal.

O entretemento que propón a TVG segue a ser referencia nos medios públicos de Galicia, se ben se está a producir un desprazamento da audiencia que consume entretemento no *prime time* cara ao último tramo das tardes. A TVG consolida o grupo de cabeza que lidera o entretemento televisivo en aberto, xunto a Antena3 e superando a canles como Tele5 ou La1. Neste ano a TVG segue sendo unha das referencias tanto en ámbito Galicia como autonómico.

De media, máis de 594.000 galegos consomen diariamente TVG, o que supón que o 22,6% dos galegos ven TVG cada día (25,1% se falamos das canles de TV da CRTVG).

A estes datos cómpre sumarlle que máis de 169.000 galegos e galegas escollen cada día a radio pública como medio de comunicación radiofónico de referencia e que os sitios web da CRTVG lograron no ano 2022 un total de 11.031.267 visitas e 3.958.363 usuarios únicos.

3.- OS SERVIZOS INFORMATIVOS DA CRTVG

O 2023 foi o ano do “crecemento en vertical” para os servizos informativos da Corporación de Radio e Televisión de Galicia. Non se trata de verticalizar contido, *senón de construír un relato orixinariamente vertical para adaptarse a un novo contexto*. Trátase, en definitiva, de xirar para medrar.

O enfoque no crecemento vertical dos servizos informativos durante o ano 2023 reflicte unha adaptación intelixente ás demandas cambiantes da audiencia e ás tendencias tecnolóxicas emerxentes. É o tempo da optimización para as redes sociais, que nesta era dixital desempeñan un papel crucial na difusión de novas. Ao adoptar un formato vertical, os servizos informativos aproveitan ao máximo o espazo de visualización en plataformas como Instagram, Twitter ou TikTok, onde a maioría dos usuarios consomen contido en posición vertical. Isto facilita a distribución e a viralización das noticias, aumentando así a súa visibilidade e alcance.

Verticalidade non implica só cambiar a orientación da pantalla, senón tamén ofrecer unha experiencia máis inmersiva e interactiva para o espectador. Ao utilizar pantallas verticais na redacción ou durante a presentación de novas, pódese mostrar contido adicional, como gráficos dinámicos, infografía animadas ou comentarios en tempo real, o que enriquece a narrativa e a comprensión da información.

A disposición vertical crea unha estética máis impactante e rechamante, captando a atención do espectador de maneira máis efectiva. Os presentadores de pé no novo plató 300 de San Marcos transmitirán unha sensación de dinamismo e enerxía que axuda a manter o interese do público durante a emisión. Ademais, a pantalla vertical na redacción serve como unha ferramenta visual poderosa para destacar novas importantes ou destacar eventos en tempo real.

Co aumento do consumo de novas a través de dispositivos móbiles faise fundamental para a CRTVG optimizar o formato de contido para as pantallas máis pequenas. A orientación vertical adapta naturalmente aos smartphones e tabletas, o que mellora a experiencia do usuario e facilita o acceso á información en calquera momento e lugar. Nun mercado saturado de contido informativo, a adopción dun enfoque vertical representa unha forma innovadora de destacar e diferenciarse da competencia. Só estando á vangarda destas tendencias, os servizos informativos gañarán credibilidade e interese entre unha audiencia máis nova e dixitalmente activa.

O enfoque no crecemento vertical dos servizos informativos en 2023 non só é unha resposta intelixente ás necesidades e comportamentos cambiantes da audiencia, senón tamén unha oportunidade para innovar, mellorar a interacción e manter a relevancia nun contorno mediático en constante evolución.

3.1.- Os informativos de Televisión de Galicia e Radio Galega

3.1.1.- Grella informativa

a) ‘Bos días’

O primeiro informativo do día consolidouse como referencia das mañás, ampliando a súa franxa de emisión entre as 08:00 e as 10:50 horas. O relato informativo do ‘Bos días’ integra semanalmente entrevistas de máximo nivel cos representantes máis destacados da actualidade institucional, política e económica de Galicia e España.

b) ‘A revista’

O magazine segue apostando por poñer o foco informativo na actualidade máis social. Nos últimos meses de 2023, mudou o seu horario para chegar a máis públicos na franxa do mediodía, entre as 12:40 e as 13:50 horas, na antesala do bloque informativo central da televisión pública. Conta tamén con puntos de directo, entrevistas e colaboracións para dar cumprimento á pretensión informativa, formativa e de entretemento que se busca nun espazo destas características.

c) ‘Galicia noticias’

‘Galicia noticias’ é o informativo de proximidade por excelencia, un programa consolidado na franxa de mediodía desde hai xa varias décadas, sempre con bos resultados de audiencia. Este espazo nútrese fundamentalmente de sucesos e de historias de contido social, asuntos que afectan á vida da xente (desde conflitos veciñais a demandas de melloras de infraestruturas ou servizos, pasando por iniciativas solidarias).

No 2023, un dos obxectivos cumpridos foi a ampliación da cobertura de temas de índole rural. Coa estrea do plató 300, en 2024, o informativo ‘Galicia noticias’ aproveitará a nova tecnoloxía para gañar aínda máis inmediatez no tratamento dos temas da escaleta.

d) ‘Telexornal mediodía’

Este espazo de referencia na grella mantén como obxectivo principal ofrecerlle ao espectador, en lingua galega, unha visión completa da actualidade informativa da xornada nos ámbitos de Galicia, España, Europa e o resto do mundo.

O formato estrutúrase en áreas temáticas atendendo á actualidade política, económica, de sucesos, sociedade e cultura. Neste senso, é o formato de CRTVG máis ambicioso e xeralista. Ademais dos equipos que se desprazan polo terreo galego, conta co traballo de xornalistas en lugares como Madrid, Bruxelas, Portugal, Roma, Londres ou Nova York e incorpora puntualmente outras colaboracións en función das necesidades informativas (Ucráina, Israel...).

Os esforzos de 2023 centráronse en mellorar o relato visual e informativo. O primeiro, incorporando como eixo estrutural do formato grafismos que axudan a dar contexto ás noticias e que as explican dunha forma moito máis didáctica mellorando a comprensión. O formato segue apostando pola presenza dos xornalistas na rúa, incrementando o número de “personalizacións” que se fan no lugar da noticia. E incorpora como novidade unha entrada diaria dende a redacción de informativos que se complementa co uso dunha pantalla vertical onde se proxecta o contido dixital da noticia da que se está a falar. Estas intervencións, xunto coas conexións en directo, dotan de axilidade o formato. Respecto ao relato, o esforzo centrouse en conseguir noticias corais, máis breves e con máis voces, dotando a información de maior axilidade, nun esforzo ao que responderon con profesionalidade os xornalistas da CRTVG.

O ano 2023 supuxo tamén un reto informativo con dúas citas electorais moi importantes (xerais e municipais) que implicaron un esforzo adicional de coberturas no despregamento do informativo.

2024 arrancará cun ambicioso proxecto visual que mellora as posibilidades do formato para achegar a información aos espectadores. O ‘Telexornal mediodía’ iniciará a súa emisión dende o renovado plató 300 cunha pantalla de 36 metros de longo e un set cunha mesa nova. O inicio das emisións dende este novo escenario supón unha ruptura co modelo audiovisual anterior, apostando por potenciar o relato a través da imaxe proxectada no pantallón e situando o presentador de pé durante a maior parte do informativo, primando sobre todo a información.

O actual é un ano de melloras para avanzar nas posibilidades do novo plató:

- Uso do pantallón. Implementaremos o uso das pantallas en percorrido progresivo de forma que a información evolucione en cada pantalla conforme o presentador vai avanzando. Deste xeito melloraremos a comprensión por parte da audiencia do que lles estamos a transmitir.
- Fondos dinámicos. Incorporaremos fondos en movemento.
- Explicativos de especialistas. Implementaremos a presentación de explicativos realizados polos especialistas de cada sección (política, sociedade...).
- Implementación da pantalla vertical do set de mesa de Telexornal. Usarase para explicativos moi sinxelos e breves.
- Incremento dos puntos de directo. Buscaremos estar con máis directos nos lugares onde se produce a noticia.
- Interacción do presentador co resto de actores. Avanzaremos no formato e contido dos diálogos cos presentadores do ‘Galicia noticias’, espazos de deportes e ‘O tempo’ fomentando a interacción entre eles.

- Proximidade e perspectiva galega. Intensificaremos o traballo de cara a que cada información estea contada dende o punto de vista dos galegos e do que lles afecta.

e) 'Telexornal serán'

O 'Telexornal serán' (20:30-21:30 horas) acadou en 2023 unha cota de pantalla do 10,9 por cento e unha media de 90.000 espectadores. Cumpre cos obxectivos marcados ao comezo da temporada ao conseguir situarse como o informativo de referencia da noite en Galicia.

A aposta informativa da noite da Galega céntrase en contar actualidade do día, cunha perspectiva galega, en dous tramos complementarios. Ata as 21:00 horas abórdase a información política e económica a través de xéneros que informan con claridade e ofrecen as claves da información. Dende as 21.00 horas apóstase pola información de sucesos e sociedade. O enfoque está afastado de efectismos para acentuar o servizo público. Neste segundo bloque cóntanse historias vinculadas ao país e protagonizadas por cidadáns anónimos para redondear a información convencional. Cómpre salientar a aposta pola información cultural como elemento estratéxico ou a presenza en distintos escenarios a través de directos.

Todos estes sinais de identidade cobran forza no novo plató dos informativos da Galega. O escenario do 'Telexornal serán' servirá para reforzar o espazo cun enfoque global que supera divisións entre rural e urbano e que ten como único obxectivo ofrecer unha visión integral da sociedade galega.

f) 'Labranza' e 'Vivir o mar'

Na fin de semana consolídase a aposta pola información especializada, con edicións dos programas de actualidade 'Labranza', centrado na información do agro galego, e 'Vivir o mar', centrado na información do sector marítimo.

g) Faladoiros

No ano 2023 continúan os grandes espazos de análise política da Corporación de Radio e Televisión de Galicia, que seguiron incrementando as súas posibilidades de difusión multimedia. Así, de luns a vernes, a CRTVG ofrece dous faladoiros realizados no estudio multimedia da Radio Galega, con emisión multisoprote a través da segunda canle de Televisión de Galicia, o portal dixital G24.gal e a propia Radio Galega. Son o 'Galicia por diante' e 'A crónica'.

Os formatos de faladoiro que completan a oferta da Corporación son 'Conexión Galicia', realizado cada luns desde a delegación da CRTVG en Madrid, e 'Café sen gotas', realizado cada fin de semana desde o Parlamento de Galicia.

h) Informativos da Radio Galega

A Radio Galega consolidou en 2023 os cambios de programación para a temporada 2022-2023 coa finalidade de culminar o proxecto de transformación iniciado en 2018 e baseado en grandes bloques programáticos, especialización temática -con especial atención á cultura e ao deporte- e intensa cobertura territorial das catro provincias galegas.

A estratexia xira arredor dunha programación de 24 horas en directo, con información, entretemento e deportes e as mellores voces do panorama mediático de Galicia.

A Radio Galega implementou durante o ano 2023 as seguintes novidades:

1. Ampliación dos horarios dos servizos informativos.
2. Integración plena dos boletíns horarios nos programas de carácter informativo.
3. Axuste no formato das entrevistas, favorecendo a súa realización en directo.
4. Reposicionamiento horario dun dos dous espazos diarios de opinión: o faladoiro de 'A Crónica', que mudou a súa franxa das 22:00-23:00 horas pola das 20:00-21:00 h.
5. Maior aproveitamento dos recursos humanos, mellorando a distribución de efectivos entre as unidades de informativos, programas e produción dixital.

O 'Galicia por diante' emitiuse entre as 06:00 e as 14:00 horas combinando a información e o entretemento. O tramo de 06:00 a 09:30 h é estritamente informativo, mentres que a parte que abrangue de 09:30 a 14:00 h se converte nun programa informativo que combina información e entretemento.

O 'Galicia por diante fin de semana' é a edición deste programa nos sábados e domingos, cunha franxa informativa de 08:00 a 09:00 horas e un bloque magazine de 09:00 a 12:00 h, no que se inclúen entrevistas de sociedade e cultura, ademais de seccións temáticas sobre ciencia, lingua, audiovisual e música.

O apartado informativo deu continuidade ao formato 'A crónica' en dúas edicións. A primeira emitiuse ás 14:00 h, con 45 minutos de información, e a segunda ás 19:00, cun formato híbrido que combina a información pura e o magazine.

Os faladoiros políticos do informativo 'Galicia por diante' -de luns a venres de 08:30 a 09:30 h- e de 'A crónica' -de luns a xoves de 20:00 a 21:00 h- realizáronse desde o estudio multimedia e emitíronse en simultáneo na Radio Galega e na segunda canle da Televisión de Galicia, a G2.

3.1.2.- Cobertura de procesos electorais

- Eleccións Municipais, do 28 de maio de 2023
 - O plan de cobertura da CRTVG nestes comicios outorgou a PP, PSdeG e BNG a consideración de grupos políticos representativos; e a Vox de grupo político significativo, seguindo os criterios da LOREG.
 - Tanto as catro formacións mencionadas coma outras candidaturas (con menor consideración atendendo ás últimas porcentaxes de voto) tiveron cobertura diaria nos medios públicos: dúas informacións diarias en TVG e G24.gal e catro informacións diarias na Radio Galega.
 - A CRTVG organizou sete debates, un por cada unha das sete principais urbes de Galicia. Realizáronse no estudio multimedia da Radio Galega e tiveron unha emisión híbrida a través de televisión, radio e plataformas dixitais.
 - A CRTVG organizou 30 entrevistas, unha con cada candidato das formacións representativas en cada unha das sete cidades. Emitíronse de forma híbrida a través da Radio Galega e as plataformas dixitais.
 - A CRTVG ofreceu por último unha programación especial en cada un dos seus soportes, coincidindo coa xornada de votación.

- Eleccións Xerais, do 23 de xullo de 2023
 - O plan de cobertura da CRTVG nestes comicios outorgou a PP, PSdeG, Sumar e BNG a consideración de grupos políticos representativos; e a Vox de grupo político significativo, seguindo os criterios da LOREG.
 - Tanto as cinco formacións mencionadas coma outras candidaturas (con menor consideración atendendo ás últimas porcentaxes de voto) tiveron cobertura diaria nos medios públicos: dúas informacións diarias en TVG e G24.gal e catro informacións diarias na Radio Galega.
 - A CRTVG organizou un debate que se realizou no estudio multimedia da Radio Galega e tivo unha emisión híbrida a través de televisión, radio e plataformas dixitais.
 - A CRTVG organizou 4 entrevistas, unha con cada candidato das formacións representativas. Emitíronse de forma híbrida a través da Radio Galega e as plataformas dixitais.
 - A CRTVG ofreceu por último unha programación especial en cada un dos seus soportes, coincidindo coa xornada de votación.

3.1.3.- A posta en marcha do novo plató 300

A aposta da CRTVG para a nova escenografía dos seus espazos informativos no Plató 300 (Estudio 2) da TVG pasa por unha pantalla de gran formato que supón unha revolución en diferentes niveis: relato audiovisual, novas linguaxes informativas, cambios nos equipos de traballo, maior integración dos departamentos de Deseño Gráfico e Realización, etc.

Na posta en marcha deste novo plató traballan de xeito coordinado durante meses profesionais de varios departamentos, con reunións semanais, visitas ás instalacións de Unitecnic e outras canles que teñen sistemas semellantes (TVE e Antena 3) e contactos frecuentes con profesionais externos coñecedores das ferramentas e escenografías polas que CRTVG aposta para esta nova etapa.

Os esforzos previos concéntranse na elaboración de propostas creativas que permitan conseguir unha coherencia escénica global e optimizar o rendemento visual. Aínda que cada formato ou programa ten a súa propia identidade e goza de certa liberdade creativa, establecéronse uns criterios comúns da percepción escénica. As novas posibilidades que ofrece este novo plató transformáronse nun valor engadido que reforza a conexión coa audiencia, aproveitando nunha primeira fase o factor sorpresa e incorporando progresivamente novidades mantendo a expectativa visual.

É unha pantalla de 36 metros de longo e case 3 metros de altura. O seu gran tamaño convértea nunha ferramenta cun enorme potencial creativo, pero a CRTVG conta cunha limitación operativa que é a súa vez un reto: case todos os espazos informativos teñen como mesmo escenario ese plató 300. Iso obriga a elaborar un plan creativo que, tendo en conta esta nova contorna, lles poida dar aos diferentes formatos unha personalidade propia. Nos últimos meses definiuse un espazo escénico, outorgándolles prioridade aos informativos centrais ('Telexornal mediodía', 'Telexornal serán' e 'Telexornal Fin de Semana'); o aproveitamento dos recursos e as necesidades operativas marcan a toma de decisións estratéxicas e limitan o grao de complexidade á hora de crear espazos escénicos ou, por exemplo, definir os tipos de planos que marquen a narrativa dos diferentes formatos.

A concentración de recursos nas franxas prioritarias da grella non implica unha mingua na atención das necesidades doutros formatos ('Bos días', 'Galicia noticias', 'Zigzag' ou 'En xogo'), que contan cunha operativa menos esixente. O mesmo acontece cos programas especiais (espazos electorais, por exemplo), que contan cun espazo escénico definido atendendo os intereses e planificación marcados polo equipo directivo de CRTVG.

Os deseños artísticos, consensuados co equipo de Deseño Gráfico e Realización, veñen pautados polas características de cada formato; os diferentes departamentos implicados neste proceso amosaron un alto grao de implicación operativa e coordinación cos profesionais externos consultados para a posta en marcha do novo espazo escénico.

Un grupo motor (conformado por membros de Redacción, Producción, Realización, Deseño Gráfico e Iluminación) traballou na elaboración dunha guía de estilo visual, que inclúe un *storyboard* con indicacións a nivel compositivo e operativos: posicións do presentador, tipos de planos, posición das cámaras, etc. Atendendo as diferentes propostas de posta en escena para cada formato, este documento púxose a disposición e coñecemento dos distintos departamentos implicados para que realizaran as súas achegas, antes de trasladalo a todos os profesionais.

As novas ferramentas requirirán unha organización moi precisa, ordenada e ben estruturada para que permita unha xestión eficaz e áxil dos recursos gráficos que se van empregar. O grupo motor, atendendo as recomendacións dos consultores externos e os formadores desprazados á sede central da canle en San Marcos, elaborou un protocolo de organización no que se recollen pautas para os diferentes procesos: traballo coa pantalla, manexo do software Watchout, definición de áreas de pantalla para a organización dos espazos de traballo segundo os programas, confección de escaletas, reparto de tarefas, traballo de composición, xeración de fondos, propostas gráficas, ensaio de posta en escena en plató, etc.

No que respecta ao traballo diario na Redacción, incorporáronse fisicamente a unha mesa próxima á de Edición e Realización os profesionais encargados de alimentar e xestionar a nova pantalla (editor de pantalla, operadores de Watchout, axudantes de realización e deseñadores gráficos) para mellorar a coordinación e axilizar os procesos de traballo.

3.1.4.- Na vangarda da radio híbrida

Radio Galega culminou un lustro de traballo na conversión dixital co traballo técnico previo ao lanzamento da plataforma AGalegaAudio -previsto para xaneiro de 2024-, co obxecto de posicionarse como principal medio de comunicación de audio e de servizo público de Galicia no ecosistema mediático dixital.

O balance dos proxectos desenvolvidos é inmejorable en tanto que a Radio Galega se está situando no marco da converxencia dixital coas mellores instalacións e servizos para o desenvolvemento de proxectos de servizo público que permitan fidelizar as audiencias actuais e acadar novos públicos nicho.

Con esta visión, o principal proxecto de conversión dixital da Radio Galega en 2023 foi a fase de prelanzamento da plataforma A Galega Audio, que suporá unha refundación da filosofía do servizo público mediático para a próxima década.

A Radio Galega transformouse en medio multiplataforma en 2022 coa estrea das emisións no Estudio Multimedia, que foron nucleares nas estratexias programáticas da emisora durante todo o ano 2023, coa emisión en imaxe en radiogalega.gal, YouTube e outras canles dixitais, e coa preparación técnica para a emisión dende este estudio na futura plataforma A Galega Audio.

Os programas de Radio Galega poden, grazas ao equipamento tecnolóxico do Estudio Multimedia, emitir en directo ou diferido por Televisión de Galicia ou en calquera das canles dixitais da CRTVG en calidade *broadcast* desde un espazo creado *ad hoc*.

O Estudio Multimedia é o espazo dende o que se emitiu o programa ‘Galicia por diante’, de 06:00 a 14:00 h, ‘A crónica’, de 19:00 a 21:00 h -dende outubro de 2023-, ‘Ao contraataque’, de 23:00 a 01:00 h, e ‘Pensando en ti’ de 01:00 a 06:00 h. Así mesmo, a tecnoloxía destas instalacións permitiu que se emitise en simultáneo en RG e TVG o faladoiro do ‘Galicia por diante’, de 08:30 a 09:00, a sección ‘A bóla extra’, de 12:00 a 13:00’, o faladoiro de ‘A crónica’, de 20:00 a 21:00, e o programa ‘Pensando en ti’, de 01:00 a 06:00 h.

No que atinxe á produción estritamente dixital, o Estudio Multimedia é o espazo para a gravación de videopodcasts, como o programa de cultura para a xeración Z ‘Diario cultural zeta’, e facilitou a difusión de destacados informativos en redes sociais con formato vídeo, como os que derivaron da emisión do programa deportivo ‘Ao contraataque’.

Os departamentos técnicos da Corporación desenvolveron numerosas integracións e implementaron avances tecnolóxicos para avanzar na automatización de procesos que reverteron de xeito positivo no resultado final dos produtos elaborados no Estudio Multimedia.

Os procesos de sinerxía consolidáronse coas estratexias de emisión simultánea de programas e espazos de Radio Galega nas canles de Televisión de Galicia. Ademais dos programas ‘Pensando en ti’, ‘A bóla extra’ e o faladoiro do informativo ‘A crónica’ da edición serán, incorporáronse novas emisións en simultáneo en 2023:

- ‘Galicia por diante’ | Faladoiro de luns a venres de 08:30 a 09:30 en RG e G2.
- ‘A bóla extra’ | Ampliación da emisión en simultáneo de RG e TVG de luns a venres a unha hora, de 12:00 a 13:00 h, en lugar da media hora -de 12:05 a 12:30 h- en 2022.
- ‘A Crónica’ | Faladoiro de luns a xoves de 22:00 a 23:00 en RG e G2.
- ‘Pensando en ti’ | Ampliación da emisión en simultáneo en RG e G2 ás fins de semana. En 2023, este programa emítese en televisión de luns a domingo.

Esta estratexia viuse impulsada pola consolidación do Estudio Multimedia que, cunha estética televisiva e un sistema de realización automático, permitiu levar á televisión contidos radiofónicos cunha calidade de imaxe de estándar *broadcast*.

3.2.- G24 e novos formatos

3.2.1.- O portal informativo G24.gal

G24.gal consolidouse este 2023 no medio de información en continuo da CRTVG. As galegas e galegos poden acceder ás noticias de maior relevancia a calquera hora do día desde dentro e fóra do país.

A prioridade é facerlle chegar á nosa audiencia as noticias máis relevantes no eido autonómico, estatal e internacional no menor tempo posible e sen renunciar en ningún momento ao rigor. Por iso reforzouse o servizo de notificacións, para alertar os nosos suscritores das informacións de última hora e das reportaxes máis relevantes.

Tamén se intensificaron as coberturas en directo no portal web e o seu seguimento a través das redes sociais. Así, pódense seguir integramente as conferencias de prensa tras o Consello da Xunta de Galicia e tras o Consello de Ministros, e as sesións plenarias máis importantes tanto do Parlamento de Galicia como do Congreso dos Deputados e do Senado.

Pero tamén outros eventos extraordinarios como tractoradas, zonas en conflito, funerais de Estado, foros de maior relevancia, convocatorias extraordinarias de prensa, etc. Tamén se conta co servizo de cámaras web da CRTVG e as cámaras da DXT para detectar posibles incidencias en temporais ou nas estradas, respectivamente.

A web dispón ademais dun minuto a minuto para axilizar a actualización de eventos en constante cambio como pode ser un evento deportivo, unha xornada electoral ou o sorteo da Lotería de Nadal. Para este tipo de coberturas informativas son importantes tamén os *widgets*, cos que se puideron consultar en tempo real os principais datos.

Apostouse tamén por enriquecer as pezas informativas con maiores elementos audiovisuais (audios, fotos, vídeo, etc.) e con outros elementos estilísticos para facilitar a lectura (despeces, destacados, etc). De feito, incorporáronse galerías de fotos ou imaxes en espiral en portada para resaltar certas informacións e facer máis dinámica a portada.

Con todo, seguirase apostando pola integración da páxina web nas dinámicas da redacción de TVG e Radio Galega. Para iso seguirá sendo necesario implicar a totalidade dos redactores no proxecto e tamén o resto de departamentos integrados nas coberturas, é dicir, camiñar cara ao Digital First.

3.2.2.- As redes sociais de G24

No primeiro semestre do ano 2023, o departamento de Novos Formatos da Corporación continuou a producir vídeos informativos personalizados dentro da conta @menosdunminuto de TikTok e no Instagram de @g24noticias, así como a alimentar @dixomedixome, a conta de TikTok e Instagram destinada a contar en galego algúns ruxerruxes da prensa rosa.

Tamén no primeiro semestre de 2023 se fixo unha incursión no campo do humor mediante a fichaxe dunha actriz coa que se creou unha conta de TikTok e Instagram bautizada @virtudestvg. A versión en galego do seu personaxe, a Repunanta, obtivo tamén moi boas audiencias dixitais. Grazas ao aumento da publicación do número de vídeos, o departamento é cada vez máis consciente dos temas que lle interesan á audiencia. Detectouse deste xeito un crecente interese por temas vinculados á vida nas grandes cidades galegas, grazas a que o algoritmo potencia os contidos de proximidade.

Prodúcense tres formatos informativos, basicamente:

- 1) Vídeos curtos con imaxes e audio ambiente, con rótulos
- 2) Extractos dos informativos ou noticias de *broadcast* adaptadas ao vertical (eliminando elementos superfluos, subtitulando e facendo versións resumidas)
- 3) Vídeos personalizados, con explicacións, por parte dun xornalista novo sobre un tema de actualidade

Actualmente estase a traballar na implantación de ferramentas de Intelixencia Artificial para axilizar a publicación de vídeos, e grazas a isto é posible acelerar o proceso de subtitulado en galego dos vídeos (esencial nos vídeos para móbiles).

Tamén se está reorganizando o traballo deste departamento, coa incorporación de operadores de vídeo das delegacións territoriais da CRTVG que facilitan a produción de máis e mellor contido en formato vertical para móbiles.

De cara a 2024, propónse o lanzamento dunha app de informativos, no marco do proceso de expansión do portal web G24.gal.

3.3.- 'DígochoEu'

Durante o inicio de 2023, os principais esforzos do departamento de Novos Formatos da Corporación estiveron centrados en contidos e produtos relacionados co espazo sobre lingua 'DígochoEu', que seguiu a potenciar os seus estreitos lazos coa comunidade educativa e os espectadores máis novos con distintas accións.

Ademais da emisión dos capítulos diarios deste popular espazo, potenciouse ao longo do ano todo o relacionado coa figura da mascota **Digochiño**, que naceu en xaneiro deste ano. O raposo azul e branco -as cores de Galicia- mantén nestes capítulos divertidas conversas coa presentadora sobre temas de ecoloxía, feminismo, expresións tipicamente galegas ou cuestións cotiás. Ademais, os capítulos de 'Digochiño' incorporan cancións e a gravación de episodios e videoclips propios deste personaxe.

No primeiro semestre do ano levouse a cabo tamén o proceso de visitas e gravacións de vídeos no marco da segunda edición do **concurso escolar** de vídeos, ademais do **concurso de cancións 'Unha canción para Esther'**. Tanto as cancións de 'Digochiño' como as deste novo concurso difundíronse na conta de Spotify da CRTVG, creada a raíz da demanda que tiñan estes temas no mundo dixital.

Tamen, neste semestre, 'DigochoEu' abordou a última temporada da sección **#ApuntamentoLusófono**, na canle de Twitch. Neste caso, organizouse un concurso destinado ao público brasileiro, chamado 'Fofinhos', que recibiu máis de 300 solicitudes de brasileiros que quixeron participar no concurso. De todos eles, escolléronse 12 finalistas, e fixéronse varios programas ata que na gran final un deles gañou o premio: unha viaxe a Galicia e coñecer o equipo do #DigochoEu en persoa.

Outra acción desenvolvida en 2023 foi unha iniciativa a prol da ciberseguridade consistente na emisión dun capítulo semanal protagonizado por un personaxe chamado CiberEsther.

Neste ano, o espazo acadou varios recoñecementos, como o **Premio Mestre Mateo 2024** á xornalista presentadora de 'DigochoEu', que foi recoñecida como mellor comunicadora de televisión por segundo ano consecutivo; e o **Premio San Martiño de Normalización Lingüística** do Concello da Estrada.

Gran gala de premios, en maio na Cidade da Cultura

Os **II Premios DigochoEu** foron desvelados e entregados nunha gran gala celebrada na Cidade da Cultura, en Santiago, que foi emitida pola TVG ao día seguinte, na festividade das Letras Galegas. Máis de 700 nenos e nenas de 20 centros escolares asistiron á entrega dos premios, que contou coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística e de Gadís.

Na categoría de educación primaria, foron premiados os vídeos presentados polos centros CEIP Ramón Cabanillas de Santiago, co #DigochoEu de Ouro; o do CEIP Plurilingüe de Ponzos (Ferrol), co de Prata; e o CPR Plurilingüe Sagrado Corazón de Praceres, que gañou o #DigochoEu de Bronce.

Na categoría de educación secundaria, o gañador do premio de ouro foi o IES Monte Carrasco de Cangas, seguido do IES Plurilingüe Fontem Albei (A Fonsagrada), que levou a Prata, e o EFA A Cancela, das Neves, o Bronce.

E os **premios especiais do xurado** recaeron nos vídeos enviados polo CEIP de Quiroga (Lugo) na categoría de educación primaria e para IES Nº1 da Estrada, de educación secundaria. Resolveuse tamén nesta festa o **concurso ‘Unha canción para Esther’**, entre os cinco grupos finalistas. O gañador foi o grupo King Kids co tema ‘Dígocho eu’. En segundo lugar quedou ‘Olimpiadas rurais’, de Diego de Braelle; seguido de ‘Mentiras que o lume prendeu’, de Chamaquito Pistolas; ‘Río’, de Rhome; e ‘Dáche igual’, hydn ft. Chris Indian.

Xa a partir de setembro de 2023, co inicio do curso escolar, abriuse a terceira edición do concurso escolar de vídeos co que seguir promovendo o uso do galego entre a rapazada de educación primaria e secundaria de Galicia e de calquera centro de fóra de Galicia que imparta lingua galega. Ademais, ‘DígochoEu’ estreou canle propia en YouTube (youtube.com/@digochoeutvg) e nova imaxe para Digochiño. O raposo volveu acompañar a presentadora nos novos capítulos que puideron ver na G2 os sábados, nas redes sociais e en www.digochiño.gal, un formato contedor con todas as entregas.

Algunhas cifras de ‘DígochoEu’ no 2023

‘DígochoEu’ segue a marcar algúns dos récords de audiencia dixital da Corporación. No 2023 houbo así un 25% de incremento respecto do ano anterior, cun total de 475.000 seguidores. A rede con maior engagement foi TikTok, seguida de Instagram. Actualmente, ao peche da edición desta memoria anual, os seguidores en TikTok de ‘DígochoEu’ ascenden a 332.000 (xuño 2024) e os de Instagram a 133.000 (xuño 2024), o que visibiliza a TikTok como o espazo no que se consomen maioritariamente os contidos. Só nesta rede, no 2023, houbo 26,5 millóns de reproducións.

3.4.- #Cultura365, un proxecto transversal

3.4.1.- ‘Zigzag’

A información da Televisión de Galicia conta co máis lonxevo programa cultural diario das televisións públicas en España, ‘Zigzag’, situado no servizo de Informativos, que debulla a actualidade do sector a través de sete edicións semanais de 25 minutos de duración, unha por día da semana. O ‘Zigzag diario’ emítese de luns a venres na TVG2, e no 2023 pasou ao horario das 20:30 h, mentres que o ‘Zigzag fin de semana’ se emite na TVG nos horarios xa coñecidos, sábados ás 10:40 h e domingos ás 11:40 h, conseguindo en 2023 picos de audiencia que chegaron en ocasións ao 14% e 13% de *share*.

Ambos os dous programas ofrecen información especializada sobre a cultura, poñendo especial coidado en tocar moitas facetas do eido cultural e facelo tanto desde os artistas consolidados como dándolles un lugar aos emerxentes e á cultura menos convencional ou de masas.

O programa conta con entrevistas en estudio, ás que se convida unha gran variedade de artistas a falar en profundidade do seu traballo, e tamén con reportaxes que elaboran en exteriores os equipos de reporteiros, percorrendo Galicia e todo tipo de eventos e festivais. A información cultural complétase con axendas semanais de música, estreas de cine e estreas teatrais.

Xunto cos habituais contidos e entrevistas do programa, cada ano múdase de colaboradores para ofrecer novas voces e novas temáticas. No 2023 acompañaron o equipo do programa expertos con espazos fixos de arquitectura, teatro, artes plásticas, libros e arqueoloxía.

O 'Zigzag Especial do Día das Letras Galegas' é outro momento de celebración que cada ano se elabora e se emite despois do 'Telexornal mediodía' de cada 17 de maio. Este 2023 centrouse na figura de Francisco Fernandez del Riego, e nel deuse voz a estudosos, académicos e amigos. Recuperáronse abundantes imaxes do propio autor achadas no arquivo da TVG, amais de desprazar un equipo a Granada a entrevistar a súa irmá, que faleceu poucos meses despois. O programa elaborouse integramente en exteriores, nos espazos vitais do homenaxeado, mesmo coa utilización dun dron.

Nos últimos anos os éxitos do audiovisual galego levaron a facer desprazamentos a festivais fóra de Galicia, como os Premios Goya ou o Festival de Cine de San Sebastián, ademais da ampla cobertura en Galicia da gala dos Premios Mestre Mateo, así como todos os festivais audiovisuais galegos (Cans, Carballo Interplay, Play-Doc...). Outras citas destacadas como os Premios María Casares de teatro, os Premios da Música, etc. son tamén obxecto de cobertura, con entrevistas e seguimento dentro de 'Zigzag'.

O nacemento da nova plataforma dixital Agalega (agalega.gal) prevista para xaneiro de 2024 facilita un importante avance de cara á nosa audiencia, xa que permitirá que os programas emitidos na G2 poidan ser seguidos a tempo real pola Rede. É este un avance moi interesante dado o tipo de consumo e a xuventude de moitos consumidores de programas culturais. Do mesmo xeito, cóidanse especialmente as redes sociais do programa 'Zizag' e os contidos culturais do portal web g24.gal, xa que o equipo é moi consciente do uso masivo das redes para a información cultural.

Por outra banda, o 2023 foi o ano da preparación dun novo plató que estreamos en 2024, onde a imaxe gaña moita presenza. Isto fará máis atractivas as entrevistas e a gran pantalla facilitará o emprego de imaxes en grandes dimensións para ilustrar o traballo dos artistas.

3.4.2.- A cultura nos telexornais

Os espazos puramente informativos da TVG tamén realizan cobertura cultural en directo das grandes citas da cultura e a presenza de enviados especiais en festivais de fóra de Galicia con destacada presenza galega.

As grandes exposicións, os premios nacionais que conseguiron varios galegos, as estreas de cine e teatro ou algúns destacados éxitos literarios ou musicais, entre outras noticias da cultura, foron tamén parte dos contidos dos espazos informativos diarios da TVG. A canle pública é consciente de que a presenza da cultura nestes informativos xenéricos e de amplo alcance é un excelente medio de divulgación da nosa cultura que completa a información e amplía os públicos aos que chegan os programas especializados en cultura.

3.5.- Deportes

3.5.1.- A información deportiva en Televisión de Galicia

A CRTVG destina gran parte da programación da fin de semana da G2 e do portal web a dar difusión ao maior número posible de disciplinas deportivas con presenza galega.

Cun marcado perfil deportivo, a canle pública realiza unha despregadura de equipos e medios sen comparación en ningún outro ente autonómico, nunha aposta da CRTVG polo deporte masculino, feminino e de canteira en Galicia; pola proximidade coa audiencia, polo fomento do deporte base e, sobre todo, por dar visibilidade a prácticas minoritarias que promovan en Galicia unha verdadeira cultura do deporte.

No 2023 a prioridade foi a posta en marcha desta nova estratexia ao tempo que se deu cobertura de todos os eventos posibles con protagonismo galego dos que se puido acceder aos seus dereitos, a través de retransmisións en directo, emisións en diferido, reportaxes ou imaxes do día a día tanto nas canles televisivas TVG e G2 como na web crtvg.gal e a Radio Galega.

Foi o 2023 un ano no que a CRTVG estivo moi presente en eventos internacionais, como o Campionato do Mundo de Motocrós MXGP, con dous representantes da nosa comunidade. Tamén no All Ireland, o campionato de fútbol gaélico en Irlanda.

Ao longo do ano, a Televisión de Galicia desenvolveu un grande esforzo que fixo posible a retransmisión de 384 eventos deportivos, dos cales 220 foron con medios de produción propios.

Este é o esquema da programación deportiva:

- De luns a venres, TVG:

- 'Bos días': titulares de deportes e dous bloques de información deportiva de entre sete e oito minutos, ampliada a entre oito e dez nos días seguintes á competición de Liga.

- 'Telexornal mediodía': dous titulares ás 14.25 h e un bloque de entre dez e doce minutos ás 15.15 h.

- 'Telexornal serán': un bloque de entre sete e dez minutos ás 21.35 h na franxa de máxima audiencia dentro do Telexornal.

- Fin de semana, TVG:

- 'Bos días': bloque de información deportiva de entre cinco e sete minutos no último treito do informativo matinal dos sábados e dos domingos.

- 'Telexornal mediodía': tres titulares ás 14.25 h e un pase logo de información deportiva ás 14.55 h, de entre dez ou doce minutos de media, que se prolonga ata os 15 ou 20 minutos os domingos.

- 'Telexornal serán': tres titulares e un bloque longo de 21.30 h a 21.45 h, aproximadamente.

- Fin de semana, G2:

Sábados: franxa dedicada a retransmisións deportivas dunhas cinco horas e media de duración, entre as 16.30 e as 22.00 h, logo da redifusión do 'Telexornal mediodía' e de 'O tempo' e ata a redifusión do 'Telexornal serán'. A segunda canle ofrece en directo partidos de fútbol de Primeira RFEF, de Segunda RFEF e Terceira División, encontros das Liga LEB de baloncesto, Asobal, Liga nacional de fútbol sala, de hóckey, balonmán e doutras disciplinas tanto masculinas como femininas. Ofrecense tamén reportaxes de temática deportiva en espazos como 'Deporte extra' ou programas específicos dedicados ao motor, o ciclismo, etc.

Ademais, na franxa nocturna, logo do programa 'A xornada en xogo' cos resumos do día de Primeira e Segunda, entre as 00.30 e as 07.00 h repítense partidos do día ou emítense en diferido outros encontros gravados. Tamén se inclúen na programación partidos históricos emitidos nos 38 anos de vida da TVG. En total, durante a xornada do sábado ofrécense doce horas de programación deportiva, das cales seis poden ser en directo.

Domingos: durante a temporada, a franxa de 11.00 a 15.30 h dedícase ás retransmisións de encontros e outras citas de diferentes disciplinas deportivas, como acontece na xornada do sábado.

Tras a redifusión do 'Telexornal mediodía' e 'O tempo', a partir das 16.30 h hai novos directos, coa retransmisión de fútbol galego de Primeira e Segunda RFEF e Terceira, de produción propia ou allea. Ao rematar as retransmisións e conexións en directo e ata as 22.00 h, emítense resumos da xornada, programas como 'Montañas de aventura' ou 'Deporte extra'.

Durante a temporada de Liga, entre as 22.30 h e as 00.20 h, ofrécese o programa 'En xogo' de resumo da xornada, con especial atención aos partidos de Primeira e Segunda División, e mais os equipos galegos de Primeira RFEF, Segunda División B e Terceira. En total, durante a xornada do domingo, ofrécense 17 horas de programación deportiva, das cales ata 11 horas e media poden ser en directo. De xeito extraordinario, de luns a venres, a G2 pode emitir tamén competicións en directo de calquera deporte.

Retransmisións na TVG

Durante 2023 a TVG realizou un total de 384 retransmisións deportivas. Máis da metade, 220, foron de produción propia, e tamén se fixeron conexións con outras disciplinas coa modalidade 4G. Hai que destacar, como citamos previamente, a retransmisión íntegra do Campionato do Mundo de Motocrós MXGP nun total de 19 probas.

No eido internacional, a fase previa da Copa de Europa das Rexións e a fase final con Galicia como campioa de Europa, coa presenza dos representantes de Galicia, a presenza da TVG na Vendeé Globe, a Volta ao Mundo en Vela en solitario, ademais do seguimento de toda a regata en distintos programas resumo.

Fútbol na TVG

Primeira División e Segunda División

A TVG non ten os dereitos para a emisión dos partidos destas categorías. En todo caso, fíxose cos dereitos dos resumos tanto de Primeira coma de Segunda División e dos resumos da Copa do Rei, para utilizar en distintos espazos informativos como 'En xogo'. Neste espazo, emítense reportaxes de xogadores históricos galegos lembrando cos propios protagonistas os eventos destacados.

Saliéntase tamén a emisión no 2023 de varios partidos da Copa do Rei nos que participaron o R.C. Deportivo, o Rácing Club de Ferrol e a S.D. Compostela.

Primeira RFEF - Grupo Primeiro

A Televisión de Galicia chegou a un acordo coa Federación Española de Fútbol para emitir encontros desta recentemente creada categoría, na que compiten o R.C. Deportivo, R.C. Celta Fortuna, Rácing de Ferrol e Pontevedra C.F. Despois contamos con R.C. Deportivo, R.C. Celta Fortuna, Polvorín Lugo e C.D. Arenteiro de O Carballiño. En total neste 2023 a CRTVG emitiu 48 partidos desta categoría

Segunda RFEF - Grupo Primeiro

A Televisión de Galicia emite partidos dos 6 equipos galegos na temporada 22/23 na categoría: S.D. Compostela, Coruxo F.C, Arenteiro, Ourense C.F, Polvorín Lugo e Bergantiños. Ao longo do ano ofrecéronse en directo 67 encontros, dos que 59 foron emitidos con medios propios de produción.

Terceira División - Grupo Primeiro (integramente galego)

Ao longo de 2023 realizáronse 15 retransmisións e numerosas conexións cos campos nos que a infraestrutura técnica o permite. Durante este ano fíxose en moitas xornadas un Carrusel de Terceira, no que a través da web da CRTVG se informaba do que acontecía en tres, catro ou cinco campos de Terceira simultaneamente.

A TVG está empregando a tecnoloxía 4G-5G para facer conexións e retransmisións de eventos de diferentes modalidades deportivas. Ata final de 2023, a CRTVG operou con esta tecnoloxía en numerosos campos nos que competían equipos ou representantes galegos. Sempre que sexa posible, a TVG continuará realizando espazos informativos que se emiten os domingos pola noite coa maioría das imaxes desta categoría, con reportaxes, resultados e clasificacións, coma no caso de 'En xogo', de case dúas horas de duración, que se emite os domingos en directo (22.30 h a 00.20 h), e no que se analiza a xornada futbolística e doutros deportes.

Outras coberturas deportivas na TVG

Baloncesto

Durante 2023, a Televisión de Galicia emitiu os resumos dos partidos en que competiu o Monbus Obradoiro e o Río Breogán, ao non ter os dereitos de retransmisión dos partidos de dita competición. En canto á Liga LEB Ouro, en 2022 a canle autonómica emitiu 2 encontros disputados por algúns dos equipos galegos da categoría: Club Ourense Baloncesto e Leyma Basquet Coruña. Así mesmo, a TVG emitiu a Copa Galicia de baloncesto, tanto masculina coma feminina. Mención destacada merece a participación do Breogán na competición europea de baloncesto, competición que foi retransmitida pola CRTVG.

Fútbol sala e balonmán

No ano 2023 a Televisión de Galicia retransmitiu 38 partidos de fútbol sala e balonmán, masculinos e feminino. A CRTVG tamén retransmitiu a Supercopa de Galicia de Balonmán e a competición europea do Mecalia At. Guardés, equipo feminino de élite do sur de Galicia.

Traiñeiras

A CRTVG presta especial atención ás retransmisións das competicións de traíñeiras. Neste 2023 atendeu as probas da Liga ACT, a Euskotren feminina, o Campionato de España ou a Bandeira da Concha. Así, ao longo da temporada, ofreceu 46 probas, 4 de produción propia. Así mesmo, hai que destacar que se volveu retransmitir o Campionato Galego de Traíñeiras durante a temporada estival, con oito probas do campionato galego.

Outros deportes

En 2023, Televisión de Galicia ofreceu probas de diferentes especialidades deportivas con presenza de deportistas ou clubs galegos, compartindo custos con outras canles autonómicas. Nesta liña, retransmitíronse probas do Campionato de España de cros, pádel e hípica. Así mesmo, foi emitida a Volta Ciclista a Galicia O Gran Camiño, con catro etapas por estradas galegas, así coma a Volta a España feminina, con nove etapas en total.

Mención especial merece a retransmisión dos últimos treitos do Rally de Ferrol, o Rally de Ourense e o Rally de Arousa, en directo, e un seguimento ao Campionato de España de Rallys, ademais dun programa en directo, mensual, dedicado especificamente ao mundo do motor.

Neste 2023 a canle estivo moi pendente do hóckey, coa participacion do Liceo masculino e feminino nas súas respectivas ligas e mais a competición europea. En total, 16 retransmisións de hóckey.

O deporte nos informativos e outros espazos

No 2023, un dos obxectivos prioritarios era o mantemento da capacidade negociadora de adquisición de dereitos, así como dos recursos humanos e técnicos que permitiran a continuidade da cobertura dos espazos deportivos nos distintos telexornais, para promocionar o deporte practicado por galegos ou en Galicia.

Este ano 2023 retransmitimos varios campionatos de Chave e Billarda, seis en total, así como varias carreiras populares que se celebraron na comunidade e outros tantos torneos de fútbol gaélico. Tamén se atendeu a actualidade das distintas regatas que se celebraron en augas galegas, con conexións en directo e reportaxes amplas destes eventos.

Ademais, a grella da G2 inclúe espazos de actualidade deportiva dirixida aos amantes dos deportes de aventura, como o programa 'Montañas de aventura', que en inverno se chama 'A neve'. Ademais, realizáronse varios programas monográficos coa presenza de deportistas no estudio, como foi o caso do resumo anual do motor, e outro programa sobre o rally Dakar.

No espazo 'Deporte extra', con reportaxes que van dos tres aos dez minutos de media, dáse eco a todo tipo de deportes, sempre que o permitan as condicións técnicas e os custos de produción. Esgrima, ximnasia rítmica, vela ou atletismo son algunhas das modalidades deportivas que se abordaron nestas emisións.

3.5.2.- A información deportiva na Radio Galega

A programación deportiva da Radio Galega está composta por 'Galicia en goles', 'Ao contraataque' e 'A crónica deportiva', ademais da sección de información no 'Galicia por diante'.

- 'Galicia en goles', de venres a domingo con edicións especiais durante a semana

A primeira edición emítese o venres, entre as oito e media do serán e as doce da noite. Os partidos adiantados do calendario galego adoitan ser a peza principal cando xogan os equipos de fútbol profesional, o R.C. Celta e o Rácing de Ferrol, ou os de baloncesto, como son os casos do Leyma Basquet Coruña e do Ourense na LEB Ouro. Unha das retransmisións destacadas foi o partido internacional España-Italia, desde o estadio de Pasarón en Pontevedra, onde a Federación Galega de Fútbol aproveitou a celebración para homenaxear a campioa do mundo galega.

Os sábados e os domingos, 'Galicia en goles' convértese no contedor das retransmisións deportivas. O sábado o programa comeza ás 15:00 horas da tarde, aínda que por motivos de calendario ás veces adianta o principio para as 13:00 horas, e o domingo abrangue a franxa horaria de 11:45 h ata a 01.00 da madrugada. En total, son un mínimo de 26 horas dedicadas ao mundo do deporte e que contan co apoio da audiencia, chegando a ter picos de 73.000 oíntes os domingos e 58.000 os sábados.

A Radio Galega é a única emisora da comunidade que seguiu viaxando co R.C. Celta de Vigo polos campos da Primeira División e tamén a única co Rácing de Ferrol, ao que acompaña nos desprazamentos desde o mes de agosto, cando retornou ao fútbol profesional. Ademais dos equipos profesionais de fútbol, a Primeira e a Segunda RFEF teñen un protagonismo especial. No 2023 destacaron os éxitos do Rácing de Ferrol, co ascenso á Segunda División, e do Arenteiro, que subiu á Primeira RFEF. O equipo de Deportes fixo tamén unha ampla despregadura na fase de ascenso á Segunda División, na que o R.C. Deportivo quedou eliminado, e o Celta Fortuna non superou a eliminatoria ante o Eldense. Así e todo, si puido narrar á audiencia os ascensos do Fabril e do Vilalbés á Segunda RFEF.

Durante a semana, cando o calendario marcou xornada nas ligas de fútbol e na competición da Copa do Rei, a Radio Galega programou edicións de 'Galicia en goles'. Ademais, nas datas festivas emitiu especiais para dar visibilidade a competicións de ámbito autonómico como a Terceira Federación de fútbol.

A Liga ACB de baloncesto estivo presente durante todo o ano nas emisións radiofónicas, con emisións íntegras nas webs G24 e Radiogalega.gal dos partidos disputados polo Río Breogán de Lugo e polo Monbus Obradoiro de Santiago. No polideportivo, 'Galicia en goles' desprazouse ata Turquía para contar desde a cidade de Antalya a final da Copa Europea EHF, que finalmente acabou perdendo o equipo galego.

O deporte base volveu ser un ano máis un argumento de peso, coa cobertura dos torneos de fútbol de Ribeira, Arousa Fútbol 7, Bergantiños de Carballo, Orzán da Coruña, Ordes, Ribadumia e Coruxo. A competición de tenis do Sporting Club Casino da Coruña, aberto ás categorías inferiores, foi outra das citas ás que prestou cobertura o equipo deportivo.

Por último, o deporte solidario chegou coa retransmisión desde A Coruña da carreira de integración organizada por ENKI. 'Galicia en goles', ademais, estivo representado por unha selección de oíntes na competición de deporte extremo Gladiator Race, desenvolvida en Santiago de Compostela.

Dentro do 'Galicia en goles', na noite do sábado o programa dedica a última hora ao proxecto 'GaliciaEnXogo', dividido en dúas entregas:

- 'Galicia en xogo motor', os sábados ás 23.00 horas

Os sábados, ás 23:00 h, a Radio Galega actualiza a información do mundo do motor durante trinta minutos. No 2023 o espazo centrouse no seguimento do Campionato Galego de rallys con cobertura en todas as probas. Tamén houbo información dos galegos no Mundial de Rallys con entrevistas aos corredores. Outros protagonistas no espazo foron o subcampión do mundo de karting, de tan só 13 anos, e os pilotos galegos que competiron no Dakar, no SuperCampionato e na Copa de España de Rallys.

O Mundial de Motocrós foi outro dos argumentos que tiveron unha presenza continua durante o ano na información semanal.

- 'Galicia en xogo olímpico', os sábados ás 23.30 horas

Durante o ciclo olímpico, a Radio Galega ten unha sección semanal centrada na preparación dos Xogos por parte dos deportistas galegos. A emisión é os sábados ás once e media da noite, baixo a denominación de 'Galicia en Xogo Olímpico'. No 2023, este espazo entrevistou a galega que acadou o terceiro posto no campionato de Europa da clase 49Er Fx de vela; a deportista que logrou o récord de España e a mínima olímpica no maratón de Valencia; atendeu tamén a celebración da gran final das series mundiais de triatlón que se celebraron en Pontevedra; e entrevistou o primeiro deportista galego con praza para os Xogos de París, tras lograr a vitoria na Copa do Mundo, e a subcampioa mundial de paratriatlón en Pontevedra.

- ‘Ao contraataque’, a diario de 23.00 a 01.00 horas

Con dúas horas de emisión, de domingo a xoves de 23.00 a 01.00 h, este espazo conseguiu os mellores datos de audiencia desde a súa creación en 2018, chegando á cifra de 36.000 oíntes. O espazo propón cada noite unha mesa de debate para analizar a actualidade do día. Logo desenvolve entrevistas con representantes dos nosos equipos e con galegos que están fóra. Así, durante o ano pasaron polos micrófonos do espazo protagonistas de diversas disciplinas. Entre outros, o adestrador galego ao que lle diagnosticaron en México unha enfermidade dexenerativa despois de sufrir unhas complicacións médicas tras padecer dengue. Estaba en México adestrando atletas do país norteamericano; o xogador galego do Unicaja Málaga, tras gañar a Copa do Rei; o campión de Europa dos 800 metros en pista curta nos Europeos disputados en Istambul; o xogador galego convocado por España na primeira lista de Luis de la Fuente; ou o gañador do mundial MXGP converténdose no primeiro español en acadar o máximo galardón mundial.

- Información deportiva en ‘Galicia por diante’ e ‘A crónica’

A información deportiva tamén estivo presente durante o 2023 nos grandes contedores da grella da Radio Galega. Polas mañás, no ‘Galicia por diante’, cun espazo de sete minutos de luns a venres e cinco minutos nas fins de semana. E ‘A crónica’ tivo, de xaneiro a xuño, unha sección de 15 minutos que se ampliou no verán a 30 minutos, entre as 14.30 e as 15 horas. Os principais contidos xiran arredor da actualidade e as declaracións dos protagonistas deportivos.

3.6.- O Tempo

Durante o 2023 acometéronse melloras na edición de material gráfico e dos mapas que se empregan na información meteorolóxica e nomeadamente no espazo ‘O tempo’ coa incorporación dun programa creado expresamente para TVG pola empresa Ozono. Esta implementación dotou dunha maior versatilidade a elaboración do material gráfico, utilizando elementos cada vez máis atractivos.

Enuméranse a continuación algúns dos cambios estruturais acometidos:

- ❖ Aparición dun reloxo no monitor
- ❖ Símbolos de sarabia e de xeadas máis acordes
- ❖ Maior definición da intensidade das precipitacións
- ❖ Maior definición nas temperaturas e nas chuvias
- ❖ Maior operatividade na modificación dos avisos en mar e terra
- ❖ Adaptación da pantalla ás marxes de seguridade para vídeos en redes
- ❖ Aprobación do presuposto para implementar os datos en aberto de Aemet e grazas a eles crear novas escenas no programa de Ozono

Por outro lado, durante 2023 mantívose a seguinte programación nesta área:

- 'O tempo mediodía'
- 'O tempo serán'
- 'Mar mañá'
- 'Mar serán'
- O espazo das mañás 'Atmosféricos'

E con respecto ás entradas nos diferentes formatos de informativos, contan cun espazo específico sobre meteoroloxía os informativos 'Bos días', 'A revista', 'Telexornal mediodía' e o 'Telexornal serán', cunha produción diaria que supera os 50 minutos.

Cabe reseñar a creación do programa 'Atmosféricos', un espazo diario sobre meteoroloxía, de 13:30 a 13:45 h, que aborda de luns a venres a actualidade do clima, o medio ambiente, o cambio climático e as súas consecuencias, así como os asuntos relativos aos sectores primarios directamente dependentes do tempo.

4. OS CONTIDOS E EMISIÓNS DA CRTVG

O ano 2023 caracterizouse na Área de Contidos por unha extraordinaria acollida da audiencia ás distintas canles dos medios públicos galegos e pola posta en marcha, para a súa apertura efectiva, en xaneiro de 2024, da plataforma dixital de contidos baixo demanda OTT (“over the top”, máximas prestacións), que representa unha verdadeira e complexa nova canle e que implica novos criterios de programación e repercute sensiblemente nas políticas de produción e adquisición de contidos.

En canto á audiencia, como se recolle no capítulo anterior, a TVG acadou o mellor dato en once anos, cun promedio do 11% de cota de pantalla, mentres que a G2 acadou un 0,9%, que está entre os rexistros máis altos da canle.

En canto á plataforma dixital, a medida que foi avanzando o proceso técnico para a configuración da OTT, a Área de Contidos comezou o deseño da oferta que a plataforma debía ofrecer nas súas versións audiovisual, infantil e de audio. Buscábase garantir un servizo público de calidade que atenda as necesidades e demandas dunha sociedade poliédrica con intereses diversos.

No ano 2023 traballouse así na estratexia de contidos da nova plataforma e definíronse os seguintes obxectivos:

1. Satisfacer a necesidade do público de consumir os contidos da programación lineal en calquera momento, en calquera lugar e en calquera dispositivo.
2. Poñer a disposición da cidadanía unha selección de contidos adicional á das canles tradicionais.
3. Ofrecer unha mostra de contidos diversa, plural e en galego.
4. Cumprir con todas as obrigas de servizo público da CRTVG, prestando unha especial atención a contidos como os infantís, os culturais e os de divulgación.
5. Darlle unha nova oportunidade a produtos previamente adquiridos ou producidos de ser consumidos e rendibilizados.

Desta maneira deseñáronse as plataformas ‘AGalega.gal’ para contidos audiovisuais xerais, ‘Xabarán’ para contidos infantís e ‘AGalegaAudio’ para os de audio, e desenvolveuse o catálogo inicial de lanzamento das mesmas a comezos do ano 2024. Paralelamente continuou con éxito a programación das canles dos medios preexistentes (televisión, radio e dixital) con continuidade das seguintes liñas estratéxicas:

- **A proximidade** no conxunto da oferta televisiva, radiofónica e dixital. Desta maneira un 94,9% dos contidos emitidos por TVG son producidos en Galicia. Isto resulta de combinar un nivel de produción propia interna do 50,5% acadado no exercicio 2023 e un nivel de produción propia externa, derivada ao sector audiovisual galego, do 44,5%. Pola súa parte a G2 volveu incrementar a galegitude da súa grella de emisión acadando un 84,4% de contidos producidos en Galicia, cando en 2021 a porcentaxe era 20 puntos máis baixa. En concreto a produción propia interna programada na segunda canle colocouse por primeira vez por riba do limiar do 50%, ao presentar un 51,2% como promedio do exercicio.

No eido radiofónico, a Radio Galega, Son Galicia Radio e a canle de música infantil Radio Picariña chegan ao 100% das horas de emisión producidas en Galicia, mentres que Radio Galega Música, que combina produción galega con música de ámbito estatal e mundial, a oferta de contidos galegos está nun 30%, que se corresponde coa estratexia fixada para esta emisora.

- A **vocación de servizo público** de calidade.
- A vocación de **competencia coas demais canles públicas e privadas**.
- A forte aposta pola **programación en directo** como expoñente da inmediatez e proximidade co público.
- O desenvolvemento permanente e innovador dos medios públicos na **comunicación dixital** a través de diversos soportes como sitios web, redes sociais e mensaxería, que están en permanente evolución. Aquí volvemos mencionar con énfase a nova oferta de plataforma OTT de contidos dixitais e tamén a convocatoria pública, por segundo ano consecutivo, de proxectos de contidos dixitais procedentes do sector audiovisual, especialmente o máis emerxente.
- A **participación do público e a interacción** co mesmo a través de sistemas convencionais nalgúns casos, pero sobre todo a través das canles dixitais.
- A promoción do **talento galego** en diversos ámbitos a través da programación audiovisual e radiofónica, pero tamén mediante convocatorias de concursos de talento como os das Cancións de Nadal e Verán; o de 'DígochoEu'; 'Unha canción para Esther'; 'Escoitamos teatro' en colaboración coa SGAE, e 'Nós tamén creamos' para escolares en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, entre outros.
- Ampla disposición á **xeración de sinerxías** entre televisión e radio autonómicas e entre ambas cos medios dixitais. Seguen a ser relevantes os programas híbridos TV-radio nos que a CRTVG é pioneira e que en 2021 permitiron avanzar cara á próxima posta en activo en 2022 do estudio multimedia con cámaras robotizadas e un sistema de realización automática. Tamén neste epígrafe se enmarcan experiencias piloto e algunhas de éxito e aproveitando as novas canles de emisión como as app ou na Radio Galega a plataforma Radioplayer, ou a activación de móbiles por código QR.
- A **innovación** nos proxectos de contidos e nas fórmulas de distribución dos mesmos.
- Continua aposta polas **canles dixitais infantís**, que mantiveron unha oferta aproximada de 2.200 episodios en galego para consumo baixo demanda e 1.100 cancións en Radio Picariña. Isto dará un salto cualitativo en 2024 co lanzamento da plataforma Xabarín.

- **A xestión eficiente do orzamento da CRTVG** para acadar o maior alcance e calidade dos contidos baixo unha necesaria contención de custos.
- **As alianzas e colaboracións con outros medios.** Trabállase en varios eixos para incorporar socios e fomentar relacións en culturais afíns, como as seguintes:
 - Principado de Asturias en proxectos coa súa TV autonómica TPA, que deu lugar a unha nova emisión simultánea dun programa, neste caso 'Luar', para os territorios asturiano e galego.
 - Outras RTVs autonómicas e demais medios en España, sobre todo a través da Federación de Organismos de Radio e Televisión Autonómicos (FORTA).
 - Portugal, cunha colaboración asentada e crecente materializada en múltiples proxectos, sobre todo coa pública RTP.
 - Colectivo integrado no Celtic Media, particularmente a BBC británica en Escocia, Gales e Irlanda do Norte, as irlandesas RTE e TG4 e France 3 Bretagne.
 - Conxunto das televisións públicas rexionais de Europa a través de CIRCOM Regional, onde a CRTVG ostenta a Secretaría Xeral desde 2015 e que trouxo amplas fontes de coñecemento, así como producións europeas de primeira calidade para as 'Noites temáticas' da G2.
 - A relación con América Latina tanto nos proxectos audiovisuais como na distribución do sinal de Galicia TV Europa nese continente.
 - Recurso ás plataformas globais de vídeos baixo demanda (Netflix, Amazon, HBO...), como se indicou nun punto anterior.

Nunha ollada aos últimos quince anos podemos salientar algúns datos que reflicten de maneira estrutural a contribución dos Contidos da CRTVG á sociedade e á cultura galega. Entre 2009 e 2023 as dúas canles da Televisión de Galicia dedicaron unha gran cantidade de tempo de emisión, 82.882 horas, a contidos asociados á cultura. En concreto 20.719 horas de emisión foron para programas culturais educativos e divulgativos, 10.866 horas para programas musicais e 46.747 horas para cinema, ficción seriada e documentais.

A atención á cultura galega deu en setembro de 2009 un importante salto coa posta en marcha do primeiro informativo cultural diario en toda a historia da cadea, 'Zigzag diario'. Este espazo empezouse emitir de luns a venres e gañou 5 premios Mestre Mateo ao mellor programa de televisión. O ano 2018 é un punto de inflexión estratéxica co lanzamento do proxecto multimedia #Cultura365, vertebrador de toda a información cultural nos medios públicos de Galicia. Ten carácter operativo todos os días do ano cunha canle dixital específica e adaptada para o consumo nos móbiles. Baixo o paraugas de #Cultura365 'Zigzag' e 'Diario cultural' aumentan en tempo de emisión e melloran en horarios, pasando a emitirse os sete días da semana. O espazo radiofónico dispón agora de 100 minutos diarios repartidos en horarios de máxima audiencia de mañá e tarde. O proxecto inclúe desde 2022 un espazo cultural enfocado para o público mozo e iníciase tamén a publicación de podcasts igualmente relacionados coa cultura.

No ano 2020 nace outra grande iniciativa cultural, concretamente de apoio e difusión da lingua galega: #DígochoEu. Empezou como microespazo diario para diversas redes sociais, a web g24.gal e como sección do 'Telexornal serán', e o seu éxito foi tal, especialmente entre o público máis mozo, que en poucos meses se converteu na conta con contido exclusivo en galego con máis seguidores da rede TikTok.

O espazo contabiliza 200 millóns de reproducións na mesma e en Instagram, e a súa sección 'Apuntamento lusófono' acabou converténdose nun programa da rede social Twitch e despois da propia canle G2.

Con relación á programación infantil e xuvenil, desde 2009 e ata 2023, a G2 dedicou 40.444 horas de emisión televisiva concentrada na canle G2. No inicio do período a oferta ocupaba apenas 6 horas á semana, pero en 2010 foi incrementada ata as 44 horas semanais. En 2013 e 2014 continuou o crecemento coa extensión nos sábados e domingos e mellores horarios, ata acadar as 70 horas semanais e representar o 40% da programación da G2.

Paralelamente a CRTVG foi facendo un oco cada vez máis grande para os contidos infantís e xuvenís no mundo dixital. A web corporativa implantou en 2011 a súa primeira sección infantil e en 2016 lánzase a app Xabarín TVG para dispositivos móbiles, que irá crecendo ata ofrecer regularmente máis de 50 títulos e 2.200 episodios de contidos para a infancia. En 2018 ponse en marcha Radio Picariña, a primeira canle dixital de música infantil, que pon ao dispor dos usuarios un milleiro de cancións en lingua galega. En 2022 a CRTVG levou a cabo novos avances no eido dixital ao pór en marcha tres novas canles de contidos dixitais en directo, segmentados por grupos de idade da audiencia, e en 2023 avanzaron sensiblemente os traballos para o lanzamento en xaneiro de 2024 da primeira plataforma OTT infantil e xuvenil, chamada 'Xabarín'.

Por outro lado, no capítulo 5 desta memoria lémbrese que a CRTVG desenvolve un papel clave en relación ao tecido audiovisual galego, xa que a interacción co talento creativo, artístico e técnico do sector é permanente. As achegas desde a CRTVG ao sector audiovisual maniféstanse fundamentalmente a través da adquisición de contidos e nomeadamente dereitos sobre os mesmos, pero tamén consisten na prestación de servizos tales como a dobraxe, que representa unha notable industria en Galicia e que supoñen volumes relevantes en termos de servizo e mesmo orzamentarios. A estes habería que sumar as achegas en materias como os servizos de información, grafismos, subtitulación, alugueiros de estudos, traballos exteriores de apoio á produción e á circulación polas canles dixitais, ou colaboracións en diversos programas e proxectos de televisión, radio ou ámbito dixital. En total no período 2009-2023 a CRTVG destinou 542 millóns de euros dos seus orzamentos ao tecido audiovisual galego, o que representa un 38% das achegas da Administración galega á CRTVG e unha media anual de 36 millóns de euros.

Os éxitos da ficción galega veñen sen dúbida da colaboración da CRTVG co sector audiovisual galego, co que se mantén un compromiso permanente. Moitas produtoras que agora xa están a traballar en ámbito nacional e internacional tiveron as súas orixes na grella ou no apoio financeiro da CRTVG. Entre 2010 e o primeiro trimestre de 2024 a CRTVG aprobou apoio financeiro a un total de 200 producións. Delas 86 foron longametraxes de ficción, 41 longametraxes documentais, 41 documentais, 16 longametraxes e series de animación e 16 TV *movies* e miniseries.

En canto á ficción seriada, desde mediados de 2009 estreáronse ou producíronse un total de 43 títulos e 2.142 episodios de ficción con financiamento total o parcial da CRTVG. Isto representa un total de 1.870 horas de produto, equivalentes a 78 días seguidos.

Volvendo ao ano 2023, este foi un ano moi relevante en materia de premios, tanto en Galicia como a nivel estatal e internacional e que se detallan no capítulo 10 desta memoria anual.

En relación co ámbito universitario, a CRTVG continuou desenvolvendo un acordo co Grupo de Investigación de Novos Medios da Facultade de Ciencias da Comunicación da USC, vixente desde 2016 e ampliado ás universidades de Vigo e A Coruña, para o estudo das audiencias. Así grupos de estudantes compoñen unha “comunidade de audiencias” para tratar de analizar as mudanzas das tendencias e identificar claves útiles para a programación dos medios públicos galegos.

4.1. Programación televisiva

En 2023 a Televisión de Galicia tivo o seu mellor dato de audiencia dende o 2012, cun 11% de cota de pantalla. A Galega foi a preferida da audiencia tanto para informarse como para se entreter, nun momento no que a oferta televisiva é a maior da historia, e na que todos os datos indican que o consumo das canles xeralistas se está a reducir. Foron moitas apostas, retos e proxectos que se planificaron e que se fixeron realidade na procura de dar un mellor servizo aos espectadores no seu día a día, que responderon moi positivamente a todos os esforzos.

Fíxose especial fincapé nos seguintes aspectos:

_ **Apostar pola televisión en directo.** A TVG emite de luns a venres toda a mañá e toda a tarde en directo, agás un programa de cociña de só 30 minutos de duración. E nas fins de semana, as tardes son na súa case totalidade en directo coa emisión de dous programas.

_ **Busca incesante de formatos** de ficción adaptados ás novas necesidades e demandas da audiencia. No 2023, consolidouse a serie ‘Saudade de ti’, sendo líder de audiencia en varias emisións. Foi tal a boa acollida que se produciron dúas longametraxes coas tramas principais, ‘Os amantes de Abrente’ e ‘Que bonito é vivir en Abrente’. Tamén se puxo en marcha ‘Artemisa’, unha proposta de humor, de curta duración, con capítulos autoconclusivos, coa retransmisión galega como eixo temático. E tamén se propiciou o reencontro das personaxes dunha das series galegas que deu a volta a España, cun grande éxito, ‘O faro’.

_ Co obxectivo de aproveitar eficientemente os medios, persoal e estrutura da Televisión de Galicia, apostouse tamén por unha liña de **formatos de produción propia interna** baseados na divulgación e coa meta de entreter e emocionar. Así naceu ‘Bicos e bicas’, un orixinal espazo que bota man das macroenquisas para coñecer os gustos gastronómicos dos galegos e de paso divulgar e difundir un dos grandes valores da nosa cultura: os pratos feitos en Galicia. Tamén se puxo en marcha ‘Sala G’, un programa musical baseado no éxito das salas de festa, ou ‘Soño contigo’, onde un dron se converteu en presentadora, grazas á intelixencia artificial, e outros como ‘O tren que me leva a ti’, ‘A invasión da G’ ou ‘Luar. Onde empezou todo’.

_ **Servizo público no *prime time*.** No 2023 puxéronse en marcha dous formatos de entretemento, cunha clara vocación de servizo público. Un deles, de denuncia social a través das cámaras ocultas, puxo en evidencia inxustizas sociais, que serviu de concienciación aos espectadores, que o apoiaron unanimemente. ‘Xente marabillosa’ puxo o foco en problemáticas sociais, como o autismo, as enfermidades mentais, o uso do galego, a loita contra o lume, a rivalidade entre Dépor e Celta ou os conflitos cos lindes. ‘Tesouro ou lixo’ foi a outra aposta de *prime time* por un concurso para dar a coñecer obxectos de gran valor histórico da nosa comunidade, explicados por un experto en antigüidades.

_ **Reforzar as relacións co país veciño, Portugal,** participando conxuntamente nunha serie de ficción, ‘Motel Valkirias’, e retransmitindo en directo simultaneamente un programa dende a celebración da Feira do Galo de Barcelos.

_ Para dar as grazas á fidelidade da audiencia, o equipo de Contidos preparou unhas **badaladas moi especiais**. Por primeira vez na historia da canle, os presentadores baixan do balcón de Raxoi, para darlle a benvinda ao novo ano, a pé da praza do Obradoiro, con actuacións musicais, que chamaron a atención de todos os asistentes, e dándolle voz a colectivos que representan a resiliencia, o esforzo, o traballo e o bo facer de todo o pobo galego.

_ **Posta en marcha na segunda canle, na G2,** xunto as ‘Noites temáticas’, o espazo ‘**Retrincos**’, con temas de divulgación e difusión cultural como: ‘Vilas literarias’, ‘Conexión verde’ ou ‘Grazas á vida’.

_ **Estar sempre atentos á axenda dos espectadores,** aos seus temas de conversa, ás súas teimas e preocupacións. Por iso, ante o éxito internacional da película ‘As Bestas’, a TVG emitiu o documental ‘Santoalla’ e o ‘Especial Luis Zahera, o home máis buscado’, cun moi bo dato de cota de pantalla. Tamén se dedicou un *prime time* á vida galega do empresario Amancio Ortega, ou o centenario do Real Club Celta de Vigo.

_ **Adaptar as novas narrativas internacionais de entretemento á realidade galega.** É o caso de ‘Galicia bonita’, que leva cinco anos percorrendo Galicia cun claro obxectivo: combater dende dentro o *feísmo*, arranxando as fachadas de casas particulares, cuxos donos se poñen en contacto co programa. Un grupo de arquitecta, albaneis, carpinteiros e decoradores aterra nos fogares galegos para facer obras *express* en cinco días e mellorar a visibilidade da construción. No 2023, seguindo este éxito, naceu ‘Imos ao choio’, que fai o mesmo, pero nos interiores das casas.

4.1.1 Contidos culturais e de servizo público

A promoción da cultura e a identidade galega é un dos elementos principais do labor de servizo público que desenvolve a CRTVG a través dos seus contidos. Tamén hai outros con alto compoñente de servizo público como todo o que ten que ver co patrimonio histórico artístico, a protección das minorías e da infancia ou a igualdade de xénero. Esta é unha relación de programas producidos ou emitidos en 2023 que se inscriben dentro destas características.

.CLAC

O programa de cinema da canle pública, co audiovisual galego como protagonista absoluto. Cunha periodicidade semanal, 'Clac' emítese na G2 ás 23:00 horas e na TVG no *late night* dos sábados. Realizado no estudio 5 de San Marcos, en cada edición desenvólvese un coloquio con membros do equipo da película seleccionada, duns 30 minutos, e despois da conversa emítese a película.

Despois de tres anos en emisión, por 'Clac' pasaron os creadores e intérpretes de filmes como 'O descoñecido', 'Malencolía' ou 'O que arde'. Na súa curta vida, o programa xa tivo tres nominacións a Mellor Programa nos Premios Mestre Mateo e unha nominación a mellor realización.

. PROGRAMAS ESPECIAIS CO GALLO DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS

No contorno do 17 de maio, a CRTVG emitiu tres contidos de arquivo con entrevistas ao autor homenaxeado, Francisco Fernández del Riego, nos programas 'Galegos de honra', 'Pegadas na memoria' e 'Entrevistas do Hostal'. Son tres conversas longas co festexado este ano nas que el mesmo repasa a súa traxectoria e fala de distintos aspectos da súa vida.

Tamén se difundiu a webserie da Real Academia Galega, con 6 capítulos que se inician nas terras de Lourenzá onde naceu Fernández del Riego e abranguen a súas iniciativas políticas e culturais, como viviu a guerra e a postguerra e o seu papel como dinamizador cultural.

O 16 de maio na Cidade da Cultura celebrouse a Gala dos Premios escolares de DigochoEu. O espazo divulgador da nosa lingua entrega os galardóns nun evento que ten actuacións musicais e moita participación da rapazada. Nesta ocasión entrégáronse máis premios: tres na categoría de primaria, tres na de secundaria, premios a cinco cancións e o premio especial do xurado. A gala puido verse en TVG o día 17.

O día das Letras Galegas, ao remate do 'Telexornal mediodía', emitiuse un 'Zigzag Especial Letras' dedicado á vida e obra de Fernández del Riego. Tamén se encargou un documental titulado 'A nosa propia Galaxia'.

Este contido ten de particular que se aborda dende a ollada dun grupo de rapaces novos que traballan na elaboración dun podcast sobre Fernández del Riego e a celebración do Día das Letras Galegas. E no *prime time* do 17 estreouse o film 'Malencolía', de Alfonso Zarauza.

Na segunda canle, emitiuse o Concerto Letras Galegas do Consello da Cultura co protagonismo da Real Filharmonía de Galicia, que interpretou algúns dos temas favoritos de Fernández del Riego. Ademais, todos os programas en directo prestaron atención á celebración do 17 de maio.

.AS MIL E UNHA PÁXINAS

Este contido pretende animar á lectura, pero ten tamén outros obxectivos como promocionar ás últimas creacións de autores galegos noveles e dar a coñecer o tecido editorial do país. Pero o ton de 'As mil e unha páxinas' é tamén unha viaxe fantástica polas historias, tanto as da literatura universal como as da nosa terra.

. DETRÁS DO ESPELLO:

Trátase dun espazo baseado na mostra do mesmo nome que se expuxo na Cidade da Cultura na primeira metade do ano. A través dos 6 capítulos que compoñen esta miniserie, pódese coñecer Galicia na mirada da xente da cultura que nos visitou dende o ano 1900. Son 50 recoñecidos nomes das artes, ciencia e pensamento do último século que pasaron polo noso país afondando na realidade galega e deixándose inspirar por ela.

A serie permite coñecer a pegada que Galicia deixou nas súas creacións e tamén a contribución deses persoeiros ao noso patrimonio cultural. Entre os visitantes estiveron Albert Einstein, Jorge Luis Borges, Sebastião Salgado ou Gabriel García Márquez.

. COA LUZ DO CORAZÓN

Formato novo e orixinal no que unha persoa con discapacidade visual se atreve a realizar actividades pouco frecuentes en persoas cegas. 'Coa luz no corazón' ofrece aos espectadores a oportunidade de coñecer unha realidade distinta. Corina, a muller cega, vai narrando as sensacións que experimenta facendo distintas actividades achegándonos a unha nova forma de apreciar a realidade. A protagonista lévanos con ela a voar nun aeródromo, pasear por unha fraga, escalar nun rocódromo ou pintar un cadro.

. VILAS LITERARIAS

Grazas a este programa, déronse a coñecer cinco vilas galegas que, ademais da súa beleza, están ligadas a nomes ilustres que deixaron a súa pegada nas letras universais. Tamén hai autores que se entenden mellor se coñecemos a contorna física na que viviron e escribiron algunhas das temáticas deste novo programa. Son Celanova, Padrón, Mondoñedo, Vilanova de Arousa e Rianxo.

.CONEXIÓN VERDE:

Trátase dun espazo de concienciación ambiental que busca xerar e difundir valores como consumo responsable, eficiencia enerxética e coidado do medio natural. O programa facilita información, consellos e iniciativas para promover unha identidade ambiental socialmente sostible e trata temas presentes do día a día como alimentación, reciclaxe, cambio climático, protección da costa ou uso de pesticidas.

. FESTIGALIANDO

Este programa deu cobertura aos festivais musicais e grandes concertos na primavera e no verán de Galicia do 2022. Emitido nas dúas canles, en TVG e G2, estivo con Muse en Vigo, Imagine Dragons en Santiago, Sting ou C. Tangana, ademais dos eventos musicais máis representativos: os festivais Son Rías Baixas, o de Ortigueira, o Resurrection Fest, o Morriña fest ou o Festival Música Urbana.

O programa incluía, ademais da súa emisión por televisión, uns vídeos adaptados ás redes sociais e gravados nos concertos, e postos en circulación nas horas seguintes á celebración dos eventos.

. A PORTA ABERTA:

Cada programa está dedicado a unha asociación ou entidade e trata de abarcar todos os sectores da sociedade en todo o territorio galego. Fala con asociados, traballadores e persoas que se benefician do traballo destas entidades e amosa os diferentes proxectos que levan a cabo. Trátase de que o espectador coñeza as súas actividades, a súa filosofía e o seu patrimonio humano.

. ZIGZAG

'ZigZag' recolle a cultura de Galicia nun espazo que se emite de luns a venres pola G2 e os sábados e domingos pola TVG. Música, cine, libros, tendencias, teatro, unha sección para cada día da semana e un bloque inicial onde se recolle toda a actualidade conforman o programa. Completa estes 25 minutos diarios de información cultural unha entrevista cunha personalidade para tratar en profundidade algúns dos temas da actualidade. Un equipo de especialistas do programa percorre Galicia co obxectivo de dar cobertura ás actividades culturais que se desenvolven en calquera vila ou cidade galega.

. GALICIA 20 A 20:

'Galicia de 20 a 20' foi un programa que seguiu os pasos de Ruth Matilda Anderson, a fotógrafa americana que nos anos 20 do século pasado percorreu toda Galicia e capturou preto de 7.000 imaxes fundamentais para entender quen somos. Cen anos despois, o programa viaxou pola Galicia dos anos 20 para mirarse no espello da cámara de Ruth Matilda en dez etapas, ampliado con tres programas máis sobre o contexto social, cultural e económico do momento, por toda a xeografía galega na que se foron actualizando as imaxes da fotógrafa americana.

O espazo contou con descendentes de persoas retratadas por Ruth, artesáns que continúan con oficios tradicionais, pero tamén con xente moza que lles dá unha nova vida a estes traballos centenarios, historias de fotógrafas e fotógrafos de aquí... e algunha que outra pequena exposición con fotos da autora. En definitiva, unha viaxe na que conectar o noso pasado co noso presente.

. AS NOITES TEMÁTICAS NA G2

Nunha aposta pola calidade e unha oferta diferenciada, a segunda canle da TVG continuou durante o 2023 con 'As noites temáticas', que dotaron de personalidade a G2 durante esta temporada mediante a exhibición fundamentalmente de documentais. Os espectadores identificarán claramente cada día da semana cunha temática diferente. O luns, a noite da lembranza; o martes, a noite da descuberta; o mércores, a noite da música; o xoves, a noite da cultura; e o venres, a noite do cine.

.XABARÍN CLUB

Programa contedor de series para público novo, de produción galega e de produción allea dobrada ao galego. Con espazos para a afiliación no club e participación en concursos, así como a celebración dos aniversarios dos membros e programas tan sonados como 'Pipi Mediaslongas', 'Aquelando con chispa' e series recoñecidas en todo o mundo.

.PROGRAMAS RELIXIOSOS

- Santa Misa en directo, cada domingo na primeira canle.
- 'Polo camiño da fe', programa semanal con reportaxes de temática relixiosa relacionada coa Igrexa Católica.
- 'Nacer de novo', a cita semanal dos seguidores da Igrexa Evanxélica.

4.1.2 Programas de entretemento con contido divulgativo

. ATRÁPAME SE PODES

Continuou a emisión en 2023 deste concurso de preguntas e respostas que se emite de sábado a mércores ás 22.00 h e convida os espectadores a xogar desde a casa, dando aos concursantes a posibilidade de gañar importantes premios, xa que cada día se pon en xogo o bote acumulado ao longo dos programas anteriores. 'Atrápame se podes' ten a estrutura dun *quiz-show* clásico: un presentador e cinco concursantes que compiten durante cada programa, en catro fases. En Nadal emitíuse unha segunda edición especial con dúos increíbles e nenos como concursantes. Despois de case tres anos en emisión, este espazo converteuse en todo un referente para os galegos, que o seguen cada día, e unha boa fonte de coñecemento e divulgación da nosa cultura.

.GRAZAS Á VIDA

Os protagonistas de 'Grazas á vida' son homes e mulleres que xa pasan da idade de xubilación e que, polo tanto, contan cunha importante carga de experiencia na vida. Os espectadores coñecerán as súas vidas a través dos lugares máis transcendentales onde estas se desenvolveron.

.CARBALLEIRA / EN VIVO E EN DIRECTO / XUNTOS EN DIRECTO

Coa firme convicción de atrapar a audiencia na tarde dos sábados, puxéronse en marcha diferentes formatos:

_ **'Carballeira'**: un percorrido por Galicia nun programa de telerrealidade que descobre lugares descoñecidos a través das vidas dos seus veciños enchendo a tarde de emocións con historias de encontros e rivalidades, de alegrías e tristezas, de música e humor.

_ **‘En vivo e en directo’**: programa de actualidade de entretemento, inspirado nos formatos de TVG nas tardes de luns a venres.

_ **‘Xuntos’**: espazo que cobre toda a tarde e que bota man da nostalxia e da música para enganchar a audiencia galega.

.AQUÍ GALICIA

O programa volve a percorrer a comunidade, e cada semana visita unha localidade na que haxa algo que celebrar. Contando coa complicidade do público local, ‘Aquí Galicia’ amosa costumes, tradicións e lugares especiais da vila escollida. É unha mestura do ton alegre e desenfadado co didáctico, xa que tres reporteiros irán descubrindo elementos e aspectos das vilas e os seus habitantes.

O programa ten, ademais de plató itinerante, unha cociña móbil para desenvolver un *running* culinario con pasos sinxelos e fáciles de seguir. En total, son máis de dúas horas de programación en directo na sobremesa dos domingos cun formato de éxito.

.LATEXOS DA CIDADE

Nova temporada que empezou cun capítulo especial no que, por primeira vez na historia de televisión, unha cámara entrou nas instalacións da Brilat e da empresa Ence para coñecer como se desenvolve o seu día a día. ‘Latexos da cidade’ tómallo o pulso á vida das cidades galegas a través dos seus protagonistas, as persoas que as habitan, con vidas extraordinariamente normais, mais cheas de contrastes e matices.

A través das súas rutinas, os espectadores saberán, por exemplo, a que hora espertan Vigo ou A Coruña, a que hora abren os colexios en Ferrol, que fai un policía ou un bombeiro no seu día a día en Pontevedra ou en Ourense e en que lugares se desafogan os lucenses despois dun duro día de traballo.

.OS NOSOS MAIORES

O programa ‘Os nosos maiores’ narra o día a día de dous protagonistas que soamente teñen en común a súa franxa de idade. Conta exemplos de superación e sabedoría de xubilados galegos que teñen moito que contar, pois son maiores imparables con vidas activas e inspiradoras.

. HISTORIAS A PEDAIS:

Este espazo leva os espectadores por diferentes rutas a pedais con personaxes de distintos ámbitos. Subidos a unha bicicleta, e co desafío do esforzo físico, na conversa co gañador do Tour vanse coñecendo as historias e vivencias dos invitados. Amosáronse rutas pola Ribeira Sacra, Trives, O Ribeiro, O Grove ou Dumbría.

. GALICIA BONITA

Novos capítulos deste programa de reformas que percorre a xeografía galega na procura dos *feísmos* máis comúns, para poñerlles remedio xunto cos veciños e o seu “equipo de arranxos”. A idea xeral é sinxela: un presentador viaxa en busca daquelas situacións das que falamos e conta a historia do personaxe e do problema dando unha volta polo lugar. Despois, ponse en contacto o protagonista co “equipo de arranxos”, volviendo ao lugar dos feitos para valorar as posibles solucións e ver as necesidades. Finalmente o equipo, xunto co protagonista, póñense mans á obra.

. COS PÉS NA TERRA

Os novos capítulos de ‘Cos pés na terra’ falan de homes e mulleres que optan por vivir da terra e da vida que nela agroma. Todos eles decidíronse por un xeito de vivir, a un ritmo e cun estilo distintos dos da cidade. Son bos profesionais, persoas que non tomaron a súa decisión á lixeira ou por puro romanticismo. Son agricultores, gandeiros, artesáns, madeiristas, hostaleiros... con bos argumentos para crer que hai futuro no campo.

. AS TARDES DE LUNS A VENRES: QUEN ANDA AÍ? + A VOLTAS CO PRATO + HORA GALEGA

_A VOLTAS CO PRATO

TVG, coa finalidade de renovar a franxa das tardes, decide apostar por integrar un programa de cociña en directo no contedor ‘Quen anda aí?’, un desafío arriscado xa que incorpora un programa de cociña nun horario non habitual para este tipo de emisións. Con isto pretende vertebrar a franxa da tarde estruturándoa en só dous grandes programas. ‘A voltas co prato’ presenta o reto de realizar un programa de cociña en directo, con toda a problemática que isto supón, como é a limitación de tempo e estar aberto a todo tipo de posibles incidencias. O programa, que naceu con vocación estacional, acabou asentándose e converteuse nunha das gratas sorpresas da pantalla da TVG: a frescura da condución, o seu enfoque, “as receitas de toda a vida”, así como a participación de persoas da rúa como chefs ocasionais fixeron que a audiencia apoiase esta proposta.

_QUEN ANDA AÍ?

No ano 2023 ‘Quen anda aí?’ converteuse na opción preferida pola audiencia galega, acadando os seus índices maiores de audiencia. Un programa magazine que ocupa tres horas da sobremesa de luns a venres e que ten un gran valor de servizo público, divulgación e promoción das actividades, tradicións e valores culturais que acontecen na nosa comunidade. Todo isto combinado co entretemento expresado en galego e con óptica galega, e co valioso servizo de facer compañía a boa parte da audiencia das tardes.

_HORA GALEGA

O 2023 foi sen dúbida o ano de consolidación deste espazo, que conta en directo, con cámaras en todos os recunchos da comunidade, o que lles pasa aos nosos espectadores, o que pensan, o que senten, o que lles preocupa e do que falan.

Neste programa, a actualidade de entretemento e a frescura acompañan ao espectador servíndolle un menú de proximidade onde descubrir que o noso país é único. As súas xentes, os barrios, os veciños, a cultura popular, a gastronomía, as tradicións, festas e produtos do país... xúntanse en 'Hora Galega' para chegar ao serán con bo humor. Ducasias de persoas pasarán cada día polo programa, que se converte nun desfile diario do cotián, nun altofalante do que se fala nas rúas e nas casas.

. ESTACHE BO!

Novos capítulos deste espazo gastronómico que se emite cada mañá de luns a venres, co cociñeiro Iván Mariñas á fronte.

. SEN CÓDIGO POSTAL

Máis entregas deste espazo no que un carteiro da TVG percorre Galicia e leva unha carta a un veciño para que lle ensine os recunchos da súa vila e gañe con iso o recoñecemento de embaixador. Un xeito diferente e entretido de coñecer todos os lugares e as xentes do noso territorio.

. CORREMUNDOS

'Corremundos' é unha fotografía do mundo globalizado, amosando as diferenzas entre distintos profesionais en Galicia fronte aos doutras partes do mundo. O programa viaxa por países de toda Europa e de Centroamérica nun percorrido que amosa, en 13 capítulos, os contrastes entre profesións e actividades en sitios moi afastados, dende labregos ata persoal de mantemento de hoteis, gandeiros ou guías turísticos.

4.1.3 Programas de *prime time* orientados a entreter

.LIXO OU TESOURO

Concurso que ofrece entretemento e curiosidades sobre obxectos cotiáns e peculiares, algúns sorprendentemente caros e outros asombrosamente baratos. En cada episodio, unha parella de concursantes debe elixir o máis valioso de todos eles por tres roldas. Un só erro pode custarlles unha fortuna. Un experto anticuario encárgase de seleccionar os obxectos e explicar a súa orixe e valía. Unha porcentaxe importante destes obxectos procede do universo galego, axudando a contribuír ao seu coñecemento.

. XENTE MARABILLOSA:

Unha cámara oculta ao servizo da denuncia social, un formato innovador que, sen deixar de entreter, se pon ao servizo da denuncia e a concienciación social, para contribuír ao labor de servizo público encomendado a Televisión de Galicia. Neste programa funciona un delicado equilibrio que desemboca ao final nunha interesante mestura de emoción e reflexión por parte do espectador. O autismo, o cancro, as enfermidades mentais, a lingua galega, o conflito entre os seareiros deportivistas e celtistas ou a loita contra o lume son algunhas das temáticas abordadas polo espazo que vén de triunfar noutras televisións autonómicas.

. GAÑAR OU FREGAR

Dous concursantes afeccionados á cociña elaboran un menú á altura das circunstancias e contan coa axuda de dous padriños que se encargan de animar a cadanseu concursante e botarlle unha man na cociña. A familia anfitrioa será o xurado e o concursante vencedor leva un gran premio, mentres que o que perde ten que fregar toda a louza.

. VECIÑ@S

Formato de telerrealidade que amosa os barrios máis emblemáticos de Galicia, en diferentes cidades e vilas. Na Valenzá en Ourense ou no Calvario en Vigo, por exemplo, coñécese como se desenvolve o día a día na convivencia dos seus habitantes. A través de vivencias, disputas, historias correntes e tamén extraordinarias e divertidas, nun total de 26 barrios de diferentes puntos de Galicia, 'Veciñ@s' é un reflexo da sociedade galega.

. UNHA HISTORIA DE CRIMES:

Cada un dos seis episodios deste espazo está dedicado a analizar en profundidade un tipo de crime. Expertos invitados tentan aclarar as posibles razóns que levaron os asasinados a cometer eses delitos. Tamén se ve e se escoita aos protagonistas dos sucesos, dende familiares e vítimas colaterais ata membros das forzas de seguridade que participaron nas investigacións. O primeiro episodio titulado 'Non roubarás' leva o caso do roubo da Virxe do Cristal, un suceso no que morreu asasinado o cura de Vilanova dos Infantes, que foi vítima dun violento asalto á reitoral. Esta miniserie trata tamén outros crimes cometidos por galegos como o de Diana Quer, a moza de Noia; Mónica Juanatey, que asasinou o seu fillo; ou o caso de David Oubel, que asasinou as súas fillas de curta idade en Moraña.

. VAIA TROULA

Volveu 'Vaia troula', pero evolucionado, non só recollendo reportaxes das principais festas galegas, senón que destacando os seus valores, as cousas que as fan únicas. Os espectadores do programa, que foi líder de audiencia na súa franxa, asistiron a duelos entre os chocos e as troitas, entre as diferentes variedades de pementos, ou mesmo entre as procesións da Virxe do Carme máis visuais e espectaculares.

.A LIGA DOS CANTANTES EXTRAORDINARIOS

'A Liga dos Cantantes Extraordinarios' é o concurso que busca o mellor cantante de Galicia. Oito concursantes loitan cada semana para conseguir a maior puntuación do xurado e así acadar os ansiados puntos que os levarán directamente á final. Un xurado profesional ten un papel crucial á hora de elixir o campión. E desta volta os concursantes non estiveron sós, xa que contaron co apoio das catro grandes orquestras galegas: Panorama, París de Noia, Olympus e Los Satélites. O premio final consistiu nunha actuación nas festas do San Froilán de Lugo.

.FESTA NA BAIUCA

Gastronomía, música e combinados exóticos nunha contorna de luxo. Estes son os atractivos dos mellores bares de praia de Galicia que percorreu o programa 'Festa na baiuca' para amosar o verán galego a través dos seus establecementos a pé de praia.

. AMOR NUN CLIC

Historias de parellas que se coñeceron na rede. Cada programa conta tres historias de persoas que contactaron en diferentes redes e plataformas de internet e triunfaron no amor. Con protagonistas de distintas idades, xéneros e lugares de Galicia, o denominador común é o final feliz como parella. Con todo, o programa tratou tamén as precaucións á hora de establecer relacións na internet.

. IMOS AO CHOIO

Dous reformadores que teñen como obxectivo transformar as casas de toda Galicia enfróntanse a un reto diferente cada día: casas antigas, desfasadas, en malas condicións... que tras pasar polas súas mans, e coa axuda dunha decoradora, pegarán un cambio radical. E entre recoller, limpar, cortar, arranxar e pintar teñen tamén que discutir, rir e vivir moitas situacións inesperadas. Tamén se estrearon neste 2023 capítulos do formato 'Galicia bonita', que contribúe a concienciar e combater o *feísmo* na comunidade.

. TUPPER CLUB

Celebrities, gastronomía e humor. Esa é a receita de 'Tupper Club' cun chef presentador que invita tres famosos para competir entre eles cociñando nas súas casas. Cada participante prepara unha receita e non sabe contra quen está a competir ata o final, cando os tres invitados se reúnen para vérense as caras e decidir quen gaña o ouro.

. COMISIÓN DE FESTAS

En Galicia non hai vila sen festa nin celebración sen comisión. Grazas ao esforzo destes grupos de persoas que traballan de forma voluntaria e desinteresada, os veráns están cheos de verbenas, foguetes e xuntanzas. Ata aí a parte coñecida, pero hai moito que o ollo non ve. E iso é precisamente o que o programa 'Comisión de festas' amosa ao público: o que de verdade implica organizar unha festa. Cada unha das entregas remata co día grande da celebración de cada unha das localidades.

. BAMBOLEO

Programa do *prime time* dos sábados, con diferentes actuacións con artistas das máis variadas procedencias. Son algo máis de dúas horas de emisión, con enxeñosas seccións: 'Agora ou nunca' ofrece unha última oportunidade para que sobresaian artistas descoñecidos en televisión; 'Dirty dancing' propón un baile interxeracional, con exhibición de bailes de salón; 'Ghaliñeiro' son vídeos divertidos extraídos da rede; 'A ITV do Amor' é un test para parellas de namorados; 'Falabarato' achega bromas con cámaras ocultas; e 'Faino ti' é unha divertida proposta de intercambio de tarefas para parellas consolidadas.

. MALICIA NOTICIAS

Espazo en clave de humor no *prime time* da TVG que analiza as noticias, a actualidade nas redes, os eventos e o panorama televisivo dende unha perspectiva humorística, dándolle unha volta ao acontecido no día, ao que se fala na rúa, o que lles interesa aos galegos, o deporte, as festas, a gastronomía, o rural... centrándose no eido máis social e divertido. No 2023, pasou a emitirse en directo nas tardes da fin de semana.

. CASAMOS

‘Casamos, A Historia de Amor de...’ é un programa de 60 minutos destinado ao horario de máxima audiencia de TVG. Nesta edición, superados os 200 capítulos e con máis de 10 temporadas, o programa segue descubrindo historias que acabarán en voda.

.LAND ROBER TUNAI SHOW

Continúa sendo unha das propostas dos xoves á noite preferidas dos galegos, cun público eminentemente mozo e moi fiel. Concibido Land Rober como un país no que impera o humor, o programa incide nesa forma tan persoal que ten o presentador de entender o sentido do humor e de facer unha revisión semanal dos principais temas da actualidade, da grella da TVG e de internet. En febreiro, e para celebrar o programa número 300, o programa estreou club no metaverso, co que o mundo virtual se fusiona co real nun clic. Neste club, os seguidores do programa poden interactuar coa versión virtual dos protagonistas do espazo, e acceder a contido exclusivo. TVG volve ser pioneira no uso das novas tecnoloxías e dá un paso máis cara ao futuro creando un espazo diferente e moderno con cabida para todo tipo de sorpresas.

. LUAR

Máis de 30 anos en emisión, e ‘Luar’ segue facéndose un oco na difícil noite dos venres ao tempo que promociona a música e a cultura popular galega nas súas diversas manifestacións. Este é o único programa do seu xénero en todo o panorama televisivo estatal que abrangue arredor das tres horas en directo. O programa representa tamén unha plataforma de promoción tanto do novo talento musical como do humorístico de Galicia. Proba disto son os concursos de baile tradicional, gaita, regueifas, contacontos e o máis coñecido ‘Recantos’ de intérpretes vogais. O ano pasado colaborou en dar visibilidade e cobertura aos novos grupos emerxentes que cantan en galego, e que están arrasando entre a xeración Zeta.

. INCOMBUSTIBLES

Desde un estudio cheo de elementos inservibles, tres presentadores de idade madura, xunto a un grupo musical e apoiados por reporteiros novos no exterior, levan a cabo o *show* cunha intensa actividade informativa, divulgativa e participativa que atende os intereses das persoas maiores. E sempre desde unha óptica interxeracional e inclusiva, máis alá de calquera asomo de idadeismo, apoderando a vellez e como un factor positivo e unha riqueza e alentando ademais a cada persoa a desenvolver o seu proxecto vital máis alá da xubilación. Este programa é unha das iniciativas realizadas pola CRTVG no seu apoio ao lanzamento da Cátedra de Idadismo da Universidade de Vigo, dentro da súa estratexia de #AcciónsG de Responsabilidade Social Corporativa.

4.1.4 Producción propia de entretemento

. BICOS E BICAS

Programa pioneiro no mundo da televisión que adapta as macroenquisas, habituais noutros ambitos, ao mundo da gastronomía, en concreto da galega. Nel puidemos saber cal é a empanada, polbo, chourizo, cocido, percebe e pemento preferidos polos galegos. 'Bicos e bicas' ten o valor de facer entretemento promocionando e dando a coñecer un dos valores máis importantes e polo que se coñece Galicia no mundo enteiro.

. SALA G

'A sala na que me namorei' é un formato de produción propia interna da CRTVG que pon en valor o talento musical de Galicia e dá a coñecer unha das actividades de ocio máis demandadas na nosa comunidade. Está baseado nun especial que se fixo en febreiro do 2023 e que tivo unha moi boa acollida de audiencia, e componse nesta nova edición de tres especiais con tres temáticas diferentes. O formato produciuse con medios propios, contratando aqueles servizos especializados que sexan específicos polas características intrínsecas desta produción dos que non dispoña a Corporación.

. SOÑO CONTIGO

'Soño contiGo' é unha serie de programas para reflectir a paisaxe ou aspectos estéticos de Galicia gravados dende a óptica dun dron que fala cunha voz creada por intelixencia artificial. O programa de estrea titúlase 'Iluminadas' e fai un percorrido pola iluminación de Nadal en Galicia. O segundo capítulo é 'De cabo a cabo' e percorre seis cabos: cabo Home, Fisterra, Touriñán, Vilán, Ortegaleira e A Estaca de Bares.

. O DÍA QUE ME CAMBIOU A VIDA

Evolución do formato 'Vivir aquí' de reportaxes cunha nova estrutura que pon en valor o valioso arquivo da TVG. Mesturando gravación nova con imaxes xa emitidas, dá a coñecer grandes eventos e sucesos de Galicia: o do Prestige, a construción da ponte de Rande, os Fogos do Apóstolo ou o accidente de Angrois, entre outros.

. ESPECIAL A INVASIÓN DA G:

Concurso musical de entretemento, que puxo en valor as principais figuras da nosa tradición, como o peliqueiro, o oso de Salcedo, as polbeiras, entre outros personaxes. Líder na súa franxa, 'A invasión da G' foi quen de atrapar toda a familia, dende os máis cativos ata os avós, na noite máis difícil do ano, a noite dos Reis Magos.

. O TREN QUE ME LEVA A TI:

O día de Aninovo, a TVG convidou os espectadores a realizar unha viaxe en tren, pola Ribeira Sacra. 'O tren que me leva a ti' foi un programa especial que recolleu a experiencia que cambiou a vida de seis persoas. E deseguido, un 'Paseo polas nubes', unha viaxe musical, sen presentador, sen voz en *off* que percorreu a ruta ferroviaria entre Monforte e Ourense.

. LUAR, ONDE EMPEZOU TODO:

Serie de programas para a tarde do domingo baseado na historia de 'Luar' e cun enfoque temático para cada entrega. Desta maneira ponse en valor o labor feito por un dos programas máis antigos do mundo da televisión en España, o 'Luar' da TVG.

4.1.5 Contidos de ficción, Series G

. O FARO. O REENCANTRO

A historia dos Peña e dos Muñoz regresou á Televisión de Galicia con 'O Faro. O reencontro', que recuperou para o gran público unha ficción que hai anos conseguiu cativar durante 510 episodios unha ampla franxa da poboación galega e doutras comunidades autónomas, particularmente a catalá. A serie 'O Faro', que ademais foi emitida noutros cinco países, logrou un forte vínculo cos espectadores e unha audiencia crecente que chegou a acadar, no último capítulo, un 20'5% de *share* en Galicia. Misterio, intriga, amor e humor son os ingredientes deste reencontro. 'O Faro. O reencontro' conta con 10 episodios de 50 minutos e comeza anos despois do punto en que quedara a serie. Os protagonistas volven verse con motivo da ansiada voda de Lucía e Ricardo, que os convocan a cada un por separado, o que resulta nun reencontro sorpresa para todos. O que comeza como unha xuntanza chea de paz, axiña se torna nun escenario máis escabroso, xa que aparece unha vítima no xardín co vestido de noiva de Lucía e son varios os sospeitosos do crime: cada asistente deberá probar a súa coartada.

. MOTEL VALKIRIAS

A serie *thriller* 'Motel Valkirias' consta de 8 episodios de 50 minutos e está ambientada nun espazo único, un motel fronteirizo, un lugar atrapado no tempo, esquecido das comunicacións e do progreso. É un limbo onde se suspenden as regras e onde todo pode pasar. Neste marco sitúase a trama desta coprodución galego-portuguesa protagonizada por tres mulleres e na que se abordan temas como a presión social sobre as mulleres ou a precariedade económica á que están expostas.

. SAUDADE DE TI

Segunda temporada desta serie de éxito da TVG, acontecida nunha vila mariñeira, e que pon en valor as nosas profesións, o galego e as rutinas propias do noso país. 'Saudade de ti' foi a fórmula de ficción coa que a TVG recuperou esta modalidade de entrega diaria inspirada nas últimas tendencias do mercado. Romance, intrigas familiares e moitos segredos que saen á luz tras un accidente ocorrido na vila mariñeira de Abrente nas festas do Carme. Abrente garda moitos segredos e ninguén pode escapar deles, e só é cuestión de tempo que comecen a saír á luz.

Un aspecto fundamental para dar maior veracidade a calquera ficción son as localizacións exteriores. O equipo de 'Saudade de ti' desprazouse varias xornadas ata puntos tan singulares como Caión, na Laracha; Ares, que acolleu a gravación no porto e na praia do Raso; ou Miño, no que a planta baixa da súa casa consistorial se converteu nun hospital.

. OPERACIÓN MAREA NEGRA

Segunda temporada da serie que deu a volta ao mundo, gravada en Galicia e inspirada e feitos reais. Pasaron dous anos, e Nando cumpre agora condena á espera dunha sentenza firme. No cárcere, a súa popularidade non deixou de crecer, e que é que todos queren contar a súa valentía e determinación dun mozo exboxeador quen, en segredo, fai negocios cuns e con outros. Este apracible status acabará estallando tras un caprichoso xiro dos eventos que o obrigarán a tomar unha dramática decisión.

. ARTEMISA

Serie de humor protagonizada por unha vidente por cuxo consultorio pasan tanto famosos como personaxes de ficción, interpretados por actores, con problemas moi singulares. Ana Belén é unha psicóloga que cambiou a bata polo turbante para sacar adiante a súa disfuncional familia. Os espectadores coñecerán tamén outros personaxes, como a súa nai, da que herdou o negocio da cartomancia, ou o seu irmán, que vive do conto e da irmá. Forman parte tamén do círculo de Artemisa o seu veciño Gustavo, que está namorado da pitonisa e que abandonou a súa carreira para axudala coa axenda de citas, e mais Victoria, a dona do ultramarinos ao que acode cada vez que ten problemas.

. A DESORDE QUE DEIXAS

Miniserie de oito capítulos de produción galega pero orixinal de Netflix, a quen TVG adquiriu os dereitos de emisión. Entre o *thriller* psicolóxico e o drama, 'A desorde que deixas' céntrase nunha profesora de instituto que acepta un traballo na vila onde medrou o seu marido, coa intención de darlle unha oportunidade ao seu matrimonio. A serie gravouse en distintas localizacións da provincia de Ourense, entre elas Celanova, as termas romanas de Bande, A Ribeira Sacra ou a comarca da Baixa Limia.

. MERLÍ EN GALEGO

Emisión da exitosa serie do profesor de filosofía Merlí, a quen escoitamos falando en galego na Televisión de Galicia.

. CINE GALEGO

Neste 2022 estreáronse no *prime time* da TVG diversas películas galegas, como 'Código emperador', 'Os amantes de Abrente', 'Que bonito é vivir en Abrente' e a estrea da versión remasterizada de 'Sempre Xonxa', mentres o programa de cine 'Clac', que se describiu xa neste mesmo capítulo da memoria, presentou cada semana unha cinta galega para a súa posterior emisión na G2 e repetición na primeira canle.

4.1.6 Grandes eventos

. AQUÍ PORTUGAL

Edición especial do programa desde a localidade portuguesa de Barcelos, que se emitiu de forma simultánea pola TVG e a RTP, cun total de cinco horas de contidos de entretemento, música, gastronomía e cultura para unha audiencia potencial de 13 millóns de espectadores.

Os espectadores das dúas canles puideron gozar de todo tipo de contidos, como a Festa das Cruzes, incluíndo a famosa Batalha das Flores, a arte floral das alfombras do Corpus de Pontearreas (Pontevedra), música e lendas como a do Galo de Barcelos, relacionada co Camiño Portugués a Santiago de Compostela. Este evento ten en cada unha das súas entregas o obxectivo de fortalecer os lazos culturais entre Galicia e Portugal.

Outros grandes eventos emitidos en directo por TVG no 2023:

- Fogos do Apóstolo
- Ofrenda ao Apóstolo, do 25 de xullo
- Gala 25 de xullo
- Gala Fin de Ano
- Badaladas Fin de Ano
- Premios Castelao
- Medallas de Galicia

4.2 Emisións televisivas


En 2023 as canles da CRTVG abríronse, aínda máis, a novos formatos, máis horas de directo e un deseño en pantalla que compite á alza co resto da oferta. Durante este ano ampliouse, en horas e contidos, a sinerxía entre radio e televisión grazas ao Estudio Multimedia da Radio Galega, que permite trasladar ás pantallas de televisión a inmediatez que ofrece a radio. Deste xeito é posible, con menores custos, ofrecer ao espectador unha gama máis ampla de programas e informacións de última hora. Pódese salientar que a CRTVG afrontou plenamente preparada o apagado do sinal SD previsto para os primeiros meses do ano 2024. Por outra parte, cambios tecnolóxicos no control de continuidade contribuíron a unha mellor calidade na emisión das catro canles da CRTVG.

4.2.1 Televisión de Galicia


A canle principal prográmase cunha oferta que busca atender a unha ampla variedade de público, sen esquecer o obxectivo de servizo público, e emitindo programas informativos e de entretemento. Os grandes programas contedores da grella da tarde son un escaparate de contidos transversais que abordan diferentes temas de interese e ao mesmo tempo serven de promoción de Galicia, dos seus produtos e das súas xentes en ámbitos ben distintos. Gran parte da oferta é programación en directo. Aínda así, en 2023 incrementáronse as horas de directo con novos contidos na fin de semana. Dende setembro, tres horas da tarde do sábado e tres horas da tarde do domingo suman novas franxas á xa ampla oferta de directo da TVG. Durante 2023 continuouse experimentando coas posibilidades do Estudio Multimedia da Radio Galega para ofrecer na TVG o seguimento de diferentes acontecementos informativos que, como servizo público, requirían a atención da CRTVG en horarios de madrugada.

Igualmente repetiuse a colaboración coa RTP, a canle pública portuguesa. Desta volta cun programa feito dende a localidade de Barcelos que se emitiu en simultáneo en Galicia e Portugal. Ata Barcelos desprazouse o equipo de TVG tanto técnico como de presentadores e produción para facer un contido internacional de 5 horas de duración.

Atendendo os datos, algo máis do 50% das emisións da primeira canle, TVG, foron de Producción Propia no 2023. Tal e como se observa nos gráficos, en 2023 emitíronse 4.048 horas de contidos de Producción Propia Interna. E as audiencias apoiaron a posta en escena e a calidade das producións feitas con medios propios. Outras 3.596 horas de emisión corresponderon a Producción Propia Externa e unicamente 406 horas foron de Producción Allea. Por tipo de programa, destacan os telexornais e outros espazos informativos. Boa parte da grella son tamén contidos de entretemento e *talk show*.





TVG - horas/mes



4.2.2 G2, a segunda canle

A programación da segunda canle experimentou unha importante transformación co inicio de 2023. O proceso de cambio que xa se iniciara meses atrás seguiu avanzando e a súa grella, tradicionalmente dedicada a contidos infantís e de deportes, ofertou este ano moita máis variedade de contidos, pero sempre alternativos e diferentes á primeira canle. Así, dende xaneiro emítese nunha franxa de mañá e outra de tarde o espazo 'Retrincos de Galicia'. Tamén como novidade as fins de semana de madrugada, e dende o estudio multimedia, ofértase o espazo 'Pensando en ti'.

Os cambios favorecen unha evolución nas estatísticas de emisión, cun maior peso da Producción Propia Interna. En 2023 foron 4.357 horas fronte ás 2.823 de Producción Propia Externa e ás 1.326 de Producción Allea. Por tipo de programas, na emisión da G2 tiveron un maior peso as series, seguidas de espazos informativos e de entretemento. Tamén destacan as emisións deportivas, cunha presenza importante nas fins de semana.



4.2.3 Canles internacionais

Nun escenario onde outros membros de FORTA xa anunciaron a súa decisión de apagar en breve o sinal por satélite para América, a CRTVG mantén esa emisión. A vocación de servizo público prima por riba do custo que supón o satélite anualmente. Sempre conscientes da importante comunidade galega no exterior, a Corporación fai todo o posible para levar as canles TVG América e TVG Europa aos residentes galegos que se manteñen ao tanto da vida en Galicia grazas ás emisións destas canles, non só de informativos, senón das ficcións feitas na comunidade e os programas de entretemento que lles permiten seguir de cerca o noso xeito de vivir e gozar.

Diferentes empresas de cable pagan para ter as canles internacionais na súa oferta. Igualmente o sinal de satélite pode captarse en aberto se se dispón do receptor necesario. A grella da canle TVG América adapta os contidos de *prime time* ao seu horario e tamén inclúe unha redifusión dos programas en directo nos seus fusos horarios.

En Europa, a canle Galicia TV Europa distribúese a través do satélite Astra, que, ademais do posible acceso aberto, serve de alimentador a diferentes distribuidoras:

- En Portugal: Meo e Nos Comunicações (fusión de Zoom T e Ca-bovisão).
- En Suíza: Thema Tv, Telegeneve (Naxoo) en Xenebra, e Cablecom-Digicom en Zurich.
- En Francia: Thema TV e NC Numericable.

A oferta para Europa é basicamente a mesma que para a canle TVG, agás aqueles produtos que non teñen dereitos de emisión fóra do territorio galego.

En América, a canle Galicia TVG América distribúese a través do satélite Hispasat en aberto. O satélite tamén presta servizo a diferentes plataformas:

- Na Arxentina e no Uruguai: Cablevisión, Equital, Teledifusora San Miguel Arcángel, Ver TV, Red Intercable, Telemás, Motecablevideo, Tractoral, Riselco, Cable Plus, Teledifusora e Paralelo 52 TV.
- En México: a través das plataformas do grupo IZZI (Televisa): Telecable, TVI, Cablecom, Cablevisión, CableMás.
- En Panamá: a través de Cable Onda, Cable Onda Wireless.

O sinal de TVG pode recibirse en liña en todo o mundo a través de www.crtvg.gal.

4.2.4 Plataformas de TV de pago en España

A información actualizada de onde e como se poden sintonizar as canles de CRTVG nas distintas plataformas en España é a seguinte:

Movistar

- TVG no dial 9
 - G2 no dial 10
- Estas canles só poden sintonizarse en territorio galego.
- TVG Europa no dial 152. Sintonízase en Galicia e fóra de Galicia.

Vodafone-Ono

- TVG no 7
 - G2 no 8
- Estas canles só poden sintonizarse en territorio galego.
- TVG Europa no 901. Pode sintonizarse dentro e fóra de Galicia.

R-Euskaltel

R Cable: TVG no dial 110

G2 no dial 118

Euskaltel: Galicia TV Europa no dial 987

Telecable: Galicia TV Europa no dial 151

Racctel + (Cataluña): Galicia TV Europa no dial 122

Virgin Telco (España): Galicia TV Europa no dial 122

Orange

En territorio galego emite:

- TVG no 7
- G2 no 170

Estas canles só poden sintonizarse en territorio galego.

- TVG Europa no 83. Pode sintonizarse dentro e fóra de Galicia.

4.3 Producción allea

O volume que representan as horas de emisión de Producción Allea é estable en relación a anteriores exercicios. As horas correspondentes aos produtos de Producción Allea seguen a ser un complemento que achega contido internacional e de prestixio á produción propia das canles de Televisión de Galicia. No caso da canle principal, os contidos de Producción Allea cobren un 5% da programación, en concreto os *slots* habituais de cinema na grella semanal e de fin de semana.

No caso da G2, a porcentaxe de achega de contidos de Producción Allea ten unha presenza máis relevante grazas á continuidade na franxa da tarde da serie clásica do Oeste 'Bonanza' e á presenza dos contidos infantís, principalmente series de animación nas franxas destinadas ao público máis novo.


En horas/ano, a Producción Allea representa 406 horas na TVG e 1.326 horas na G2, o que mantén no global unha liña de continuidade na adquisición de contidos producidos fóra de Galicia co obxectivo de ofrecer unha selección de títulos diversa e axeitada ás demandas e aos gustos do público dentro das tendencias e oportunidades do mercado internacional.

Estes contidos son concibidos desde territorios foráneos e por tanto precisan pasar por un proceso de personalización ao galego. E precisamente este é o labor dos estudos de dobraxe, que fan accesibles estes contidos audiovisuais ao público galegofalante. Desta maneira, atractivos produtos como películas, series, episodios de animación ou documentais de actualidade veñen a completar o catálogo de Televisión de Galicia grazas a un laborioso e coidado traballo de adaptación.

Na canle principal os produtos de Producción Allea son principalmente longametraxes cinematográficas que alimentan as tres sesións de cine das grellas, entre as que se inclúe o histórico espazo ‘Butaca especial’, dedicado ás versións orixinais subtituladas. Ademais, no ano 2023 hai que destacar a adquisición dunha serie moi especial, ‘A desorde que deixas’, producida por Vaca Films e rodada integramente en Galicia e con actores galegos e que de forma totalmente excepcional a CRTVG puido comprar para as súas canles a pesar de ser un *originals* de Netflix.

En canto á tipoloxía das longametraxes, principalmente son estreos de filmes en televisión aberta, *re-runs* e/ou títulos de librería que corresponden a compras conxuntas que se xestionan xunto a outras televisións autonómicas mediante FORTA. Normalmente trátase de acordos coas *majors*, como Sony, Paramount, Metro ou Disney ou con distribuidores como Aurum, Betafilm, Alfa Pictures, Studio Canal, DeA Planeta, Flins, Watson & Holmes, Wanda Films, Youplanet, A Contracorriente, Motion, Flins, etc.

Horas emisión TVG 2023




No caso da G2, o 64% dos dereitos de Producción Allea adquiridos corresponden a series de animación infantil e xuvenil que alimentan as distintas franxas de programación do Xabarín Club. O segundo contido con máis presenza son as series das tardes da G2 dedicadas de luns a venres ao *western* e representadas por ‘Bonanza’ e ‘O virxiniano’.

Ademais, cómpre citar as redifusións gratuítas nos 30 días seguintes das longametraxes cinematográficas nos *slots* destinados ao cine nas noites da G2, e cómpre mencionar ademais algunhas series como, por exemplo, a serie xuvenil ‘Miracle tunes’, producida por Portocabo, ou a coprodución galego-portuguesa ‘Chegar á casa’, de CTV e SPI, xunto cunha coidada selección de documentais escollidos para cubrir os diferentes espazos das ‘Noites temáticas’ da G2.

Como se reflicte na gráfica inferior, a distribución do contido de Producción Allea na G2 é a seguinte: 539 episodios de animación, 274 longametraxes, 30 documentais e 479 horas de series.

Horas emisión G2 2023



A Área de Contidos segue atentamente os cambios e movementos que experimenta o mercado audiovisual, tanto a nivel local como no ámbito internacional. Ao longo do 2023 a fortaleza do sector púxose de manifesto cuns hábitos de consumo nos que o 'televisor' demostrou seguir tendo unha grande importancia, aínda que se percibiu un descenso do consumo lineal e se constatou que o visionado híbrido se incrementa dun modo notable.

Neste novo escenario, os medios tradicionais teñen que competir cos novos operadores *Over-The-Top* e as plataformas de vídeo á carta e asisten a unha auténtica revolución no consumo de produtos audiovisuais por parte do público. Televisión de Galicia non é allea a este fenómeno e participa de forma activa neste proceso de transformación dixital co lanzamento da súa OTT, AGalega, previsto para xaneiro de 2024, de maneira que agora os dereitos dixitais cobran especial relevancia.

Televisión de Galicia, xunto coas restantes televisións autonómicas que se engloban en FORTA, conscientes dos grandes cambios que este proceso provoca na xestión dos dereitos audiovisuais, solicitan un informe específico á firma Cuatrecasas para establecer cláusulas tipo que poidan servir de guía ou modelo para reflectir as novas condicións de contratación necesarias no novo marco de actuación.

O contorno dixital posibilita novas formas de explotación proporcionando ao espectador un maior número de funcionalidades, como o *catch up*, e as distintas modalidades de Video on Demand (FVOD, AVOD, SVOD, etc) nas que a interactividade é un factor clave. En consecuencia, esta revolución na forma de consumo ten un claro impacto na gama de dereitos necesaria para articular esa gran variedade de explotacións interactivas.

Para atender estas novas necesidades, o Servizo de Contidos incorpora novos parámetros e obxectivos nas negociacións e operacións de compra de dereitos, encamiñados a conseguir as mellores condicións para ampliar os tradicionais dereitos de emisión lineal coa adquisición dos dereitos dixitais necesarios para alimentar as futuras plataformas (xeralista e infantil), pero sempre tratando de buscar formulas creativas que non supoñan un grande impacto nos orzamentos previstos.

Desta maneira, nos últimos meses do ano adquiríronse dereitos exclusivamente dixitais de diferentes contidos (miniseries de ficción, longametraxes, documentais e películas infantís) co propósito de incorporar novidades e produtos de estrea no lanzamento das dúas OTT, 'AGalega' e 'Xabarín'.

Introdúcense, por tanto, novas variables nas operacións de compra, entre as que poderíamos sinalar como máis importantes:

- *Catch up* (permite ter dereitos dixitais durante un tempo limitado e vinculados á emisión lineal)
- Definición do número de episodios máximo que pode estar en *catch up* simultaneamente
- Xeobloqueo (permite limitar territorialmente a visibilidade dos contidos e posibilita axustar os prezos.)
- Ámbito territorial que para os dereitos lineais habitualmente é Galicia e no caso dos dereitos dixitais é España.
- Concepto de exclusividade (permite limitar a exclusividade ao idioma ou renunciar a ela en pro dun acordo máis equilibrado)
- Reenfoco nas políticas de prezo:
 - Nos casos híbridos nos que xa hai unha licenza de TV lineal, o *catch up* é gratuíto e garante uns mínimos dereitos no contorno dixital.
 - Nos casos que se xestiona unicamente a posta á disposición, a política de prezos aínda non está totalmente definida, pero a referencia é que o prezo sexa substancialmente inferior ao da licenza lineal, un 30 ou 50% menor.

O reto é importante, xa que os modelos de negocio de todos os actores da industria televisiva e audiovisual están en constante evolución e cada vez o campo de xogo é máis complexo e dinámico.

Neste marco de converxencia dixital e evolución permanente, a Área de Contidos da CRTVG ten a obriga de detectar oportunidades e propiciar alianzas que permitan ampliar o espectro de dereitos para garantir que na medida do posible todos os contidos poidan ofrecerse tamén nas plataformas OTT de Televisión de Galicia.

Unha das principais tarefas deste servizo é, por tanto, explorar novas fórmulas para alimentar a grella lineal e atender ao mesmo tempo as demandas da OTT mantendo o espírito da TVG como canle pública, tratando de satisfacer os gustos e necesidades dos espectadores, pero buscando tamén sorprender e achegar as tendencias do mercado, ofrecendo novidades e sen esquecer os novos hábitos de consumo.

Neste sentido, ao longo do pasado exercicio traballouse nunha dobre dirección: por un lado para manter a continuidade dos *slots* da grella lineal dedicados á Producción Allea: cine, documentais e animación; e, por outro lado, para incorporar novos contidos coa intención de construír unha oferta novidosa, atractiva e diferenciada para as dúas plataformas de lanzamento inmediato no arranque do ano 2024.

No caso das series de animación dirixidas ao público infantil e xuvenil, preparouse a transición dos títulos que xa se atopaban na web á plataforma 'Xabarín' que mantén a estrutura das tres canles infantís de directo con cadanseu bloque claramente diferenciado por grupos de idades (pequerrech@s, cativ@s e mociñ@s), dispoñibles tamén na app da CRTVG, aos que se incorporan relicenzas de títulos emblemáticos de anime e tamén novidades de estrea para todas as idades.

Esta é unha oportunidade de poñer en valor o amplo catálogo de contidos que foron dobrados ao galego ao longo da historia da CRTVG, e sorprender ao público máis mozo que se renova constantemente coa descuberta de series de calidade poñéndoas á súa disposición a golpe dun clic. Isto sen abandonar a tradicional oferta lineal, onde a TVG xa foi incorporando contidos como a popular serie de ficción 'Merlí', que achega conceptos filosóficos dunha maneira lúdica e actual para as novas xeracións.

Por outra parte, a CRTVG continúa aproveitando as sinerxías coas televisións internacionais europeas dándolles visibilidade a contidos nominados ou premiados nos premios anuais tanto de CIRCUM como de Celtic Media nos *slots* das 'Noites temáticas' da G2.

4.3.1 Cine

Durante o ano 2023, a Corporación CRTVG emitiu un total de 455 sesións cinematográficas. Destes, 261 pases difundíronse na TVG e 194 pases foron emitidos na G2. En total, emitíronse 233 filmes diferentes.

Cine na TVG

A programación de cine da primeira canle (261 pases) elaborouse cos contratos de 26 distribuidoras, produto dunha escolla moi variada. O ano pasado eran 18 as distribuidoras e xa se facía notar no informe anual que desde 1993 TVG non tiña no seu catálogo unha variedade similar.

Estas distribuidoras foron Twelve Oaks, Vercine, Caramel, Video Mercury, Sony/Columbia, A Contracorriente, Lionsgate, E-one/Aurum, NBC/Universal, Wanda, Flins, Paramount, DeAPlaneta, Motion, MGM, Warner, Watson & Holmes, Funwood, Betafilm, Adso, Key2Media, Diamond, Castelao Pictures, Selectavision, StudioCanal e La Aventura.

A programación completouse cos fondos de cinema galego da TVG.

Un novo contrato con Video Mercury (de 2023) serviu para manter a programación da sesión en VOSG da noite dos sábados (52 pases), que neste ano 2023 fixo 33 anos de emisión ininterrompida, manténdose como a sesión máis veterana das televisións europeas.

Este ano estreáronse neste espazo filmes clásicos e de culto como 'Novecento', 'Gunga Din', 'Segredo tras a porta', 'A través do espello', 'Un maldito enguedello', 'Francisco xogar de Deus', 'Milagre en Milán' ou 'Ruta 29', que os espectadores da Televisión de Galicia puideron ver por primeira vez en versión orixinal subtitulada ao galego.

Estreáronse tamén tres filmes galegos, dous no *prime time* e un no segundo *prime time*: ‘Malencolía’, ‘Código Emperador’ e ‘Olvido e León’. Nas noites dos luns do mes de outubro emitíronse outros filmes galegos nas mesmas franxas horarias (‘Cuñados’, ‘O soño logrado’ e ‘Todos os Santos’). O número total de emisións de películas galegas na primeira canle foi de 39.

Ata o mes de marzo mantívose nas tardes do domingo o ciclo de *westerns* que se iniciou en 2022, coa emisión de 13 películas.

As restantes emisións da TVG foron difundidas na franxa do *late night*, a partir das 00.00 horas, a excepción da programación especial de Semana Santa e do Día das Letras Galegas, con sesións de tarde e en *prime time*. Houbo tamén programación especial con motivo do 8 de marzo e do 25-N, coa estrea en TVG do filme galego ‘Olvido e León’ e coa emisión da película galega ‘Sicixia’, respectivamente. E unha sesión de cine familiar pola mañá o 12 de outubro, coa emisión do filme ‘Paddington 2’.

O *share* medio do cinema da primeira canle da TVG durante o ano 2022 foi dun 4,6%. E o *share* medio do cinema emitido na sesión de VOSG, nas madrugadas do sábado ao domingo, foi de 2,9%.

Houbo un total de 67 estreas, das que tres foron filmes galegos. E entre as estreas internacionais destacamos ‘Tess’, ‘Sicario’, ‘Eu Tonya’, ‘O oso’, ‘Florida Project’, ‘Puñais polas costas’, ‘A rapaza do tren’, ‘Red 2’, ‘Regreso a Hope Gap’, ‘Os homes libres de Jones’, ‘O bo mestre’, ‘Os sete magníficos’, ‘Tipos legais’, ‘Bailando a vida, Parker’, ‘A sobremesa da alegría’, ‘A viaxe de Fanny’, ‘O derradeiro desafío’, ‘Alabama Moon’, ‘A sedución’, ‘Richard di adeus’, ‘Survivor’, ‘A trama’, ‘Pelexa no bloque 99’, ‘Déixame saír’ e ‘Unha cita no parque’.

Cine na G2

Coma todos os anos, a programación cinematográfica da G2 fíxose coa redifusión dos filmes emitidos na primeira canle, nunha grella completada con producións galegas de estrea e reestrea. Así, na G2 difundíronse 194 sesións cinematográficas, todas na franxa do segundo *prime time* ou na franxa do *late*, a excepción da programación especial de Nadal e dos festivos do 12 de outubro e 1 de novembro, con sesións de mañá e tarde orientadas ao público familiar, e da emisión en *prime time* do filme ‘The way’ o 29 de xullo.

Do total das 194 emisións, 40 corresponderon a producións galegas.

As grellas da segunda canle (G2) completáronse coas distintas longametraxes e *tv-movies* galegas participadas pola CRTVG, precedidas por unha entrevista cos autores dentro do programa contedor ‘Clac’, que empezou a emitirse na G2 no 2021 e que no 2022 e ata xullo de 2023 tamén se redifundiou nas noites dos sábados da TVG.

O *share* medio da programación cinematográfica da G2 estivo en 0,9%.

A listaxe complétase cos filmes galegos emitidos na TVG durante o 2023, a maior parte deles neste espazo ‘Clac’: ‘O bosque animado’, ‘Cela 211’, ‘A noiva de medianoite’, ‘Sicixia’, ‘Relatos’, ‘Contou Rosalía’, ‘Os fenómenos’, ‘Sempre Xonxa’, ‘Lobos de Arga’, ‘A condesa rebelde’, ‘Dhogs’, ‘Doentes’, ‘Elisa e Marcela’, ‘Eroski paraíso’, ‘A esmorga’, ‘A illa das mentiras’, ‘Little Galicia’, ‘María Solinha’, ‘Os mortos van á presa’, ‘O que arde’, ‘Ons’, ‘Personal movie’, ‘A praia dos afogados’, ‘O sexo dos anxos’, ‘Sinbad’, ‘Todos os santos’, ‘Trote’, ‘Malencolía’, ‘Olvido e León’, ‘Código Emperador’, ‘Cuñados’, ‘O soño logrado’.

4.3.2 Series de ficción

No pasado ano mantívose a emisión dos clásicos do oeste, as series 'O virxiniano' e 'Bonanza', que gozan dunha boa aceptación por parte do público nas tardes da G2. Por este motivo, e co afán de garantir a continuidade deste espazo, formalizouse a renovación da licenza da primeira temporada de 'Bonanza', composta por 100 episodios.

Por outra parte, como se mencionaba anteriormente, cómpre destacar a adquisición e emisión de dúas atractivas series de produción nacional anteriormente citadas:

- 'El desorden que dejas' (8 episodios de 50 minutos), un orixinal de Netflix rodado e producido integramente en Galicia cun elenco de actores galegos, aínda que en versión orixinal en castelán. A negociación para esta adquisición foi unha aposta por potenciar a ficción feita en Galicia e promover a nosa lingua e a tamén a súa dobraxe.
- 'Merlí' (13 episodios de 50 minutos), serie producida pola televisión autonómica de Cataluña e que se converteu nunha verdadeira xoia da ficción xuvenil española e que continúa a ser un dos títulos favoritos do público porque combina humor e drama con leccións de vida e filosofía.

Ademais, no último trimestre do ano acometeuse a compra de varios paquetes negociados especificamente para dixital e pensados para o lanzamento das novas plataformas.

Así pecháronse diversos acordos con títulos de contrastado prestixio e calidade como:

- Adrenanlyn Media:
 - o 'Steeltown murders' 4x60', 'Des' 3x45', 'Mrs Wilson' 3x60', 'The thief, his wife and the canoe' 4x45', 'Carmen Curles' I and II, 'It's a sin', 'Informer', 'The feed'.
- Connect with Asia:
 - o 'Churails' (10x55')
- Casa de tolos:
 - o Óperas: 'Il trovatore' (60'), 'Don Pasquale' (60')
- Watson & Holmes (Animación):
 - o 'Mirai no mirai' (122'), 'Le grand méchant renard & autres contes' (80'), 'Song of the sea' (93'), 'Kéridy, la maison des contes' (74'), 'Un gato en París' (70'), 'Zarafa' (78'), 'Next door spy' (77'), 'El grufalo' (54'), 'Ernest et Célestine en hiver' (45'), 'Revoltin' rhymes' (58'), 'Maman pleut des cordes' (58'), 'Vainilla' (61'), 'Dunia y otros cuentos del mundo' (59'), 'Sopa de piedras y otros cuentos del revés' (35')
- Manarte producciones:
 - o 'Tralos pasos de María Casares' (1x60')
- Hoang My Hang:
 - o 'loga con Hanh' (13 eps)

- Shine Iberia:
 - o 'Generación Porno' (4x55')
- Big Rights:
 - o 'The forgotten battle', 'Metamorphosis' (documental), 'Love over distance', 'Inside the iranian uprising' (documental), 'Antarctica: journey to the end' (documental), 'Súbito – la historia de la polaroid' (documental), 'The man who saved the Louvre' (documental), 'Visit me in one day' Serie de viaxes (10*30'), 'Finally retired 2', 'Taste of love', 'Lucha de clases'
- Avalon productions:
 - o 'Pretty faces' (6x15'), 'Dome 16' (10x20')
- A Contracorriente Films:
 - o 'C'est la vie' (111'), 'Un italiano en noruega' (84'), 'El abuelo que saltó por la ventana y se largó' (110'), 'Bienvenidos al sur' (101'), 'El secreto de vicky' (84'), 'Lla familia que tú eliges' (93'), 'Volando juntos' (108'), 'La sociedad literaria y el pastel de piel de patata' (119'), 'La gran seducción' (108'), 'Le weekend' (89'), 'Salyut-7, héroes en el espacio' (114'), 'El valle oscuro' (115'), 'The target (el objetivo)' (98'), 'Kon-tiki' (109'), 'Asher' (100'), 'Sweet virginia' (89'), 'El hombre perfecto' (99'), 'Conexión Marsella' (130'), 'Diplomacia' (80') e 'Zulu' (102').
- Jacobo García Fernández
 - o 'Julia' (documental)
- Entertainment One – Forta:
 - o 'First man' (90'), 'Tiny shoulders: Rethinking barbie' (90'), 'Treasure, Nazis & The quest of celts' (60')
- Filmes da Hermida
 - o 'Galicia futura' (documental)
- Selectavisión:
 - o 'Evangelion', 'Samurai Champloo', 'Los caballeros del zodiaco', 'Guardianes de la noche'.

4.3.3 Programación infantil

A programación infantil ao longo de 2023 foi reaxustando a súa presenza na segunda canle cara a unha maior visibilidade no mundo dixital, coa ambición de conectar cos máis cativos e a mocidade a través dunha variada oferta de xéneros e de *target* tanto na app do Xabarín como na plataforma 'Xabarín', a partir de xaneiro de 2024.

Co obxectivo de garantir un amplo catálogo de animación en galego na oferta dixital, a Corporación puxo en marcha a través de acordos conxuntos de FORTA con diversas distribuidoras como Method Animation e Mediawan a dobraxe de títulos de estreita tan atractivos como as series 'Super 4', 'Idefix', 'Robin Hood' ou 'Pinocchio', claves para realzar a oferta da nova OTT de vídeo baixo demanda.

A franxa infantil na televisión lineal, pola súa banda, mantén a súa oferta diaria de luns a venres e nas mañás da fin de semana, tendo un espazo significativo na programación da G2, especialmente durante os períodos de vacacións escolares. A programación semanal estrutúrase arredor de dous *slots* principais, compatibles cos horarios escolares (mañá e media tarde), incluíndo unha gran variedade de títulos de animación. A G2 ofrece preto de tres horas de animación de luns a venres, e durante as fins de semana concentra a oferta destinada aos máis novos no horario matinal.

Esta programación continúa representando un importante volume de arredor de 539 horas anuais.

Durante o ano 2023, seguiron formando parte da oferta infantil e xuvenil dos sábados pola mañá contidos de produción propia, como os producidos orixinalmente para o mundo dixital como ‘DígochoEu’ ou ‘Apuntamento lusófono’.

Mantívose a catalogación de contidos de directo infantís e xuvenís da CRTVG en tres bloques en función do *target* de idade, como xa se informou. Así, baixo os nomes de ‘Pequerrech@s’, para o público de ata 6 anos; ‘Cativ@s’, para a cativada de entre 6 e 9 anos; e ‘Mociñ@s’, dirixido aos maiores de 9 anos, estas canles potencian a oferta infantil da CRTVG. Estreadas en decembro de 2022, estes tres *fast channel* acumulan 46 títulos e están accesibles tanto na aplicación da CRTVG coma nas canles en directo de crtvg.gal, para o ámbito do Estado.

En 2023 configurouse unha cuarta canle, Xabarín TVG, para recoller contidos dirixidos a todas as idades coa particularidade de que a CRTVG dispón de dereitos universais sobre os mesmos, de maneira que este *streaming* 24 horas de contido infantil en galego non está xeobloqueado e pode ser seguido desde calquera lugar do mundo.

4.4 Dobrax e subtitulación

Conforme ao recollido nos obxectivos da CRTVG como servizo público, a encomenda de promover a lingua galega e a dobraxe e a subtitulación teñen un papel relevante no cumprimento desta misión, xa que permiten achegar os contidos e as producións elaboradas noutras linguas á audiencia da canle nunha versión netamente galega e adaptada á nosa lingua. Ademais, a dobraxe destes contidos ao galego vén acompañada dos correspondentes ficheiros .stl de subtitulado para posibilitar a accesibilidade do público con discapacidade auditiva e de acordo coa Referencia Técnica 3264-E da UER.

4.4.1 Dobrax e

En abril de 2023 finalizou o ano I da contratación correspondente ao concurso ‘CRT-2021-0027: Servizo de dobraxe ao galego de obras audiovisuais, mediante acordo marco’. Neste concurso no que resultaron adxudicatarios do servizo seis estudos de dobraxe, contemplábase a posibilidade dunha prórroga que se concretou nun ano II. O balance das horas dobradas no pasado exercicio foi de preto de 155 horas de contidos audiovisuais, que incluían tamén os insertos de dobraxe para remasterizar algunhas longametraxes.

4.4.2 Subtitulación

Durante 2023 emitíronse un total de 3.115 horas de programación subtitulada, das que 1.125 corresponden a programas subtitulados na primeira canle, TVG. Outras 1.990 horas de emisión subtitulada corresponden á segunda canle, a G2.

Neste exercicio mantéñense os programas en directo que vertebran a maior parte da programación no horario diúrno na primeira canle, polo que o número de horas de subtitulación vén dado polos *slots* dedicados a espazos programados.

En base á información do programado no ano 2023 en TVG, obsérvase que o maior número de horas con subtítulos se corresponde aos diferentes programas de entretemento, seguido das series, longametraxes e *docu-realities*, concursos e documentais.

Na segunda canle, o maior número de horas de subtitulado concéntrase nas series de animación, as series de ficción concentradas nas mañás e na sobremesa, e en terceiro lugar as longametraxes que se programan nas noites e madrugadas.

4.5 Programación radiofónica

A Radio Galega consolidou en 2023 os cambios de programación para a temporada 2022-2023 coa finalidade de culminar o proxecto de transformación iniciado en 2018 e baseado en grandes bloques programáticos, especialización temática -con especial atención á cultura e o deporte- e intensa cobertura territorial das catro provincias galegas. A estratexia xira arredor dunha programación de 24 horas en directo, con información, entretemento e deportes e as mellores voces do panorama mediático de Galicia.

A proposta programática alcanzou na terceira onda do Estudo Xeral de Medios (EXM) da Asociación para a Investigación de Medios de Comunicación -AIMC- a cifra máis alta de audiencia dos case 39 anos de historia da Radio Galega. En concreto, o número de oíntes ascendeu a 225.000 diarios de luns a venres e 188.000 de luns a domingo, os máis elevados de toda a serie histórica. Así mesmo, o grupo de emisoras da radio pública galega alcanzou a cifra histórica de 253.000 oíntes de luns a venres e 219.000 de luns a domingo.

Con este pico de audiencia, a Radio Galega protagonizou seis rexistros históricos de audiencia entre 2019 e 2023. Estes fitos foron o resultado de outorgar protagonismo ás historias galegas, dar espazo a voces de todo o país en todos os ámbitos de relevancia social e facilitar a participación da audiencia nos programas en directo.

A capacidade de liderado que amosou a Radio Galega en 2023 é unha proba de que o servizo público de audio é forte e non se resente ante o ecosistema mediático actual caracterizado pola multiplataforma e a fragmentación das audiencias. Nese sentido, a radio pública traballou este ano no deseño da plataforma AGalegaAudio, unha solución tecnolóxica propia das OTT de audiovisual aplicada ao tratamento do audio co obxectivo de ofrecer aos públicos un catálogo amplo, conformado por contidos de FM, nativos dixitais e formatos innovadores e de experimentación.

O teléfono móbil intelixente posiciónase como o aparello máis empregado por parte dos usuarios, por diante mesmo do ordenador persoal. Así mesmo, outros dispositivos están gañando protagonismo, como o altofalante intelixente e os sistemas de audio dos automóbiles. Neste contexto, a Radio Galega está combinando a emisión lineal de calidade coa produción de formatos de audio adecuados para o seu seguimento por medio das novas oportunidades que o mercado outorga, todo isto canalizado a través da solución tecnolóxica que ofrecerá en 2024 a plataforma AGalegaAudio.

No contexto da innovación, a Radio Galega avanzou en 2023 nos usos do estudio multimedia estreado en 2022. Esta infraestrutura de primeiro nivel no eido estatal foi un dos espazos de experimentación da Corporación Radio Televisión de Galicia coa creación de *videopodcasts*, a acollida de concertos musicais e a produción de produtos informativos *breaking news* para a emisión en simultáneo en RG, TVG e canles dixitais. Destacou neste senso o programa especial do 11 de outubro de 2023 con motivo dun incendio nun edificio en Vigo, no que se combinaron conexións en directo con equipos de televisión, xornalistas radiofónicos e comparecencias en directo das autoridades institucionais, no marco dun formato radiofónico con realización de imaxe televisiva.

Por canto á presenza da Radio Galega en eventos musicais de relevancia en Galicia, continuouse no traballo de recuperación iniciado en 2022, tras o paro obrigatorio provocado pola pandemia. A radio pública retomou a retransmisión desde festivais de música de primeiro nivel en todo o territorio galego, ademais das gravacións de concertos de música clásica, bandas e corais.

Todas as canles da Radio Galega -Radio Galega, Radio Galega Música, Son Galicia Radio e Radio Picariña- continuaron a emisión no agregador de radios dixitais 'Radioplayer España', logo da incorporación a ela en decembro de 2019. Pola súa parte, os podcasts dos programas emitidos en FM e os dos programas nativos dixitais puxéronse a disposición da audiencia en Spotify, Ivoox, iTunes, Apple Podcast e YouTube.

No que atinxe ao apartado técnico, continuouse no perfeccionamento dos sistemas tecnolóxicos do estudio multimedia, avanzouse no cambio das liñas RDSI por IP e experimentouse con sistemas de conexión dende exteriores, como Peplink. A produción e emisión de programas en directo afondou nas posibilidades outorgadas polas aplicacións HQ e Airbridge, que permiten chamadas e videochamadas, respectivamente, en directo con calidade de son de estudio.

Por canto á programación, as novidades da temporada 2022-2023, en antena dende o mes de setembro, consistiron no cambio de formato do informativo serán 'A crónica', cuxo inicio se adiantou ás 19:00 h para tratar os principais temas informativos do día ata as 21:00 h, incluíndo información deportiva e cultural. No marco destes axustes, o programa 'Convivir', sobre información social, trasladouse ao horario de 22:00 a 23:00 horas.

O programa 'A tarde' consolidou o horario implementado en setembro de 2022, de 15:00 a 19:00 h, tras amosarse exitosa a proposta dunha mesa informal de debate ás tres da tarde coa colaboración da personaxe de humor Virtudes.

‘Galicia por diante’ emitiuse entre as 06:00 e as 14:00 h combinando a información e o entretemento. O tramo de 06:00 a 09:30 h é estritamente informativo, mentres que a parte que abrangue de 09:30 a 14:00 h convértese nun programa informativo que combina información e entretemento. O humor ten a súa propia sección por medio de ‘A bóla extra’, que se emite de 12:04 a 13:00 h en Radio Galega e de 12:04 a 12:30 h en simultáneo por Televisión de Galicia de luns a venres. O traslado ao estudio multimedia incrementou a calidade de emisión televisiva a índices de *broadcast*. Este programa contou coa incorporación dun dos humoristas máis importantes e recoñecidos de Galicia dende setembro de 2022. O ‘Galicia por diante fin de semana’ é a edición deste programa nos sábados e domingos, cunha franxa informativa de 08:00 a 09:00 horas e un bloque magazine de 09:00 a 12:00 h, no que se inclúen entrevistas de sociedade e cultura, ademais de seccións temáticas sobre ciencia, lingua, audiovisual e música.

O apartado informativo deu continuidade ao formato ‘A crónica’ en dúas edicións. A primeira emitiuse ás 14:00 h, con 45 minutos de información, e a segunda ás 19:00, cun formato híbrido que combina a información pura e o magazine. Nesta edición, emitiuse información de 19:00 a 20:30 h, cultura de 20:30 a 20:45 h e deportes de 20:45 a 21:00 h. A partir desa hora, emitiuse unha hora de programación especializada en cine -‘Sala 5’-, viaxes -‘Lambóns de viaxe’-, ciencia -‘Efervescencia’- e tecnoloxía -‘Lambóns dixitais’-. Finalmente, a última hora de programa consiste nun faladoiro político.

Os faladoiros políticos do informativo ‘Galicia por diante’ -de luns a venres de 08:30 a 09:30 h- e de ‘A crónica’ -de luns a xoves de 22:00 a 23:00 h- realízanse dende o estudio multimedia e emitíronse en simultáneo en Radio Galega e na segunda canle da Televisión de Galicia.

A información cultural é un dos puntais da misión de servizo público da Radio Galega, coa emisión do programa ‘Diario cultural’ en tres edicións diarias: de 10:30 a 11:00 h, de 17:30 a 18:00 h e de 19:45 a 20:00 h. Coa vontade de ofrecer programación específica ás audiencias máis novas, os sábados e domingos emítese a edición ‘Zeta’ de 14:30 a 15:00 h, que se publicou tamén en YouTube e Radio Galega Podcast, Ivoox, Spotify, iTunes e Apple Podcast.

A Radio Galega mantivo o seu liderado na madrugada co programa ‘Pensando en ti’, cunha duración de cinco horas, entre as 01:00 e as 06:00 h, de luns a domingo. Co obxecto de proxectar este programa baseado na participación da audiencia, emítese en simultáneo na Radio Galega, na segunda canle da Televisión de Galicia cada madrugada e en YouTube.

A programación especializada da Radio Galega estivo encabezada polos programas ‘Ferrado e medio’ e ‘Mar de ardora’, sábados e domingos ás 07:00 h, respectivamente. Continuaron os programas ‘Lambóns dixitais’, ‘Lambóns de viaxe’, ‘Sala 5’, e ‘Efervescencia’. No apartado do humor, emitiuse na medianoite das fins de semana o programa ‘Como que non?’.

No que atinxe á programación deportiva, seguiuuse a apostar por potenciar a información e análise dentro dun mesmo formato na franxa nocturna. Deste xeito, dende setembro de 2022 o programa ‘Ao contraataque’ incrementou unha hora a súa duración, incorporou novas seccións e abriu unha ampla mesa de análise.

‘Galicia en goles’, buque insignia dos deportes da Radio Galega, mantivo a programación os venres de 20:30 a 00:00 h e sábados e domingos de 15:00 á medianoite, ademais dunha edición os domingos de 12:00 a 14:00 h. Así mesmo, o equipo de deportes asumiu emisións para canles dixitais coa retransmisión de partidos en desdoblamento de programación.

A Radio Galega consolidou a súa aposta polo deporte da canastra e transmitiu en directo todos os partidos xogados polos clubs galegos na liga ACB na temporada 21-22 e 22-23. Así mesmo, a emisora pública continuou co proxecto ‘Galicia en Xogo - Convivir deportivo’, programa que fai foco na realidade social do deporte a partir da visita a clubs, persoas destacadas do panorama deportivo galego e escolas deportivas, con cincuenta novos episodios.

A interacción coa audiencia segue a ser unha ferramenta esencial para a creación de comunidades dixitais activas, interesadas e fieis aos contidos da Radio Galega. Pola vía convencional, esta interacción desenvolveuse por medio do teléfono, con chamadas ou mensaxes de WhatsApp. Así mesmo, a Radio Galega dialogou cos seus públicos a través das redes sociais Facebook, X (antes Twitter) e Instagram.

4.5.1. Programación xeral

Galicia por diante

O programa ‘Galicia por diante’ emitíuse de luns a venres de 06:00 h a 14:00 h, cun tramo informativo dende primeira hora ata as 09:30 h e outro tramo definido como programa informativo ata as 14:00 h. O programa arranca cunha presentación de contidos coral para logo facer conexións con seis puntos do territorio galego para coñecer os temas de actualidade social. Antes do mediodía, o programa fai parada en seccións temáticas semanais nos ámbitos temáticos da arte, a ciencia, a música, o sexo e a medicina.

A partir das 12:00 h desenvólvese a hora de humor baixo o formato ‘A bóla extra’, que se emitíu en simultáneo na súa totalidade na primeira canle de Televisión de Galicia. Este espazo contou coa participación dun dos humoristas galegos máis recoñecidos. A última hora do programa volve a adquirir ton informativo cunha entrevista de actualidade en profundidade, avance deportivo e o ‘miolo’ do día co desenvolvemento dun tema de interese público e as súas voces protagonistas.

‘Galicia por diante’ conta con perfís en Facebook, X (antes Twitter) e Instagram, que se empregan a diario para divulgar os contidos presentados no directo e dialogar coas audiencias ou mesmo celebrar concursos. O servizo de mensaxería WhatsApp é empregado, xunto ás chamadas telefónicas, para facilitar a participación da audiencia na sección de humor ‘A bóla extra’.

O programa realízase e emítense con imaxe dende o estudio multimedia da Radio Galega, con distribución dixital a través das canles da CRTVG e de YouTube. Cabe sinalar que o faladoiro político do tramo informativo e a sección ‘A Bóla Extra’ foron os espazos da franxa da mañá que se emitiron en simultáneo na segunda canle de TVG.

A tarde

‘A tarde’ experimentou un cambio de horario e formato entre a temporada 2021-2022 e a 2022-2023, que se consolidou en 2023. Apostouse por unha nova estrutura baseada no deseño dunha primeira hora de mesa redonda do equipo do programa a partir de temas de sociedade anecdóticos e de humor, cunha das humoristas de moda en Galicia. Así mesmo, cada tarde este programa conecta con cinco puntos de directo en todo o territorio galego para tratar temas de interese para a sociedade galega dende o punto de vista social e de ocio. Por canto as colaboracións, cada día da semana ofrécese un espazo de consulta a expertos especializados en consumo, seguridade vial, conciliación familiar, medicina e dereito.

‘A tarde’ é un programa con especial relevancia social en internet e as redes sociais, especialmente Facebook. Así mesmo, empregou WhatsApp para fomentar a participación da audiencia e para poñer en marcha concursos.

Galicia por diante fin de semana

Na fin de semana, o ‘Galicia por diante fin de semana’ posicionouse como un programa de autor de alto seguimento por parte da audiencia. Trátase dun formato de magazine puro, cunha estrutura que inclúe un tramo informativo de 08:00 a 09:00 h, como se expón noutro apartado deste informe, ata xuño de 2023 e a 09:30 h dende outubro do mesmo ano, e un tramo magazine puro de 09:00 -ata xuño- ou 09:30 h -dende outubro- a 12:00 horas, no que as entrevistas sociais e culturais en profundidade son as protagonistas, ademais das reportaxes e as colaboracións de especialistas nas materias de ciencia, dereito, música e audiovisual. Este programa comparte redes sociais co programa que leva o mesmo nome e que se emite de luns a venres, cunha repercusión dos seus contidos por enriba dos dez mil usuarios.

Diario cultural

A estratexia de información cultural da Radio Galega artéllase arredor do programa ‘Diario cultural’, cun formato baseado en tres edicións diarias de luns a venres. Os datos de audiencia advertiron do éxito desta fórmula, con cifras históricas, nunca antes acadadas polos programas especializados en cultural da radio pública.

Deste xeito, mantívose na grella de programación a emisión de tres edicións diarias: dúas de media hora de 10:30 a 11:00 h -integrada no programa ‘Galicia por diante’- e de 17:30 a 18:00 horas -integrada no programa ‘A tarde’- e unha edición de quince minutos no informativo ‘A crónica’, de 20:45 a 21:00 h -e de 19:45 a 20:00 h a partir de outubro de 2023. Así mesmo, na fin de semana emitíuse a edición ‘Zeta’, os sábados e domingos de 14:30 a 15:00, con contidos culturais específicos para o público da xeración Zeta, dando especial relevancia a aquelas producións e manifestacións culturais promovidas por persoas menores de trinta anos.

O ‘Diario cultural’ conta cunha canle dixital específica que é o espazo de información cultural xeralista máis amplo do panorama mediático galego. Diariocultural.gal inclúe entrevistas e reportaxes sobre temas de actualidade, análise sobre cuestións relativas á cultura galega e colaboracións de voces expertas nos ámbitos especializados da música, cine, artes escénicas, literatura e arqueoloxía.

A canle tamén ofrece os podcasts de todas as edicións do programa, accesibles tamén en iTunes e Ivoox.

Con motivo das Letras Galegas 2023, dedicadas ao intelectual e escritor Francisco Fernández del Riego, o equipo do 'Diario cultural' desenvolveu un programa especial que se emitiu o 17 de maio e que puido escoitarse en Radio Galega Podcast. Así mesmo, emitíronse e publicáronse entrevistas en profundidade arredor do escritor con especialistas, editores e persoas que o trataron, así como fragmentos de voz do propio autor homenaxeado, recuperados do Arquivo Sonoro da Radio Galega.

Convivir

O programa especializado en temática social 'Convivir' viu modificado o seu horario en outubro de 2023, ao deixar a franxa de 19:00 a 20:00 h e situarse como antesala dos deportes da noite, é dicir, de 22:00 a 23:00 h. Os servizos sociais, a medicina, a investigación, as enfermidades, o medio ambiente e as historias de superación humana son as temáticas centrais deste apartado de información social.

Os sábados ás 13:00 horas emítese unha edición singular denominada 'Galicia en Xogo - Convivir deportivo', que consiste en programas monográficos sobre o deporte dende a súa vertente social. Neste ámbito dedicáronse programas a figuras relevantes no mundo do deporte galego, clubs históricos ou escolas deportivas de concellos.

Pensando en ti

'Pensando en ti' de luns a venres e 'Pensando en ti fin de semana' nos sábados e domingos, foron líderes da noite radiofónica en Galicia en 2023. O programa ten unha duración de cinco horas, de 01:00 a 06:00 h. O núcleo do programa é a interacción coa audiencia, que participa por vía telefónica ou notas de voz para relatar as súas vivencias a partir das temáticas propostas polos condutores dos programas. O espazo válese das canles de comunicación social para propiciar a interacción coa audiencia.

Este programa valeuse das novidades ofrecidas polo estudio multimedia, en tanto que se emite de xeito simultáneo por Radio Galega e a segunda canle da Televisión de Galicia. A emisión visual, por medio de realización automática, permitiu dar continuidade informativa de madrugada na primeira canle da televisión pública a feitos noticiosos de extrema relevancia pública, como os incendios forestais ou accidentes.

4.5.2. Programas temáticos

A grella de programas temáticos da radio pública de Galicia está conformada polos seguintes espazos:

- **'Efervescencia'** ocúpase de achegar a ciencia ao público xeral, desde o humor e con voces autorizadas e reportaxes sobre descubrimentos científicos de toda índole. O programa conta coa colaboración da USC e o financiamento da FECYT (Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía).

- ‘**Lambóns dixitais**’ é un programa de novas tecnoloxías que vive a súa terceira temporada en antena e conta cun espazo dedicado ás novas tecnoloxías aplicadas á accesibilidade.
- ‘**Lambóns de viaxe**’ é un programa de experiencias de viaxes por todo o mundo.
- ‘**Sala 5**’ é un espazo dedicado ao mundo do cine e o audiovisual.
- ‘**Mar de ardora**’ é un programa especializado na actualidade do mar que vive a súa segunda temporada en antena.
- ‘**Ferrado e medio**’ é un programa especializado na actualidade do agro que vive a súa segunda temporada en antena.
- ‘**Como que non?**’ é un espazo de humor.

A Radio Galega produciu e emitiu en 2023 programas nativos dixitais -podcast- en FM, que previamente foran publicados na plataforma Radio Galega Podcast, Spotify, Ivoox, Apple Podcast e iTunes.

Trátase dos seguintes espazos:

- ‘**Superando a ficción**’ é un podcast sobre grandes anécdotas do mundo do cine.
- ‘**Un ollo de vidro**’ é unha serie de ficcións sonoras que adaptan contos de terror de escritores recoñecidos mundialmente.
- ‘**Pasarse da raia**’ é un podcast que aborda as conexións máis singulares entre galegos e portugueses.
- ‘**Startup Galicia**’ é un podcast sobre emprendemento no que se comparten experiencias e consellos para a creación dun negocio.

4.5.3. Estratexia dixital

A Radio Galega culminou un lustro de traballo na conversión dixital co traballo técnico previo ao lanzamento da plataforma AGalegaAudio -previsto para xaneiro de 2024-, co obxecto de posicionarse como principal medio de comunicación de audio e de servizo público de Galicia no ecosistema mediático dixital.

O balance dos proxectos desenvolvidos é inmejorable en tanto que a Radio Galega se está situando no marco da converxencia dixital coas mellores instalacións e servizos para o desenvolvemento de proxectos de servizo público que permitan fidelizar as audiencias actuais e acadar novos públicos nicho.

Con esta visión, o principal proxecto de conversión dixital da Radio Galega en 2023 foi a fase de prelanzamento da plataforma AGalegaAudio, que suporá unha refundación da filosofía do servizo público mediático para a próxima década.

AGalegaAudio

O proxecto máis ambicioso da Radio Galega en 2023 foi o desenvolvemento do deseño da plataforma AGalegaAudio, da que se dá conta no epígrafe 4.6.2 desta Memoria.

Radio Galega Podcast

Radio Galega Podcast foi unha plataforma importante no proceso de dixitalización da distribución do audio da Radio Galega, entendida como paso intermedio ata alcanzar o cume do proceso do lanzamento de AGalegaAudio. Deste xeito, en 2023 continuou sendo a plataforma de podcast nativo dixital coa que a radio pública se adaptou a novas fórmulas de consumo e por medio da cal se posicionaron os contidos en agregadores de audio de orde mundial como Spotify, Ivoox e iTunes.

Todos os contidos acubillados en Radio Galega Podcast estarán a disposición das audiencias en 2024 na plataforma AGalegaAudio. As categorías de contido en 2023 foron as seguintes:

- **Música:** con 'Cara B', 'Galicia emerxe', 'Consellería do ritmo', 'Tres peixes voando', 'Lume na palleira', 'Ondas indie', 'Estudio 3. Desclasificados', 'Notas de jazz' e 'Hey ho'.
- **Sociedade:** con podcast como 'Superando a ficción', 'O poigrama' e 'Pasarse da raia'.
- **Ciencia:** con 'Enfermeira saturada', sobre saúde, 'Corazón contento' sobre saúde, e 'Deborah ciencia' sobre ciencia.
- **Historia:** con espazos como 'Efeméridas', 'Arredor de nós' e 'Próxima estación'.
- **Cultura,** con podcast como 'O barroquista', 'Galicia para neofalantes', 'Zeta' e 'Lambóns de viaxe'.
- **Igualdade:** con programas como 'Consellos con sexo', e os nativos dixitais 'Moito ollo!' e 'Morra o conto'.
- **Humor:** co programa 'Como que non?'.
- **Documental:** co podcast 'Un país en guerra', sobre a guerra de Ucraína.
- **Ficción:** co podcast 'Un ollo de vidro', baseado na adaptación de contos de terror, 'Os pobre tamén choran' e os contos de Nadal 'Que belo é vivir' e 'Morte na abadía'.

Por canto ao resto de plataformas, está integrada de xeito automático con Spotify, Ivoox Apple Podcast e iTunes. Isto está vencellado a un sistema de medición de audiencia 360°. As cifras de audiencia de Radio Galega Podcast, sumado ás visitas aos podcast nativos dixitais de Radio Galega nas plataformas das grandes tecnolóxicas como Spotify, Ivoos, e iTunes, amosan que a fase de lanzamento está sendo exitosa no número de impactos e *engagement* coas audiencias dos medios públicos. Así mesmo, constátase unha aproximación -imprescindible- aos públicos máis novos, altamente desconectados dos medios convencionais.

Radiogalega.gal

A páxina web da Radio Galega modificou a súa estrutura en 2021 debido ao lanzamento da canle de noticias G24.gal, que acubilla toda a información producida por todos os medios e redaccións da Corporación. En 2023 mantívose esta estratexia diferenciadora de contidos, mentres se preparou en paralelo a planificación da estratexia de publicación na futura plataforma AGalegaAudio.

O portal radiogalega.gal incluíu o directo a todas as canles de Radio Galega -Radio Galega, Radio Galega Música, Son Galicia Radio e Radio Picariña- e os directos de *streaming*, con audio ou audio e imaxe, dos programas que se emiten baixo esta fórmula, como 'A bóla extra', 'A crónica' e 'Pensando en ti'. Por outra banda, a páxina web ofrece o servizo á carta de todos os programas informativos, programas deportivos, programas de entretemento e informativos puros que emite a Radio Galega. Este espazo pasou a recibir o nome 'Á carta', co obxecto de diferenciarse de forma clara do proxecto Radio Galega Podcast.

Diariocultural.gal

A canle dixital diariocultural.gal consolidouse como web de referencia da información cultural en Galicia. O portal ofrece os podcast de todas as edicións diarias do programa radiofónico e contidos destacados baseados en entrevistas e reportaxes sobre as novidades do panorama cultural galego. Así mesmo, este portal habilitou a lapela 'Letras Galegas 2023', con material especializado sobre Francisco Fernández del Riego, o escritor e intelectual ao que se lle dedicaron as Letras Galegas.

Este portal conta con redes sociais propias en Twitter, Facebook e Instagram. Así mesmo, os contidos derivados do videopodcast da edición Zeta son distribuídos por medio da canle de YouTube de Televisión de Galicia.

Durante 2023 traballouse na estratexia de publicación dos contidos culturais na plataforma AGalegaAudio, con categorías específicas para os programas de cultura da Radio Galega, espazos nativos dixitais, colaboracións de voces expertas en cultura, concertos e eventos especiais como as Letras Galegas.

4.5.4. Estudio multimedia

A Radio Galega transformouse en medio multiplataforma en 2022 coa estrea das emisións no estudio multimedia, que foron nucleares nas estratexias programáticas da emisora durante todo o ano 2023, coa emisión en imaxe en radiogalega.gal, YouTube e outras canles dixitais e coa preparación técnica para a emisión dende este estudio na futura plataforma AGalegaAudio.

Os programas de Radio Galega poden, grazas ao equipamento tecnolóxico do estudio multimedia, emitir en directo ou diferido por Televisión de Galicia ou en calquera das canles dixitais da CRTVG en calidade *broadcast* desde un espazo creado *ad hoc*. Ademais, este estudio está acondicionado para a emisión ou gravación de concertos -incorporouse un piano ao estudio en 2023-, para acoller público e para atender proxectos en novos formatos, que combinen audio e imaxe.

O estudio multimedia é o espazo dende o que se emitiu o programa 'Galicia por diante', de 06:00 a 14:00 h, 'A crónica', de 19:00 a 21:00 h -dende outubro de 2023-, 'Ao contraataque', de 23:00 a 01:00 h, e 'Pensando en ti' de 01:00 a 06:00 h. Así mesmo, a tecnoloxía destas instalacións permitiu que se emitise en simultáneo en RG e TVG o faladoiro do 'Galicia por diante', de 08:30 a 09:00 h, a sección 'A bóla extra' -de 12:00 a 13:00 h, o faladoiro de 'A crónica', de 20:00 a 21:00 h, e o programa 'Pensando en ti', de 01:00 a 05:00 h.

No que atinxe á produción estritamente dixital, este estudio é o espazo para a gravación de videopodcast, como o programa de cultura para a xeración Z ‘Zeta’ e facilitou a difusión de destacados informativos en redes sociais con formato vídeo, como os que derivaron da emisión do programa deportivo ‘Ao contraataque’.

Os departamentos técnicos da Corporación Radio e Televisión de Galicia desenvolveron numerosas integracións e implementaron avances tecnolóxicos para avanzar na automatización de procesos que reverteron de xeito positivo no resultado final dos produtos elaborados no novo estudio.

4.5.5. Emisión simultánea RG-TVG

Os procesos de sinerxía da CRTVG consolidáronse coas estratexias de emisión simultánea de programas e espazos de Radio Galega nas canles de Televisión de Galicia. Ademais dos programas ‘Pensando en ti’, ‘A bóla extra’ e o faladoiro do informativo ‘A crónica’ da edición serán, incorporáronse novas emisións en simultáneo en 2023:

- ‘**Galicia por diante**’ | Faladoiro de luns a venres de 08:30 a 09:30 en RG e G2.
- ‘**A bóla extra**’ | Ampliación da emisión en simultáneo RG e TVG de luns a venres a unha hora, de 12:00 a 13:00, en lugar da media hora -de 12:05 a 12:30- en 2022.
- ‘**A Crónica**’ | Faladoiro de luns a xoves de 22:00 a 23:00 en RG e G2.
- ‘**Pensando en ti**’ | Ampliación da emisión en simultáneo en RG e G2 ás fins de semana. En 2023, este programa emítase en televisión de luns a domingo.

Esta estratexia viuse impulsada pola consolidación do estudio multimedia que, cunha estética televisiva e un sistema de realización automático, permitiu levar á televisión contidos radiofónicos cunha calidade de imaxe de estándar *broadcast*.

4.5.6. Radio Galega Música

Radio Galega Música actualizou a estratexia de radio fórmula melódica coa incorporación de novas hibridacións de estilos musicais e a inclusión de novidades relacionadas coas novas demandas dos públicos e con especial atención á combinación de temas musicais nas linguas galega, castelá e inglesa.

O sistema de reprodución baséase nunha rotación de cincocentas cancións, novas e antigas, coa renovación continua de novidades musicais. Nun ecosistema de radio musical atomizado coa repetición de fórmulas clónicas, Radio Galega Música mantívose na vontade dunha radio musical feita dende Galicia para a cidadanía galega, na que a música galega se amalgame con naturalidade con temas doutras linguas. De feito, Radio Galega Música tamén experimentou un incremento de audiencia substancial en 2023. Chegou aos 31.000 oíntes de luns a domingo e 28.000 de luns a domingo.

No que se refire á estrutura, mantívose a proposta dos anos anteriores, cunha programación articulada en grandes bloques musicais que acompañaron a audiencia nas distintas actividades e ocupacións da súa xornada.

As horas laborais do día, é dicir, dende as 07:00 ata as 23:00 h, apostouse pola radiofórmula sen locutor. Isto, xunto coa ausencia de publicidade, propiciou que Radio Galega Música fose unha opción a ter en conta polos establecementos comerciais como ffo musical.

Dende as 07:00 ata as 09:00 h preséntase a fórmula espertador con ritmos e estilos axeitados para o arranque do día. Dende as 09:00 ata as 14:00 h prográmase música para o traballo coa vontade de convertérmonos en banda sonora das actividades laborais. A hora de xantar e as primeiras horas da tarde continúan a mesma tónica cunha selección melódica uniforme, con temas de corte máis relaxado e cadencioso.

No tramo de 18:00 a 22:00 h préstase atención á audiencia que escoita Radio Galega Música no coche coa fórmula 'RGM na túa volta á casa', unha selección musical tranquila, sen estridencias e con calidez.

A radiofórmula conxúgase coa emisión de programas de autor creativos, orixinais e especializados en distintos xéneros musicais. Estes programas son espazos de prescrición musical, en tanto que os profesionais que os realizan son expertos en distintos xéneros musicais. Estes espazos acollen o tratamento de temas en profundidade, entrevistas, presentacións, voces de protagonistas, recomendacións e tendencias.

- '**O Lobo urbano**'. Rock.
- '**Notas de jazz**'. Jazz.
- '**Ondas indies**'. Indie.
- '**Cara B**'. Grandes anécdotas da música.
- '**Raizame**'. Músicas do mundo e listaxe World Music Charts Europe.
- '**Tres peixes voando**'. Música galega combinada con músicas do mundo.
- '**Fondos reservados**'. Éxitos musicais do século XX.
- '**Lume na palleira**'. Música tradicional e folk galego.
- '**Consellería do ritmo**'. Música pop e rock galego.
- '**A lista negra**'. Blues.

Radio Galega Música programa preto dun 30% de música galega, entendi- da esta como aquela que está composta en lingua galega pero tamén a realizada por grupos musicais galegos noutros idiomas. As horas de maior atención (horas puntas e medias horas) alcánzanse sempre con música en lingua galega dentro do formato radiofórmula,

A CRTVG, con todas as súas canles analóxicas e dixitais -Radio Galega Música, Son Galicia Radio, Radio Picariña e as canles xeralistas-, é o único medio no ámbito xeográfico de Galicia que atende á totalidade da produción de música de grupos galegos, en lingua galega e outras. A música dos creadores galegos é a preferente na totalidade da emisión da primeira canle da Radio Galega en FM. As músicas empregadas nas sintonías, fondos e cortinas foron maioritariamente galegas, cunha porcentaxe que se achega ao 100%. No marco dos preparativos para o lanzamento da plataforma AGalegaAudio, trabállase na proposta de novas canles musicais dixitais especializadas en xéneros musicais concretos, décadas musi- cais e idiomas.

4.5.7. Radio Picariña

A primeira canle dixital de música infantil e xuvenil da historia da Radio Galega, lanzada en xuño de 2018, forma parte da estratexia de programación infantil e xuvenil da Corporación Radio Televisión de Galicia e, como tal, será un dos aliados da plataforma AGalegaAudio.

En 2023 ampliouse o catálogo de cancións ofrecidas por esta canle coa incorporación dos discos publicados en galego ao longo do ano. Para acceder aos contidos de Radio Picariña, os usuarios deben empregar os accesos ás canles dixitais da Radio Galega así como ás aplicacións móbiles da Corporación.

4.5.8. Programas exteriores de Radio Galega

Na programación da radio pública de Galicia cómpre destacar a presenza en directo en exteriores dos distintos programas que conforman a grella.

Esta fortaleza da programación da Radio Galega puido retomarse de xeito paulatino, tras a Covid-19, durante a primeira metade de 2022 e continuou durante todo o ano 2023. Neste contexto, realizáronse as seguintes saídas:

- 09/02 | A tarde | Silleda
- 14/02 | Mar de ardora | Ribeira
- 03/03 | A tarde | Silleda
- 30/03 | Diario cultural | Carballo – Carballo Interplay
- 06/04 | Galicia por diante | Camariñas
- 10/05 | Efervescencia | Ourense – Galiciencia
- 17/05 | Galicia por diante – Diario cultural | Lourenzá – Especial Letras Galegas
- 02/06 | Galicia por diante | Santiago de Compostela
- 09/06 | A tarde | Silleda
- 02/10 | Diario cultural | Ourense - OUFF
- 05/10 | Diario cultural Zeta | Santiago de Compostela - Curtocircuíto
- 18/10 | Diario cultural Zeta | A Coruña - Festival Intersección
- 02/11 | Mar de ardora | Outes
- 03/11 | A tarde | Ourense
- 17/11 | A tarde | Silleda - Expobús
- 27/11 | A tarde | Silleda – Sedexpo
- 01/12 | Diario Cultural | Pontevedra – Culturgal
- 30/12 | A Radio Conta | A Coruña

O programa ‘Galicia en xogo - Convivir deportivo’ gravouse integramente en exteriores en 2023. Como en anos anteriores, dedicou edicións a clubs, deportes minoritarios e figuras relevantes do deporte galego. Radiogalega.gal e a aplicación móbil CRTVG ofreceron o directo dos programas de ‘Convivir deportivo’, con carácter previo á súa emisión en FM:

- 19/01 | Ordes | Homenaxe a Iván Raña
- 03/02 | Avión | Club Fluvial Avión
- 10/02 | Leiro | Campeonato de Cros
- 01/03 | Catoira | Club de piragüismo
- 14/03 | Vimianzo | Fútbol e outros deportes

- 21/03 | Cualedro | Alfonso Palomares, atleta de triplo salto
- 31/03 | Carballeda de Avia | A bugalliña
- 14/04 | As Nogais | Vía Künig
- 20/04 | Bande | Ignacio Fernández, medalla de bronce de bádminton adaptado
- 25/04 | Cervantes | Plan Xogade
- 02/05 | Baralla | Raid Vía Künig
- 09/05 | Vereia | Fútbol e natación: Álex Dorado, Ángel Mociño e Raúl Vidal
- 30/05 | Trasmiras | Club BTT Alta Limia
- 31/05 | Vilaboa | Club Náutico Cobres
- 08/06 | Portosín | Club Náutico de Portosín e deporte adaptado
- 15/06 | Monterrei | Monterrei Club de Fútbol
- 17/06 | Taboada | 50 aniversario Taboada Club de Fútbol
- 22/06 | Campo Lameiro | Programa especial sobre o adestrador Luis García
- 27/09 | A Pobra do Brollón | Fútbol, motor e campión galego de trail
- 06/10 | Antas de Ulla | Special Olympics
- 09/10 | Samos | Samos F.S.
- 19/10 | A Peroxa | Saúl Rodríguez, ximnasta de trampolín
- 27/10 | Vilamarín | Sporting Vilamarín e Centro Equestre
- 31/10 | Covelo | Club Covelo de Patinaxe
- 11/11 | Monterroso | Fútbol e ciclismo municipal
- 24/11 | Piñor | Sendeirismo do Peilán
- 30/11 | Montederramo | Asociación Lareiras de San Mamede
- 18/12 | Baños de Molgas | Parakarate con Marcos Movilla
- 19/12 | Xunqueira de Espadanedo | Antonio Cid Cortés, atleta paralímpico de boccia

En canto a festivais de música, en vez de retransmitir eventos completos, que cada vez presentan máis impedimentos para a obtención de dereitos de emisión, a Radio Galega realizou en 2023 programas especiais co obxecto de dar a maior cobertura posible. Así estes espazos leváronse a cabo arredor dos seguintes festivais:

- 15/06 | Diario cultural | Santiago de Compostela – O Son do Camiño
- 30/06 | Diario cultural | Viveiro – Resurrection Fest
- 12/07 | Diario cultural | Ortigueira – Festival de Ortigueira
- 20/09 | Diario cultural | Santiago de Compostela - Festival Maré

4.5.9. Gravacións de eventos de música clásica, bandas e corais

A emisora deu continuidade en 2023 á gravación de eventos de música clásica, bandas e corais, para incorporar ao arquivo histórico que a emisora pública promove desde a súa fundación.

- 04/02 | Orquestra Clásica de Vigo & Marcos Escobar | Vigo
- 04/03 | Concerto homenaxe a Rogelio Groba | A Coruña
- 31/03 | Orquestra de Cámara Galega & Adrián Regueiro & Coral Polifónica de Ribadeo | Mondoñedo
- 01/04 | XXIX Festival de bandas de música de Silleda | Silleda
- 07/04 | New Millenium International Chamber Music Festival | Vilagarcía de Arousa

- 15/04 | Orquestra da USC | Santiago de Compostela
- 29/04 | XXXI Festival de Bandas de Meaño | Meaño
- 02/05 | VII Concurso Internacional de Piano Cidade de Vigo | Vigo
- 03/05 | Sociedade Filarmónica de Lugo | Lugo
- 06/05 | Orquestra Clásica de Vigo & Giuseppe Andoloro | Vigo
- 24/05 | Sociedade Filarmónica da Coruña | A Coruña
- 03/06 | Festival Coral | Verín
- 04/06 | XXII Ciclo de música para unha época 2023: arredor de Picasso e as súas cidades | A Coruña
- 01/07 | VI Festival Bandas infantís e xuvenís de Galicia | Santiago de Compostela
- 01/09 | Ecos creativos | Santiago de Compostela
- 03/09 | XV Encontro da Banda Sinfónica Galega | Santiago de Compostela
- 28/09 | Orquestra Clásica de Vigo | Vigo
- 04/10 | Ateneo Barroco | Santiago de Compostela
- 08/10 | XXIII Festival de Bandas de Música de Barro | Barro
- 09/10 | Eriksson Trombone Project | A Coruña
- 10/10 | Ateneo Barroco | Santiago de Compostela
- 16/10 | Ateneo Barroco | Santiago de Compostela
- 20/10 | Ateneo Barroco | Santiago de Compostela
- 28-29/10 | Certame Galego de Bandas de Música 2024 | Ferrol
- 05/11 | XXXI Festival de Bandas de Castrelo | Cambados
- 12/11 | Concerto Sinfónico-coral | Santiago de Compostela
- 22/11 | Concerto da Sociedade Filarmónica da Coruña | A Coruña
- 25/11 | Concerto da Banda da Agrupación musical do Rosal | O Rosal
- 28/12 | Concerto da Orquestra Clásica de Vigo & Abe Rábade | Vigo

4.5.10. Premios

A Radio Galega recibiu diversos recoñecementos en 2023 por producións destacadas e emitidas polas canles convencionais, así como por produtos nativos dixitais difundidos en RadioGalegaPodcast, dos que se dá conta máis adiante nesta memoria, no capítulo 10.

4.6. A futura plataforma dixital OTT

Unha OTT ou servizo *Over-the-top* é unha plataforma tecnolóxica de transmisión a través de internet de contidos de audio e vídeo sen necesidade de descarga, accesible desde diversos dispositivos de recepción e reprodución. As máis importantes na actualidade son Netflix, Amazon Prime Video ou HBO. As OTT son unha referencia actual de primeira orde no mercado audiovisual e das telecomunicacións. Supoñen o modelo hexemónico e de referencia nel, xa que a súa dinámica de servizo, tipoloxía de contidos e prestacións se axeitán plenamente ás tendencias dominantes de consumo audiovisual. Os confinamentos por mor da pandemia da Covid confirmaron o seu liderado.

Ao longo de 2023, en colaboración coa Área de Innovación e Negocio, que dirixiu o proxecto tecnolóxico -como se expón noutro punto desta memoria-, danse os primeiros pasos para a creación da plataforma OTT galega como unha ferramenta que permitirá ver o contido dos medios públicos galegos cando e onde queiramos.

Os seus contidos irán moito máis aló da grella da TVG, xa que haberá programación de entretemento e de divulgación que cubrirá as obrigas de servizo público (infantil, cultura, documentais..), o que tamén lle dará a oportunidade a produtos xa adquiridos de ser rendibilizados e consumidos.

Nesta fase estúdiáanse outros modelos como RTVEPlay, CanalsurMas, Primeran, promovida por EITB, e 3Cat, lanzada polos medios públicos cataláns a final de ano. Por proximidade operativa e de modelo, préstase especial atención á OTT da RTV pública portuguesa chamada RTP Play, celebrándose varias reunións virtuais e presenciais entre a Dirección de Contidos da CRTVG e o equipo que xestiona RTP Play. Neste proceso preliminar decídense para a nova OTT galega aspectos como a súa combinación entre contidos baixo demanda e contidos en directo, a flexibilidade permanente do modelo e o lanzamento a través de tres marcas diferentes: AGalega para contidos audiovisuais en xeral, Xabarán para contidos infantís e xuvenís, e AGalegaAudio para contidos de audio. En total estas plataformas nacerán o 17 de xaneiro de 2024 cunha oferta de máis de 7.000 contidos diferentes.

4.6.1. Plataformas AGalega e Xabarán

A mediados de 2023 créase no organigrama a Xerencia de proxecto das novas plataformas dixitais da CRTVG: Agalega.gal e Xabarán.gal. Esta xerencia xestionou a planificación e xestión dos contidos para o lanzamento da plataformas a comezos do 2024 e traballou nunha estratexia coordinada e aliñada cos obxectivos da Corporación.

A estratexia da programación da nova plataforma OTT está baseada en dous piares fundamentais: a atención a múltiples nichos de interese e o seguimento das tendencias de consumo actuais. Recompiláronse para o lanzamento múltiples contidos de nicho e de servizo público. Na estratexia de nichos terán unha atención especial os públicos máis novos. En primeiro lugar, o público infantil, xa que se disporá dun *frontend* propio Xabarán.gal onde a cativada poderá consumir produtos de estrea e en exclusiva. Pero tamén se traballa para incorporar á audiencia os mozos da chamada “Xeración Z”, por iso mesmo, incorporouse á oferta unha sección especialmente creada para eles.

Na segunda metade do ano formouse un equipo de traballo e fíxose un labor de selección e de revisión de licenzas para decidir as seccións e os contidos cos que se estreará Agalega.gal en xaneiro do 2024. Estes contidos de lanzamento e as áreas nas que se organizan serán os seguintes:

1. Directos

- Televisión de Galicia (emisión de Europa) e dispoñible globalmente
- G2, dispoñible para Galicia
- Radio Galega
- Radio Galega Música
- Mira RG
- Pequerrech@s. Contidos infantís ata os 6 anos.
- Cativ@s. Contidos infantís de 6 a 9 anos
- Mociñ@s. Contidos infantís maiores de 9 anos
- Xabarán TV. Contidos infantís para todos/as
- Radio Picariña, cun repertorio de 1.100 cancións infantís

2. Series orixinais da TVG

- Na Gloria (produción exclusiva para a OTT)
- Ghuasapp (estrea na OTT)
- Auga seca
- Dalia a modista
- A Estiba
- Método Criminal
- O Códice
- O final do camiño
- Vidago Palace
- Artemisa
- Saudade de ti
- Hospital Real
- Hotel Almirante
- Faro. O reencontro.
- Serramoura
- Pratos combinados
- Mareas Vivas
- Padre Casares
- Matalobos

3. As mellores series de fóra

- DES
- O ladrón, a súa muller e a canoa
- Bruxas

4. Historias de aquí

- Cap1 e 2: O accidente de Montrove

5. Cine feito en Galicia

- Jacinto (estrea na OTT)
- A illa das mentiras
- Tres
- O que arde
- Malencolía
- Cuñados
- Quen a ferro mata
- Ons
- Arima
- Dhogs
- Eroski Paraíso
- A sombra da lei
- A esmorga
- O descoñecido
- Vilamor
- 18 comidas
- Engurras
- Cela 211

- Pradolongo
- Trote
- A estación violenta
- Eles transportan a morte
- Lúa vermella

6. Humor 100%

- Ghuasapp
- Artemisa
- Catro gatos
- Na Gloria
- Era visto

7. Xeración Z

- A previa (estrea en exclusiva OTT)
- Nosoutras (estrea en exclusiva OTT)
- No carro da música
- Furallolos (estrea en exclusiva OTT)
- Ondas Novas
- Danza no foco (estrea en exclusiva OTT)
- A Ghavota (estrea en exclusiva OTT)

8. #DígochoEu

9. Programas

- Luar
- Cos pés na terra
- Casamos
- Xente marabillosa
- Land Rober Tunai Show
- Quen anda aí?
- Hora galega
- Tal semente
- Malicia noticias
- Amor a un clic
- A voltas co prato
- Estache bo!
- Sen código postal
- Atrápame se podes
- Alalá
- A liga dos cantante extraordinarios
- Vaia troula
- A casa da Conexa
- En feminino singular
- Os cantos rolados
- Facendo as Américas
- Catro gatos

- Os nosos sabios
- 100 anos de verbena galega
- O caderno de Isabel
- Ata a cociña
- Larpeiros Social Club
- 48 horas para o si
- Galegos
- O gato con botas
- Festigaliando

10. Palco

- Sons de Ortigueira
- Corrente do Golfo na Quintana (estrea en exclusiva OTT)
- Amancio Prada coa Real Filharmonía de Galicia (estrea en exclusiva OTT)
- Orquestra Sinfónica de Galicia: Richard Wagner
- Crónicas do Paraíso
- A amnesia de Clío
- Uxía e a Real Filharmonía de Galicia, liras e alalás
- Un canto á vida
- Aí ven o maio
- Orquestra Panorama: xira 'Deluxe Tour'
- Orquestra París de Noia: xira 'A lo loco'
- Real Filharmonía de Galicia: Piotr Ilich Tchaikovsky e Jean Sibelius.
- Real Filharmonía de Galicia: Johannes Brahms
- Orquestra Sinfónica de Galicia: Ludwig van Beethoven
- Orquestra Sinfónica de Galicia: Johann Sebastian Bach e W.A. Mozar
- Real Filharmonía de Galicia: Bedřich Smetana e Johannes Brahms

11. Máis que música

- Os cantos rolados
- Ondas novas
- Alalá
- 100 anos de verbena galega
- Meniños cantores: Cantamos nós
- No carro da música

12. Longametraxes documentais

- Auto das ánimas (estrea en exclusiva e por tempo limitado na OTT)
- O gran camiño
- Nación de Muchachos
- A virxe roxa (estrea OTT)
- Nación
- Os días afogados
- María Casares. A muller que viviu mil vidas
- Tódalas mulleres que coñezo
- Trinta lumes
- Os Ancares, a serra esquecida

- Esquece Monelos
- Verde a cor da soidade
- Vigo 1972
- A Seara
- Noite irisada
- O soño de papá
- O futuro da mente
- Alén da terra
- Entre pastores e lobos

13. Sofá, manta e flocos de millo

- O vello que saíu pola ventá e e escapou
- A gran sedución
- Un italiano en Noruega
- Benvidos ao sur
- Cuñados

14. As series da túa vida

- Mareas vivas
- Pratos combinados
- Padre Casares
- Matalobos
- Serramoura

15. O último en cultura

- Zigzag diario
- Zeta
- Zigzag fin de semana
- As mil e unha páxinas
- Danza no foco
- No carro da música

16. Novo Cinema Galego

- O que arde
- Lúa vermella (estrea OTT)
- Eles transportan a morte (estrea OTT)
- Trote
- Arima
- Nación
- A estación violenta
- A vixe roxa
- Trinta lumes
- Tódalas mulleres que coñezo
- Dhogs
- Ons

17. Lingua e literatura

- As cinco vilas literarias de Galicia (estrea OTT)

- As mil e unha páxinas
- Florencio Delgado Gurriarán. O soño da Galicia infinda
- Xela Arias. A palabra esgazada
- Francisco Fernández del Riego. O que nunca se rendeu.
- Xeración Nós
- #DígochoEu

18. Historia e arte

- A grande epopea de Galicia (estrea OTT)
- O reino suevo de Galicia
- Galicia de 20 a 20
- Os castelos
- Os castros
- Catedrais de Galicia

19. Nomes propios

- Galeg@s (estrea OTT)
- En feminino singular
- Os nosos sabios
- Facendo as Américas
- O gato con botas

20. Adrenalina e suspense

- O Zulú
- Quen a ferro mata
- O home perfecto
- A sombra da lei
- A illa das mentiras
- O descoñecido
- Kon-Tiki
- Cela 211

21. Informativos

- Bos días
- A revista
- Galicia noticias
- Telexornal mediodía
- Telexornal serán
- Atmosféricos
- Vivir o mar
- Labranza

22. Deportes

- Un século de afouteza
- Cando fomos os mellores
- As nosas
- Talento galego
- Aqueles maravillosos anos

- En Xogo histórico
- Montañas de aventura

23. Pasou o que pasou

- Fragmentos do arquivo histórico da CRTVG

24. A nosa xente

- A porta aberta
- Desertores do asfalto
- Imos indo
- Cos pés na terra
- En feminino singular
- Furallolos

25. Series documentais

- Rockefeller en Mondariz
- Pedra a pedra
- Galicia de 20 a 20
- Desmontando Galicia
- Os nosos sabios
- O peso da cociña galega: Picadillo
- Florencio Delgado Gurriarán. O soño da Galicia infinda
- Xela Arias. A palabra esgazada
- Francisco Fernández del Riego. O que nunca se rendeu.
- A grande epopea de Galicia (estrea OTT)
- O reino suevo de Galicia
- Galicia de 20 a 20
- Os castelos
- Os castros
- Catedrais de Galicia

26. Lecer

- Visítame nun día
- loga con Hanh
- Montañas de aventura

27. Cociña e gastronomía

- Estache bo!
- A voltas co prato
- O caderno de Isabel
- Larpeiros social club
- Ata a cociña
- O peso da cociña galega

28. Os videopodcasts que non podes perder

- Lambóns de viaxe
- O impostor
- Zeta

29. Descuberta

- Alén da terra
- O futuro da mente
- A seara
- Entre pastores e lobos
- A serra esquecida

30. Películas e documentais

- María Casares. A muller que viviu mil vidas
- Tódalas mulleres que coñezo
- Trinta lumes
- Os Ancares, a serra esquecida
- Esquece Monelos
- Verde a cor da soidade
- Vigo 1972
- A Seara
- Noite irisada
- O soño de papá
- O futuro da mente
- Alén da terra
- Entre pastores e lobos
- Jacinto (estrea na OTT)
- A illa das mentiras
- Tres
- O que arde
- Malencolía
- Cuñados
- Quen a ferro mata
- Ons
- O auto das ánimas (estrea en exclusiva e por tempo limitado na OTT)
- O gran camiño
- Nación de Muchachos
- A virxe roxa (estrea OTT)
- Nación
- Os días afogados
- Arima
- Dhogs
- Eroski Paraíso
- A sombra da lei
- A esmorga
- O descoñecido
- Vilamor
- 18 comidas
- Engurras
- Cela 211
- Pradolongo
- Trote

- A estación violenta
- Eles transportan a morte
- Lúa vermella

Todas estas seccións e contidos suman máis de 1.500 horas que houbo que preparar para a súa saída con toda a metadata e gráficos correspondentes.

Na plataforma infantil Xabarin.gal combínanse os contidos de entretemento cos educativos e de divulgación. O obxectivo foi poñer á disposición da cidadanía un catálogo atractivo e actual. As seccións dispoñibles no lanzamento foron as seguintes:

1. En directo

- Pequerrech@s. Canle con contidos infantís ata os 6 anos.
- Cativ@s. Canle con contidos infantís de 6 a 9 anos
- Mociñ@s. Canle con contidos infantís maiores de 9 anos
- Xabarin Tv. Canle con contidos infantís para todos
- Radio Picariña. Radio con cancións infantís.

2. Os bolechas

- Os bolechas exploradores
- Os bolechas
- Os bolechas no cole
- Braulio Tuber
- Os bolechas one2three

3. Digochiño

4. Os nosos filmes preferidos

- Valentina
- A galiña Turuleca
- Meigallos
- Maimiño
- A tropa de trapo

5. As túas series

- Mibots (estrea na OTT)
- Axente Binky (estrea na OTT)
- O cordeiro Shaun
- Leonardo
- Monster Allergy
- Os contos do camiño
- Bechos

6. Aventuras inesquecibles

- A aldea enfeitizada de Pichhio
- Super 4
- Robín dos bosques
- Ideafix

- Yakari
- Moby Dick
- As aventuras de Rocky e Bullwinkle
- As aventuras de Minchi

7. Non todo van ser debuxos

- Os argonautas
- Miracle Tunes
- Verán M
- Pipi Mediaslongas

8. Moito máis que experimentos

- Pim pam experimenta
- Aquelando con chispa
- Aquelando

9. As favoritas d@s pequerrech@s

- Bechos
- O cordeiro Shaun
- Cocorico
- Teletubbies
- Os Axóuxeres
- Telmo e Tula
- Tutu
- A tropa de trapo
- As aventuras de Minchi

10. Let's learn English

- Kiwi
- Os bolechas one2three

11. Anime

- Evangelion
- Sakura, cazadora de cartas
- O detective Conan
- Sarxento Keroro
- Sherlock Holmes

12. Músicas de cabeceira

13. Videoclips do Xabarín

14. Afiliate

4.6.2. AGalegaAudio

Desde o Servizo de Programas da Radio Galega organizouse a plataforma AGalegaAudio, que tamén tiña o seu lanzamento previsto para inicios de 2024. O traballo previo consistiu na planificación de contidos, a estratexia de publicación, a categorización dos produtos de audio da CRTVG e a formulación dos fluxos de traballo dos equipos humanos da Radio Galega.

AGalegaAudio está chamada a ser a plataforma web de todos os formatos de audio da Corporación Radio Televisión de Galicia. Neste sentido, apostouse pola combinación da difusión dos podcast e contidos destacados dos programas da programación da emisión en FM co lanzamento de formatos nativos dixitais.

Así mesmo, determinouse que o directo será unha das pedras angulares da plataforma. A parte superior da plataforma ofrecerá os directos a: Radio Galega, Radio Galega Música, Son Galicia Radio, Mira RG (radio visual dende o estudio multimedia da Radio Galega) e canles dixitais especializadas en distintos xéneros musicais.

A categorización aprobada incluíu espazos de referencia para: 1) os contidos máis destacados dos programas de FM; 2) os programas nativos dixitais da Radio Galega - como 'Superando a ficción', 'O impostor', 'Startup Galicia'; 3) videopodcast -como 'Zeta', 'Lambóns de viaxe' e 'Como que non?'; 3) lanzamentos de novos programas nativos dixitais; 4) seccións especializadas en cultura con voces expertas; 5) espazos de 'Ciencia', 'Historia' e 'Ficción'.

Dende o punto de vista operativo, deseñouse o formato de directos e eventos, traballouse na programación e automatización, puxéronse as bases para a creación de *playlists* e elaborouse a estratexia de promoción para a fase de lanzamento de AGalegaAudio. En setembro de 2023, a Radio Galega comezou a operar no CMS (content management system) da plataforma AGalegaAudio no que se coñece como traballo de carga previa de contidos como vía de preparación para o futuro lanzamento.

4.7 Redes sociais e outros contidos dixitais

O Servizo de Extensión Audiovisual, pertencente á Área de Contidos, é o encargado desde 2019 de xestionar a presenza dos contidos de entretemento e servizo público da CRTVG na contorna dixital.

A través das diversas canles dixitais da Corporación, este servizo xera produtos audiovisuais propios e achega ao público os contidos desta área adaptados ás novas linguaxes, encargándose en primeiro termo de promocionalos e difundilos. Por outra banda, desde este servizo lévase un control global da presenza da Corporación no ámbito das redes sociais. Manterse nun contacto directo e constante co resto de departamentos da Corporación que desenvolven actividades no ámbito dixital e co resto de subministradores de produtos audiovisuais da CRTVG é outro dos labores principais.

As estratexias conxuntas nas canles de comunicación xurdidas nos últimos anos son fundamentais para facer unha correcta e coherente difusión dos contidos, de aí a importancia da coordinación do departamento coas produtoras creadoras e coas áreas de Informativos, Innovación e Negocio e Proxección Social da Corporación.

4.7.1. Liñas estratéxicas

As liñas estratéxicas do departamento teñen cinco eixos:

- **Posicionar na rede a cultura e a lingua galegas**, dándolle maior visibilidade e colaborando na diferenciación de ambas no mundo globalizado actual.
- Colaborar na **creación dunha comunidade galega** na rede, atraendo a mocidade que centra o seu consumo audiovisual nestas novas canles de comunicación. Tamén procurar que haxa unha comunidade moza suscritora dos contidos da Televisión de Galicia, achegándolles os contidos da Corporación susceptibles do seu interese e adaptados ás linguaxes propias deste ámbito.
- **Situar a CRTVG como pioneira en proxectos de contidos dixitais** e promovendo a creación destes no sector audiovisual galego, creando desde o departamento ou adquirindo novos formatos dirixidos para os públicos que consomen maioritariamente nestas contornas.
- Prestar **servizos á comunidade educativa**.
- **Aumentar con custos moderados o valor engadido do patrimonio audiovisual** preexistente na CRTVG dándolle outra vida a nivel dixital.

A Corporación comezou un proceso de mellora da súa presenza nas redes sociais coa creación do departamento de Contidos dixitais no ano 2015. No 2018 deuse un salto relevante ao dividir e especializar o equipo, xerando un novo grupo de persoas dedicadas de forma exclusiva á difusión de contido de entretemento. Máis tarde, no ano 2019, deuse desde a Corporación un salto ao reorganizar a estrutura e crear o departamento de Extensión Audiovisual, un equipo da Área de Contidos especializado nos contidos non-informativos da televisión na rede.

O departamento de Extensión Audiovisual continúa traballando neste camiño, buscando unha adaptación do contido televisivo ás linguaxes actuais de cada unha das redes sociais, ampliando a presenza da Corporación máis alá dos medios tradicionais e tendo un control dos contidos ao manter unha comunicación directa e continua con todos os subministradores de produtos audiovisuais da CRTVG. Ademais, durante o 2023 tamén foi o departamento que alimentou a páxina web e segue xestionando directamente as redes.

A mellora na comunicación entre o departamento de Extensión Audiovisual e os subministradores de produtos audiovisuais da CRTVG conseguiu unha optimización dos recursos ao crear estratexias conxuntas de difusión e unha mellor adaptación das linguaxes.

Grazas a estas claves, estes creadores e difusores de contido comezaron no 2022 a crear de forma nativa novos elementos para as redes sociais e no 2023 establecéronse definitivamente as dinámicas.

A creación de contidos específicos para redes sociais por parte das produtoras audiovisuais é unha liña estratéxica xa asentada que conseguiu converter moitos dos programas destinados a lineal en proxectos transmedia.

Alongar a vida dos contidos de televisión a través da rede e da páxina web é o principal obxectivo deste departamento, a maiores de exercer como altofalante de aquilo que está na grella da televisión lineal e das estratexias que se desenvolven a nivel corporativo. A audiencia na nosa páxina web e a conversa social xerada nas redes sociais conseguiu -e consegue- que a presenza dos programas, dos documentais, da ficción se estenda no tempo e non quede só nesa emisión puntual en televisión.

Ademais, no ano 2023 perfeccionouse a escollo do contido adaptado a cada fiestra do dixital e mellorouse a adaptación ás novas narrativas de cada unha delas.

Tendo en mente o obxectivo de acadar audiencia e recoñecemento entre a mocidade, durante o 2023 os fluxos de traballo buscaron mellorar a estratexia neste sentido, aumentando e optimizando a presenza no amplo abano de redes sociais no que se move a mocidade hoxe en día.

Esta liña de traballo camiña da man das estratexias dixitais conxuntas co resto de departamentos creadores cos que se traballa de xeito sinérxico, xa que a difusión de contidos non pasa só pola transmisión dos contidos non-informativos da Televisión de Galicia.

A programación tanto da Radio Galega coma da TVG está presente nas canles dixitais e a estratexia vai da man á hora da súa difusión. A consolidación das redes sociais como un novo medio de consumo, con contidos propios ou reaproveitados; a forte presenza e repercusión do espazo lingüístico #DígochoEu e todos os contidos paralelos que derivaron del; a aparición doutros formatos nativos dixitais e a constancia de contidos da Corporación en todas as redes sociais; a oferta completa, de arquivo e actual, do portal de ficción galega EnSerie.gal; a presenza da Radio Galega noutras plataformas... Todo isto son exemplos, entre outras cousas, do emprego das novas canles como altofalante dos contidos da CRTVG, que teñen cada vez máis visibilidade nos mundos nos que se moven as novas xeracións.

4.7.2. Criterios de dinamización da web e das redes sociais

Durante o ano 2023, antes da chegada das plataformas AGalega e Xabarin.gal, o Servizo de Extensión Audiovisual tiña dúas tarefas principais: a xestión dos contidos de crtvg.gal e a xestión das contas de redes sociais da Televisión de Galicia, a través das cales se difunden tanto materiais audiovisuais procedentes da televisión liñal como as campañas de Responsabilidade Social Corporativa como contido do propio departamento.

As principais liñas de traballo son:

- **Facer das redes sociais da CRTVG unha canle propia** de consumo para os usuarios. Utilizar estes espazos na rede como un escaparate máis a través do que achegar produtos audiovisuais durante case 24 horas ao día, sen ter como obxectivo principal que os galegos vaian acudir á emisión tradicional ou ao servizo á carta. Converter as redes sociais da Televisión de Galicia nun propio medio de entretemento, aínda que isto tamén sirva para que os seguidores dos perfís sexan coñecedores da grella de televisión, mesmo sen seren consumidores directos do medio.
- **Adaptar de forma óptima os contidos de televisión á contorna dixital** para que poidan ter unha nova vida na rede aínda sen referenciar o programa contedor do que procede.
- **Readaptar a promoción dos contidos televisivos**, diversificándoa e mellorándoa. Empregar as posibilidades que ofrece a rede para non caer no tradicional: creación de *gifs*, de memes, de *stickers*, de vídeos cunha edición que faciliten o consumo e que sigan as tendencias do momento en cada plataforma, creación de contidos extra mesturando contido audiovisual procedente de varias fontes, sacar os momentos interesantes do programa para a súa posible viralización, etc.
- **Chegar ás audiencias máis novas** a través das redes sociais para aumentar o consumo da audiencia lineal a través da páxina web ou da canle en directo da plataforma YouTube.
- **Crear contidos nativos dixitais**, sendo un medio máis da CRTVG xerando contido propio, tendo en conta as tendencias e as linguaxes populares nas redes sociais nas que ten presenza a Corporación.
- **Crear estratexias dixitais** que teñan en conta as características concretas da audiencia en cada unha das diferentes redes para o máximo aproveitamento do material co que se traballa.
- **Darlle máis presenza ao apartado ‘Á carta’ de crtvg.gal**. Subir máis contidos e máis rápido, mellorar o catálogo de arquivo e facilitar o acceso aos produtos reclamados pola audiencia.
- **Coordinar a estratexia común de redes sociais da CRTVG**, establecedendo sinerxías entre os diferentes departamentos.
- Mediante a edición e a redacción, **adaptar os contidos feitos cunha linguaxe audiovisual tradicional á linguaxe dixital**.
- Escrutar e analizar cada un dos contidos para **saber adaptalos a cada unha das redes sociais**, tendo en conta o público obxectivo de cada unha delas.
- Empregar e optimizar o material de radio e televisión para **crear contidos propios a través da edición**. Afiánzase e súmase audiencia e aumenta a interacción cos usuarios.
- **Xerar conversa social** arredor dos contidos que compartimos.
- **Sumarse á comunidade galega de internet**, achegando contidos sobre a cultura e a lingua galegas.

4.7.3 Conversa en redes a partir de programas de televisión

Centrándonos na emisión de televisión, a novidade que trouxo o 2023 e que xerou maior conversa nas redes sociais foi o programa 'Xente marabillosa', aínda que 'Land Rober Tunai show' e 'Luar', co respectivo apoio das redes sociais propias dos programas, continúan sendo dous dos piares básicos a nivel estatístico para as redes da TVG.

Non obstante, os contidos que maior repercusión acadaron -sobre todo nos perfís de Instagram e TikTok- non adoitan proceder de ningún destes programas, xa que son aqueles nos que interveñen persoas de a pé.

Sen ser unha novidade que estes contidos funcionasen por seren aqueles que xeran maior empatía, mantéñense os esforzos desde o departamento por atopalos, melloralos para os novos medios e difundilos de xeito óptimo. Programas como 'Veciñ@s', 'O tren que me leva a ti', 'Incombustibles' ou 'Malicia noticias', todos eles con moita reportaxe feita a pé de rúa, foron as principais fontes de contido emocional que conseguiron ter maior alcance tanto no Instagram coma no YouTube Shorts e no TikTok.

Tamén 'Quen anda aí', 'Hora galega', 'Tupper club', os programas de eventos especiais, 'Cos pés na terra', 'Atrápame se podes', 'Invasión G', 'Galicia bonita' ou 'Casamos' conseguiron este efecto. É destacable a importancia a nivel repercusión de todos os contidos musicais presentes de forma transversal na grella de televisión, pertencen a programas musicais como pode ser o 'Luar' ou a actuacións puntuais no resto de contidos. Por outra banda, o aproveitamento daqueles momentos 'cazapo' ocorridos en directo en calquera programa en directo seguen sendo facilmente viralizables, aínda que sempre co tratamento axeitado por parte do departamento.

As accións destacadas no 2023 para completar o contido televisivo con elementos dixitais de apoio temos:

- 'Xente marabillosa'. Adaptación a cada rede das cámaras ocultas do programa, de forma que estivesen dispoñibles ao rematar o programa.
- 'Ondas novas'. Adaptación a cada rede das actuacións conxuntas de artistas do programa, de forma que estivesen dispoñibles ao rematar o programa.
- 'Club incombustibles'. Vídeos complementarios que xurdiron a partir do programa Incombustibles no que se gravaba unha conversa entre unha persoa nova e unha maior para falar de cuestión en contra do idadismo.
- 'Luar'. O comezo de temporada do 2023 coa busca do "sucesor" de Gayoso: material audiovisual de apoio en redes sociais para amplificar a audiencia da televisión lineal coa creación de expectativas.
- 'Festigaliando'. A produtora creadora deste programa xerou, desde cero e con material exclusivo, vídeos sobre os festivais en formato vertical para Instagram e TikTok.
- 'Hora galega'. A produtora creadora comezou no inicio de temporada a crear vídeos balance e recompilatorios sobre o destacable de cada semana como complemento á emisión lineal.

- 'A revista'. Comezou a extraerse e adaptarse a sección de @plantitiscronica, colaboradora coa que se estableciu unha estratexia de redes sociais conxunta ao ser unha persoa con certa importancia en redes sociais.

4.7.4 Producción propia para redes sociais

No que respecta aos contidos propios, ao longo do 2023 xeráronse varios programas/seccións temporais que acadaron unha visibilidade destacable:

- 'No carro da música'. Programa musical do verán de 2023, feito utilizando a técnica do MoJo (xornalismo móbil) e dirixido exclusivamente a redes sociais, adaptando as súas formas e linguaxes ás diferentes canles. É un programa de entrevistas a artistas galegos que naquel momento eran emerxentes, e a xornalista fala con eles no interior dun coche que percorre as estradas galegas.
- 'Botando man do arquivo'. Todo o ano, sen periodicidade definida. Posta en valor dos contidos audiovisuais históricos da CRTVG ao difundilos en redes sociais en días destacados ou efemérides.
- 'Club incombustibles'. Espazo de redes sociais como complemento do programa de televisión 'Incombustibles', xa comentado.
- 'Apaga o candil'. Programa de Twitch nacido en decembro de 2022 -e aínda vixente- que ten a xente nova como protagonista e que vai tratando diferentes temas con convidados da mesma xeración. Para este programa creouse unha estratexia de difusión que partía do extracto de pezas do programa adaptadas por temáticas, formato e linguaxe ás diferentes redes sociais e que acadou boas audiencias naqueles espazos destinados aos máis novos. Ademais, o espazo completo tamén se emitiu en lineal.
- 'Recunchos'. Sección de redes sociais na que se amosan de forma dinámica lugares galegos de interese patrimonial ou paisaxístico.
- 'DíxomeDíxome'. Espazo nacido en Instagram e TikTok en setembro de 2022. Serie de vídeos nos que se fala da actualidade do corazón a nivel nacional e internacional.
- 'VirtudesTVG'. Espazo nacido en Instagram e TikTok en xaneiro de 2023. Serie de vídeos de humor coa versión galega da Repunante.
- 'Digocho eu', 'Apuntamento lusófono' e 'Digochiño'. Os formatos que rodean o proxecto do 'Digocho eu', xa consolidados en todas as redes sociais e en todos os formatos.

Aínda sen seren contidos cunha periodicidade establecida, servíndose da actualidade, desde o departamento producíronse contidos arredor de días e eventos sinalados.

Seguindo a senda aberta o ano anterior tras o fenómeno Tanxugueiras, desde a canle de Twitch da CRTVG fíxose unha cobertura con perspectiva galega do Benidorm Fest, do Festival da Canção e do Festival de Eurovisión. Tamén a través desta xanela, fíxose un programa paralelo á emisión lineal comentando o concurso 'Miss Vaca' do 'Luar', que obtivo unha audiencia destacable.

Nunha data tan sinalada coma o Entroido en Galicia, desde Extensión Audiovisual fixéronse vídeos para achegar dun xeito ameno as cuestións máis características desta festa, centrándonos no 2023 no ámbito gastronómico. Para o Día Internacional da Muller, compartíronse nas xornadas arredor do 8-M vídeos que achegaban os datos referentes a cuestións de igualdade, tendo en conta a axenda 2030 da ONU.

Pola celebración dos Premios Mestre Mateo fíxose unha cobertura especial, sobre todo na conta de Instagram e TikTok. Alí amosáronse as vestimentas, falouse dos produtos e dos artistas gañadores. En menor escala, fixéronse vídeos similares para o resto de eventos da Televisión de Galicia e presentacións de programas e series da canle.

Para as Letras Galegas, coa intención de achegarnos a través do humor á mocidade, compartiuse información sobre como se elixe a persoa homenaxeada e sobre o propio homenaxeado cun vídeo conversacional tres supostos membros da Real Academia Galega. Gravado con movementos bruscos de cámara e recreando unha situación totalmente ficticia, achegóuselle á xente nova a través das súas principais redes de consumo información clave de Francisco Fernández del Riego.

O Día de Galicia, o Samaín, o Día da Xente do Mar, o Blue Monday, o Día do Community Manager... Así como aqueles eventos especiais da Corporación, como pode ser a celebración do concurso da Canción do Verán e da Canción do Nadal resultaron en pezas nativas propias. Tamén atendendo ás tendencias de determinadas redes sociais - os *trends* de TikTok, Instagram ou Twitter- creáronse contidos desde cero empregando sempre elementos representativos da lingua e cultura galegas e tamén característico da historia ou da actualidade da CRTVG. Tampouco deixaron de facerse montaxes de diferentes contidos de emisión, recompilatorios ou coleccións de cazapos.

É destacable tamén a repercusión que tiveron os contidos pertencentes á convocatoria de contidos dixitais do 2022 que se estrearon ao longo do ano 2023: 'O mellor tractor do mundo', 'Bechos' e 'Coñece o mar'.

Ademais de servir de altofalante de radio e televisión e da creación destas pezas e seccións, nadas e desenvolvidas na súa totalidade dentro de Extensión Audiovisual, o traballo diario do departamento tamén inclúe a interacción cos usuarios e o trato próximo.

A maiores da resolución de preguntas da audiencia tanto en público como en privado -traballo habitual de 'community manager'- tamén se utilizan outras ferramentas para buscar a interacción con ela e saber así as súas preferencias en canto ao contido. Como se adoita facer, no 2023 soltáronse preguntas en redes sociais para coñecer as tendencias da audiencia e empregouse de xeito periódico o espazo de "historias" de Instagram para facer xogos e enquisas a través dos cales interactuar, formar e informar os usuarios ao mesmo tempo que se promocionaban contidos documentais, de películas ou de series de televisión.

O ano tamén serviu para consolidarse, tanto nos fluxos de traballo como entre a audiencia, *gifs*, *stickers* e memes por parte das contas de entretemento da Televisión de Galicia.

Mentres que no 2022 os fluxos de traballo do departamento de Extensión Audiovisual se consolidaron en canto á busca e creación de contidos viralizables en internet, o 2023 serviu para seguir traballando nesta senda e prepararse a nivel estratexias e labores para a chegada das plataformas no 2024.

Aínda así, a presenza da Televisión de Galicia en TikTok, Instagram e YouTube Shorts consolidouse, posicionándose como medios de consumo directo, sen que a audiencia pretenda saír deles para ampliar coñecementos ou ver máis contidos relacionados a maiores do que xa viron.

Entendendo este novo xeito de consumo dos mozos -e dos que non son tan mozos-, a Área de Contidos da CRTVG asumiu un novo paradigma no que chegar a estes grupos de persoas coa marca do medio e os elementos informativos sobre a grella é prioritario para darse a coñecer e conectar cunha audiencia que cada vez consome menos televisión lineal. Todo isto supuxo unha mellora na montaxe dos vídeos adaptados aos formatos que se precisan, unha edición adaptada e atraente para o *target* ao que nos diriximos e unha aprendizaxe do equipo á hora de difundir o contido de xeito correcto.

4.7.5 Convocatoria de contidos dixitais

A consolidación dun novo xeito de colaboración co sector audiovisual a través da convocatoria aberta de contidos dixitais consolidouse na súa segunda versión, publicada no verán do 2023. Un ano antes a CRTVG abriu unha nova vía de produción e colaboración co sector audiovisual cunha convocatoria de selección de proxectos dixitais en lingua galega.

Co obxectivo principal de promover a creatividade e buscar novas formas de produción de contidos dixitais, a Corporación destinou 330.000 euros a mercar produtos de ficción, humor, divulgación, educación, cultura ou *infotainment* en formato longo ou en forma de sección. No 2023 destináronse de novo máis de 300.000 euros e mercáronse 25 proxectos, 12 deles cun maior presuposto. Diferentes produtoras audiovisuais encargáronse de crear programas e seccións que buscan entreter, informar, divulgar... Con formatos infantís, de ficción, de humor, de historia e patrimonio, de música e de natureza.

En canto aos proxectos recibidos da convocatoria aberta no 2022, moitos deles foron estreados xa no 2024 na plataforma Agalega. Aqueles que viron a luz no 2023 foron:

- **'Bechos'**. Programa de animación infantil estreado na canle de YouTube da Televisión de Galicia en agosto de 2023.
- **'O mellor tractor do mundo'**. Concurso sobre habilidades de manexo do tractor estreado na canle de YouTube da Televisión de Galicia en xullo de 2023. A interacción dos usuarios foi fundamental para a continuación do proxecto, por seren eles mesmos os que tiñan que elixir o gañador. O alcance do proxecto foi maiúsculo.

- **'Coñece o mar con Rogelio Santos'**. Programa en formato curto de divulgación mariña presentado polo *influencer* do mar Rogelio Santos, estreado en novembro de 2023 en todas as redes sociais da Televisión de Galicia.

Esta convocatoria é unha aposta por parte da CRTVG pola produción nativa dixital, promovendo a creatividade e cunha clara intención de buscar talento e colaboración no sector audiovisual galego.

4.7.6. Reforzo da canle YouTube

Ao longo de 2023 realizáronse as seguintes accións de reforzo da canle de CRTVG na plataforma YouTube:

- Mantívose a emisión en directo da Televisión de Galicia 24 horas.
- Aumento da oferta.
- Optimización dos recursos e dos contidos.
- Presenza de videopodcast da Radio Galega.
- Aumento da oferta do novo formato desta ventá, o YouTube Shorts.

5. RELACIÓN CO SECTOR AUDIOVISUAL

5.1 Apoio ao sector a través do 6%

No exercicio 2023 e atendendo ao cumprimento da obriga do 6%, a CRTVG mantivo o seu apoio ao talento audiovisual galego a través da participación activa en proxectos relevantes tanto pola súa creatividade, calidade, viabilidade e capacidade de repercusión nos distintos niveis, rexional, nacional ou internacional, como tamén nos medios tradicionais e nas redes sociais. A Corporación mantén, polo tanto, a súa liña de impulso e participación nos proxectos máis significativos do sector audiovisual galego, potenciando a súa vinculación co tecido empresarial galego na busca de sinerxías e proxectos de interese común.

O equipo da Área de Contidos da CRTVG mantivo numerosas xuntanzas de traballo coas distintas produtoras galegas e participou en diversas actividades e foros do sector para facer un seguimento pormenorizado dos proxectos cinematográficos en curso:

- *Pitching* do Clúster do Audiovisual Galego, I+P ideas para producir.
- *Pitching TFG* do Clúster do Audiovisual Galego.
- Presenza en xornadas organizadas por entidades do sector como a Asociación Galega de Produtoras Independentes (Agapi), a Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) ou o Clúster Audiovisual Galego.
- Asistencia a rodaxes e presentación de películas e series. ('Sica' e 'Matria' no festival de Berlin, 'Operación Marea negra II' en Madrid e Santiago, 'Motel Valkirias' en Lisboa e Santiago, 'Fatum' na Coruña, 'Faro, o reencontro' na Coruña, 'Behind Lucy' en Santiago, 'O corno' no Festival de San Sebastián, "Amigos ata a morte", 'O home e o can' na Coruña, 'Honeymoon' no Festival de Ourense, etc.).
- Presenza institucional na gala dos Premios Mestre Mateo 2023.
- Presenza institucional no Festival de cine de Ourense (OUFF).

5.2 Proxectos aprobados no 2023

O rexistro de proxectos audiovisuais, dispoñible no portal crtvg.gal, recolleu neste ano un total de 189 propostas, entre elas 24 longametraxes, 1 longametraxe de animación, 32 documentais, 12 series, 3 series de animación, 1 proposta de contido dixital, 1 radiofónica, 1 tv movie mais 114 propostas de programas. Ademais, actualizouse o procedemento do 4 de abril de 2022 de presentación de proxectos de producións audiovisuais co fin de favorecer a transparencia e o traballo de valoración e selección dos proxectos.

Tras o exhaustivo traballo realizado pola Comisión directiva de Programación e atendendo ás dispoñibilidades orzamentarias, propúxose participar en 15 proxectos dos que 7 son longametraxes cinematográficas, 6 longametraxes documentais, 1 longametraxe de animación e 1 tv movie.

Son as seguintes cintas:

_**‘Tratamos demasiado ben as mulleres’** é unha orixinal e provocadora proposta cinematográfica e a opera prima de Clara Bilbao. Unha coprodución internacional de Ficción Producciones, S.L. con Francia e co apoio de RTVE e Amazon Prime Video.

_**‘Xustiza artificial’** é un thriller moderno que presenta un tema ético: a xustiza humana fronte á xustiza robótica. Esta é a proposta do novo realizador Simón Casal, que se levanta sobre unha sólida coprodución con Portugal participada por Abano producións e Tornasol, xunto coa portuguesa Ukbar Films.

_**‘Así chegou a noite’** é o agardado novo filme de Ángel Santos, un claro expoñente do novo cinema falego cunha historia de forte valor creativo e mirada propia. Da man de Miramemira, S.L. e co impulso de Maruxiña Film Company, S.L. e Alfonso Zarauza, o proxecto participou en diversos foros (Festival Márgenes MRG/ WRK, Abycine Lanza e o MECAS do Festival de Las Palmas) e acadou diferentes apoios á escritura, desenvolvemento e produción por parte da AGADIC.

_**‘As liñas descontinuas’** é unha película de carácter intimista dirixida por Anxos Fazáns despois da súa opera prima, ‘A estación violenta’. Trátase dun drama con matices de realismo poético que narra o encontro emocional e físico entre dous personaxes: Bea, unha muller de 50 anos que está atravesando un divorcio, e Denís, un rapaz trans de 25. O proxecto constrúese arredor da coprodución de Sétima Sociedade Cooperativa Galega coa produtora Elamedia, S.L.U., e a maiores conta co apoio de AGADIC.

_**‘Nunca te rendas’** é unha longametraxe documental dirixida por Marta Eiriz que visibiliza as dificultades e os obstáculos a que se enfrontan acotío as deportistas de elite que queren ser nais. Esta proposta de Danga Danga Audiovisuais conta co apoio da Secretaría Xeral do Deporte.

_**‘A dereita e esquerda’** é un documental sobre Rafael Alberti e Camilo José Cela baseado na relación epistolar que compartían ambos escritores durante o exilio de Alberti. O traballo localízase nos tres lugares máis importantes na vida de ambos escritores: Galicia, Madrid e Andalucía. Pola súa propia natureza, o proxecto presentado pola produtora articúlase sobre a coprodución entre dúas comunidades, Andalucía e Galicia, e os apoios de Canal Sur e Televisión de Galicia.

_**‘A volta’** será o debut de Sandra Montes como directora e guionista dunha longametraxe moi persoal chea de sensibilidade. Unha historia ordinaria enraizada na contorna da Ribeira Sacra e cunha muller forte no centro da mesma. Conta co apoio da Deputación de Lugo e a colaboración de Mr Misto Films para a distribución. O filme ten un marcado carácter de autor e aspira a espertar interese nos distintos festivais pola delicadeza do seu enfoque social e a beleza da paisaxe onde se sitúa a acción.

_**‘Castelao’**, producida por Retrincos A.I.E, é un proxecto de Zenit Tv que nos achega a través da A.I.E unha aposta cinematográfica sobre un dos persoeiros máis ilustres da cultura galega, Castelao. Este filme non é un biopic e focaliza principalmente no lado humano e persoal máis que no propio personaxe. A dirección corre a cargo de Ángeles Huerta.

_**‘Querer vivir nun grito’** é un drama de autor de Diana Toucedo que supón o seu salto como cineasta á ficción pero súa preocupación e interese por entender o contexto xeopolítico e social do momento. A longametraxe conta xa con acordos de distribución de Urban Sales e Tribes Media.

_**‘A maza dourada’** é unha longametraxe rodada integramente en Galicia e con distribución de A Contracorriente Films. A película, unha comedia coral, conta coa axuda do ICAA, xunto coa participación de TVE, Movistar e Filmin, e ten ademais os apoios da Deputación de Ourense, da D. O. de Monterrei e o premio Xacobeo do Festival OUFF.

_**‘O soño da sultá’** é unha longametraxe de animación que ten o valor de ser a primeira película europea de animación que competiu en sección oficial pola Cuncha de Ouro no marco do Festival de San Sebastián este pasado outono. A película vén avalada pola prestixiosa traxectoria de Abano Producións, e trátase dunha coprodución internacional con Alemaña que conta co apoio de EITB, o Goberno vasco, o ICAA, a axuda de Media Creative Europa e a distribución de Filmin.

_**‘Aurora’** é unha longametraxe documental de carácter etnográfico e experimental que conta coa axuda de talento de AGADIC. Consiste nun retrato de vida dunha veciña do medio rural galego, pero o valor diferencial é que este retrato se constrúe arredor da relación íntima da súa directora, Area Erina, con esta muller ao longo de máis de dez anos de gravación.

_**‘Manuel Outumuro’** é unha longametraxe documental de tipo divulgativo e autobiográfica dirixida por Aser Álvarez. Será a primeira vez que un documental afonde e descubra o proceso creativo deste fotógrafo internacional a través da rodaxe nos lugares máis significativos da súa traxectoria: Ourense, Barcelona e Nova York.

_**‘A Contra Armada’** é a nova proposta de longametraxe documental de Simón Casal na liña doutros documentais de corte histórico como ‘O reino dos suevos’, de tan boa acollida por parte do público. O documental constrúese en coprodución de División XL Producciones, S.L. con RTVE e Simón Casal de Miguel, e conta tamén co apoio do Concello da Coruña.

_**‘Hoxe e o resto do mundo’** é unha obra dirixida por Cecilia Díaz desde o círculo íntimo de Isaac Díaz Pardo, que pretende ofrecer unha visión global do artista nunha película híbrida entre o documental e a ficción. Estamos ante un documental cunha estética vangardista que busca a veracidade periodística. A proposta formal e narrativa deste documental profunda na estrutura poliédrica e o universo de Isaac Díaz Pardo, referente indiscutible da historia do século XX.

Con estas achegas á produción cinematográfica a CRTVG dá continuidade á súa estratexia de apoio ao sector audiovisual, que cada vez está tendo un maior impacto no mercado internacional.

5.3 Relación global co sector audiovisual

O papel de CRTVG en relación ao sector audiovisual galego é moi significativo e de gran relevancia, xa que se basea na aposta permanente polo talento creativo, artístico e técnico do territorio. Este labor concrétese en diferentes fórmulas de apoio e colaboración:

- A produción propia externa alimenta os principais espazos de prime time da grella da TVG que están realizados por produtores independentes galegos.
- A CRTVG conta cun protocolo de rexistro de proxectos que regula e permite canalizar dunha forma eficaz e homoxénea as propostas creativas que chegan desde o sector.
- Do mesmo xeito, regúlase a liña de apoio aos proxectos cinematográficos que nacen desde Galicia en cumprimento da lei do chamado 6%, promovendo a construción de plans de financiamento sólidos que fomenten a coprodución e a competitividade.
- Ademais, CRTVG posibilita a construción de novas fórmulas de produción como pode ser o caso das series *premium* ‘Motel Valkirias’ ou ‘Operación Marea Negra’, ambiciosas coproducións internacionais que contan co apoio de grandes plataformas e garanten produtos de altísima calidade coa conseguinte visibilidade e posta en valor da lingua e do talento galego nos escaparates internacionais.
- Abórdanse tamén iniciativas pioneiras como a segunda convocatoria de contidos dixitais, xa mencionada, dirixida a novos produtores. O obxectivo da iniciativa é transcender a produción dos contidos tradicionais da tv lineal e focalizar en contidos concibidos especificamente para o mundo dixital e cunha linguaxe e narrativa propia das redes e dos distintos soportes transmedia, en consonancia co reto de acompañar o novo contexto e atendendo á demanda e aos novos hábitos de consumo dos espectadores.
- Por último, hai que sinalar outro tipo de achegas da CRTVG ao sector audiovisual que van máis alá da adquisición de contidos e que consisten na prestación de servizos tales como poden ser a dobraxe ou o subtítulado, entre outros, e que representan volumes relevantes en termos de servizo e mesmo orzamentarios. A estes habería que sumar as achegas en materias como os servizos de información, grafismos, alugueiros de estudos, traballos exteriores de apoio á produción e á circulación polas canles dixitais, ou colaboracións en diversos programas e proxectos de televisión, radio ou ámbito dixital.

A relación da Corporación Radio e Televisión de Galicia co sector audiovisual vai, polo tanto, máis alá da promoción do cine, pois abrangue programas de ficción, documentais, programas infantís, adquisición de produtos e servizos de todo tipo, de nova tecnoloxía ou de desenvolvementos.

No ano 2023 esta achega total da CRTVG ao sector atinxiu os 38 millóns de euros, que representan un 36% da achega de explotación recibida da Administración da Xunta de Galicia no correspondente exercicio. Datos que ademais son coincidentes coa media anual dos últimos quince anos.

5.4 Promoción e presenza exterior das producións galegas

A Corporación leva a cabo un intenso labor de promoción en eventos do sector audiovisual cos que se establece una conexión máis directa co público, dentro e fóra de Galicia. Estreas e lanzamentos de produtos audiovisuais en alfombra vermella logran unha gran repercusión nacional e internacional.

No 2023 este foi o caso da presentación da segunda temporada da serie 'Operación Marea Negra', en Madrid, ou a presentación da serie 'Motel Valkirias' en Lisboa e tamén en Santiago de Compostela, en marzo. Ademais organizouse a presentación con alfombra vermella da serie de produción propia 'Faro. O reencontro', no mes de abril, o que permitiu ter unha *premiere* coa presenza do equipo artístico para gozo do público e promoción do produto.

A busca de proxectos audiovisuais cunha clara vinculación coa nosa identidade cultural e co potencial necesario para traspasar fronteiras e captar o interese do mercado exterior é incesante. Tamén, as accións que desenvolve a Corporación para dar maior visibilidade aos contidos galegos grazas á presenza dos produtos e da marca de TVG en plataformas tan significativas como Netflix, Amazon ou HBO, ademais de nas tradicionais ventás de exhibición nas salas e nas propias televisións de todo o mundo.

Percorrido exterior de producións galegas

Televisión de Galicia mantén alianzas con socios europeos que propician sinerxías e acordos, máis visibilidade e máis capacidade de competir no mercado audiovisual global. Nesta liña, a canle pública galega esfórzase e apoia as iniciativas de distribución que impulsen o alcance dos produtos feitos en Galicia no mercado internacional aumentando o seu atractivo comercial.

Deste 2023 pódese destacar o éxito dalgunhas das series de ficción *premium* como a citada 'Operación Marea Negra', 'Motel Valkirias' e producións anteriores entre as que cómpre salientar o 'O sabor das Margaridas' e 'Auga seca'. Ao longo do pasado ano concretáronse algunhas accións comerciais con distintas plataformas dixitais para incorporar ao seu catálogo contidos en lingua galega correspondentes á librería de Televisión en Galicia. O interese da Corporación por seguir atopando fórmulas de coprodución e negocio reforzase coas oportunidades de explotación deses contidos que ofrece agora o contorno dixital e, de cara a 2024, a nova plataforma dixital propia da CRTVG.

6. O DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO

6.1 Pantalla xigante para a renovación do decorado do estudio 300 de TVG

A modernización do estudio 300 da Corporación Radio e Televisión de Galicia foi o proxecto máis relevante do ano 2023. A instalación dunha pantalla LED xigante de practicamente 36 metros de lonxitude lineal por case 3 metros de alto constitúe unha das actualizacións tecnolóxicas máis ambiciosas para os informativos diarios. Esta pantalla, xunto coa renovación das cámaras, e a renovación do chan, cornixas e mobiliario, non só mellora a estética do estudio, senón que tamén ofrece novas posibilidades para a presentación dos contidos. A integración da tecnoloxía de Samsung e o uso do software Watchout de creación gráfica da empresa Dataton, son exemplos de como a CRTVG está a investir na mellora da súa infraestrutura e na calidade da súa produción audiovisual.

6.2 Cadeas de cámara Panasonic para os estudos 300 e 150

Os estudos 150 e 300 da televisión foron modernizados cunha dotación de dez cadeas de cámara (cámara + unidade de control de cámara + control remoto de cámara) coa maior calidade de captación integrando a tecnoloxía de ultra alta definición 4K, co modelo AK-UC3300 da marca Panasonic. Estas cámaras achegan unha alta calidade ás imaxes nos programas producidos nos estudos da TVG. O modelo AK-UC3300 está equipado cun sensor 4K MOS S35mm de gran tamaño, o que permite unha excelente reprodución cromática con alta sensibilidade e baixo ruído. Ademais, é compatible con múltiples formatos UHD e HD, e tamén admite varios formatos simultaneamente, o que a fai moi versátil para as necesidades actuais de produción audiovisual.

Esta actualización tecnolóxica é un paso importante para CRTVG, permitíndolle manterse á vangarda na produción de contidos de alta calidade e mellorar a experiencia visual dos espectadores.

6.3 Nova cabina de almacenamento NAS e Scale-Out

A renovación continua da plataforma de produción de informativos da TVG, posta en marcha no 2019, é unha mostra do compromiso da CRTVG coa innovación e a mellora continua. Este tipo de actualizacións tecnolóxicas son fundamentais para que a CRTVG poida afrontar os retos futuros da industria audiovisual, mantendo a súa competitividade e ofrecendo contidos de alta calidade aos seus espectadores.

A nova cabina de almacenamento da tecnolóxica DELL que combina módulos de almacenamento A3000 e F200, integra unha capacidade superior aos 1000 TB e non só amplía a capacidade de almacenamento actual, senón que tamén establece as bases para futuras ampliacións e melloras.

Entre estas, a renovación do códec de produción ou a implantación dun novo sistema de produción para a redacción da Radio Galega, mostrando unha visión integrada e multifuncional dos medios de comunicación, onde a colaboración entre diferentes plataformas e formatos é clave para seguir avanzando.

6.4 Renovación da librería de cintas

Outro dos principais investimentos en equipamento acometidos durante o ano 2023 foi a renovación da librería de cintas de copias de seguridade. A anterior librería de cintas databa do ano 2011 e, a pesar das ampliacións que se lle foron facendo estes anos, xa non tiña capacidade para facer os backups nunha ventá de tempo asumible de todo o almacenamento que se estaba a salvagardar.

Con esta nova cabina pásase de manexar cintas LTO5 de 1,5TB/3TB a cintas LTO9 de 18TB/45TB, o que permite que cada volume a salvar ocupe unha soa cinta, e se poidan facer varios xogos de copias durante a ventá das fin de semana.

6.5 Ciberseguridade: novos protocolos de seguridade nos accesos VPN. Implementación da autenticación de dobre factor

Co obxecto de minimizar e anular riscos nas conexións remotas á rede corporativa, para garantir un maior nivel de seguridade nos accesos VPN implantouse o Dobre Factor de Autenticación nesa plataforma. Deste xeito, o usuario non só ten que validarse coas súas credenciais (contrasinal), senón introducir ademais un código de acceso variable, que lle aparecerá no seu teléfono móbil, no momento de validarse.

Medidas de ciberseguridade como esta teñen como obxectivo minimizar ataques cibernéticos como o experimentado pola Corporación neste 2023, incidente durante o que, gracias ás medidas de contención implantadas no momento do ataque, se garantiu en todo momento a continuidade da emisión, e a posterior e completa recuperación do funcionamento normal dos sistemas.

6.6 Plataforma de inscrición nos procesos selectivos da CRTVG

Conxuntamente co CIXTEC, creouse un contorno para a inscrición dos candidatos nos procesos de estabilización de emprego e de oferta pública de emprego na CRTVG. Neste contorno os aspirantes poden matricularse no proceso, pagar as taxas correspondentes e obter os resgardos necesarios para as seguintes fases dos procesos selectivos.

6.7 Proxecto de actualización da plataforma de tráfico de emisións (PROVYS)

A plataforma de tráfico de emisións e programación adxudicada, no seu momento, mediante concurso público, é PROVYS, da empresa DICT, S.A.

No último contrato de mantemento, tamén estaba incluída unha actualización desta versión do produto, que implicaba outras tarefas complexas, como a actualización da versión de base de datos, ou o despregue de novos elementos para servizos e elementos de integración.

Despois de máis dun ano de proxecto, esta versión púxose en funcionamento xunto coa correspondente formación aos usuarios da mesma e aos administradores e desenvolvedores internos para o desenvolvemento de aplicacións propias sobre este produto.

6.8 Ciberseguridade: implantación solución EDR e monitoramento de eventos

Dentro das medidas incorporadas pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) no que atinxe a ciberseguridade, atópase a adopción dunha solución EDR (Endpoint Detection and Response). As solucións EDR son un chanzo mais arriba dos antivirus na protección do posto de traballo, previndo situacións comprometidas mais aló da detección de virus pola súa firma, senón polos propios comportamentos sospeitosos de ataques. No ano 2023 procedeuse á súa implantación, ampliando a despregadura da mesma a todos os equipos críticos, xa sexan estacións de traballo ou servidores.

A implementación de ferramentas de seguridade como os dispositivos de protección avanzada EDR non é suficiente por si mesma para previr incidentes de ciberseguridade se non que a CRTVG conta tamén dende finais do ano 2023 cun servizo de monitoramento activo da información que provén as citadas ferramentas, para analizar os datos obtidos e detectar potenciais incidentes.

6.9 Mellora do sistema de climatización da sala principal de operación e cabinas da TVG

A incorporación de dous climatizadores VERTIV LIEBERT, Modelo MCL055_EC na sala técnica principal da TVG é unha mellora significativa que contribúe á estabilización da temperatura dos equipos da mesma.

Estes climatizadores son parte esencial da infraestrutura necesaria para garantir o funcionamento óptimo dos equipos dedicados á produción en San Marcos, sendo específicos para contornos onde a temperatura e a humidade poden afectar o rendemento e a fiabilidade do devandito equipamento.

Os climatizadores VERTIV LIEBERT MCL055_EC destacan pola súa eficiencia enerxética e polo seu deseño, que permite unha mellor xestión do aire e unha maior eficiencia no refrixeración. Ademais, a redundancia existente no sistema de climatización é crucial para manter a continuidade do servizo, xa que proporciona unha capa adicional de seguridade en caso de fallo dun dos dispositivos.

7. CANLES DIXITAIS EN DATOS

No 2023 a Corporación RTVG tivo que modificar a súa estrutura de medición e migrala ao novo sistema de Google, Google Analytics 4. Isto provocou integracións máis complexas na recompilación dos datos deste ano. Por outra banda, 2023 foi un ano de transición na estratexia dixital da Corporación RTVG, xa que en marzo de 2023 se iniciou a posta en marcha da implementación da OTT da Corporación.

Polo tanto, en 2023, mantívose a estratexia de diversificación en base aos consumos dos usuarios, tantos nas propias plataformas dixitais da CRTVG como nas súas redes sociais e con especial atención á difusión dos contidos a través das diferentes plataformas dixitais de referencia no mundo.

En 2023, hai que destacar os incrementos de g24.gal con respecto a 2022, especialmente no número de páxinas vistas, cun 213%. Tamén a web de noticias e directos, g24.gal, amosa 1.560.408 usuarios e 3.751.700 sesións, é dicir, un incremento do 46% e do 52%, respectivamente, respecto a 2022. Desta forma, consolídase o interese dos galegos e galegas polos servizos dixitais de información da Corporación. Pola súa banda, a web de entretemento, baixo o dominio crtvg.gal, con contido á carta de TVG e da RG, amosa 3.983.651 usuarios, 11.058.265 sesións e 33.252.175 páxinas vistas, é dicir, un 36%, un 32% e un 55% de incremento, respectivamente, con 2022.

O *streaming* medra na TVG cun 242% de incremento respecto a 2022. Tamén é destacable o incremento dos eventos deportivos da Radio Galega, en *streaming*, tanto desde o estudo multimedia (canle Mira Radio Galega) como o *streaming* de audio da emisora. Deste xeito amosa un incremento dun 434% con respecto a 2022. Mira Radio Galega incrementa nun 161% respecto a 2022. O éxito dos directos da TVG e de Mira Radio Galega faise extensible a YouTube onde conseguen clasificarse na primeira e segunda posición dos contidos máis reproducidos nesta plataforma.

As redes sociais de forma global seguen a medrar en 2023, amosando 452M de impresións, 11M de *engagement* e 260M de reproducións, é dicir, un incremento do 27%, do 34% e do 67%, respectivamente, respecto a 2022. Os contidos con maior *engagement* de 2023 correspóndense con contidos de #DígochoEu. #DígochoEu volve ser, un ano máis, o formato estrela dixital, especialmente en TikTok.

Cómpre destacar que a rede social X (Twitter) achega moito valor aos programas deportivos ('Ao contraataque', 'En xogo' e 'Galicia en goles'). Por outra banda, Facebook é a rede por excelencia dos programas de entretemento como 'Luar' e 'Land Rober Tunai Show', e mesmo 'O tempo'.

Con todo, os programas culturais como 'Diario cultural' funcionan moi ben, ao igual que os deportivos, en X (Twitter). Pódese mencionar tamén o incremento de 'Galicia en goles' no número de reproducións, cun 104%; así como todas as métricas de 'En xogo', que se incrementan nun 84%, nun 165% e nun 64% en impresións, *engagement* e reproducións respectivamente, en comparación con 2022. X (Twitter) é a rede preferente de consumo dos oíntes da Radio Galega, cun 57%, seguida de Facebook, cun 32%. Os seguidores da Corporación seguen as redes sociais deportivas de forma destacable en 2023.

O perfil de LinkedIn da CRTVG aumenta o número de seguidores en 2023 pasando os 2.000. A estratexia nesta canle é amosar ao público desta rede, de perfil profesional, os avances tecnolóxicos, a innovación e o posicionamento estratéxico da Corporación así como a súa actividade no eido da Responsabilidade Social.

Por último, hai que destacar que os rangos de idade nas redes sociais son practicamente os mesmos en todas elas, abarcando dende os 25 aos 54 anos.

En 2017 a Corporación iniciou un proxecto de DataHub para incluír todos os sistemas de medición cos que conta: Kantar, televisores conectados a través de HbbTV, redes sociais e marcas nas súas plataformas dixitais, a través de etiquetaxe, coa propia ferramenta do DataHub. Durante 2023, o sistema de etiquetaxe implementouse na futura OTT da Corporación RTVG.

A partir de xaneiro de 2024 o DataHub estará enriquecido cunha data común nos diferentes Fronts e dispositivos cos que conta a OTT (web, APPs nativas iOS e Android, APP para Samsung e LG, Fire TV de Amazon e Apple TV e Android TV). A OTT achegará un novo escenario para o proxecto de DataHub e abrirá novos camiños na medición única.


Ademais, co proxecto do Data Hub a Corporación participou no TAM@Scale de Kantar para mellorar a audiencia televisiva, aportando unha maior granularidade do dato con curvas de audiencia máis suaves e a redución de cerros técnicos.

7.1 Datos estatísticos

As plataformas dixitais da CRTVG remataron 2023 con seis millóns de usuarios, 15 millóns de visitas e 42 millóns de páxinas vistas, o que representa un incremento do 36%, do 34% e do 36%, respectivamente, con respecto a 2022.

A aposta polas redes sociais implica unha conversión do 35% dos usuarios que se achegan a través destas as diferentes plataformas dixitais, seguido de forma moi igualada da busca directa, a través de buscadores, co 32% dos usuarios e o tráfico directo, cun 31%.


Gráfico 1. Conversión do tráfico das plataformas dixitais da Corporación RTVG (Porcentaxe). Fonte: Google Analytics 4



7.2 Datos demográficos e xeográficos

A idade dos usuarios das plataformas dixitais da Corporación está repartida como segue: o 5% no tramo xuvenil, 18-24 anos; un 8% entre os 25 e 34 anos; o 14% no tramo entre os 35 e os 44 anos; un 28% entre as persoas entre 45-54 anos; un 26% de 55 a 64 anos, e un 20% son usuarios maiores de 65 anos.


Gráfico 2. Perfil de usuarios nas plataformas dixitais da Corporación RTVG. Fonte: Google Analytics 4



7.3 Acceso a través de dispositivos

O acceso máis habitual dos usuarios plataformas dixitais da Corporación é a través do móbil, cun 77% dos mesmos, seguido polos usuarios que acceden a través de ordenador que amosan o 20%. O resto, un 3%, accede a través de tabletas.

Gráfico 3. Dispositivos de acceso a *crtvg.gal* (Porcentaxe). Fonte: Google Analytics 4



8. DOCUMENTACIÓN E ARQUIVO DA CRTVG

Tras uns anos intensos de adaptación do Servizo de Arquivo e Documentación da CRTVG á nova contorna dixital e de optimización das ferramentas técnicas, parella á levada a cabo na Televisión de Galicia, no 2023 comezaron os traballos de reacondicionamento físico deste servizo e dos seus fondos.

Procesos de reorganización, etiquetado, clasificación e dixitalización de fondos foron desenvolvidos este ano nun proceso esencial para a conservación da riqueza audiovisual contida tanto nos espazos físicos como nos servidores.

A dixitalización do Arquivo histórico continuou o seu curso coas dificultades inherentes á antigüidade dos formatos e dos medios técnicos que fan posible este proceso. O 2023 amosa cifras similares aos anos anteriores, con arredor de 12.000 horas dixitalizadas soportadas nuns 20.000 assets, o que se simultaneou coa revisión e mellora da catalogación e clasificación existente.

A atención de solicitudes externas continuou crescendo ao longo do ano, superando o 75% de incremento anual con respecto ao 2022. O interese de produtoras e canles de televisións en comprar ou intercambiar imaxes do Arquivo de CRTVG para incorporar ás súas producións continúa medrando cos anos ao compás do crecemento da antigüidade do fondo. Ademais, neste aspecto comercial do servizo, comezáronse a xestionar tamén as vendas de producións íntegras a outros medios negociadas desde a Área de Innovación da Corporación.

O traballo cotián de entrada e catalogación de materiais de produción nativos dixitais acadou cifras similares a anos anteriores. Anualmente o Arquivo asume unhas 20.000 horas de imaxes soportadas nuns 50.000 assets. Estes datos non contempla o material adxunto ás producións e que tamén se xestionan (fotografías, guións, escaletas... un gran número de ficheiros de interese que se asocian ás súas respectivas producións). En definitiva, o gran reto deste servizo é asimilar adecuada e eficientemente o enorme número de horas de traballo diario facendo visibles e recuperables os contidos audiovisuais en tempos practicamente inmediatos.

8.1 Reorganización do Arquivo histórico (físico)

A reorganización do Arquivo histórico da CRTVG vén completar o proceso iniciado coa dixitalización da Televisión de Galicia, e abarca o proxecto relegado de redistribución do servizo e a recuperación de fondos non rexistrados ata a data.

Creación de assets e dixitalización de fondos históricos físicos (soporte cinta) e dixitais, que non foran incorporados anteriormente ao Arquivo. Destes fondos físicos, cabe destacar:

- o Brutos de gravación do programa ‘Alalá’ entre 2006 e 2015.
- o Rexistro e creación de assets sen catalogar dos anos 1986 e 1987.
- o Versións *clean* das reportaxes editadas do programa ‘Vivir o mar’.
- o Programas de fondos sen catalogar.

Outro importante traballo de recuperación foi a selección e baleirado do denominado “parking”, un espazo de almacenamento dixital compartido xerado para albergar material bruto de gravación e programas emitidos en calidade superior á empregada durante a etapa analóxica.

Este proceso supuxo unha redución de almacenamento deste espazo desde os 93 Tb aos 27 Tb actuais, dos que só unha carpeta con 6 Tb corresponde a Documentación.

A seguintes táboas resumen os traballos máis importantes levados a cabo neste eido:

Recuperación de materiais sen rexistrar nas bases de datos	
Creación de assets e dixitalización	
<i>Programas de fondos sen catalogar</i>	86
<i>Programas do “Parking” (‘Polo camiño da Fe’, especiais.) dos anos 2016,2017 e 2018</i>	33
<i>Brutos do programa ‘Alalá’ entre 2006 e 2015</i>	1500
<i>Brutos arquivados no Parking (dos programas ‘Luar’, ‘Vivir aquí’, ‘Deportes’)</i>	80
<i>Reportaxes editadas do programa ‘Vivir o mar’</i>	166
Creación de assets	
<i>Rexistro de brutos de fondos sen catalogar dos anos 1986 e 1987</i>	600
Total recuperación materiais sen rexistrar	2465

Por outra parte, xa seleccionados pero pendentes de etiquetado e dixitalización, quedan os seguintes fondos xa revisados no 2023:

Reconto de materiais sen clasificar		
	Cintas	Formato
<i>Brutos de deportes da G2 (compactos 30B)</i>	1.500	DVCpro
<i>Brutos variados nos 10 tramos da estantería do tratamento de brutos</i>	2.400	Varios
<i>Brutos das delegacións (compactus 12B e 13A)</i>	5.000	DVCpro
<i>Brutos das delegacións (compactus 13A)</i>	1.000	DVCpro
<i>Promocións de PGMS externa (compactus 16B)</i>	400	DVCpro
<i>Brutos do programa 'Vivir o mar' (compactus 16B)</i>	300	Varios
<i>Brutos proxecto 'Rande' (compactus 17A)</i>	140	Polgadas
<i>Brutos varios do compacto 17A</i>	150	Varios
<i>Brutos do programa 'Encontros'</i>	1.000	Varios
<i>Brutos pendentes do programa 'Galicia Enteira'</i>	300	Varios
<i>Brutos e material variado (diapositivas) de Allea Externa (Compactus 8A)</i>	2.000	Varios
<i>Caixas e materiais diversos (8 caixas)</i>	500	Varios
Total	14.690	

Proxecto de recolocación e nova organización do depósito do Arquivo histórico

Fíxose necesario pensar na recolocación das series de Arquivo, nun depósito que creceu ata finais do 2017 e no que se incrementaron series novas procedentes de achegas a destempo. O resultado plasmouse nun novo plano do Arquivo que suporá un movemento de máis de 16.000 cintas; arredor de 1.000 discos duros e todas as copias de informativos locais en soportes de visionado. Igualmente a nova recolocación afectou tamén aos materiais complementarios das producións en papel contidos nos expedientes relacionados. Este proxecto, aínda que xa adiantado, deberá ser remodelado á vista das futuras e necesarias obras de adaptación do Arquivo á nova normativa antiincendios.

8.2 Optimización do Arquivo Dixital

O Arquivo dixital precisa tamén de renovación e adaptación das súas estruturas de datos para unha maior operatividade na recuperación de información. Entre o desenvolvido no 2023 pódese destacar:

a) ***Reorganización da árbore de departamentos e clasificación de materiais:***

Renomeáronse os subdepartamentos de Tedral para poder clasificar os materiais de media relacionada que entran polo fluxo de inxesta de Produción Allea e Externa. Esta operación para o control do número de recursos audiovisuais e a súa adscripción adecuada estableceu a seguinte estrutura baixo o título “Departamento de Programas” :

Programas:

- Brutos
- Especiais – Retransmisións
- Materiais adicionais
- Promocións
- Seriados
- Unidades

Despois de cargar a nova estrutura, procedeuse á clasificación da media relacionada que entraba indiscriminadamente na raíz do Departamento de Programas. En 2023 clasificáronse máis de 3.000 ficheiros de brutos; 9.000 de promocións e 1.000 de materiais adicionais (clips, pezas, secuencias...).

b) ***Xeración da árbore de series e subseries***

Actualizouse a estrutura para a navegación entre os diferentes programas do Arquivo, que permanecía estable desde a migración de datos de 2017. A nova clasificación permite unha navegación máis sinxela e facilita o proceso de toma de decisións tanto no que respecta á televisión convencional como á futura plataforma.

Esta actualización permitiu a comparación do contido do Arquivo co sistema de emisións e a trazabilidade do sistema, así como a conveniencia de determinados cambios entre os dous xestores (Tedral, de arquivo e Provys, de Emisións), imprescindibles para o control de existencias e a emisión. Tamén podería servir de base para un proxecto de integración entre a nova plataforma (Agalega.gal) e todos os sistemas que controlan os contidos propios ou alleos de CRTVG.

Actualmente esta estrutura conta con 3 categorías:

- Histórico allea – externa
- Histórico produción propia 1985-2018
- Programas e series desde 2018

No curso do 2024 completárase este traballo coa inclusión dos 2.700 títulos pendentes e a normalización da xeración de series e subseries para todo o material de nova produción. Proponse, como obxectivo para 2024, a creación dun grupo de coordinación entre responsables das distintas áreas (Provys, Tedral, Ux e AGalega) que traballe na normalización e unificación de títulos e etiquetas de clasificación, así como na normativización da carga de datos.

8.3 Dixitalización dos fondos históricos

No 2023 proseguiron os traballos de dixitalización dos fondos históricos do Arquivo, tarefa moi sensible e complexa por razóns como a súa antigüidade; a obsolescencia dos equipos tecnolóxicos; e a falta de compoñentes do material técnico necesario para este proceso.

Como xa fora explicado na memoria de servizo público correspondente a 2022, e se recolle no seguinte cadro, as horas existentes e rexistradas no Arquivo histórico da Corporación suman máis de 300.000 horas non redundantes.

Distribución horas Arquivo Histórico	
<i>Programas P.Propia e Externa (BD. DOPO)</i>	63.655
<i>Programas P.Allea e Externa (BD.-PAXE)</i>	43.834
<i>Informativos diarios (BD. INFO)</i>	37.292
<i>Compactados definitivos Arquivo (CINT)</i>	21.654
<i>Compactados definitivos Deportes (DEXE)</i>	27.272
<i>Brutos de Informativos e Programas (BRUT)</i>	95.593
<i>Brutos de Deportes (DEBR)</i>	16.467
<i>Axencias (INTE)</i>	4.836
TOTAL	310.603

A primeira tarefa foi facer unha estimación de horas dos materiais entregados fóra de prazo tras a dixitalización da TVG, todos en soporte cinta. Estímase que son preto 20.000 cintas e que poderían superar as 15.000 horas de contido audiovisual. No que atinxe aos fondos dixitais, custodiados en servidores alleos ao Servizo de Documentación durante a etapa analóxica, supuxeron un incremento do almacenamento en Tedral duns 30 Tb.

Unha das tarefas pendentes para este exercicio era completar un **inventario físico de cintas**, o que se resume no cadro seguinte:

Por formatos			
	Total cintas orixinais	Dixitalizadas a 1 de xaneiro 2024	Pendientes de dixitalizar a 1 de xaneiro de 2024
Polgada orix	14.483	3.329	11.154
Betacam total	181.548	24.436	157.112
Dvcpro	365.529	51.003	314.526
Total cintas	561.560	78.768	482.792
Por bases de datos			
	Total cintas orixinais	Dixitalizadas a 1 de xaneiro 2024	Pendientes de dixitalizar a 1 de xaneiro de 2024
Paxe	54.210	15.134	39.076
Dopo	71.287	47.267	24.020
Cint	28.872	7.586	21.286
Info	37.291	3.743	33.548
Dexe	27.272	1.608	25.664
Brut	286.779	2.384	284.395
Debr	49.401	834	48.567
Inte	6.448	212	6.236
Total cintas	561.560	78.768	482.792

En todo caso, os traballos de dixitalización seguen o seu curso con cifras que superan as 10.000 horas anuais sobre uns 20.000 assets. Aínda que o número de cintas dixitalizadas diminuíu no 2023, as cifras de horas e assets permaneceron estables debido a que se incrementou o número de informativos dixitalizados que teñen unha relación ficheiro/hora máis avultada. Esta dedicación á dixitalización de informativos supuxo un freo ao número de horas dixitalizadas durante o 2023, posto que o proceso para este tipo de cintas é moito máis lento.

As seguintes táboas amosan o reparto de horas anuais por cada sección, entre elas a de “Histórico” referida á dixitalización do denominado Arquivo físico:

DIXITALIZACIÓN DEPARTAMENTOS TEDIAL 2023		
<i>Deportes</i>	<i>assets</i>	13.096
	<i>horas</i>	3.054
<i>Histórico</i>	<i>assets</i>	20.631
	<i>horas</i>	11.801
<i>Informativos</i>	<i>assets</i>	45.141
	<i>horas</i>	9.400
<i>Programas</i>	<i>assets</i>	11.726
	<i>horas</i>	7.827
<i>Publicidade</i>	<i>assets</i>	2.224
	<i>horas</i>	13
	TOTAL ASSETS	93.605
	TOTAL HORAS	31.029

Dixitalización "Histórico" 2023		
Por Tipo de materiais		
<i>Brutos</i>	<i>assets</i>	1.907
	<i>horas</i>	1087
<i>Compactados</i>	<i>assets</i>	7.175
	<i>horas</i>	1769
<i>Deportes</i>	<i>assets</i>	2.732
	<i>horas</i>	1421
<i>Internacional</i>	<i>assets</i>	24
	<i>horas</i>	15
<i>PP externa – allea</i>	<i>assets</i>	3.340
	<i>horas</i>	2293
<i>Producción propia</i>	<i>assets</i>	3.543
	<i>horas</i>	2789
<i>Pgm informativos</i>	<i>assets</i>	1.506
	<i>horas</i>	1116
<i>Media relacionada</i>	<i>assets</i>	1.116
	<i>horas</i>	289
<i>Falsos históricos recuperados</i>	<i>assets</i>	2715
	<i>horas</i>	1217
	Total assets	21.540
	Total horas	11.996

Cintas dixitalizadas por formatos 2023	
<i>Polgadas</i>	150
<i>Betacam sp</i>	1125
<i>Betacam dixi- tal</i>	1644
<i>Dvcpro</i>	9843
<i>Ficheiros transc.</i>	441
TOTAL	12772

Neste apartado, propónse como obxectivo prioritario para 2024 retomar a selección e reciclado de brutos de gravación dos servizos informativos de TVG como expurgo preliminar para abordar a súa dixitalización, un traballo xa realizado para as gravacións entre os anos 1985 e 1994.

8.4 Atención de solicitudes externas

O novo sistema de solicitudes externas a través do portal web consolidouse durante 2023 como vía principal de entrada e rexistro. Está dispoñible no Portal de Transparencia da Corporación, en <https://www.crtvg.gal/formulario-documentacion>. Este sistema proporciona un control inmediato dos datos, a súa trazabilidade e unha xestión máis eficiente cun formulario no que o peticionario detalla o material que precisa e o uso que se lle vai dar.

As tarifas, renovadas xa no último trimestre do 2022, esixen unha revisión para a inclusión de aspectos novos e a modificación doutros, xa obsoletos polos constantes cambios do panorama audiovisual.

No 2023, o servizo de Documentación e Arquivo atendeu un total de 1.726 peticións externas fronte ás 968 atendidas en 2022, o que supón un incremento do 78,30%, dato que indica o grande esforzo adicional desenvolvido para atender as demandas. A actividade das produtoras audiovisuais continúa en ascenso, constituíndo o 78,97% das solicitudes cun incremento con respecto ao 2022 de máis do 100%. Isto débese tanto a peticións totalmente alleas como a un uso cada vez maior do Arquivo para programas de produción externa e propia interna con intercambios diarios. Aumenta o ritmo cada ano despois da reactivación da actividade das produtoras pola fin da pandemia e tamén polo crecemento da produción de contidos para plataformas de *streaming*.

Co obxectivo de comparar as cifras, expóñense a continuación as táboas correspondentes a 2021, 2022 e 2023.

Ano 2021

Tipo	Número	%
<i>Empresas</i>	27	3,37%
<i>Institucións/Organismos</i>	71	8,87%
<i>Produtoras</i>	378	47,25%
<i>Particulares</i>	317	39,63%
<i>Televisións</i>	7	0,88%
TOTAL	800	100%

Ano 2022

Tipo	Número	%
<i>Empresas</i>	48	4,96%
<i>Institucións/Organismos</i>	73	7,54%
<i>Produtoras</i>	629	64,98%
<i>Particulares</i>	199	20,56%
<i>Televisións</i>	11	1,14%
<i>Outras empresas</i>	8	0,82%
TOTAL	968	100%

Ano 2023

Tipo	Número	%
<i>Empresas</i>	69	4,00%
<i>Institucións/Organismos</i>	70	4,06%
<i>Produtoras</i>	1363	78,97%
<i>Particulares</i>	181	10,48%
<i>Televisións</i>	17	0,99%
<i>Outras empresas</i>	26	1,50%
TOTAL	1726	100%

No que atinxe a institucións e colaboracións de servizo público, pódense destacar algunhas das solicitudes atendidas que serviron como base para investigación e eventos públicos culturais:

- Museo Guggenheim de Bilbao: exposición de Giovanni Anselmo.
- Aula Castelao de Filosofía. Semana Galega da Filosofía.
- Consello da Cultura Galega. Exposición 'As xeracións do Montserrat'.
- Deputación de Pontevedra. Gala do Deporte Galego.
- Xunta de Galicia / Arquivo e Biblioteca de Galicia: Exposición 'Botamos un baile? Un século de orquestras de verbena en Galicia'.
- PAMP! (CITIUS. Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes da USC): modelo de intelixencia artificial de Ana Kiro para o AI Song Contest.
- Semana de Cine de Lugo 2023 (SECILUGO 45).
- Asociación Sociedade Cultural e Deportiva Condado SCD Condado: Festival de Poesía do Condado.
- Asociación de Tradución e Adaptación Audiovisual de España: Premios ATRAE Premios ATRAE de tradución e adaptación audiovisual.
- Museo Nacional de Antropoloxía.
- Concello de Viana do Bolo: apoio audiovisual para o recoñecemento de Interese Nacional do Entroido.
- Secretaría Xeral para o Deporte: Premios do deporte galego.
- Axencia de Turismo de Galicia: apoio audiovisual para o acto de peche do Xacobeo 2022-23.
- Casa Galega de Hospitalet: apoio audiovisual para a Liga de Bandas Galegas.
- Cineclub de Braga.
- Real Academia Galega (RAG): colaboración audiovisual para a edición de vídeos sobre Francisco Fernández del Riego.

9. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Desde o ano 1985, no que se crearon os medios públicos de Galicia, foise modelando unha lingua comunicacional que, ademais de actuar como un dos actores máis determinantes da normalización lingüística do galego (non de todo aínda recoñecido), foi definindo un modelo que se acepta como propio.

Este modelo maniféstase sobre todo na lexicografía e na oralidade, con virtudes e defectos en ambas, que por suposto non responden ao desexado, pero que son froito da variedade multidisciplinar e tamén, claro, das subxectividade e capacidades das persoas que interveñen.

Quizais nos primeiros anos de existencia se constataba unha maior intervención dos asesores lingüistas, pois sobre eles pesaba ir dando forma a ese primeiro modelo de lingua para os medios, con máis traballo, porque non había asistencias de fóra, e quizais con maior liberdade, por tanto maior responsabilidade, para que ese modelo combinase corrección, sedución e normalización, con atención especial ás características dun medio de comunicación, por tanto a unha terminoloxía específica do xornalismo e da comunicación, común ao sector.

Hoxe hai unhas asistencias externas que veñen axudar, alivian de traballo, resolven dúbidas de maneira inmediata e achegan seguridade, como o dicionario da Real Academia, a Fundeu ou o Nomenclátor da Xunta de Galicia.

O labor principal do equipo de asesores lingüistas da CRTVG consiste en supervisar e corrixir a lingua galega nos diferentes medios da Corporación, así coma en todos os textos administrativos, xurídicos e corporativos. O servizo intégrase na Dirección de Proxección Social, dentro da Oficina do Director xeral.

Desde o equipo de asesores lingüistas, formado por 9 profesionais, garántese que os textos e locucións se axusten á normativa gramatical e lexicográfica emanadas da Real Academia Galega. Este equipo resolve diariamente cuestións de realidades novas e de tratamento de topónimos e xentilicios do mundo, non sempre tratados pola RAG ou ás veces máis tarde.

Neste sentido, os lingüistas da CRTVG sempre resultaron ser, pola natureza do seu medio, os primeiros que se enfrontan a certos problemas terminolóxicos e de adaptación lingüística, o que supuxo sempre un plus de dificultade que non existe para outros equipos de lingüistas doutros ámbitos, que non teñen o problema da inmediatez.

O equipo tamén desenvolve, máis alo dos seus compromisos laborais, iniciativas de investigación e divulgación da lingua, con propostas pedagóxicas e de participación dos cidadáns, asumindo así en plenitude o cometido de normalizadores da lingua. Neste sentido, os lingüistas da CRTVG levan desde o ano 1985 traballando en propostas lexicográficas a realidades novas.

9.1 Adaptación a novas necesidades da Corporación

Desde os inicios da CRTVG os cometidos dos lingüistas fóronse adaptando ás ampliacións dos medios. Nestes últimos anos é xa unha realidade a atención que require a lingua dos contidos da CRTVG en redes sociais e, sobre todo, nas canles dixitais. Nesta liña, os asesores lingüistas asumiron novos roles na redacción da Radio Galega, na de Programas da TVG e na área de Produción Allea, dentro do departamento de Contidos. E, coincidindo coa aposta determinante da Corporación por promover os contidos dixitais e servizos complementarios da emisión en TDT, os portais G24.gal e crtvg.gal requiren tamén da súa atención e obrigan a reforzar a revisión destas ventás informativas nun arco horario máis amplo.

Así mesmo, os asesores asignados á redacción de Programas e na área de Produción Allea reorganizaron o seu traballo para adaptalo ás necesidades destas áreas, que afectan aos contidos de produción propia, programas en directo de produción externa, series de animación, cine e documentais.

9.2 Equipo de asesores lingüistas

Nove asesores lingüistas repártense nas distintas redaccións e departamentos da CRTVG, en distintas quendas horarias e de luns a domingo. A Radio Galega, as distintas redaccións da TVG e a área de Tempo Real, que cobre os contidos dixitais, contan con asesores que revisan a produción informativa e de entretemento, así como a documentación administrativa e corporativa. Tamén prestan cobertura a outros contidos, como os propios da área comercial, corporativa e administrativa.

9.3 Principais cometidos

Os principais cometidos do equipo de asesores lingüísticos son:

- Asegurar a corrección no uso da lingua das emisións e da documentación xerada de todo tipo.
- Coidar de que a lingua se axusta á doutrina gramatical e lexicográfica da Real Academia Galega. Dado que non existe unha gramática oficial como tal, e posto que o dicionario oficial está en fase de elaboración, os lingüistas da CRTVG encóntranse continuamente con dificultades que teñen que solventar con oficio lingüístico e sentido corporativo de medio público.
- Axudar a manter con coherencia un rexistro idiomático unha vez que se elixiu. As distintas propostas informativas e de entretemento poden presentar tamén distintas opcións diastráticas, dentro da corrección, que unha vez decididas se deben manter.

- Proporcionar recursos orais tradicionais e literarios como metaloxismos, figuras lóxicas, ironía, retransca ou riqueza de imaxes nas redaccións e descrições (aínda que haxa ilustración sonora e visual).
- Proporcionar material lexicográfico e fraseolóxico para conseguir un texto rico e afinado.
- Axudar no modelo entoativo e prosódico. Aínda que se realizaron varios cursos de formación nesta materia, o equipo de lingüistas sempre traballou con autonomía neste aspecto tan importante da lingua oral.
- Ofrecer, na medida do posible, un modelo de lingua da comunicación en galego recoñecible, académico sen renunciar á riqueza dialectal e que os galegos non sintan alleo nin artificial.

Ademais destes asuntos xenéricos, os asesores lingüísticos encárganse doutros aspectos extralingüísticos:

- Revisar e corrixir topónimos. Por defecto, revisan todas as entidades de poboación segundo o criterio do Nomenclátor de Galicia. Ademais de ser de obrigado cumprimento, como servizo público a CRTVG debe coidar de que ningún galego vexa o seu topónimo usado incorrectamente.
- Revisar e corrixir textos con criterios de edición, podendo tratarse de temas convencionais que en moitos casos presentan distintas solucións noutros medios de comunicación, coa obriga de ofrecer unha liña coherente por parte da CRTVG.
- Corrixir erratas ou equívocos. A inmediatez e a habitual celeridade e prontitude propios das redaccións informativas fan inevitables este tipo de descoidos, que o asesor lingüista detecta e corrixe en numerosas ocasións, servindo neste sentido de filtro de calidade.

Así mesmo, os lingüistas participan en todos os procesos de selección realizados na CRTVG para contratos en prácticas ou ampliación de listaxes en categorías laborais. No 2023 participaron en 29 probas. Tamén, o equipo de lingüistas mantén contactos coas autoridades institucionais e académicas en materia de lingua galega, co fin de aplicar as súas decisións, consultar dúbidas, recibir formación e manter, en xeral, unha comunicación enriquecedora.

Dentro destas relacións, cabe mencionar:

- Coa Real Academia Galega, en desenvolvemento do convenio asinado con esta institución.
- Co Centro Ramón Piñeiro, para achega de material informativo para fins investigadores, particularmente para as investigacións do Corpus de referencia do galego actual (CORGA).

- Coa Facultade de Filoloxía da USC e o Instituto da Lingua Galega, para consultas e formación dos asesores lingüistas da CRTVG. Esta relación é recíproca, pois contan tanto USC como ILGA coa CRTVG para solicitude de material gravado e para proxectos lingüísticos, tanto en Galicia coma fóra, nos que a lingua dos medios é motivo de estudo. Concretamente, este ano colaborouse co Centro Europeo de Asuntos Minoritarios a través dunha solicitude da USC.

9.4 Colaboracións de normalización lingüística

Os lingüistas da CRTVG tamén desenvolven iniciativas de investigación e divulgación da lingua, que teñen lugar nos distintos medios da CRTVG, con maior presenza nestes últimos anos no contorno dixital. Concretamente este ano:

- 'Apalabradas'. É unha colaboración no magazín da mañá dos sábados da Radio Galega do coordinador de lingüistas de CRTVG. Explícanse curiosidades lexicográficas, coméntanse correccións para un bo uso da lingua e recórdanse palabras que van estando en desuso.
- Colaboración semanal do coordinador do servizo no espazo informativo diario da TVG 'A revista'. Son intervencións didácticas e moi divulgativas sobre palabras que merecen comentario curioso ou que van perdendo uso no galego, procurando unha normalización lingüística través dunha pedagogía de fácil comprensión e que se faga o máis amena posible.

10. A PROXECCIÓN SOCIAL DA CRTVG

A Dirección de Proxección Social enmárcase na Oficina do Director Xeral da Corporación e conta cun equipo de traballo que asume a xestión diaria da comunicación institucional, a comunicación externa da programación e actualidade da Corporación, a atención ao público dos programas, o Buzón da galega, así como as relacións institucionais e co tecido social de Galicia.

Proxección Social inclúe os servizos de Coordinación Creativa, a área de Relacións Públicas, o servizo de Prensa, Responsabilidade Social Corporativa, así como a coordinación dos asesores lingüistas.

A planificación anual de comunicación corporativa desenvólvese baixo o territorio de comunicación da Dixitalización de Galicia. E un dos seus eixes de traballo principal é a Responsabilidade Social Corporativa (RSC) co deseño e produción das #AcciónsG, campañas de servizo público que se enmarcan nos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da ONU e que cada ano poñen o foco en distintas realidades e necesidades sociais e culturais ou na promoción de bos hábitos que poidan repercutir positivamente en primeiro lugar en Galicia e os galegos, pero cun enfoque global.

10.1 Responsabilidade Social Corporativa

#AcciónsG

As **#AcciónsG** son as iniciativas de Responsabilidade Social Corporativa da CRTVG. Son accións de produción propia que prestan visibilidade aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da ONU, con proxectos de valor para a sociedade que contribúan a solucionar os retos aos que esta se enfrenta. Desde 2018, a Corporación desenvolve un plan anual de #AcciónsG, visibilizando necesidades sociais e iniciativas vinculadas ao traballo da ONU, en ocasións da man de colectivos e entidades sociais. Estas campañas son deseñadas e producidas por equipos internos da CRTVG e quedan recollidas no seu propio espazo no portal crtvg.gal.

DESDE XANEIRO / CAMPAÑA ANUAL COGAMI

As AcciónsG da CRTVG apoiaron no 2023 a actividade da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade e as súas campañas de sensibilización social. Con temáticas diferentes ao longo dos 12 meses, os medios públicos galegos deron cobertura a través das súas canles e programas a cuestións como voluntariado, saúde, emprego, muller e discapacidade. Nesta acción involucrase moi especialmente o espazo 'Convivir' da Radio Galega.

MAIO / Campaña Letras Galegas

Como cada ano, creouse unha campaña de RSC que abrangue todos os medios da Corporación e que se implicaron na difusión do Día das Letras Galegas 2023, dedicado á obra de Francisco Fernández del Riego. Fixéronse contidos especiais en todas as canles e publicouse contido *ad hoc* na web g24.gal, na RG e soportes divulgativos que están reunidos na sección de #AcciónsG do portal corporativo: <https://accionsg.crtvg.gal/letrasgalegas2023/>

XUÑO / Campaña ImpactOceánico

Galicia é a comunidade de España con máis quilómetros de costa e a vida de milleiros de galegos leva séculos vencellada ao mar, por iso o 'Día da Xente do Mar' da ONU, que se celebra o 25 de xuño, tiña que ser unha data marcada no calendario de Responsabilidade Social Corporativa da CRTVG.

#ImpactoOceánico é o nome desta campaña que, amais do Día Mundial da Xente do Mar, recolleu tamén outra efeméride: o 50 aniversario do Convenio MARPOL. O MARPOL é o tratado creado en 1973 para loitar contra a contaminación do tráfico marítimo. Os obxectivos da campaña son concienciar sobre a importancia de coidar o noso océano e visibilizar o impacto deste convenio internacional que foi escalando as medidas de seguridade e sostibilidade ao longo dos anos. A CRTVG difundiu #ImpactoOceánico durante estes días a través da televisión, radio, canles dixitais e dun espazo web, un anuncio e un vídeo divulgativo sobre as medidas e avances que introduciu o convenio MARPOL no transporte marítimo internacional.

XULLO / BOLSAS SOLIDARIAS 'Saudade de ti'

Neste 2023, a CRTVG repetiu colaboración coa Fundación AdCor da Coruña, á que doou lonas divulgativas da serie de ficción 'Saudade de ti' que se emitiu este verán no *prime time* da Galega. Os usuarios do centro ocupacional desta entidade produciron bolsos que a Fundación puxo á venda. Esta 'Acción G' da CRTVG céntrase tanto no compromiso social da Corporación como no ambiental, no marco da economía circular.

OUTUBRO / Campaña #Poñámolo a cero

A CRTVG lanza unha nova #AcciónG de Responsabilidade Social Corporativa, **#PoñámoloaCero**, unha campaña de sensibilización arredor do Día Mundial da Alimentación, o 16 de outubro, día en que a ONU visibiliza a necesidade de reducir o desperdicio alimentario cifrado a nivel mundial no 17% entre os fogares, a restauración e o comercio.

Esta nova #AcciónG apoia tamén e difunde os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible número 3, Saúde e benestar, e o número 12, Produción e consumo responsables, que trata de cambiar o modelo actual de produción e consumo para conseguir unha xestión eficiente dos recursos naturais.

Televisión de Galicia e a Radio Galega desenvolven durante toda a semana accións divulgativas sobre a responsabilidade no consumo, as distintas iniciativas xurdidas para evitar tirar alimentos ao lixo e o traballo das entidades sociais galegas e da hostalería por reducir este feito. Un anuncio de televisión e para redes sociais, unha cuña de radio e unha web específica que recolle os distintos recursos e fontes informativas son parte da campaña que quere traballar para mellorar esta situación e “poñer a cero ese desperdicio”, así como contidos nos seus informativos e programas ao longo da semana.

NOVEMBRO / Semana coa Infancia

As accións de RSC da CRTVG atinxen tamén a colaboración co tecido social internacional con presenza en Galicia. Este é o caso de UNICEF, entidade coa que CRTVG levou a cabo en novembro a campaña da ‘Semana coa Infancia’.

No marco das súas AcciónsG de Responsabilidade Social Corporativa, a **CRTVG** desenvolve con UNICEF, entre o 20 e o 26 de novembro, a XIII Semana coa Infancia, unha campaña de concienciación arredor dos dereitos da infancia e arredor do Día Internacional do Neno. Ao longo da semana, xornalistas e presentadores da TVG e da Radio Galega divulgaron os artigos recollidos na Declaración dos Dereitos da Infancia e Adolescencia coa finalidade de avanzar no seu cumprimento poñendo voces e rostros á campaña.

DECEMBRO / FESBAL (Bancos de alimentos)

A través do convenio entre FORTA e FESBAL, as radios e televisións públicas autonómicas emitiron en decembro a campaña de sensibilización para fomentar a doazón de alimentos que se destinan a persoas desfavorecidas. Na CRTVG, ademais, entre outras accións de sensibilización e información nas grellas da TVG, a Radio Galega ou as redes sociais, o espazo ‘Quen anda aí?’ repetiu a recollida de alimentos, en directo, no plató do programa na semana anterior ao Nadal, que xa fixera no ano 2022.

DECEMBRO / A Radio Conta

A Radio Galega segue a ser unha das entidades líderes do proxecto A Radio Conta, no que participan oito emisoras públicas e privadas da Coruña. A Radio Galega é membro fundador desta iniciativa e ademais presta o soporte técnico preciso para desenvolver esta acción.

No Nadal de 2023, a emisión tivo lugar o 30 de decembro, cun programa de tres horas desde o Teatro Colón dedicado á Asociación de Bulimia y Anorexia de A Coruña (ABAC).

O programa emítese simultaneamente nas oito emisoras que participan na iniciativa: Radio Galega, RNE, Radio Coruña Cadena SER, Radio Voz, On-da Cero, COPE, Radio Marca e InterCoruña, así como nas súas respectivas canles de *streaming*.

Informe de Progreso de Pacto Mundial das Nacións Unidas

No 2023, a CRTVG adaptouse ás novidades establecidas polo Pacto Mundial de Nacións Unidas que de agora en adiante substitúe a edición dunha memoria anual de RSC, que a Corporación producía desde hai 12 anos, polo cumprimento dun cuestionario *on line*. Aínda que neste exercicio este cumprimento foi voluntario, a CRTVG abordouno para deixar rexistro do traballo desenvolvido no eido da súa RSC o ano anterior, o 2022.

Desde o Portal de Transparencia dos medios públicos (<https://www.crtvg.gal/crtvg/portal-de-transparencia>) creouse un acceso directo ao portal web da organización <https://unglobalcompact.org>, de xeito que se facilita a consulta desta información, que é pública. No portal de Pacto Mundial atópase o histórico de todas as memorias editadas ata agora pola CRTVG, que foi a primeira televisión en España que seguiu este modelo de rendición de contas con información sobre recursos humanos, a relación co sector audiovisual galego como principal provedor de contidos ou sobre a rendición de contas que se desenvolve diante dos mecanismos de control, como o Consello de Administración ou o Parlamento de Galicia.

Transparencia

O Portal de Transparencia da CRTVG foi renovado no 2023, no marco do redeseño da web [crtvg.gal](https://www.crtvg.gal). Está conformado por catro grandes bloques: información institucional (organigrama, definición estratéxica, anuncios corporativos, referencias legais...), actividade corporativa (orxamentos, contratos, Plan de Actuación...), de responsabilidade social (sección #AcciónsG, informes de Pacto Mundial e contidos do eido da autorregulación) e a área de interacción cos usuarios, ligada tamén ao Portal de Transparencia da Comunidade Autónoma. O Portal está dispoñible en: <https://www.crtvg.gal/crtvg/portal-de-transparencia>

Responsabilidade social na publicidade

O control da publicidade que se emite nas canles e soportes dixitais da Corporación lévase a cabo a través de distintas vías. Unha delas é o control desde o Consello de Administración da CRTVG que desenvolveu xa no 2017 unhas normas reguladoras da comunicación comercial audiovisual, das que cabe resaltar que contan cun capítulo específico sobre a imaxe da muller (Título II, cap. 3).

Este documento é accesible e está dispoñible na sección 'Normativa' en <https://www.crtvg.gal/gl/crtvg/portal-de-transparencia/informaci%C3%B3n-comercial>

Por outra parte, a CRTVG está comprometida cunha serie de acordos e regulacións:

- A Asociación para a Autorregulación da Comunicación Comercial, entidade da que CRTVG é membro e que vela polas boas prácticas da publicidade en España, seguindo un Código de Conduta.
- Normas internas de *product placement* para evitar a confusión da publicidade con outros contidos dos programas da CRTVG.
- En 2023, unha representante da CRTVG continuou a participar na Comisión Asesora de Publicidade non Sexista, creada no ámbito do Observatorio Galego de Violencia de Xénero, constituído en 2014. A mesma representante participa como xurado no certame escolar anual de carteis do Día Internacional da Muller da Xunta de Galicia, e do Día Internacional Contra a Violencia de Xénero.

10.2 Coordinación creativa

Crear a identidade visual de moitos dos produtos de TVG, a Radio Galega e as canles dixitais é unha das principais responsabilidades desta área, que tamén achega solucións de deseño ás campañas e pezas promocionais das canles, ás #AcciónsG de RSC, así como ao traballo diario do servizo de comunicación externa da Corporación.

Entre o labor desenvolvido no 2023, hai que salientar o traballo previo ao lanzamento da plataforma dixital prevista para inicios de 2024, no eido do deseño e solución gráfica tanto de AGalega.gal como das súas app de audio e contidos infantís.

Así mesmo, esta área é responsable do deseño e produción de todas as #AcciónsG detalladas anteriormente neste mesmo capítulo. Isto implica o proceso integral, desde a súa conceptualización e a produción dos contidos ata a coordinación coa área de Emisións da TVG, a Radio Galega e a área de redes sociais para a difusión de cada campaña.

No caso da campaña de UNICEF, que cada ano ten lugar no mes de novembro arredor do Día Internacional do Neno, producíronse 12 pezas de vídeo sobre os dereitos da infancia, coa participación das caras máis visibles da TVG, presentadores e xornalistas dos servizos informativos, O tempo e Deportes que colaboraron nesta acción arredor da Semana coa Infancia.

Ao longo do ano, creáronse tamén, entre outras, as seguintes pezas:

- As cortinas promocionais de TVG en primavera, verán, outono, inverno, Letras Galegas e Nadal.
- Vídeos promocionais do Día Mundial da Radio.
- Pezas promocionais temáticas para a G2 'Moito máis que 2'.
- A identidade gráfica dos novos podcasts da Radio Galega e da Radio Galega Música: 'Estudio 3 desclasificados', 'Mundo raro', 'A lista negra', 'Zeta', 'Un ollo de vidro', 'Paseo polo museo' e 'O impostor', entre moitos outros.
- Pezas promocionais para a instalación dos programas en exteriores de 'Convivir deportivo' da Radio Galega e deseño e creación do mapa interactivo dos concellos visitados por este programa.

Ademais, o coordinador creativo produce ao longo do ano as imaxes promocionais de presentadores e colaboradores dos espazos da TVG, da radio e das redes sociais, traballando pola coherencia deste material coa identidade corporativa. Tamén fai a cobertura fotográfica de eventos da Corporación como presentación de programas, estreas e programas especiais ('Luar Fin de Ano', 'Tanxuverbena', 'Gala Premios DigochoEu, etc.) así como das imaxes que se poidan precisar de instalacións, visitas institucionais ou eventos internos.

Por outra parte, esta área colabora coa Dirección de Contidos da TVG na creación da imaxe e dos anuncios promocionais dos concursos anuais 'A canción do verán' e 'A canción do Nadal', así como na creación da identidade visual e cabeceira do espazo 'No carro da música', producido desde a área de novos medios dixitais.

No eido da comunicación corporativa, coordina os contidos e funcionamento do mosaico de pantallas de benvida do vestíbulo da Corporación e é responsable da conceptualización e produción dos vídeos promocionais destinados ás accións conxuntas de comunicación da rede de canles de FORTA. Tamén crea os deseños do *merchandising* corporativo -paraugas para Informativos, camisolas, bolsas, cuncas...- así como a axenda anual da CRTVG, agasallo que os traballadores reciben cada inicio de ano.

10.3 Comunicación e relación co público

O 'Buzón da Galega'

O departamento de Proxección Social da CRTVG segue a ser unha das vías de comunicación principais coa sociedade galega. Esta área engloba o servizo de relacións públicas e de Prensa, desde o cal se atende o "Buzón da Galega", a través da conta de correo electrónico info@crtvg.gal, que segue crecendo como vía de conversa coa audiencia.

No 2023 contestáronse 2.579 mensaxes arredor de cuestións como a programación, incidencias, suxestións, queixas e mensaxes tanto de apoio como críticas coa liña de programación da canle.

Información sobre os produtos e servizos

Informar sobre a actualidade da Corporación e a programación das súas canles forma parte do traballo do servizo de Prensa, que atende e responde tamén ás diversas consultas chegadas doutros medios de comunicación como parte do seu labor de servizo público.

Diariamente remítese información e imaxes sobre os contidos das grellas e as novidades de TVG e Radio Galega a través de, entre outras canles, o portal web e o envío dos formatos que precisan os sistemas de información das plataformas dixitais, ademais de remitir comunicados e material audiovisual ás redaccións de xornais e medios especializados.

Non queda ningunha consulta dos medios sen responder. A CRTVG pide, logo dun primeiro achegamento por calquera vía, unha comunicación por escrito para que quede constancia e transparencia de todas as interaccións cos diferentes medios de comunicación. Neste 2023 contestáronse peticións de medios como *La Voz de Galicia*, *El Progreso*, *El Correo Gallego*, *Faro de Vigo*, *Cadena SER*, *El País*, *Público*, *Nós Diario*, *Praza Pública* ou *eldiario.es*, entre outros.

O servizo de Prensa encárgase tamén da subministración diaria de información sobre a programación de televisión ao sistema EPG de guía de pantalla do televisor conectado á rede dixital terrestre (TDT), onde se atopa tamén información de clasificación por idade ou control parental. Os comunicados da CRTVG, que no 2023 foron 1.830, reflíctense tamén nas redes sociais corporativas.

Visitas á CRTVG

A área de Relacións Públicas da CRTVG desenvolve unha actividade continuada de xestión e asistencia ao público e aos convidados dos programas de entrevistas e faladoiros da TVG e a Radio Galega. Neste 2023, foron 16.860 persoas desagregadas en:

- Informativos e programas de Televisión de Galicia, 15.015 persoas.
- Escolares, 1.499 persoas
- Convidados da Radio Galega, 346 persoas

10.4 Igualdade e inclusión

10.4.1 Igualdade e tratamento da violencia de xénero

O compromiso coa igualdade de xénero reflíctese na CRTVG a nivel corporativo e de contidos, dun xeito transversal e tamén mediante campañas específicas que ao longo do ano promoven unha imaxe igualitaria entre homes e mulleres e amplifican as accións desenvolvidas polo tecido social galego.

Desde os servizos informativos da TVG e Radio Galega aténdese a actualidade xerada en Galicia, e fóra do país, sobre a igualdade de xénero e na loita fronte á violencia contra as mulleres. No 2023 seguiu a emitirse ademais o espazo 'En feminino singular', divulgando perfís profesionais e referentes en distintos eidos.

Nas datas de maior visibilidade institucional, o 8-M, Día Internacional da Muller, e o 25-N, Día Internacional para a Eliminación da Violencia de Xénero, a TVG e a Radio Galega despregan unha actividade máis acusada no seu papel sensibilizador. Toda esta actividade e programación ten oco tamén nas redes sociais, tanto corporativas como dos distintos programas, así como nos espazos nativos dixitais que cada ano teñen máis presenza como ferramenta esencial do diálogo co público.

8-M, Día Internacional da Muller

Na véspera da efeméride, TVG estreou a longametraxe documental 'Nación', que pescuda arredor da historia das mulleres traballadoras galegas durante os anos 60 e 70 na fábrica de louza da empresa Alfares de Pontesampayo, S.A. (Pontesa). O propio 8-M, TVG emitíu un especial de 'Vivir aquí (Fabricadoras de traballo e xustiza)', que se centrou nas mulleres da Fábrica de Tabacos da Coruña, e un capítulo de 'Historias mínimas' sobre cinco mulleres loitadoras que decidiron compartir as dificultades que marcaron as súas vidas e os seus segredos para superar os momentos máis duros.

A cobertura dixital deste episodio de 'Historias mínimas' tamén foi especial, xa que as cápsulas de cada entrevista se divulgaron a través de YouTube e das redes sociais, neste último caso con anacos delas adaptados á linguaxe de Twitter, Instagram e TikTok, para achegar este contido aos distintos perfís da audiencia.

Na G2 programouse o documental 'Onde máis doe', produción sobre a violencia machista baseada nun feito real, o asasinato dun neno de 11 anos a mans do seu pai, que o xurado determinou que foi feito para castigar a nai.

Así mesmo, divulgouse un vídeo nativo dixital no que, a base de números, se afoitou no problema da desigualdade con datos que se reflicten nos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible, que a Asemblea Xeral da ONU adoptou o 25.09.2015, obxectivo 5, igualdade de xénero).

No eido do entretemento, o magazine da tarde ‘Quen anda aí?’ abordou durante toda a semana do 8-M un amplo abano de aspectos sobre o papel da muller na sociedade con numerosas testemuñas de todos os eidos.

Desde a Área de Información e Documentación, a temática foi amplamente abordada tamén desde distintos espazos, con entrevistas e mesas redondas no ‘Bos días’ e tamén en ‘A revista’. A TVG realizou coberturas informativas sobre os actos sociais convocados en cidades e vilas, as marchas estudiantís e sindicais que se levaron a cabo na mañá do 8-M, con puntos de directo en Vigo e Madrid, así como dos actos institucionais organizados por concellos, deputacións, a Xunta de Galicia e o Goberno central e dos actos políticos e sindicais nesta xornada.

Na mesma liña, na **Radio Galega** o magazine ‘Galicia por diante’ practicamente configurouse como un monográfico sobre o Día Internacional da Muller, con puntos de directo desde lugares nos que se estaba desenvolvendo algún tipo de actividade ou evento para conmemorar a data e conexións e entrevistas ao longo de toda a mañá. ‘A bóla extra’ centrouse na efeméride coa participación da audiencia e conexións desde Vigo con motivo da mesa redonda “A muller dende unha perspectiva de xénero no eido do mar e do granito”, na que participaron expertas do sector naval, a pesca e a industria do granito.

No ‘Diario cultural’ abordáronse entrevistas con autoras de obras sobre feminismo e maternidade, e nos espazos ‘A tarde’ e ‘Convivir’ seguiu-se nesta liña dándolles prioridade especialmente a actividades que se materializaron dende os ámbitos privado e educativo como talleres en centros educativos e entrevistas a mulleres referentes nos seus sectores profesionais (industrial, deportivo, cultural...).

O deporte feminino foi tamén recoñecido desde a emisora pública, que presta un tratamento continuado ao longo do ano ao papel da muller no deporte galego. Arredor do 8-M, ademais, entrevistouse a fundadora da sección feminina do Club de Rugby Arquitectura Técnica da Coruña (CRAT) e a presidenta do comité organizador do Rally Terra da Auga. Desde o programa ‘Ao contra-ataque’ emitíuse unha entrevista en profundidade coa padexeira galega que foi seis veces deportista olímpica.

Os servizos informativos da Radio Galega, a través das súas diferentes edicións diarias e da fin de semana, resumiron toda a actualidade que xerou a xornada, con entrevistas a voceiras de plataformas e responsables das admi-

nistracións públicas. A isto súmase a ampla cobertura dos actos conmemorativos e mobilizacións da xornada desde os micrófonos da Radio Galega, tanto das institucións, sindicatos e entidades galegas como do Goberno central.

[25N, Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres](#)

A finais de novembro, os medios públicos volveron despregar unha atención especial aos contidos vinculados a esta efeméride que se celebra cada 25-N e que foron elaborados ou difundidos pola TVG e a Radio Galega tanto desde as áreas de Información e Documentación como a de Contidos.

Na TVG, o primeiro informativo do día, 'Bos días', emitiu entrevistas coa secretaria xeral da Igualdade e coa coordinadora do Programa de atención a mulleres vítimas de violencia de xénero do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, así como pezas informativas nas que se resumiron os actos políticos e institucionais, as iniciativas de asociacións e outras entidades, as mobilizacións sociais e as manifestacións que se efectuaron en localidades galegas e noutras cidades do Estado.

No magazine 'A revista', convidouse a autora dos títulos 'Matriarcas. Mulleres en pé de vida' (2011), 'Un cesto de mazás. Memoria das vítimas do 36 e do tempo que veu' (2015) e 'Invisibles' (2017) e do texto 'As que quedaron' (que se inclúe no libro 'Do gris ao violeta. Achegas á historia das mulleres en Pontevedra') (2016), e a vítimas de maltrato que ofreceron os seus testemuños.

No eido informativo, o espazo 'Galicia noticias' emitiu unha reportaxe sobre a concienciación de escolares dun centro educativo ourensán en materia de igualdade e prevención e resposta fronte á violencia machista, e os distintos telexornais cubriron amplamente a axenda diaria relacionada coas actividades conmemorativas da efeméride: actos políticos e institucionais, pero tamén poñendo énfase en determinadas iniciativas privadas de asociacións e entidades empresariais e nas mobilizacións sociais. Entre outros, emitíuse información sobre un curso de autodefensa para mulleres ante situacións violentas que se impartiu en Ponteareas, no marco do convenio que subscribiron a Secretaría Xeral da Igualdade e a Federación Galega de Loita e Disciplinas Asociadas, así como actos dos distintos partidos políticos e as mobilizacións convocadas en cidades de toda Galicia.

O tempo de cultura, co espazo 'Zigzag', atendeu cuestións como o teatro como ferramenta de cambio social e iniciativas da escena sobre a violencia contra a muller. Así mesmo, emitíronse reportaxes para facer visible a literatura na sensibilización da sociedade contra a violencia machista e sobre a exposición da Deputación Provincial de Pontevedra en Vigo 'Un pequeno xardín'. A metáfora dun mundo imaxinario, unha mostra multidisciplinar de cinco mulleres que constrúen paisaxes que son un reflexo das súas personalidades.

Nos deportes, houbo tamén unha cobertura específica das accións dos equipos galegos de deporte feminino, incidindo na importancia do deporte para fomentar a educación na sociedade. Este 2023 foi o ano de maior presenza do deporte feminino nas seccións de información. Superáranse as 1.200 novas, sen contar as numerosas retransmisións e reportaxes emitidas pola G2.

A Área de Contidos programou contidos a prol da igualdade e a eliminación da violencia machista en espazos como o magazine da tarde 'Hora galega' ou 'Xuntos en directo', na fin de semana, que fixo unha alegación a favor da eliminación da violencia machista e informou sobre o número telefónico 016, dato que se inclúe en toda a programación da canle. E emitíuse así mesmo a longametraxe 'Sicixia', na que está presente a violencia machista. No 'Quen anda aí?' deuse a coñecer a historia dunha muller que viviu de preto a violencia machista dende que tiña tres anos: primeiro polo maltrato da súa nai e xa de maior a través da súa propia parella durante 15 anos.

A Radio Galega abordou a efeméride en practicamente todos os programas e dende distintos puntos de vista, sempre co máximo coidado. Obsérvanse en todo momento as recomendacións que aprobou o Consello de Administración da CRTVG. Ademais, búscase afondar na concienciación da sociedade, de tal xeito que tamén se presta un servizo público neste apartado. Deste xeito, espazos como 'A crónica 19h', 'Galicia por diante fin de semana' e 'A crónica 14 h fin de semana' emitiron reportaxes sobre a violencia vicaria e a percepción da mocidade sobre a violencia machista, e cubriron a actualidade destes días tanto dos actos políticos e institucionais que organizaron entidades políticas e administracións públicas como das iniciativas privadas de asociacións e entidades empresariais e as mobilizacións sociais. Tamén se entrevistou a conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, co propósito de coñecer as cifras de vítimas en Galicia e os proxectos do executivo galego.

Outros programas, como 'Convivir' e 'Diario cultural', completaron a abordaxe transversal en diferentes programas desta cuestión ao longo de toda a semana, posto que son moitas as asociacións, organizacións e institucións que se implican no deseño de actividades vinculadas co 25 de novembro.

E os principais magazines da emisora, 'Galicia por diante', cada mañá, e 'A tarde', implicáronse coa celebración.

Pola súa parte, 'Diario cultural' fixo unha proposta distinta a outros anos, nos que se centraba máis no eido literario, apoiando nesta ocasión a actividade que despregou Escena Galega (Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas), concretamente a presentación do seu Protocolo de prevención e actuación ante casos de acoso sexual por razón de sexo ou xénero nas artes escénicas.

Na fin de semana (o 25-N coincidiu en sábado), o tempo de deporte atendeu, como o resto do ano, o deporte feminino. O volume de retransmisións de competicións deportivas femininas nas que tomaron clubs galegos constitúe unha mostra do poderío deses equipos no ámbito estatal en varias disciplinas. Atendéronse tamén accións especiais como a campaña da Federación Galega de Baloncesto co lema “O baloncesto galego di non”, iniciativa que impulsaron o Obradoiro CAB e o CB Breogán.

En canto á normativa

- A CRTVG aplica as recomendacións sobre o tratamento informativo da violencia contra as mulleres, propostas polo seu Consello de Administración da CRTVG e accesibles no portal corporativo (<https://www.crtvg.gal/crtvg/responsabilidade-social-corporativa/autorregulaci%C3%B3n/recomendaci%C3%B3ns-do-consello-de-administraci%C3%B3n-da-crtvg-sobre-o-tratamento-dos-casos-de-violencia-machista-nos-medios-de-comunicaci%C3%B3n-p%C3%ABlicos-galegos>).
- As informacións relacionadas coa violencia de xénero son obxecto dun tratamento serio, delicado e rigoroso no que prima ante todo o respecto extremo ás vítimas. Por outra banda, sempre se inclúe nas informacións o número de teléfono de atención aos casos de violencia machista: 016.
- A CRTVG ten unhas normas reguladoras de publicidade, tamén dispoñibles no Portal de Transparencia da Corporación, e que inclúen un capítulo específico sobre a imaxe da muller (<https://www.crtvg.gal/gl/crtvg/portal-de-transparencia/informaci%C3%B3n-comercial>).

Outras accións encamiñadas a visibilizar o compromiso coa igualdade

- A Comisión de Igualdade na CRTVG, constituída por representantes dos traballadores e por representantes da Corporación, seguiu a traballar no 2023 na implantación dun plan de igualdade, de acordo coa definición dese principio que establece a Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes.
- A CRTVG forma parte do Observatorio Galego de Violencia de Xénero constituído no 2014 e que conta con representantes das administracións, da Xustiza, sindicatos, asociacións de mulleres e medios de comunicación.

- A CRTVG é membro da Comisión Asesora de Publicidade non sexista do Observatorio Galego de Violencia de Xénero, no que participa activamente e no que se valoran as denuncias daqueles casos de publicidade que fan un posicionamento non axeitado do papel da muller na sociedade.
- A CRTVG está integrada na asociación Autocontrol de Publicidade, na que participa todo o sector da publicidade de España.

Novo recoñecemento: a CRTVG 'Empresa Igual en Xénero 2023'

A Corporación recibiu en outubro de 2023 a acreditación que a recoñece como Empresa Igual en Xénero, mención que recibe por quinto ano consecutivo. Trátase dun indicador dos informes publicados por ARDÁN, o servizo de información empresarial desenvolvido polo Consorcio da Zona Franca de Vigo e que se publica anualmente.

A entidade emisora salientou que a CRTVG se atopa entre o *4% das 37.000 compañías galegas analizadas en Galicia que alcanza os exixentes criterios para obter este indicador. “É un orgullo para nós contar na nosa terra con empresas que, como a súa, son capaces de alcanzar parámetros que as fan destacar sobre as demais”*, destaca o texto. Este indicador Empresa Igual en Xénero recoñece as empresas *“que presentan altos valores de igualdade desde unha perspectiva de xénero no eido laboral medida en tres dimensións: igualdade de funcións, igualdade de retribucións e igualdade por actuacións”*.

A igualdade dentro da CRTVG

A Corporación é exemplo de plena igualdade na súa estrutura directiva. Máis concretamente, a 31 decembro de 2023, o equipo directivo estaba composto por 20 mulleres e 18 homes. E o Consello de Administración conta con 4 conselleiras e 2 conselleiros.

A área de Soporte Tecnolóxico, que engloba toda a xestión dos departamentos técnicos de produción, e a de Información e Documentación, a de maior peso na parte xornalística, están dirixidas por dúas mulleres. Son mulleres tamén maioría na dirección da área de Contidos. E en pantalla, a presenza de presentadoras e xornalistas é tamén maioritaria.

Son mulleres, ademais, a adxunta ao director xeral, a directora do Departamento Operativo dos Servizos Informativos, a subdirectora de Contidos, a xefa de Programas da Radio Galega, a Xefa de Comunicación Corporativa e RSC, a Xefa de Extensión Audiovisual, a redactora xefa de Informativos, xunto a outras dez xefas de servizo e outras responsables de área.

A 31 de decembro de 2023, en total, son mulleres 390 dun cadro de 932 traballadores, é dicir, o 41,8% do total do persoal da CRTVG. E no que respecta aos salarios, na CRTVG non existe fenda salarial entre homes e mulleres. Así mesmo, no que respecta á conciliación laboral, a CRTVG implementa distintas medidas para facilitar a compatibilización do traballo e da vida persoal para os empregados e empregadas. A porcentaxe deles que gozou no 2023 dalgún tipo de medidas de conciliación é o 13,67%.

10.4.2 Apoio ás persoas con discapacidade

A ampliación da accesibilidade dos seus servizos é un eido prioritario para a Corporación e no que se traballa tanto desde a área de Proxección Social, a un nivel máis institucional, como desde as áreas técnicas e de produción de contidos, tanto de informativos como de entretemento.

Isto responde ao obxectivo de achegar os medios públicos galegos á toda a sociedade e a favorecer a inclusión plena das persoas con necesidades especiais, de xeito que poidan ter acceso a información e entretemento, en lingua galega, coa adaptación de formatos que poidan requirir.

Subtitulado, tradución de contidos informativos a lingua de signos (LSE) e outras accións, como a colaboración con institucións e universidades galegas na investigación sobre novas ferramentas para o subtitulado en tempo real de lingua galega ou formatos como o proxecto 'Sinxelo', foron as áreas de traballo da CRTVG respecto da accesibilidade no ano pasado.

Respecto de 2023, pódese citar a emisión do programa semanal 'Coa luz no corazón', estreado en febreiro e que visibiliza a realidade das persoas invidentes galegas. Da man dunha invidente, a audiencia puido vivir con ela situacións insólitas para ela (no mar, voando en avioneta...) e coñecer as súas novas sensacións

Subtitulado

Televisión de Galicia ofrece coa opción de subtitulado todo o contido que non se emite en directo e que emana fundamentalmente do sector audiovisual galego, isto supón preto dun 26% nos contidos da TVG e dun 45% nos contidos da G2. Os procesos de subtitulado en directo están severamente condicionados pola inexistencia de sistemas automáticos homologados que entendan o idioma galego capaces de subtitular en tempo real.

Ante esta inexistencia, a CRTVG incluíu na súa estratexia a colaboración con todos os entes de investigación de Galicia que traballan sobre a subtitulación automática. Neste senso a CRTVG traballa en tres proxectos:

1. **Proxecto Nós**, promovido pola Consellería de Educación (Secretaría Xeral de Política Lingüística) e que desenvolve a Universidade de Santiago con recursos humanos e técnicos do Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes (CITIUS) e do Instituto da Lingua Galega (ILG). O Proxecto Nós ten como obxectivo crear ferramentas e compilar recursos que permitan o uso do galego nas tecnoloxías vinculadas á intelixencia artificial: altofalantes autónomos, tradución automática, transcripción, etc. A colaboración da CRTVG, formalizada a través de convenio, fundaméntase na prestación de servizo e recursos para poder avanzar en cada unha das liñas de actuación, con especial atención ás aplicacións previstas no proxecto. Entre estas, a xeración de subtítulos de xeito automático, dentro da actividade “Sistemas de recoñecemento da fala”, así como a posibilidade de que os dispositivos autónomos entendan o galego, a xeración de textos automáticos para determinados contidos informativos ou mesmo a corrección automática de textos. A CRTVG garante o acceso ao seu arquivo audiovisual para poder construír os diferentes corpus, necesarios para poder probar as tecnoloxías e ferramentas que se creen.
2. Ademais, a CRTVG segue a colaborar coa **Universidade de Vigo** para o desenvolvemento de ferramentas automáticas que permitan facer o traballo de subtitulado ao galego dun xeito máis eficaz e, polo tanto, promover un maior número de subtitulado de horas diariamente e achegar deste xeito máis e mellor os contidos dos medios públicos á sociedade e, en particular, a aquelas persoas con problemas de discapacidades auditivas.
3. E a Corporación forma parte tamén desde o comezo do **proxecto TIL-GAL**, impulsado conxuntamente co Clúster Audiovisual Galego e as empresas Adivina Producciones, Setemedia Producciones Audiovisuales e Voz Audiovisual, así como o Grupo de Tecnoloxías Multimedia do centro de investigación AtlanTTic da Universidade de Vigo e a empresa Imaxinsoftware. Trátase neste caso dun proxecto para acadar unha ferramenta de transcripción e subtitulado automático ao galego que permita optimizar este proceso, así como a implementación de tecnoloxía innovadora que achegue ás empresas galegas vantaxes competitivas ata agora inexistentes no sector. Este proxecto está aliñado, a nivel autonómico, coa Axenda de Competitividade Industria Galicia 4.0 e, a nivel estatal, coa Axenda España Dixital 2025. E conta tamén coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

Contidos en Lingua de Signos (LSE)

A emisión dos informativos principais do día en Lingua de Signos, o ‘Telexornal mediodía’ e o ‘Telexornal Serán’, fai posible a accesibilidade das persoas xordas á información de proximidade que ofrece a Televisión de Galicia. De luns a venres, festivos incluídos, ambos espazos son accesibles pola G2, ás 15.30 h e ás 21.45 h, respectivamente. Os dous informativos están tamén dispoñibles na páxina web www.crtvg.gal, accesibles a calquera hora.

A CRTVG conta con tres sedes equipadas e operativas sobre as que emitir estes contidos informativos: as delegacións na Coruña e Vigo, e a sede central de San Marcos.

TVG emitiu, este ano 2023, 604 horas en lingua de signos (entre informativos e programas especiais como actos oficiais, entregas das medallas Castelao e de Galicia, entrevistas e actos institucionais, etc.). A desagregación destes datos é a seguinte:

Telexornais LSE / Reemisión pola G2, de luns a venres

_'Telexornal mediodía': 262 días x 70 minutos = 18.340 minutos / 305 horas

_'Telexornal serán': 252 días x 70 minutos = 17.640 minutos / 294 horas

Programas especiais 2023:

- Medallas Parlamento de Galicia – 06.04.2023 / Duración: 68'
- Medallas Castelao – 28.06.2023 / Duración: 70'
- Medallas de Galicia – 24.07.2023 / Duración: 45'
- Entrevista Presidente da Xunta de Galicia – 30.11.2023 / Duración: 20'
- Discurso Fin de ano Presidente Xunta de Galicia 31.12.2023 / Duración: 7'

Renovación do convenio coa Consellería de Política Social

En agosto de 2023, a CRTVG renovou o convenio de colaboración coa Consellería de Política Social, convenio que estende a colaboración vixente para dotar os principais informativos da CRTVG de interpretación en lingua de signos (LSE). Segue así o compromiso iniciado pola CRTVG hai máis dunha década co colectivo de persoas xordas de Galicia, que desde 2020 conta tamén co apoio explícito e económico por parte da Consellería de Política Social.

'Sinxelo'

O proxecto 'Sinxelo, creado no 2022, é un espazo informativo para mellorar a accesibilidade das persoas con discapacidade que naceu da colaboración coa Universidade de Vigo e é pioneiro en España en achegar a información ás persoas con algunha dificultade de comprensión. A CRTVG foi o primeiro medio audiovisual en aplicar este nivel de comunicación con este formato aos seus contidos, nun proxecto que adapta os contidos informativos e formatos para cumprir cos estándares da "lectura sinxela" e facelos máis accesibles. A difusión dos vídeos faise a través da web G24.gal e as canles dixitais YouTube, Facebook, Instagram e TikTok.

Neste 2023, activouse a terceira fase do proxecto, consistente en integrar o propio colectivo no proceso de creación de contidos. Tiveron lugar xa reunións entre a CRTVG e varios centros de Educación Especial interesados en incluír esta actividade nos seus programas.

Deseñáronse xa proxectos que se desenvolverán de cara ao ano vindeiro, 2024, e que afondan no rol da CRTVG como dinamizador social na procura da máxima integración das súas audiencias. 'Sinxelo' segue os criterios de "lectura sinxela", método que aplica pautas e recomendacións á redacción de textos, ao ritmo das imaxes ou ao deseño e maquetación de documentos, sempre coa finalidade de facer accesible a información ás persoas con dificultades de comprensión lectora, fundamentalmente, aínda que non só, a persoas con síndrome de Down. A voz do vídeo está xerada mediante intelixencia artificial e a súa velocidade está regulada ao fin correspondente. Os parámetros dentro dos que se move o proxecto están tamén marcados pola asociación Inclusion Europe, apoiada pola Unión Europea, e levarán o logo Easy-to-read.

Outras accións

Son varios os programas que prestan especial atención ao colectivo de persoas con discapacidade, entre eles os veteranos 'Convivir' da Radio Galega e o espazo 'Convivir deportivo', que abre unha fiestra ao deporte desde a mesma óptica que o programa de actualidade social 'Convivir', para dar acubillo ao deporte base e a historias de superación e voluntariado. De ambos se informa no capítulo 4 desta memoria. O tempo de deporte da Radio Galega cubriu tamén a actualidade da Liga Genuine, organizada pola Fundación LaLiga no seu compromiso coa diversidade e a inclusión das persoas con discapacidade intelectual. O espazo 'Galicia en goles' fixo amplas reportaxes con testemuños de xogadores de distintos equipos e retransmitiu tamén encontros como o que enfrontou en setembro o Celta e o Deportivo no campo vigués da Madroa.

Tamén o programa da Radio Galega 'Lambóns dixitais', que se emite os xoves pola noite, recolle contidos sobre tecnoloxía inclusiva, en que se fala de avances para a integración de persoas con discapacidade.

Neste ano, un equipo da CRTVG volveu participar na iniciativa inclusiva 'Fútbol a pé'. E o 3 de decembro, Día Internacional da Discapacidade, redactores de 'O tempo' e de Deportes gravaron un vídeo de apoio a este colectivo.

A contratación de persoal na Corporación pública e as súas sociedades fíxose a través dunhas listaxes onde cada aspirante ten unha posición e unha puntuación en función da cualificación obtida no Proceso Selectivo Extraordinario de Consolidación de Emprego finalizado en 2012, en que se reservou o 7% das prazas a persoas con discapacidade.

Ademais, un ano máis, mantivéronse dous contratos con centros especiais de emprego sen ánimo de lucro, de acordo coa reserva establecida de entre o 3 e o 5% dos contratos da Administración da Xunta de Galicia aos centros especiais de emprego sen ánimo de lucro. Por último, a CRTVG incluíu en todos os servizos que licitou a obriga do contratista de cumprir as disposicións vixentes en materia de integración social de persoas con discapacidade.

10.5 Accións internacionais

A CRTVG segue a desenvolver unha intensa actividade no eido internacional tanto a nivel institucional como no de contidos audiovisuais. Xa no capítulo 4 deste informe se explica esta política de relación con outras canles de países europeos, nomeadamente as do arco celta e a RTP lusa. Coa televisión pública portuguesa existe xa un marco establecido de colaboración e traballo que se visibiliza na produción de programas conxuntos e o apoio a proxectos de produtoras dos dous países e doutros colectivos.

A nivel europeo, a a CRTVG segue a ser membro destacado de CIRCOM Regional, a rede de 250 medios públicos e centros de produción rexionais presentes en 29 países de Europa na que a Dirección de Contidos da CRTVG ostenta a Secretaría Xeral e a dirección executiva.

Ademais, a Corporación participa anualmente no Celtic Media, un festival no que participan canles de orixe celta, como a BBC británica en Escocia, Gales e Irlanda do Norte, as irlandesas RTE e TG4 e France 3 Bretagne. Os seus foros e programas de actividades supoñen un interesante espazo de traballo do que xorden proxectos audiovisuais e intercambio de coñecemento.

E xa no caso de América Latina, para onde se emite a canle TVG América, hai que salientar a especial cobertura informativa da televisión e a radio galegas e o seguimento de proxectos audiovisuais.

Aproximación á lusofonía e á cultura portuguesa

A CRTVG reforza ano a ano as relacións co país veciño co obxectivo de dar resposta á demanda dunha ampla franxa de territorio fronteirizo e de aproveitar a riqueza do intercambio social, educativo e lingüístico entre Galicia e Portugal. Como se explicou en páxinas anteriores neste informe, neste 2023 é obrigado salientar a produción conxunta da serie de ficción 'Motel Valkirias', unha coprodución de CRTVG e RTP, mais as empresas audiovisuais CTV e SPI, e que recibiu premios e nominacións que se explican máis adiante.

Igualmente este ano repetiuse a emisión dun programa conxunto, 'Aquí Portugal', nunha retransmisión en directo e simultánea do programa dende a Feira do Galo de Barcelos (Portugal). Ata alí desprazouse o equipo de TVG tanto técnico como de presentadores e produción para facer un contido internacional de cinco horas de duración, co que se seguen estreitando fortalecer os lazos culturais entre as dúas marxes da raia.

Por outra parte, no eido do apoio ao cine, neste 2023 anunciouse a colaboración de Televisión de Galicia en 'Xustiza artificial', unha coprodución con Portugal participada por Abano producións e Tornasol, xunto coa portuguesa Ukbar Films que se citou xa no capítulo 5 desta memoria sobre a participación da canle no sector audiovisual.

Desde a óptica da lingua, seguiu no 2023 o proxecto específico do galego e do portugués 'Apuntamento lusófono' como unha das emisións de máis éxito do espazo 'DígochoEu' e cuxa canle de YouTube é moi seguida desde O Brasil e Portugal. Entre outros moitos contidos, que están accesibles no portal digochoeu.gal, houbo algúns en colaboración con personaxes e medios de comunicación lusos, como Porto Canal, nun capítulo que abordou o significado de expresións típicas da cidade do Douro.

E no eido dos informativos, a actualidade portuguesa, moi especialmente a do norte e zonas limítrofes con Ourense e Pontevedra, é foco de interese diario da TVG e da Radio Galega. O coidado lingüístico intensifícase nestes casos, co respecto das grafías dos nomes propios e topónimos, cos acentos que se usan en portugués e con marcas de nasalidade en vogais, cuestión que supervisan os asesores lingüistas, que seguen tamén as recomendacións da Academia Galega da Lingua Portuguesa para coidar a fonética portuguesa á hora de pronunciar os nomes propios e topónimos lusos.

Afondando nos contidos de entretemento sobre a histórica e a actual relación Galicia e Portugal, desde 2022 a Radio Galega conta cun *podcast* 'Pasarse da raia' dentro da súa plataforma RadioGalegaPodcast.gal e no futuro na plataforma AGalegaAudio integrada na nova OTT da Corporación. Este proxecto aborda con historias persoais da poboación arredor da raia nas conexións máis singulares entre galegos e portugueses.

10.6 Colaboracións institucionais e apoio ao tecido social e cultural

O departamento de Proxección Social xestiona e atende os convites e peticións de colaboracións de entidades e institucións, foros profesionais e festivais do eido cultural, xornalístico ou audiovisual. En ocasións, a CRTVG súmase como *media partner* a estes eventos e noutros o que se require é a participación de responsables dos distintos departamentos en coloquios ou foros do sector. Así foi co gallo do 5º Foro de Corresponsabilidade organizado en Ourense, a xefa de Innovación da Corporación participou, convidada pola Universidade da Coruña, nunha mesa redonda sobre idadismo.

As tres universidades galegas e a CRTVG manteñen continuamente unha relación de cooperación coa CRTVG, tanto no campo da investigación como no eido institucional. Como foi explicado en páxinas anteriores, a investigación sobre solucións de accesibilidade e subtítulo en galego é un exemplo desta colaboración, tanto coa UVigo como a USC.

E coa USC desenvólvese desde 2016 un proxecto de investigación sobre novos medios, na Facultade de Ciencias da Comunicación da USC, que foi ampliado ás universidades de Vigo e A Coruña, para o estudo das audiencias.

Neste eido da investigación universitaria, hai que resaltar tamén a colaboración anunciada no 2023 da CRTVG coa nova Cátedra CIRCOM da Universidade de Vigo para a realización dun estudo cualitativo e mapeo que facilitará coñecer as tendencias en innovación e adaptación dixital das canles autonómicas europeas. Para a elaboración desta radiografía realizarase un estudo en dúas ondas, a primeira en 2023 e a segunda en 2024, e a metodoloxía basearase na realización de entrevistas en profundidade cos responsables dos departamentos de Dixital e Social Media; Recursos Humanos; Legal e Xurídico e Contidos. En total, levaranse a cabo 352 entrevistas cos responsables dos departamentos clave de 44 estacións de radio e televisión de 29 países.

Seguindo na liña da innovación, a CRTVG integrouse no proxecto colaborativo Medretia liderado polo Clúster do Audiovisual Galego, co financiamento do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo e no que participan o ITG, Duacode, a Asociación para a Dixitalización da Industria de Galicia, Galicia Dixital e a empresa Selmark.

A súa finalidade é desenvolver unha intelixencia artificial que prediga o comportamento das producións audiovisuais mediante a aplicación de tecnoloxías Big Data e IA. O Instituto Tecnolóxico Galego (ITG) creará unha ferramenta que incluíra análise e xestión intelixente de datos con información obtida das redes sociais entre outras fontes como as reaccións detectadas a determinados contidos. Isto suporá para a CRTVG un importante salto cualitativo e cuantitativo tanto nos procesos de compra de produtos como na programación das grellas.

Por outra parte, os medios públicos seguen a colaborar coa Xunta de Galicia no certame 'Nós tamén creamos!', que fomenta a creatividade e o uso da lingua nun concurso de curtas audiovisuais de animación. No 2023 foron premiados escolares de Ames, Ponteareas e Allariz, cuxos traballos foron publicados no portal da CRTVG. A Corporación intenta atender con prioridade as demandas que lle chegan da comunidade educativa, por exemplo compartindo contidos con proxectos didácticos. Entre outros, no 2023 apoiouse unha acción de fomento da lingua do CEIP do Barco de Valdeorras, baseado no programa da TVG 'Atrápame se podes'.

Todos os departamentos da CRTVG traballan ao longo do ano en colaboración cos seus homónimos das canles autonómicas reunidas na FORTA. Ademais, neste 2023 a Corporación foi anfitroia das Xornadas da Comisión de Contidos da Federación, que reuniron en Santiago os responsables de área das canles públicas de toda España e na que se analizaron retos e se compararon boas prácticas no eido dos contidos e o entretemento audiovisual.

Unha trintena de profesionais asistiron a charlas e conferencias como 'Retos da TV: consumo, contidos e emisión' ou 'Contidos dixitais para a xuventude', na que a canle galega presentou como caso de estudo o #DígochoEU no relatorio 'Como pasar de 1 minuto en televisión a 80 millóns de reproducións'.

No 2023, e repetindo a fórmula de 'medio amigo', 'medio colaborador' ou 'media partner', a CRTVG apoiou de novo diversos eventos e festivais culturais, do eido do cine, o audiovisual, a música e o teatro e de interese público como, entre outros:

- Maré Festival-Música e artes atlánticas 2023.
- Festival Womex 2023, evento musical para profesionais.
- Asociación Músicas ao Vivo, nos Premios Martín Códax.
- Festival Intersección da Coruña, no que se gravou un programa de 'Diario cultural Zeta', dirixido aos máis novos.
- Novos Cinemas, Festival de cine de Pontevedra.

No eido social, a Corporación atende no posible as demandas das entidades que, como Cruz Vermella, solicitan colaboración en eventos ou actividades como o Sorteio de Ouro. Colaborouse este ano ademais con FAGAL (Federación Galega de Alzheimer) e coa Axencia de Doazón de Órganos e Sangue de Galicia (ADOS), cuxo autobús visita periodicamente a sede de San Marcos.

Así mesmo, a CRTVG destina a residencias galegas e centros de persoas maiores, a través da Consellería de Política Social, os libros que se reciben nas redaccións ao longo do ano desde as distintas editoriais e que con esta doazón poden ser desfrutados por lectores dos centros de maiores galegos.

10.7 Premios e recoñecementos á CRTVG

2023 foi un ano no que, tanto a nivel estatal como internacional, a CRTVG seguiu a recoller recoñecementos e premios en distintos eidos. Os certa-mes e festivais do sector audiovisual son citas ás que a Corporación acode en apoio do audiovisual feito en Galicia.

Nese contexto competitivo desenvólvese tamén un *networking* de interese máximo cos profesionais do sector no que se acadan colaboracións e se visibilizan os produtos audiovisuais das empresas galegas, así como de espazos propios da TVG e a Radio Galega.

Destácanse primeiramente os galardóns obtidos fóra de España.

- **Premio europeo Prix CIRCOM** á serie da TVG e a RTP 'Motel Valkirias', que constituíu o décimo premio internacional para unha produción da CRTVG.
- **Premio Celtic Media** na categoría de mellor película de animación para 'Os demos de barro', coprodución hispano-franco-portuguesa que conta coa participación da Televisión de Galicia.

No ámbito estatal destacan tres importantes logros:

- **Cuncha de Ouro do Festival de Cine de San Sebastián** á mellor película para 'O corno', da directora e guionista Jaione Camborda, participada pola TVG.
- **Premio Goya a mellor película de animación** a 'Unicorn Wars', apoiada por Televisión de Galicia.
- **Premio Iris Autonómicos 2023** da Academia de Televisión e as Artes Audiovisuais para o espazo da TVG 'Xente marabillosa' na categoría de Mellor Programa Comarcal.

- **Premios Mestre Mateo:**
 - A xornalista Esther Estévez, presentadora de 'DígochoEu' foi recoñecida como mellor comunicadora de televisión por segundo ano consecutivo.
 - A película 'O corpo aberto', apoiada pola Televisión de Galicia, foi a gran triunfadora da noite con 12 galardóns, entre eles o de mellor longametraxe.
 - 'Unicorn Wars', tamén apoiada pola TVG, triunfou no apartado de animación.
 - Na categoría de documental, a película gañadora foi 'María Casares. A muller que viviu mil vidas', da TVG.
 - E o programa 'Catro gatos' recolleu o Mestre Mateo á mellor realización.

Outros galardóns recollidos pola Corporación e os seus profesionais ao longo deste ano foron:

- O presentador do programa '**Luar**' foi recoñecido en marzo co **Premio da Cultura Galega 2022** no apartado audiovisual destes galardóns, que recoñecen así a súa traxectoria de 30 anos á fronte do programa máis lonxevo da Galega e a cita agardada de cada venres no *prime time* da canle.
- A xornalista da TVG María Solar foi **nomeada Amiga de UNICEF** en recoñecemento á súa sensibilidade e compromiso cos dereitos da infancia.
- Premio á mellor longametraxe Internacional no **Ciberblue Films Festival de Vigo** para a película 'O home e o can', participada pola Televisión de Galicia.
- Premio ao mellor guión na 28ª edición do **Ourense Film Festival** para a película documental 'María Casares. A muller que viviu mil vidas'.
- **Premio San Martiño de Normalización Lingüística** do Concello da Estrada para 'DígochoEu'.
- **Premio Paraugas de Honor** do Clúster da Comunicación de Galicia para Rosa Vilas, adxunta á dirección xeral da CRTVG.
- **Chimpín de Prata do Festival de Cine de Cans** ao xornalista da TVG e crítico de cine Ángel Suanzes.

- **Premio Referente 2023 de Anasbabi Ciliopatías** para a CRTVG polo seu traballo na visibilización e divulgación arredor das enfermidades raras.

No eido radiofónico, a emisora pública recibiu recoñecementos por producións destacadas emitidas polas canles convencionais, así como por produtos nativos dixitais difundidos en Radio Galega Podcast.

- **‘Galicia en xogo olímpicos’** | Marzo, 2023 | Programa especializado nos deportistas galegos/as que se preparan para os Xogos Olímpicos de París 2024. Recibiu o premio Deporte Galego, outorgado pola Xunta de Galicia.
- **‘Pensando en ti’** | Outubro, 2023 | Programa que se emite en directo de luns a domingo de 01:00 a 06:00 e que se basea na participación da audiencia. Recibiu o Premios Solidarios Grupo Social ONCE Galicia 2023 por contribuír a crear unha sociedade máis xusta e inclusiva.
- **‘Celtic Media Festival’** | Xuño, 2023 | O programa ‘Pensando en ti’ foi finalista na categoría ‘Entretenemento’, o podcast ‘Un ollo de vidro’ na categoría ‘Drama’ e o programa ‘Zeta’ na categoría ‘Factual series’.
- **‘Lume na paleira’** | Xullo, 2023 | Programa especializado en música tradicional e folk, dirixido por Emilio Españañero, e emitido os domingos en directo en Radio Galega Música. Recibiu o XII Premio Rebulir da Cultura Galega 2023, no marco do Festival Internacional Rebulir, por contribuír á difusión e posta en valor da cultura autóctona nas súas diferentes manifestacións.

Ademais dos galardóns recibidos polo audiovisual apoiado pola TVG, hai que salientar importantes nominacións recibidas neste 2023. Así, ‘Motel Valkirias’ e a serie infantil ‘Os Argonautas e a Moeda de Ouro’ foron finalistas dos premios Content Innovation Awards do MIPCOM de Cannes, a feira audiovisual máis importante de Europa. E ‘Motel Valkirias’ sumou outra candidatura internacional ao ser finalista como ‘mellor serie dramática de ficción’ nos Produ Awards do MIP Cancún. Isto súmase a nominación recibida por ‘Motel Valkirias’ aos XXVII Globos de Ouro portugueses, na categoría de mellor proxecto de ficción.

Por último, e como xa foi mencionado neste informe, a Corporación acadou neste 2023, e por quinto ano consecutivo, o Indicador como Empresa Igual en Xénero do Informe ARDÁN, distintivo que en 2021 só acadaron o 4% das 37.000 empresas analizadas.

11. O CONTROL SOBRE A CORPORACIÓN

11.1 Consello de Administración da Corporación RTVG

En virtude do que se establece nos artigos 12.1.a) da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, e 10 dos estatutos da empresa, é un dos órganos da Corporación RTVG. Componse de sete membros (un deles a persoa titular da Dirección Xeral da Corporación) e correspóndelle a administración e o control da CRTVG.

11.1.1 Competencias e funcións do Consello de Administración da CRTVG

Establécense nos artigos:

- 19.1 e 2., 36.3, 39.1.b) e 45.2 da Lei 9/2011, do 9 de novembro
- 5.2, 16, 31 (segundo parágrafo), 32 (segundo parágrafo), 36.1 e 40.2 dos estatutos da Corporación RTVG
- 18 e 34.3 do mandato marco

As dúbidas que no transcurso da actividade da sociedade poidan xurdir en relación coa atribución dunha competencia ao Consello de Administración ou á persoa titular da Dirección Xeral da Corporación RTVG resolveranse sempre a prol desta última.

11.1.2 Elección e nomeamento das e dos membros do Consello de Administración

- No Pleno do 13.07.2021, o Parlamento de Galicia elixiu como membros do Consello de Administración da CRTVG a Alfonso Cabaleiro Durán, Luis I. de la Matta Cantó, Higinio Meijide Gómez, Ana I. Peón Piñeiro, María Carmen Vidal Lage e Irene Viña Bravo. Acadaron a maioría de $\frac{2}{3}$ que se determina nos artigos 14.1 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, e 12.1 dos estatutos da empresa. O seu nomeamento por parte da Xunta Xeral realizouse mediante acta de decisións do 16.07.2021, que asinou o secretario xeral técnico e do Patrimonio da Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia (de acordo co que se preceptúa nos artigos 14.4 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, e 12.4 dos estatutos da empresa).

A aceptación do cargo por cada unha das persoas que se mencionaron antes produciuse no pleno ordinario do 21.07.2021. Os acordos que se adoptaron nel eleváronse a escritura pública que se outorgou ante José Manuel Amigo Vázquez, notario de Santiago de Compostela, o 24.09.2021 (núm. 1.727 do seu protocolo), que se inscribiu no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela (tomo 212, libro 0, folio 210, sección 8, folla SC-4608, inscrición 66 do 15.10.2021; Borme núm. 205 do 25.10.2021).

- Por escrito do 22.04.2022 (registro de entrada núm. 11 da mesma data), o conselleiro Luis I. de la Matta Cantó renunciou ao cargo con efectos do 25.04.2022. A súa renuncia inscribiuse no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela no tomo 212, libro 0, folio 212, sección 8, folla SC-4608, inscrición 70 do 06.06.2022 (Borme núm. 111 do 13.06.2022).
- Por escrito do 21.05.2022 (registro de entrada núm. 16 da mesma data), o conselleiro Higinio Meijide Gómez renunciou ao cargo con efectos do 25.05.2022. A súa renuncia inscribiuse no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela no tomo 212, libro 0, folio 212, sección 8, folla SC-4608, inscrición 71 do 12.07.2022 (Borme núm. 139 do 21.07.2022).

- No Pleno do 12.07.2022, o Parlamento de Galicia elixiu como membros do Consello de Administración da Corporación RTVG a Álvaro Alonso Filgueira e Margarita López Blanco. Acadaron a maioría de $\frac{2}{3}$ que se determina nos artigos 14.1 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, e 12.1 dos estatutos da empresa. O seu nomeamento por parte da Xunta Xeral realizouse mediante acta de decisións do 19.07.2022, que asinou o secretario xeral técnico e do Patrimonio da Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia (de acordo co que se preceptúa nos artigos 14.4 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, e 12.4 dos estatutos da empresa). Aceptaron o cargo neste mesmo acto. Este acordo inscribiuse no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela no tomo 212, libro 0, folio 212, sección 8, folla SC-4608, inscrición 72 (Borme núm. 161 do 24.08.2022).

Dese xeito, con efectos do 19.07.2022, o Consello de Administración da Corporación RTVG quedou configurado por Álvaro Alonso Filgueira, Alfonso Cabaleiro Durán, Margarita López Blanco, Ana I. Peón Piñeiro, Alfonso Sánchez Izquierdo (director xeral da Corporación RTVG), María Carmen Vidal Lage e Irene Viña Bravo.

11.1.3 Mandato

O mandato das persoas membros do Consello de Administración da CRTVG é de cinco anos contados dende o seu nomeamento (renovable por unha soa vez). Cando se esgota o seu mandato, continúan no exercicio das súas funcións ata a toma de posesión dos novos conselleiros (artigos 16 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, e 14 dos estatutos da empresa).

11.1.4 Réxime das persoas membros do Consello de Administración da Corporación

As persoas membros do Consello de Administración da Corporación RTVG están vinculadas coa Corporación RTVG por unha relación mercantil, sen prexuízo das especialidades que se establecen na Lei 9/2011, do 9 de novembro.

11.1.5 Presidencia

A Presidencia é puramente funcional e exerce de forma rotatoria por un período de seis meses (excluída a persoal titular da Dirección Xeral da Corporación RTVG). As súas funcións determínanse nos artigos 20 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, 18 dos estatutos da sociedade e 16 do Regulamento interno. Quen exerce a Presidencia non ten ningunha función de representación ou dirección executiva da empresa, correspondéndolle á Dirección Xeral da CRTVG.

En 2023, ocuparon a Presidencia:

- Peón Piñeiro, elixida por unanimidade no pleno ordinario do 28.06.2022. Desempeñou o cargo entre o 28.06.2022 e o 24.01.2023. O 11.08.2022, o seu nomeamento inscribiuse no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela. Datos rexistrados: tomo 212, libro 0, folio 213, sección 8, folla SC-4608, inscrición 73 (Borme núm. 161 do 24.08.2022).
- Vidal Lage, elixida por unanimidade no pleno ordinario do 24.01.2023. Desempeñou o cargo entre o 24.01.2023 e o 31.08.2023. O 03.03.2023, o seu nomeamento inscribiuse no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela. Datos rexistrados: tomo 212, libro 0, folio 213, sección 8, folla SC-4608, inscrición 74 (Borme núm. 50 do 13.03.2023).

- Viña Bravo, elixida por unanimidade no pleno ordinario do 31.08.2023. Desempeñou o cargo entre o 31.08.2023 e o 31.12.2023. O 25.10.2023, o seu nomeamento inscribiuse no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela. Datos rexistrados: tomo 212, libro 0, folio 213, sección 8, folla SC-4608, inscrición 75 (Borme núm. 210 do 03.11.2023).

11.1.6 Secretaría

No pleno extraordinario do 26.04.2022, o Consello de Administración da CRTVG, por unanimidade, designou a Martina Puente Nogueira secretaria non conselleira. Déuselle cumprimento ao que se establece nos artigos 21 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, 19 dos estatutos da sociedade e 17 do Regulamento interno (nos que se indican as súas funcións). O 28.04.2022, o seu nomeamento inscribiuse no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela. Datos rexistrados: tomo 212, libro 0, folio 212, sección 8, folla SC-4608, inscrición 69 (Borme núm. 87 do 09.05.2022).

11.1.7 Dirección Xeral da Corporación RTVG

Por acta de decisións do 31.12.2015, a secretaria xeral técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda (actuando como representante da accionista única da Corporación RTVG, a Administración xeral da CAG) designou a Alfonso Sánchez Izquierdo director xeral da Corporación RTVG. Aplicouse o que se sinala na disposición transitoria terceira da Lei 9/2011, do 9 de novembro, modificada pola disposición derradeira cuarta da Lei 13/2015, do 24 de febreiro, de medidas fiscais e administrativas. Alfonso Sánchez Izquierdo desenvolve as funcións de administración e de representación da empresa dende as 00:00 h do 01.01.2016 e foi nomeado director xeral da Corporación RTVG na primeira sesión do Consello de Administración da Corporación RTVG (04.01.2016). Presente no acto, aceptou o cargo.

11.2. Funcionamento do Consello de Administración da Corporación

Réxese polo que se determina na Lei 9/2011, do 9 de novembro, nos estatutos da sociedade e no Regulamento interno (aprobase, por unanimidade, no pleno ordinario do 19.07.2016 e modificouse, tamén por unanimidade, no pleno ordinario do 27.07.2021).

11.2.1 Relación das 12 sesións plenarias que se realizaron en 2023 (todas elas ordinarias)

24 de xaneiro de 2023

- Aprobación da acta do pleno ordinario do 20.12.2022
- Elección da presidenta do Consello de Administración da Corporación RTVG. Por unanimidade e asentimento, elixiuse a María Carmen Vidal Lage.
- Informes do director xeral da Corporación RTVG
 - 1 Modelo de prevención de delitos da Corporación RTVG
 - 2 Gastos de viaxe e de comidas de traballo dos/as membros do equipo directivo da CRTVG
 - 3 Evolución da taxa de absentismo (2022)
 - 4 Ingresos comerciais (2022)

- Contestación a rogos e preguntas que formularon os conselleiros
 - 1 Proceder que se seguiu nas contratacións para substitucións que se formalizaron cunha profesional que, de forma descontinua, prestou servizos na Radio Galega (incluída na listaxe de contratacións correspondente á categoría de redactor/a).
 - 2 Organización de novos cursos sobre igualdade (previsións).
 - 3 Liña de actuación na promoción da obra literaria *A vella compañeira*.
 - 4 Evolución das negociacións sobre o plan de igualdade.

- Asuntos de trámite
 - 1 O director xeral da Corporación RTVG entregou o documento de Berdayes Comunicación, S.L. (Barlovento Comunicación) que se denomina 'Análise da Industria Televisiva-Audiovisual 2022'.

- Rogos e preguntas (formuláronse a título individual en todos os casos)
 - 1 Recursos contra as bases da oferta pública de emprego e estimación sobre o prazo de execución do proceso (respondeuse no pleno ordinario do 23.02.2023).
 - 2 Previsións para darlle cumprimento á decisión da Sala Segunda do Tribunal de Xustiza da UE no recurso C-392/2021 (asunción do custo das lentes ou das lentes de contacto dos empregados que traballen diante dunha pantalla de ordenador e que as precisen para corrixir a súa agudeza visual) (respondeuse no pleno ordinario do 23.02.2023).
 - 3 Intención da empresa sobre o mantemento da súa *Proposta de adopción de medidas no ámbito da temporalidade estrutural a tempo parcial en relación coa xubilación parcial anticipada na Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.* (respondeuse no pleno ordinario do 23.02.2023).
 - 4 Cumprimento do que se dispón no artigo 27 do convenio colectivo estatal regulador das relacións laborais entre os produtores de obras audiovisuais e os actores que prestan servizos nelas en relación coa futura dobraxe ao galego de series que se gravaron noutras linguas (respondeuse no pleno ordinario do 23.02.2023).
 - 5 Liña de actuación en relación coa reunión que se desenvolveu o 18.01.2023 a iniciativa do alcalde de Pontevedra e na que tomaron parte cargos electos dos concellos da área sanitaria Pontevedra-O Salnés para amosar a súa preocupación pola situación actual da sanidade pública (respondeuse no pleno ordinario do 23.02.2023).
 - 6 Tratamento da manifestación que se realizou en Burela o 19.01.2023, a iniciativa da Plataforma Sanitaria da Mariña e contra o desmantelamento da sanidade pública (respondeuse no pleno ordinario do 23.02.2023).
 - 7 Motivos polos que o 23.01.2023, durante moito tempo, se radicou como primeira nova na web corporativa a proposta do presidente do PP para que gobernase a forza máis votada en cada concello (respondeuse no pleno ordinario do 23.02.2023).
 - 8 Revisión das contratacións para substitucións que se formalizaron cunha profesional que, de forma descontinua, prestou servizos na Radio Galega (incluída na listaxe de contratacións correspondente á categoría de redactor/a) (respondeuse no pleno ordinario do 23.02.2023).

Ademais, realizáronse as seguintes críticas, reflexións e consideracións:

- 1 Por unanimidade, os conselleiros deixaron constancia do pesar polo pasamento de Jesús Manuel Suárez Santos, quen prestou servizos na Corporación.

23 de febreiro de 2023

- Aprobación da acta do pleno ordinario do 24.01.2023
- Informes do director xeral da Corporación RTVG
 - 1 Informe de revisión e da evolución da contratación laboral da CRTVG e da Corporación RTVG no período 2008-2021
 - 2 Proceso selectivo extraordinario de estabilización que derivou da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, para o ingreso como persoal laboral fixo en diversas categorías
- Contestación a rogos e preguntas que formularon os conselleiros
- Asuntos de trámite
- Rogos e preguntas
 - 1 Produciuse un amplo debate que xirou arredor da decisión da dirección de atribuírle novas tarefas a catro profesionais (dúas redactoras e dous redactores) da Corporación RTVG a partir do 20.02.2023.

Ademais, realizáronse as seguintes críticas, reflexións e consideracións:

- 1 Ao fío do que manifestou o presidente do Goberno do Estado o 31.01.2023 en sede legislativa (*a folga máis longa na historia dos medios de comunicación en España en contra da descarada manipulación informativa e a temporalidade dos seus profesionais deuse na Televisión de Galicia*), pregóuselle á Dirección Xeral da Corporación RTVG que, en nome dos conselleiros Alonso Filgueira e Cabaleiro Durán e das conselleiras López Blanco e Peón Piñeiro, se dirixise á Presidencia do Goberno de España para solicitar dela unha desculpa e unha rectificación pública ante o dano que se provocou na imaxe da Corporación RTVG.
- 2 Por unanimidade, fíxose un recoñecemento da traxectoria profesional de Javier Valderrama Currás, extraballador da Corporación RTVG xubilado.

28 de marzo de 2023

- Aprobación da acta do pleno ordinario do 23.02.2023
- Formulación das contas anuais correspondentes ao exercicio 2022 (artigo 253.1 do Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades de capital). Formuláronse as contas anuais da Corporación RTVG correspondentes ao exercicio 2022 (comprendidas do balance, das contas de perdas e ganancias, dos estados de cambios no patrimonio neto, dos estados de fluxos de efectivo e da memoria), o informe de xestión (incluído o estado de información non financeira) e a proposta de aplicación do resultado. Os anteditos documentos asináronse por todos os conselleiros antes da súa elevación á Xunta Xeral para a súa aprobación.
- Informes do director xeral da Corporación RTVG
 - 1 Situación actual da Corporación

- Contestación a rogos e preguntas que formularon os conselleiros
- Destitución e formalización do cesamento de persoal directivo da Corporación RTVG. Nomeamento polo Consello de Administración da Corporación RTVG de persoal directivo que designou a Dirección Xeral da Corporación RTVG. Notificouse o cesamento, por petición propia, de Kepa Pagazaurtundua Alberte como subdirector do Departamento de Medios da Área de Soporte Tecnolóxico e Medios e o nomeamento de Agustín Deus Sixto para o mesmo cargo (con efectos do día seguinte a aquel no que se materializase o cesamento efectivo do titular naquel momento). O Consello de Administración da Corporación RTVG deulle cumprimento ao que se establece no artigo 19.1.b, da Lei 9/2011, do 9 de novembro.
- Asuntos de trámite
- Rogos e preguntas (formuláronse a título individual en todos os casos)
 - 1 Parecer da Dirección Xeral da Corporación RTVG sobre a situación dun reporteiro gráfico que formulara unha queixa diante da Dirección do Departamento de Recursos Humanos contra o seu coordinador (contestouse no pleno ordinario do 25.04.2023).
 - 2 Solicitud consistente en que os redactores puidesen acceder ás plataformas de prensa ás que estaba subscrita a Corporación RTVG (contestouse no pleno ordinario do 25.04.2023).
 - 3 Incidencia das folgas que se realizaron os días 6, 24 e 25.03.2023 (contestouse no pleno ordinario do 25.04.2023).
 - 4 No curto prazo, posibles cambios na asignación de tarefas a profesionais (contestouse no pleno ordinario do 25.04.2023).
 - 5 Grao de desenvolvemento do estudo psicosocial do cadro de persoal (contestouse no pleno ordinario do 25.04.2023).
 - 6 Grao de cumprimento do contrato que derivou do expediente CRT-2021-0003 (Servizo de produción e transmisión de sinal de directos para a Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.) e motivos polos que non se utilizaba a única estación transportable de directos da que dispuña a empresa (contestouse no pleno ordinario do 25.04.2023).
 - 7 Previsións en relación coa produción da TVG denominada *Incombustibles* (contestouse no pleno ordinario do 25.04.2023).

Ademais, realizáronse as seguintes críticas, reflexións e consideracións:

- 1 Destacouse a cota de pantalla que lograra a G2 o 26.03.2023 (domingo).
- 2 Por unanimidade, fíxose un recoñecemento do labor que desenvolveu ao logo de toda a historia da Radio Galega Héctor Araujo Martínez (xubilado).

25 de abril de 2023

- Aprobación da acta do pleno ordinario do 28.03.2023
- Informes do director xeral da Corporación RTVG
 - 1 Folga na Corporación RTVG (25.04.2023)
 - 2 Liñas tendencial e estratéxica da evolución da audiencia das canles dependentes da Corporación RTVG (primeira onda do EXM de 2023)

3 Taxa de absentismo

4 Expediente CRT-2022-0018 (Subministración dunha pantalla LED para o plató 300 da Corporación RTVG)

- Contestación a rogos e preguntas que formularon os conselleiros
- Asuntos de trámite
- Rogos e preguntas (formuláronse a título individual en todos os casos)

- 1 En relación coa convocatoria do proceso selectivo extraordinario de estabilización que derivou da Lei 20/2021, do 28 de decembro: se xa se contestaran os recursos de reposición que se formularon contra as bases; se algún deles obrigara a modificalas; as determinacións que se adoptaran sobre a suspensión do procedemento; para o caso de que se levantase a súa paralización, o calendario que manexaba a dirección para o seu desenvolvemento (contestouse no pleno ordinario do 30.05.2023).
- 2 Medidas para que non se realizasen novos paros e disposición da empresa para entaboar negociacións coa representación legal dos traballadores co obxecto de buscar unha saída á conflictividade laboral (contestouse no mesmo pleno ordinario e completouse a resposta no pleno ordinario do 30.05.2023).
- 3 Entrega por escrito do informe sobre os efectos das folgas que se realizaron os días 6, 24 e 25 de marzo de 2023 nas programacións dos medios dependentes da Corporación RTVG (déuselle cumprimento ao antedito pedimento no mesmo pleno ordinario).
- 4 Estado de desenvolvemento da OTT (contestouse no pleno ordinario do 30.05.2023).
- 5 Determinacións da empresa en relación coa posible apertura dun proceso negociador coa representación legal dos traballadores a instancia do Consello Galego de Relacións Laborais (contestouse no pleno ordinario do 30.05.2023).
- 6 Liña de actuación que seguiu a Corporación RTVG para informar sobre a visita privada que o rei emérito realizou a Sanxenxo entre os días 19 e 23.04.2023, ambos inclusive (contestouse no pleno ordinario do 30.05.2023).
- 7 Agás en casos excepcionais, razóns polas que non se buscaban expertos nas diversas materias que se puidesen pronunciar diante das cámaras e dos micrófonos en galego (contestouse no pleno ordinario do 30.05.2023).
- 8 Causas do fallo que se produciu na madrugada do 20.04.2023, mentres se levaba a cabo o mantemento dos sistemas de alimentación ininterrompida (contestouse no pleno ordinario do 30.05.2023).
- 9 Información desagregada por categorías laborais sobre o número de efectivos adscritos aos centros de traballo de Vigo, Lugo, Ourense e A Coruña, e comparativa coa súa situación hai 15 anos (contestouse no pleno ordinario do 30.05.2023).
- 10 Posibles variacións no tratamento da información de contido político e de carácter institucional dende a convocatoria das eleccións locais do 28.05.2023 (contestouse no mesmo pleno ordinario e completouse a resposta no pleno ordinario do 30.05.2023).
- 11 Establecemento de controis sobre as condicións laborais das persoas vinculadas coas empresas produtoras que lle subministran contidos á Corporación RTVG (contestouse no pleno ordinario do 30.05.2023).
- 12 Acceso á posible auditoría que se lle realizou a M International Audiovisual Communication, S.L. (contestouse no pleno ordinario do 30.05.2023).
- 13 Obxectivos da Canle de cumprimento que se inclúe na web corporativa (CRTVG, Portal de transparencia, Información institucional) (contestouse no pleno ordinario do 30.05.2023).

14 Motivos polos que aínda non se emitira pola TVG a terceira temporada da produción 'En feminino singular' (contestouse no mesmo pleno ordinario e completouse a resposta no pleno ordinario do 30.05.2023).

Ademais, realizáronse as seguintes críticas, reflexións e consideracións:

- 1 Lembrouse que no pleno ordinario do 23.02.2023 o director xeral da Corporación RTVG informara detalladamente sobre o proceso selectivo extraordinario de estabilización que derivou da Lei 20/2021, do 28 de decembro.
- 2 Fíxose un recoñecemento do labor que Encina Ramos Fidalgo, José Vicente Carreira Barrera, Celestino Santiago López e Jesús Manuel Pampín Sánchez desenvolveron nos medios públicos galegos de comunicación audiovisual, xubilada e xubilados recentemente.

30 de maio de 2023

- Aprobación da acta do pleno ordinario do 25.04.2023
- Plan de control e xestión de riscos: toma de razón por parte do Consello de Administración da Corporación RTVG.
Os conselleiros déronse por notificados sobre o contido do Plan de control e xestión de riscos
- Informes do director xeral da Corporación RTVG
 - 1 Cobertura da campaña das eleccións locais do 28.05.2023 e programación especial que se difundiu no día dos comicios
 - 2 Estado de situación das relacións laborais na Corporación RTVG
- Nomeamento polo Consello de Administración da Corporación RTVG de persoal directivo que designou a Dirección Xeral da Corporación RTVG.
Notificouse o nomeamento como xerente de Proxectos, con rango de xefa de servizo, de María Sabucedo Santos (confióuselle a dirección da OTT).
- Contestación a rogos e preguntas que formularon os conselleiros
- Asuntos de trámite
 - 1 Debateuse sobre a pertinencia de contestar os escritos que remitiron o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia (CPXG), do 09.03.2023, e a Federación de Asociacións de Periodistas de España (FAPE), do 15.04.2023.
- Rogos e preguntas (formuláronse a título individual en todos os casos)
 - 1 Posible modificación das bases polas que se rexeu o proceso selectivo extraordinario de estabilización que derivou da Lei 20/2021, do 28 de decembro (contestouse no mesmo pleno ordinario e completouse a resposta no pleno ordinario do 27.06.2023).
 - 2 Criterio que se seguiu para introducir nos telexornais personalizacións alleas, as cales, ademais, se efectuaron en castelán (contestouse no pleno ordinario do 27.06.2023).

- 3 En relación co seu traslado a terceiros, ao fío do que se determina no artigo 12 do Regulamento interno do Consello de Administración da Corporación RTVG, liña de actuación que se debería seguir coa información que recibisen os membros do Consello de Administración da Corporación RTVG (contestouse no pleno ordinario do 27.06.2023).
- 4 Medidas que cabería adoptar para que nos faladoiros non se divulgasen discursos nos que se cuestionase o proceso de normalización lingüística do galego (contestouse no pleno ordinario do 27.06.2023).
- 5 Razóns polas que non recibiu cobertura a conferencia que se realizou na Eurocámara o 24.05.2023 e que versou sobre o impacto da industria eólica mariña na pesca (contestouse no pleno ordinario do 27.06.2023).
- 6 Consideracións arredor dos contidos das respostas que se ofreceron ao abeiro de preguntas que se formularon nas sesións plenarias ordinarias, no senso de que as contestacións se cinguisen aos aspectos esenciais das interpelacións (contestouse na mesma sesión plenaria).

Ademais, realizáronse as seguintes críticas, reflexións e consideracións:

- 1 Unha conselleira elevou o rogo consistente en que se lle permitise participar activamente nas reunións da Comisión de Regulamento e Réxime Interior nas que se abordase a cuestión do borrador do estatuto profesional (non formaba parte da devandita comisión de participación).
- 2 Solicitouse que se comunicase o plan de cobertura da campaña das eleccións ao Congreso dos Deputados e ao Senado do 23.07.2023 o máis axiña posible, mesmo avanzando publicamente o pertinente calendario de debates e entrevistas.

27 de xuño de 2023

- Aprobación da acta do pleno ordinario do 30.05.2023
- Aprobación, se procede, do Informe anual sobre a xestión da Corporación RTVG e sobre o cumprimento da misión de servizo público atribuída (exercicio 2022)
Aprobouse por cinco votos a favor e dous en contra.
- Aprobación, se procede, do Plan anual de actividades e dos anteproxectos de orzamentos da Corporación RTVG para 2024.
Aprobouse por cinco votos a favor e dous en contra.
- Informes do director xeral da Corporación RTVG
 - 1 Grella de programación da TVG para o verán de 2024
 - 2 Evolución das cotas de pantalla da TVG e da G2 en xuño de 2023
 - 3 Evolución dos ingresos comerciais
 - 4 Procedemento abreviado núm. 0000784/2023 do Xulgado de Instrución núm. 1 de Santiago de Compostela
 - 5 Evolución da taxa de absentismo (maio de 2023)
- Contestación a rogos e preguntas que formularon os conselleiros
- Asuntos de trámite

1 Documento de RBB Economics LLP ENNR (*Análise do dano causado a FORTA e AETPDT polas condutas sancionadas de Atresmedia e Mediaset*)

- Rogos e preguntas (formuláronse a título individual en todos os casos)

- 1 Investigación do Consello de Contas de Galicia ao abeiro da denuncia da CIG pola execución dos contratos que se formalizaran con Overon Servicios Audiovisuales, S.L. en virtude dos expedientes núm. 2018000264 e CRT-2021-0003 (contestouse na mesma sesión plenaria e completouse a resposta no pleno ordinario do 20.07.2023).
- 2 Razóns da inclusión de Pedro Insua Rodríguez no elenco de colaboradores da Corporación RTVG, unha persoa que denigrou publicamente o idioma galego (contestouse no pleno ordinario do 20.07.2023).
- 3 Estado do contrato que derivou do expediente CRT-2021-0003 (contestouse no pleno ordinario do 20.07.2023).
- 4 Posto que no perfil do contratante se publicou a licitación do expediente CRT-2023-0008 (Servizo de produción e transmisión de sinal de directos para a CRTVG, S.A.) e nel se introduciron modificación en relación co inmediato anterior sobre o mesmo servizo (algunhas delas notables), razóns destas alteracións (contestouse no pleno ordinario do 20.07.2023).
- 5 Ao fío dos comentarios que fixo a Dirección Xeral da CRTVG na reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da CRTVG do 24.05.2023, posible establecemento de distintas fórmulas para adquirir a condición de persoal laboral fixo da empresa (contestouse no pleno ordinario do 20.07.2023).
- 6 Valoración da sentenza que se ditou no procedemento 86/2023 do Xulgado do Social número 3 de Santiago de Compostela (sentenza núm. 226/2023 do 07.06.2023, dereito á conciliación da vida persoal e familiar e laboral, mobilidade xeográfica e funcional) (contestouse no pleno ordinario do 20.07.2023).
- 7 Valoración da sentenza que se ditou no recurso de suplicación núm. 6349/2021 que se tramitou ante a Sala do Social do TSXG (sentenza núm. 1017/2022 do 02.03.2022, sobre conciliación da vida persoal e familiar e laboral, modificación das condicións de traballo) (contestouse no pleno ordinario do 20.07.2023).
- 8 Posible revisión do Procedemento para a prevención do acoso no traballo (contestouse no pleno ordinario do 20.07.2023).
- 9 Número de efectivos nas delegacións da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Ferrol e Burela en novembro de 2010 (contestouse no pleno ordinario do 20.07.2023).
- 10 Número de mulleres directoras de programas da Corporación RTVG e a súa proporción sobre o total (contestouse no pleno ordinario do 20.07.2023).

20 de xullo de 2023

- Aprobación da acta do pleno ordinario do 27.06.2023

- Informes do director xeral da Corporación RTVG

- 1 Sistema interno de información
- 2 Evolución das cotas de pantalla da TVG e da G2 no período setembro 2022-xuño 2023
- 3 Evolución dos ingresos comerciais no primeiro semestre de 2023
- 4 Incidente no concurso 'Atrápame se podes'
- 5 Evolución da taxa de absentismo en xuño de 2023

- Contestación a rogos e preguntas que formularon os conselleiros
- Asuntos de trámite
- Rogos e preguntas (formuláronse a título individual en todos os casos)
 - 1 Crítica sobre o número de entrevistas que lle realizou a Corporación RTVG a candidatos polas circunscricións galegas nas eleccións ao Congreso dos Deputados e ao Senado do 23.07.2023 (contestouse no pleno ordinario do 31.08.2023).
 - 2 Configuración dos faladoiros que se difundiron durante o verán de 2023, así como en relación co elenco de colaboradores que participaron neles (contestouse no pleno ordinario do 31.08.2023).
 - 3 Criterios de selección do persoal que participou nos operativos que se estableceron para realizar o seguimento das campañas electorais e de esollas dos profesionais que moderan os debates que se organizan nese período de tempo (contestouse no pleno ordinario do 31.08.2023).

Ademais, realizáronse as seguintes críticas, reflexións e consideracións:

- 1 Difusión dos debates que se organicen en futuras campañas electorais no horario de máxima audiencia.
- 2 Proceder doutras canles de televisión (de ámbito local, autonómico estatal) durante a campaña das eleccións ao Congreso dos Deputados e ao Senado do 23.07.2023 á hora de programar os debates que organizaron.

31 de agosto de 2023

- Aprobación da acta do pleno ordinario do 20.07.2023
- Elección da presidenta do Consello de Administración da Corporación RTVG.
Por unanimidade, elixiuse a Irene Viña Bravo.
- Aprobación, se procede, da modificación do cadro de persoal da Corporación RTVG.
Aprobouse por 4 votos a favor e 2 abstencións.
- Informes do director xeral da Corporación RTVG
 - 1 Ciberseguridade: incidente informático que se produciu o 25.07.2023
 - 2 Informe de situación da Corporación RTVG (agosto de 2023)
- Contestación a rogos e preguntas que formularon os conselleiros
- Asuntos de trámite
- Rogos e preguntas (formuláronse a título individual en todos os casos)
 - 1 Posibilidade de incorporar mulleres na sección de deportes da Radio Galega (contestouse no pleno ordinario do 26.09.2023).
 - 2 Decisións sobre a configuración dos faladoiros antes e despois das eleccións ao Congreso dos Deputados e ao Senado do 23.07.2023 (contestouse no pleno ordinario do 26.09.2023).

- 3 Razóns polas que María Obelleiro Hermida non formaría parte de elenco de colaboradores dos faladoiros na temporada que principiou o 04.09.2023 (contestouse no pleno ordinario do 26.09.2023).
- 4 Dominio da fala por parte dos colaboradores nos faladoiros (contestouse no pleno ordinario do 26.09.2023).
- 5 Previsións e proxectos en relación coa emisora Son Galicia Radio (contestouse no pleno ordinario do 26.09.2023).
- 6 Causas polas que Goretti Sanmartín Rei non foi protagonista de ningunha entrevista dende a súa elección como alcaldesa de Compostela (contestouse no pleno ordinario do 26.09.2023).
- 7 Proposta consistente en que se levasen a cabo accións complementarias, nomeadamente na web e mediante o uso de material de arquivo, para fomentar a igualdade (contestouse no pleno ordinario do 26.09.2023).
- 8 Orientación da empresa no ámbito das relacións laborais na etapa que principiou en setembro de 2023 (contestouse no pleno ordinario do 26.09.2023).

Ademais, realizáronse as seguintes críticas, reflexións e consideracións:

- 1 Pesar unánime polo pasamento de Marisol Vence Arias, redactora da Corporación RTVG dende 1992.

26 de setembro de 2023

- Aprobación da acta do pleno ordinario do 31.08.2023
- Informes do director xeral da Corporación RTVG
 - 1 OTT
 - 2 Ciberseguridade: incidente informático que se produciu o 25.07.2023
 - 3 Liñas tendenciais da evolución da cota de pantalla da TVG (verán de 2023)
 - 4 Evolución dos ingresos comerciais da Corporación RTVG (xaneiro-agosto de 2023)
 - 5 Evolución da taxa de absentismo
- Contestación a rogos e preguntas que formularon os conselleiros
- Asuntos de trámite
- Rogos e preguntas (formuláronse a título individual en todos os casos)
 - 1 Consideración sobre a resposta que recibiu a seguinte pregunta que se formulou no pleno ordinario do 31.08.2023: razóns polas que María Obelleiro Hermida deixou de formar parte de elenco de colaboradores dos faladoiros na temporada que principiou o 04.09.2023. (Contestouse no mesmo pleno ordinario e completouse a resposta no pleno ordinario do 31.10.2023).
 - 2 Consideración sobre a contestación que se proporcionou en virtude da seguinte pregunta que se formulou no pleno ordinario do 31.08.2023: causas polas que Goretti Sanmartín Rei non fora protagonista de ningunha entrevista dende a súa elección como alcaldesa de Compostela. (Contestouse no mesmo pleno ordinario e completouse a resposta no pleno ordinario do 31.10.2023).

- 3 Ao fío da nova que se publicou na edición do 13.09.2023 do xornal dixital www.eldiario.es (*A Televisión de Galicia págalle ao Arcebispo de Santiago case 800.000 euros por ofrecer misas na canle pública*), importe dos contratos que se formalizaron en 2022 e 2023 para a produción dos espazos 'Polo camiño da fe' e 'Santa misa' (contestouse no mesmo pleno ordinario e completouse a resposta no pleno ordinario do 31.10.2023).
- 4 Posibilidade de incrementar a información que se reflectía no Portal de transparencia, concretamente na sección *Actividade contractual*, no senso de completala cos datos referidos aos anos anteriores a 2021 e ao exercicio 2023 (contestouse no pleno ordinario do 31.10.2023).
- 5 Razóns polas que o presentador da edición diaria do 'Pensando en ti' estaba vinculado coa Corporación RTVG mediante un contrato para artistas profesionais (contestouse no pleno ordinario do 31.10.2023).
- 6 Eventualidade de recuperar o acordo que se alcanzou hai anos coa Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela para a divulgación do proxecto aRi[t]mar galiza e portugal (contestouse no pleno ordinario do 31.10.2023).
- 7 A raíz da decisión que se adoptou cunha persoa que participaba na sección de produción audiovisual do 'Diario cultural', criterios que se aplicaban á hora de realizar a escolla dos colaboradores (contestouse no pleno ordinario do 31.10.2023).
- 8 Causas polas que a participación do presidente da Xunta de Galicia nun programa da TVG se promoveu cun mes de antelación (contestouse no pleno ordinario do 31.10.2023).
- 9 Criterios que se seguiron na elaboración da información sobre a votación no Congreso dos Deputados para modificar o seu regulamento co obxecto de permitir nel o uso das linguas cooficiais (contestouse no pleno ordinario do 31.10.2023).
- 10 Razóns polas que se convidou á audiencia a seguir en directo, a través da web, o acto do que foi protagonista Alfonso Rueda Valenzuela e no que deu conta da estratexia do executivo galego para o futuro próximo (contestouse no pleno ordinario do 31.10.2023).
- 11 Atención previa que recibiu nos informativos da TVG o debate de investidura que se escenificou o 26.09.2023 no Congreso dos Deputados e que tivo continuidade o 27.09.2023 (contestouse no pleno ordinario do 31.10.2023).
- 12 Horizonte temporal para a conclusión do proceso selectivo extraordinario de estabilización que derivou da Lei 20/2021, do 28 de decembro, e dos concurso-oposición vinculados coas taxas de reposición (contestouse no pleno ordinario do 31.10.2023).
- 13 Horizonte temporal para a entrada en funcionamento da pantalla de tecnoloxía LED do plató 300 (contestouse no pleno ordinario do 31.10.2023).
- 14 Razóns polo que no 'Telexornal mediodía' do 21.09.2023 non se destacou que tres deputados galegos utilizaron a lingua do país no debate nesa data no Congreso dos Deputados e que xirou arredor da modificación do seu regulamento (contestouse no mesmo pleno ordinario e completouse a resposta no pleno ordinario do 31.10.2023).
- 15 Contido dun dos parágrafos da nova que se publicou na edición do 13.09.2023 do xornal www.eldiario.es, no que se indicou que nin a Corporación RTVG nin o Arcebispo de Santiago de Compostela responderon as preguntas que se lles fixeron para contrastar a información da que dispuña (contestouse no mesmo pleno ordinario).

Ademais, realizáronse as seguintes críticas, reflexións e consideracións:

- 1 Pesar unánime polo pasamento da nai do director do Departamento de Recursos Humanos.

- 2 En relación cos criterios que aplicaron as persoas responsables da empresa á hora de configurar os faladoiros, amais de respectalos, subliñouse que non é función das/os membros deste órgano defender intereses persoais de ningún/ningunha colaborador/a.
- 3 Lembrouse o que se dispón nos Criterios reitores da dirección editorial da Corporación RTVG sobre a representatividade política, ideolóxica, social e cultural nas programacións dos medios públicos galegos de comunicación audiovisual, así como o número de deputados e senadores que conseguiu cada entidade política nas eleccións do 23.07.2023.

31 de outubro de 2023

- Aprobación da acta do pleno ordinario do 26.09.2023
- Aprobación, se procede, da modificación do cadro de persoal da Corporación RTVG. Aprobouse por 5 votos a favor e 2 en contra.
- Informes do director xeral da Corporación RTVG
 - 1 Estratexias a medio prazo para garantir a seguridade dos sistemas de información da Corporación RTVG
- Contestación a rogos e preguntas que formularon os conselleiros
- Asuntos de trámite
- Rogos e preguntas (formuláronse a título individual en todos os casos)
 - 1 Observacións sobre as razóns que esgrimiou a dirección cando decidiu introducir modificacións no elenco de colaboradores da Corporación RTVG (contestouse no pleno ordinario do 28.11.2023).
 - 2 Razóns da falta de pluralidade no faladoiro do 'Galicia por diante' do 31.10.2023 cando se abordou a cuestión do pacto PSOE-Junts per Catalunya para a investidura de Sánchez Pérez-Castejón (contestouse no pleno ordinario do 28.11.2023).
 - 3 Consideracións arredor dos motivos que se esgrimiron para xustificar a promoción que se fixo da participación do presidente da Xunta de Galicia no programa 'Land Rober Tunai Show' do 05.10.2023 (contestouse no pleno ordinario do 28.11.2023).
 - 4 Consideracións sobre a intervención do presidente da Xunta de Galicia no espazo 'Os nosos maiores' do 22.10.2023, neste caso pola coincidencia co anuncio da Xunta de Galicia de que as persoas maiores de 65 anos viaxarán de balde no transporte interurbano a partir do 01.01.2024 e coas acusacións que fixo contra o G.P. do BNG en sede parlamentaria o 25.10.2023, no senso de que este último despreza este segmento da poboación (contestouse no pleno ordinario do 28.11.2023).
 - 5 Motivos polos que a Corporación RTVG incumpriu a iniciativa Xabarín, que o Parlamento de Galicia tramitou como proposición non de lei, que aprobou por unanimidade o 12.05.2021 e que impulsou a Mesa pola Normalización Lingüística (contestouse no pleno ordinario do 28.11.2023).
 - 6 Causas polas que nos programas da Corporación RTVG que incluían referencia ás portadas de diferentes diarios non se mencionaba a do único xornal que se edita en galego (Nós Diario) (contestouse no pleno ordinario do 28.11.2023).

- 7 Medidas en relación cos contratos de alta dirección en virtude do que se determinou no auto da Sala do Social do Tribunal Supremo do 13.09.2023 (unificación de doutrina núm. 3318/2022) (contestouse no mesmo pleno ordinario e completouse a resposta no pleno ordinario do 28.11.2023, no apartado *Informes do director xeral da Corporación RTVG*).
- 8 Motivos dos cambios que se realizaron nos servizos informativos da Radio Galega a partir do 23.10.2023 (contestouse no pleno ordinario do 28.11.2023).
- 9 No que atinxe ao plan de igualdade, causas polas que non se corrixiu a eiva que detectou a Inspección de Traballo e Seguridade Social, a raíz da denuncia que se formulou diante desta última (contestouse no pleno ordinario do 28.11.2023).
- 10 Razóns polas que non foi posible aprobar o Plan de Igualdade (contestouse no pleno ordinario do 28.11.2023).
- 11 Posibilidade de modificar as condicións que se estableceron nos contratos de alta dirección (contestouse no pleno ordinario do 28.11.2023, no apartado *Informes do director xeral da Corporación RTVG*).
- 12 Razóns polas que só determinados profesionais da Corporación RTVG estaban facultados para seleccionar e titular as informacións que se incluían nos programas informativos da Radio Galega (contestouse no pleno ordinario do 28.11.2023).
- 13 Apelación para que a representación da empresa fixese os máximos esforzos co obxecto de avanzar nas negociacións que se abriron ao abeiro do Acordo interprofesional galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo (AGA) (contestouse no mesmo pleno ordinario).

Ademais, realizáronse as seguintes críticas, reflexións e consideracións:

- 1 Felicítouse á organización polo feito de que, por quinto ano consecutivo, recibiu do Consorcio Zona Franca de Vigo a acreditación que a recoñece como Empresa Igual en Xénero 2023 (indicador Ardán).
- 2 Polo feito de que fora obxecto dunha descualificación no legislativo galego, o persoal adscrito á Área de Información e Documentación recibiu o apoio dunha conselleira.
- 3 Por diferentes razóns, solicitouse que se mantivese a programación de contido relixioso.

28 de novembro de 2023

- Aprobación da acta do pleno ordinario do 31.10.2023
- Informes do director xeral da Corporación RTVG
 - 1 Réxime de contratación do persoal directivo da Corporación RTVG
 - 2 Sistema interno de información
 - 3 Evolución da taxa de absentismo
- Contestación a rogos e preguntas que formularon os conselleiros
- Asuntos de trámite
 - 1 Seguro de responsabilidade civil dos membros do Consello de Administración.
- Rogos e preguntas

- 1 Posible externalización do proxecto 'DígochoEu' (contestouse no pleno ordinario do 22.12.2023).
- 2 Solicitud de información sobre o proceso sancionador que a Inspección de Traballo e Seguridade Social lle abriu á Corporación RTVG o 19.09.2023 por usar de forma fraudulenta o contrato que se regula no Real decreto-lei 5/2022, do 22 de marzo (contestouse no pleno ordinario do 22.12.2023).
- 3 Difusión de novas no 'Galicia noticias' nas que se confundiu información e opinión e mestura da información institucional e partidaria na nova que se titulou *O bus de "Galicia non para" chega a Cangas* que se incluíu no 'Telexornal mediodía fin de semana' do 26.11.2023 (contestouse no pleno ordinario do 22.12.2023).
- 4 Proceder que se seguiu na escolla dos cortes que se extraeron da entrevista que o presidente do PP lle concedeu á Radio Galega o 26.11.2023 (contestouse no pleno ordinario do 22.12.2023).
- 5 Tratamento que se lle outorgou na rede social X ao suposto caso de violencia machista que se produciu nun local de hostalaría viguesa na mañá do 19.11.2023 (contestouse no pleno ordinario do 22.12.2023).
- 6 Actuacións para mellorar diversas dependencias das instalacións da Radio Galega (contestouse no pleno ordinario do 22.12.2023).
- 7 Consideracións arredor da resposta que se ofreceu ao abeiro da pregunta que se formulou no pleno ordinario do 31.10.2023 sobre as razóns polas que nos programas nos que se facía referencia ás portadas de diferentes diarios non se incluía unha mención á do único que se edita en galego (Nós Diario) (contestouse no pleno ordinario do 22.12.2023).
- 8 Posibilidade de reformular o modelo dos boletíns horarios a partir das observacións que fixeron 21 profesionais da Radio Galega e que comunicaron por escrito ao Consello de Administración da Corporación RTVG (registro de entrada núm. 16 do 13.11.2023) (contestouse no pleno ordinario do 22.12.2023).
- 9 Solicitud de información sobre os feitos que sucederon o 16.10.2023 durante a gravación do espazo 'Dígochiño' (contestouse no pleno ordinario do 22.12.2023).

Ademais, realizáronse as seguintes críticas, reflexións e consideracións:

- 1 Pesar unánime polo pasamento de Rosa María Martínez Rivada, quen ocupou os cargos de xefa do Servizo de Informativos, subdirectora e directora-xerente da extinta RTG, S.A.

22 de decembro de 2023

- Aprobación da acta do pleno ordinario do 28.11.2023
- Informes do director xeral da Corporación RTVG
 - 1 Lei europea de liberdade dos medios de comunicación
 - 2 Sentenzas do Xulgado do Social núm. 1 de Santiago de Compostela nos procedementos núm. 156/2023, 169/2023 e 209/2023 (modificación substancial condicións laborais)
 - 3 Terceira onda do EXM
 - 4 Ingresos comerciais (previsións peche exercicio 2023)
- Contestación a rogos e preguntas que formularon os conselleiros
- Asuntos de trámite

1 Comunicouse que o 17.01.2024, ás 19:30 h, no Auditorio Fontán da Cidade da Cultura, se realizaría o acto de presentación da plataforma dixital de contidos dos medios públicos de comunicación audiovisual galegos.

- Rogos e preguntas

- 1 Motivos polos que nos programas nos que se facía referencia ás novas de portada de diferentes diarios ultimamente se incluían as que publicaba o xornal 'La Razón', mentres se vetan as noticias que destaca a única cabeceira que se edita en galego.
- 2 Razóns polas que no acceso ao plató 300 da TVG se colocou unha placa, cuxo texto, ademais, estaba en castelán.
- 3 Ao abeiro do contido do escrito de amparo que unha redactora da TVG lle enviou o 14.12.2023 ao Comité Intercentros e que a presidenta deste último lle trasladou a este órgano mediante correo electrónico do 19.12.2023 (registro de entrada núm. 18 da mesma data), causas polas que se lle encomendou á devandita profesional realizarlle unha entrevista ao avogado de tres persoas que sufriron danos en Vigo o 12.08.2018, durante a celebración do festival do Marisquiño, con preguntas que realizaron terceiros.
- 4 Parecer do director xeral da Corporación RTVG sobre o cuestionario da entrevista que se lle realizou no 'Telexornal serán' do 30.11.2023 ao presidente da Xunta de Galicia.
- 5 Valoración do contido da nova que se divulgou no 'Telexornal mediodía fin de semana' do 03.12.2023 que se titulou *Proclamación de Ana Pontón como candidata á Presidencia da Xunta de Galicia*.
- 6 Posible asignación dunha carga de traballo diaria mínima a determinados redactores da Radio Galega.
- 7 Identificación pola dirección de potenciais e graves carencias da Radio Galega no ámbito tecnolóxico.
- 8 Motivos polos que se modificaron os horarios e as funcións de profesionais da Radio Galega adscritos ao centro de traballo de Vigo.
- 9 Referido a 2023, número de entrevistas das que foron protagonistas nas canles da Corporación RTVG Ana Pontón Mondelo, Valentín González Formoso e Alfonso Rueda.
- 10 Actuación para evitar a frivolidade en determinacións informacións que se difunden a través das redes sociais.
- 11 Prazo para a execución do estudo psicosocial.
- 12 Suposta presión que se exerceu sobre unha profesional que está adscrita ao centro de traballo de Vigo (modificáronse as súas funcións e a súa xornada)
- 13 Parecer da dirección arredor da praxe que consiste na entrega dun cuestionario a calquera redactor no que se conteñen as preguntas que debe realizar nunha entrevista e do que non é autor.

Ademais, realizáronse as seguintes críticas, reflexións e consideracións:

- 1 Polo que se refire á campaña das eleccións ao Parlamento de Galicia do 18.02.2023, rogouse que a CRTVG configurase o plan de cobertura máis amplo posible, sobre todo no apartado dos debates (pregouse que se difundisen no horario de máxima audiencia).
- 2 Expresión da solidariedade co cadro de persoal da empresa, especialmente coas traballadoras, cando son obxecto de actos de acoso no eido dixital.

Resumo de asuntos que se trataron, tendo en conta o seguinte:

- Contabilízanse exclusivamente os informes que se facilitaron en función dos títulos que se lles atribuíron nas actas das sesións plenarias, é dicir, obviando que algúns deles abrangúan varios asuntos.

- Non se computan as cuestións colaterais que xurdiron a partir dos devanditos informes.
- Respostas a determinadas preguntas cualificáronse como informes en senso estrito.

PLENO	ASUNTOS QUE SE TRATARON NO APARTADO INFORMES DO DIRECTOR XERAL DA CRTVG	OUTROS INFORMES DA DIRECCIÓN XERAL DA CRTVG E DECISIONS SOBRE ASUNTOS DIVERSOS	CUESTIÓNS QUE SE ABORDARON NO APARTADO ASUNTOS DE TRÁMITE
24.01.2023	4	1	1
23.02.2023	2		
28.03.2023	1	1	
25.04.2023	4		
30.05.2023	2	2	1
27.06.2023	5	2	1
20.07.2023	5		
31.08.2023	2	2	
26.09.2023	5		
31.10.2023	1	1	
28.11.2023	3		1
22.12.2023	4		1
Total	38	9	5

Rogos e preguntas que se dirixiron á Dirección Xeral da Corporación RTVG e que atendeu na mesma sesión plenaria ou nunha posterior, en función dos seguintes factores:

- Non se enumeran as respostas que se ofreceron ao fío das intervencións posteriores dos conselleiros en relación cos asuntos sobre os que informou a Dirección Xeral da Corporación RTVG en cada sesión plenaria.
- Igualmente, cómpre salientar que:
 - Algunhas cuestións concretas que se suscitaron en sesións plenarias respondéronse ou completáronse por representantes da Dirección Xeral da CRTVG en xuntanzas das comisións de participación.
 - Determinados rogos e certas preguntas que se efectuaron nun pleno concreto atendéronse na mesma reunión por parte da Dirección Xeral da Corporación, efectuando esta última precisións ou completando as súas respostas na sesión plenaria inmediatamente posterior.

PLENO	FORMULADOS	ATENDIDOS NO MESMO PLENO	ROGOS E PREGUNTAS ATENDIDOS DE ANTERIORES PLENOS	OUTROS ROGOS OU CONSIDERACIÓN S
24.01.2023	8		4	1
23.02.2023	1	1	8	2
28.03.2023	7			2
25.04.2023	14	4	7	2
30.05.2023	6	2	13	2
27.06.2023	10	1	5	
20.07.2023	3		10	2
31.08.2023	8		3	1
26.09.2023	15	5	8	3
31.10.2023	13	1	14	3
28.11.2023	9		13	1
22.12.2023	13		9	2
TOTAL	107	14	94	21

11.3 Decisións que adoptou o socio único da Corporación RTVG

Ao abeiro do que se dispón no artigo 15 da Lei de sociedades de capital (Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo), a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (representada polo secretario xeral técnico e do Patrimonio da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia), na súa condición de socio único da Corporación RTVG, por ser o titular do 100% do seu capital social, adoptou as decisións seguintes na reunión do 09.05.2023:

- Aprobou as contas anuais, o informe de xestión (que incluíu o estado de información non financeira) e a proposta de aplicación do resultado da Corporación RTVG correspondentes ao exercicio social que se pechou o 31.12.2022.
- Aprobou a xestión que desenvolveu o Consello de Administración da Corporación RTVG durante o exercicio social que se pechou o 31.12.2022.
- Facultou expresamente á secretaria non conselleira para que puidese elevar a público as decisións que adoptou nesa data e, así mesmo, habilitouna para realizar cantas actuacións fosen necesarias para a validez das devanditas decisións e a súa inscrición, total ou parcial, nos rexistros públicos correspondentes.

11.4 Órganos ou comisións de participación, asesoramento ou de control interno

O artigo 12.3 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, obriga a constituír no seo do Consello de Administración da Corporación RTVG unha Comisión de Economía e Control (mandato que se reitera no artigo 11.2 dos estatutos da sociedade). Por outra banda, o artigo 19.1.e) da Lei 9/2011, do 9 de novembro, facúltao para aprobar a creación dos órganos ou das comisións de participación, asesoramento ou de control interno (potestade na que se reincide no artigo 11.2 dos estatutos da sociedade). En virtude do que se expuxo, creáronse as seguintes comisións:

- Economía e Control (pleno ordinario do 04.01.2016)
- Igualdade (pleno ordinario do 27.07.2021)
- Programación (pleno ordinario do 26.02.2016)
- Recursos Humanos (pleno ordinario do 26.02.2016)
- Regulamento e Réxime Interior (pleno ordinario do 19.01.2016)
- Responsabilidade Social Corporativa (pleno ordinario do 27.07.2021)

11.4.1 Comisión de Economía e Control

No seu artigo 28, a Lei 9/2011, do 9 de novembro, determina que o número de membros e as normas de funcionamento da Comisión de Economía e Control se fixarán estatutariamente (ou, se é o caso, polas normas de funcionamento interno da entidade, que, de todos os xeitos, favorecerán a independencia do seu funcionamento). Dándolle cumprimento a ese mandato, o artigo 20.1. dos estatutos da empresa dispón a creación dunha Comisión de Economía e Control, que se formará na primeira sesión do Consello de Administración da Corporación RTVG e que se comporá por tres membros. Engade que os seus integrantes desempeñarán o cargo por un período de tres anos e cesarán cando o fagan na súa condición de conselleiros, cando así o acorde o Consello de Administración da Corporación RTVG ou polo transcurso do prazo que se estableceu para o desempeño do seu cargo. Posúe as seguintes competencias:

- O seguimento do estado financeiro da Corporación RTVG, así como o estrito cumprimento do servizo público para o que se creou.
- A supervisión das contas anuais de cada exercicio e a formulación das observacións que considere axeitadas.
- A supervisión do plan anual de actividades, da memoria anual e dos anteprojectos de orzamentos.
- A análise das liñas xerais de asignación orzamentaria de cada exercicio e dos criterios que se utilizan para a súa elaboración.
- A supervisión dos plans financeiros plurianuais.
- A realización dun seguimento e análise da xestión e evolución da execución orzamentaria.
- O seguimento da evolución dos ingresos comerciais.
- A supervisión, con carácter trimestral, da posición financeira da empresa.

No artigo 20.4 dos estatutos da empresa especificase que o funcionamento da Comisión de Economía e Control cómpre fixalo no regulamento de funcionamento que aprobe o Consello de Administración da Corporación RTVG, debendo reunirse, en todo caso, con periodicidade trimestral, polo menos, e cada vez que a convoque a súa Presidencia, que será elixida polo Consello de Administración da Corporación RTVG na súa primeira sesión.

- Creación: 04.01.2016
- Membros: Cabaleiro Durán (elixido o 28.06.2022, con efectos do 25.05.2022), Peón Piñeiro (27.07.2021) e Vidal Lage (27.07.2021)
- Presidente: Cabaleiro Durán (elixido o 27.07.2022)

Reunións que realizou en 2023:

- 10.01.2023
Comparecente: xefa do Servizo de Coordinación e Control da Xestión
Asuntos: posición financeira ao 31.12.2022 e controversia pola tributación do IVE
- 18.01.2023
Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio
Asunto: ingresos comerciais (decembro de 2022 e acumulado do exercicio)
- 23.01.2023
Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade
Asunto: evolución orzamentaria ao 31.10.2022
- 08.02.2023
Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade
Asunto: evolución orzamentaria ao 30.11.2022
- 15.02.2023
Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio
Asunto: ingresos comerciais (xaneiro de 2023)
- 21.02.2023
Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade
Asunto: plan de actuación en relación co peche do exercicio (2022)
- 07.03.2023
Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio
Asunto: ingresos comerciais (febreiro de 2023 e acumulado do exercicio)
- 14.03.2023
Comparecente: director da Área de Xestión Corporativa
Asunto: presentación das contas anuais correspondentes ao exercicio 2022
- 21.03.2023
Comparecente: director da Área de Xestión Corporativa
Asunto: contas anuais correspondentes ao exercicio 2022
- 11.04.2023
Comparecente: xefa do Servizo de Coordinación e Control da Xestión
Asuntos: posición financeira ao 31.03.2023 e controversia pola tributación do IVE
- 18.04.2023
Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade
Asunto: evolución orzamentaria ao 31.01.2023

- 24.04.2023
Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio
Asuntos: ingresos comerciais (marzo de 2023 e acumulado do exercicio) e desconexións locais
- 02.05.2023
Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade
Asunto: evolución orzamentaria ao 28.02.2023
- 09.05.2023
Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio
Asunto: ingresos comerciais (abril de 2023 e acumulado do exercicio)
- 16.05.2023
Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade
Asuntos: evolución orzamentaria ao 31.03.2023 e presentación do Plan de control e xestión de riscos
- 06.06.2023
Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio
Asunto: ingresos comerciais (maio de 2023 e acumulado do exercicio)
- 15.06.2023
Comparecente: director da Área de Xestión Corporativa
Asunto: presentación dos anteprojectos de orzamentos e do plan anual de actividades para 2024
- 22.06.2023
Comparecente: director da Área de Xestión Corporativa
Asunto: anteprojectos de orzamentos e plan anual de actividades para 2024
- 04.07.2023
Comparecente: xefa do Servizo de Coordinación e Control da Xestión
Asuntos: posición financeira ao 30.06.2023 e controversia pola tributación do IVE
- 11.07.2023
Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio
Asunto: ingresos comerciais (xuño de 2023 e acumulado do exercicio)
- 18.07.2023
Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade
Asuntos: evolución orzamentaria ao 30.04.2023
- 05.09.2023
Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade
Asunto: evolución orzamentaria ao 31.05.2023
- 12.09.2023
Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio
Asuntos: ingresos comerciais (xullo e agosto de 2023 e acumulado do exercicio) e ciberataque do 25.07.2023

- 19.09.2023
Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade
Asunto: evolución orzamentaria ao 30.06.2023
- 04.10.2023
Comparecente: xefa do Servizo de Coordinación e Control da Xestión
Asuntos: posición financeira ao 30.09.2023 e problemática pola tributación do IVE
- 17.10.2023
Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio
Asuntos: ingresos comerciais (setembro de 2023 e acumulado do exercicio), prórroga do contrato que derivou do expediente CRT-2022-0017 e licitación do expediente CRT-2023-0038
- 24.10.2023
Comparecente: director da Área de Xestión Corporativa
Asunto: proxectos de orzamentos da Corporación RTVG para 2024
- 08.11.2023
Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade
Asunto: evolución orzamentaria ao 31.07.2023
- 14.11.2023
Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio
Asunto: ingresos comerciais (outubro de 2023 e acumulado do exercicio)
- 21.11.2023
Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade
Asunto: evolución orzamentaria ao 31.08.2023
- 05.12.2023
Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade
Asunto: evolución orzamentaria ao 30.09.2023
- 12.12.2023
Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio
Asunto: ingresos comerciais (novembro de 2023 e acumulado do exercicio)
- 19.12.2023
Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade
Asunto: evolución orzamentaria ao 31.10.2023

11.4.2 Comisión de Igualdade

- Creación: 27.07.2021
- Membros: López Blanco (elixida o 27.07.2022), Peón Piñeiro (27.07.2021) e Vidal Lage (27.07.2021)
- Presidenta: Vidal Lage (elixida o 27.07.2021)

Reunións que realizou en 2023:

- 14.02.2023
Comparecente: xefa do Servizo de Sistemas de Información de Recursos Humanos e Diálogo Social
Asunto: Plan de Igualdade
- 16.03.2023
Comparecentes: directora da Área de Información e Documentación e xefa do Servizo de Xestión Operativa de Programas da Radio Galega
Asuntos: actuacións de TVG e Radio Galega para conmemorar o Día Internacional da Muller
- 09.05.2023
Comparecente: xefa do Servizos de Sistemas de Información de Recursos Humanos e Diálogo Social
Asunto: Plan de Igualdade
- 05.09.2023
Comparecente: xefa do Servizos de Sistemas de Información de RRHH e Diálogo Social
Asunto: Plan de Igualdade
- 19.09.2023
Comparecente: xefa do Servizos de Sistemas de Información de Recursos Humanos e Diálogo Social
Asunto: Plan de Igualdade
- 07.11.2023
Comparecente: director da Área de Contidos
Asunto: contidos sobre igualdade na OTT
- 04.12.2023
Comparecentes: subdirector de Xestión dos Servizos Informativos e xefa do Servizo de Xestión Operativa de Programas da Radio Galega
Asuntos: actuacións que desenvolveron a TVG e a Radio Galega para conmemorar o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller

11.4.3 Comisión de Programación

- Creación: 26.02.2016
- Membros: Alonso Filgueira (elixido o 27.07.2022), Cabaleiro Durán (27.07.2021) e Vidal Lage (27.07.2021)
- Presidente: Alonso Filgueira (elixido o 27.07.2022)

Reunións que realizou en 2023:

- 10.01.2023
Comparecente: director da Área de Contidos
Asuntos: cotas de pantalla da TVG en decembro de 2022 e no exercicio 2022

- 17.01.2023
Comparecente: director da Área de Contidos
Asunto: programación da G2
- 07.02.2023
Comparecente: director da Área de Contidos
Asunto: cota de pantalla da TVG (xaneiro de 2023)
- 14.02.2023
Comparecente: director da Área de Contidos
Asunto: acordos da Comisión directiva de avaliación de proxectos de apoio á produción cinematográfica (24.01.2023)
- 07.03.2023
Comparecente: director da Área de Contidos
Asunto: cota de pantalla da TVG (febreiro 2023)
- 11.04.2023
Comparecente: director da Área de Contidos
Asunto: cota de pantalla da TVG (marzo 2023)
- 24.04.2023
Comparecente: xefa do Servizo de Xestión Operativa de Programas da Radio Galega
Asunto: audiencia que se lles atribuíu ás canles de radio na primeira onda do EXM de 2023
- 02.05.2023
Comparecentes: director da Área de Información e Documentación e subdirector de Xestión dos Servizos Informativos
Asunto: campaña das eleccións locais do 28.05.2023 (plan de cobertura da CRTVG)
- 09.05.2023
Comparecente: director da Área de Contidos
Asunto: cota de pantalla da TVG (abril de 2023)
- 23.05.2023
Comparecentes: directora da Área de Información e Documentación e subdirector de Xestión dos Servizos Informativos
Asunto: cobertura da campaña das eleccións locais do 28.05.2023
- 06.06.2023
Comparecente: director da Área de Información e Documentación
Asunto: cobertura da campaña das eleccións locais do 28.05.2023
- 15.06.2023
Comparecente: director da Área de Contidos
Asuntos: cota de pantalla da TVG (maio de 2023) e audiencia que se lles atribuíu ás canles de televisión na primeira onda do EXM de 2023

- 27.06.2023
Comparecente: directora da Área de Información e Documentación
Asunto: campaña das eleccións ao Congreso dos Deputados e ao Senado do 23.07.2023 (informe sobre o plan de cobertura da Corporación RTVG)
- 04.07.2023
Comparecente: subdirector de Xestión dos Servizos Informativos
Asunto: audiencia que se lles atribuíu ás canles de radio da CRTVG na segunda onda do EXM de 2023
- 11.07.2023
Comparecente: director da Área de Contidos
Asuntos: cota de pantalla da TVG (xuño de 2023) e audiencia que se lles atribuíu ás canles de televisión da Corporación RTVG na segunda onda do EXM de 2023
- 18.07.2023
Comparecente: directora da Área de Información e Documentación e subdirector de Xestión dos Servizos Informativos
Asunto: cobertura eleccións ao Congreso dos Deputados e ao Senado do 23.07.2023
- 05.09.2023
Comparecente: director da Área de Contidos
Asunto: cotas de pantalla da TVG (xullo e agosto de 2023)
- 12.09.2023
Comparecente: xefa do Servizo de Xestión Operativa de Programas da Radio Galega
Asunto: programación da Radio Galega para a temporada outono 2023-primavera 2024
- 19.09.2023
Comparecente: representante da directora da Área de Información e Documentación
Asunto: programación deportiva da TVG para a temporada outono 2023-primavera 2024
- 05.10.2023
Comparecente: director da Área de Contidos
Asunto: cota de pantalla da TVG (setembro de 2023)
- 17.10.2023
Comparecente: director da Área de Contidos
Asunto: decisións que adoptou o 26.09.2023 a Comisión de Apoio á Produción Cinematográfica
- 24.10.2023
Comparecente: xefa do Servizo de Xestión Operativa de Programas da Radio Galega e responsable da Radio Galega Música
Asunto: Radio Galega Música
- 07.11.2023
Comparecente: director da Área de Contidos
Asunto: cota de pantalla da TVG (outubro de 2023)

- 05.12.2023
Comparecente: xefa do Servizo de Xestión Operativa de Programas da Radio Galega
Asunto: audiencia que se lles atribuíu ás canles de radio da Corporación RTVG na terceira onda do EXM de 2023
- 12.12.2023
Comparecente: director da Área de Contidos
Asuntos: cota de pantalla da TVG (novembro de 2023) e audiencia que se lles atribuíu ás canles de televisión da Corporación RTVG na terceira onda do EXM de 2023

11.4.4 Comisión de Recursos Humanos

- Creación: 26.02.2016
- Membros: Cabaleiro Durán (elixido o 27.07.2021), López Blanco (27.07.2022) e Viña Bravo (27.07.2021)
- Presidenta: López Blanco (elixida o 27.07.2022)

Reunións que realizou en 2023:

- 12.01.2023
Comparecente: director do Departamento de Recursos Humanos
Asuntos: situación do cadro de persoal ao 31.10.2022 e proceso selectivo extraordinario de estabilización que derivou da Lei 20/2021, do 28 de decembro
- 07.07.2023
Comparecente: director do Departamento de Recursos Humanos
Asuntos: situación do cadro de persoal ao 30.11.2023 e proceso selectivo extraordinario de estabilización que derivou da Lei 20/2021, do 28 de decembro
- 28.02.2023
Comparecente: xefa do Servizo de Formación e Selección
Asuntos: memoria de bolseiros (2022), memoria de formación (2022) e plan de formación (2023)
- 07.03.2023
Comparecente: director do Departamento de Recursos Humanos
Asunto: situación do cadro de persoal ao 31.12.2022
- 11.04.2023
Comparecente: director do Departamento de Recursos Humanos
Asuntos: situación do cadro de persoal ao 31.01.2023 e proceso selectivo extraordinario de estabilización que derivou da Lei 20/2021, do 28 de decembro
- 13.06.2023
Comparecente: director do Departamento de Recursos Humanos
Asuntos: situación do cadro de persoal ao 28.02.2023 e proceso selectivo extraordinario de estabilización que derivou da Lei 20/2021, do 28 de decembro

- 20.06.2023
Comparecente: director do Departamento de Recursos Humanos
Asuntos: situación do cadro de persoal ao 31.03.2023, resultados das eleccións sindicais do 15.06.2023 e proceso selectivo extraordinario de estabilización que derivou da Lei 20/2021, do 28 de decembro
- 04.07.2023
Comparecente: director do Departamento de Recursos Humanos
Asuntos: situación do cadro de persoal ao 30.04.2023 e proceso selectivo extraordinario de estabilización que derivou da Lei 20/2021, do 28 de decembro
- 11.07.2023
Comparecente: director do Departamento de Recursos Humanos
Asuntos: situación do cadro de persoal ao 31.05.2023 e proceso selectivo extraordinario de estabilización que derivou da Lei 20/2021, do 28 de decembro
- 19.09.2023
Comparecente: director do Departamento de Recursos Humanos
Asuntos: situación do cadro de persoal ao 30.06.2023, proceso selectivo extraordinario de estabilización que derivou da Lei 20/2021, do 28 de decembro, e convocatoria para a cobertura de postos de redactor/a na OTT
- 17.10.2023
Comparecente: director do Departamento de Recursos Humanos
Asuntos: situación do cadro de persoal ao 31.07.2023, proceso selectivo extraordinario de estabilización que derivou da Lei 20/2021, do 28 de decembro, e ofertas públicas de emprego ordinarias correspondentes a 2021, 2022 e 2023.
- 31.10.2023
Comparecente: director do Departamento de Recursos Humanos
Asuntos: modificación do cadro de persoal e negociacións coa representación legal dos/as traballadores/as
- 07.11.2023
Comparecente: director do Departamento de Recursos Humanos
Asuntos: situación do cadro de persoal ao 31.08.2023 e oferta pública de emprego ordinaria correspondente a 2023
- 04.12.2023
Comparecente: director do Departamento de Recursos Humanos
Asuntos: situación do cadro de persoal ao 30.09.2023 e oferta pública de emprego ordinaria correspondente a 2023
- 22.12.2023
Comparecente: director do Departamento de Recursos Humanos
Asuntos: situación do cadro de persoal ao 31.10.2023 e ofertas de emprego público ordinarias correspondentes a 2021, 2022 e 2023

11.4.5 Comisión de Regulamento e Réxime Interior

- Creación: 26.02.2016
- Membros: Cabaleiro Durán, Peón Piñeiro e Viña Bravo (elixido e elixidas o 27.07.2021)
- Presidenta: Peón Piñeiro (elixida o 27.07.2021)

Reunións que realizou en 2023:

- 12.01.2023
Asuntos: recomendacións sobre o tratamento dos casos de violencia machista e calendario de reunións
- 02.02.2023
Asuntos: recomendacións sobre o tratamento dos casos de violencia machista e calendario de reunións
- 28.02.2023
Asuntos: recomendacións sobre o tratamento dos casos de violencia machista, estatuto profesional e calendario de reunións
- 21.03.2023
Asuntos: recomendacións sobre o tratamento dos casos de violencia machista, estatuto profesional, normas sobre a comunicación comercial audiovisual e calendario de reunións
- 11.04.2023
Asuntos: estatuto profesional, normas sobre a comunicación comercial audiovisual e calendario de reunións
- 02.05.2023
Asuntos: estatuto profesional, normas sobre a comunicación comercial audiovisual e calendario de reunións
- 16.05.2023
Asuntos: normas sobre a comunicación comercial audiovisual, estatuto profesional, escritos do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia e da Federación de Asociacións de Periodistas de España (FAPE), do 09.03.2023 e do 15.04.2023, respectivamente, e calendario de reunións
- 06.06.2023
Asuntos: normas sobre a comunicación comercial audiovisual e calendario de reunións
- 20.06.2023
Asuntos: normas sobre a comunicación comercial audiovisual, estatuto profesional e rogo que formulou a conselleira Vidal Lage no pleno ordinario do 30.05.2023
- 11.07.2023
Asuntos: normas sobre a comunicación comercial audiovisual, estatuto profesional e calendario de reunións

- 20.07.2023
Asuntos: normas sobre a comunicación comercial audiovisual e calendario de reunións
- 05.09.2023
Asuntos: normas sobre a comunicación comercial audiovisual, estatuto profesional e calendario de reunións
- 19.09.2023
Asuntos: recomendacións sobre o tratamento da violencia machista, normas sobre a comunicación comercial audiovisual, estatuto profesional e calendario de reunións
- 04.10.2023
Asuntos: recomendacións sobre o tratamento da violencia machista, normas sobre a comunicación comercial audiovisual, estatuto profesional e calendario de reunións
- 17.10.2023
Asuntos: recomendacións sobre o tratamento da violencia machista, normas sobre a comunicación comercial audiovisual, estatuto profesional e calendario de reunións
- 07.11.2023
Asuntos: normas sobre a comunicación comercial audiovisual, estatuto profesional e calendario de reunións
- 13.11.2023
Comparecente: Fernández Rodríguez, profesor titular da Área de Dereito Constitucional da Facultade de Dereito da USC
Asuntos: Estatuto profesional, escrito da presidenta do Comité Intercentros do 08.11.2023 e seguro de responsabilidade civil
- 21.11.2023
Asuntos: normas sobre a comunicación comercial audiovisual, calendario de reunións, seguro de responsabilidade civil e estatuto profesional
- 05.12.2023
Asuntos: normas sobre a comunicación comercial audiovisual, calendario de reunións, recomendacións sobre o tratamento da violencia machista, seguro de responsabilidade civil e estatuto Profesional
- 19.12.2023
Asuntos: normas sobre a comunicación comercial audiovisual, calendario de reunións e estatuto profesional

11.4.6 Comisión de Responsabilidade Social Corporativa

- Creación: 27.07.2021
- Membros: Alonso Filgueira (elixido o 27.07.2022), Peón Piñeiro (28.06.2022, con efectos do 25.05.2022) e Viña Bravo (27.07.2021)
- Presidenta: Viña Bravo (elixida o 27.07.2021)

Reunións que realizou en 2023:

- 22.02.2023
Comparecente: director do Departamento de Proxección Social
Asunto: proxectos do Departamento de Proxección Social (exercicio 2023)
- 22.06.2023
Comparecente: director do Departamento de Proxección Social
Asunto: Informe anual sobre a xestión da Corporación RTVG e sobre o cumprimento da misión de servizo público atribuída (exercicio 2022)
- 19.09.2023
Comparecente: director do Departamento de Proxección Social
Asunto: actuacións e proxectos do Departamento de Proxección Social
- 04.12.2023
Comparecente: xefa do Servizo de Comunicación Corporativa e Responsabilidade Social
Asunto: Informe de Progreso 2022

Resumo das reunións das comisións de participación:

COMISIÓN	Nº DE REUNIÓN	Nº DE ASUNTOS QUE SE ABORDARON	COMPARECENT.
Economía e Control	33	42	33
Igualdade	7	9	9
Programación	25	31	29
Recursos Humanos	15	33	15
Regulamento e Réxime Interior	20	64	1
Responsabilidade Social Corporativa	4	4	4
TOTAL	104	183	91

11.5 Parlamento de Galicia

O control do Parlamento de Galicia sobre a Corporación plasmouse no ano 2023 na intervención do director xeral na Comisión Permanente non Lexislativa de Control sobre a CRTVG para responder, en 11 comparecencias, a 40 preguntas parlamentarias formuladas polos grupos parlamentarios.

Comisión de Control (31/01/2023)

- 45379 POC Sobre a aprobación do Estatuto Profesional e a creación do Consello de Informativos previsto na Lei 9/2011, do 9 de novembro.

- 45422 POC Sobre a promoción do cinema galego na CRTVG.
- 46026 POC Sobre a cobertura informativa da TVG no concello de Melide.
- 46549 POC Sobre o grao de cumprimento da Lei de medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.
- 46894 POC sobre os ingresos comerciais acadados polos medios da Corporación.

Comisión de Control (28/02/2023)

- 45972 POC Sobre o grao de pluralidade nos servizos informativos na CRTVG.
- 48373 POC Sobre as actuacións levadas a cabo pola CRTVG para mellorar as relacións coa lusofonía.
- 48704 POC Sobre a garantía da pluralidade nos espazos de opinión da CRTVG.
- 48712 POC Sobre o tratamento informativo na TVG á líder da oposición en Galicia.

Comisión de Control (31/03/2023)

- 46531 POC Sobre o estados dos traballos para a aprobación do Estatuto Profesional e o Consello de Informativos previstos na Lei 9/2011 de medios públicos de CRTVG.
- 50242 POC Sobre o cambio de posto dun profesional da Radio á Televisión de Galicia.
- 50378 POC Sobre o tratamento informativo do discurso de Sorogoyen na gala dos Premios Goya.
- 51120 POC Sobre o exercicio do dereito de reunión do persoal da CRTVG.

Comisión de Control (27/04/2023)

- 51245 POC Sobre a retirada da unidade móbil propia da CRTVG e externalización deste servizo.
- 51561 POC Sobre as mudanzas forzosas e inmediatas de postos de traballo de determinados profesionais da Corporación.
- 51683 POC Sobre a información local e a cobertura informativa territorial da CRTVG.
- 51868 POC Sobre os proxectos técnicos que se están a desenvolver na Corporación.
- 52332 POC Sobre o tratamento dado ao tema dos ventres de alugueiro no programa 'Quen anda aí?'

Comisión de Control (24/05/2023)

- 51248 POC Sobre as razóns da conflictividade da Corporación.
- 53245 POC Sobre a cobertura e tratamento do 'Telexornal' dunha nova referida a un delito contra a seguridade viaria atribuído a un alto cargo público.
- 53475 POC Sobre o balance da xestión da CRTVG en materia de recursos humanos desde o ano 2009.
- 53482 POC Sobre o cumprimento da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, e a conflictividade laboral rexistrada nos últimos meses na Corporación Radio e Televisión de Galicia.
- 53495 POC Sobre a cobertura das eleccións municipais por parte da CRTVG.

Comisión de Control (29/06/2023)

- 53882 Comparecencia do director xeral da Corporación, por petición propia, para informar sobre as contas anuais da Corporación RTVG, S. A., correspondentes ao exercicio 2022 en relación co sistema de gobernanza e rendición de contas.
- 53671 POC Sobre a aplicación no ámbito da CRTVG do novo marco legal do sector audiovisual en materia de igualdade e accesibilidade.
- 54289 POC Sobre a investigación xudicial aberta contra unha parte da dirección da CRTVG.

Comisión de Control (11/07/2023)

- 36496 Comparecencia do director xeral da Corporación, por petición propia, para presentar a Memoria de Servizo Público da CRTVG correspondente a 2022.

Comisión de Control (29/09/2023)

- 56246 POC Sobre a reemisión de espazos no período estival na Radio Galega.
- 59086 POC Sobre o tratamento dado e o tempo dedicado ao caso Rubiales nos espazos informativos dos medios públicos de Galicia.
- 59175 POC Sobre o tratamento dado pola CRTVG á información relacionada co comportamento do presidente da Federación Española de Fútbol na final do Campionato Mundial de Fútbol Feminino.
- 59734 POC Sobre a valoración que fai o Goberno galego das cifras de audiencias da Televisión de Galicia na tempada de verán, das relacións destes datos cos de TVE e as expectativas cara á tempada outono-inverno.
- 59848 POC Sobre o pluralismo ideolóxico nas canles da Corporación.

Comisión de Control (20/10/2023)

- 60074 POC Sobre os contratos asinados entre a CRTVG e o Arcebispado de Santiago de Compostela no ano 2022 e o encaixe dentro da misión dos medios públicos dos programas emitidos froito deses contratos.
- 60083 POC Sobre os contratos asinados entre a CRTVG e o Arcebispado de Santiago de Compostela no 2022 e o incremento das achegas á Igrexa nese ano, así como respecto do cumprimento da misión de servizo público dos espazos televisivos obxectos deses contratos.

Comisión de Control (30/11/2023)

- 55829 POC Sobre os conflitos e procedementos xudiciais que afectan á CRTVG.
- 55954 POC Sobre as mudanzas forzosas e inmediatas de postos de traballo de determinados profesionais da Corporación Radio e Televisión de Galicia.
- 61123 POC Sobre o desenvolvemento da Iniciativa Xabarín, aprobada polo Parlamento en 2021 e que persegue o impulso do galego nos contidos infantís e xuvenís.
- 61538 POC Sobre o nivel de desenvolvemento da Iniciativa Xabarín, aprobada unánimemente no Parlamento de Galicia e dirixida a impulsar a lingua galega na programación infantil e xuvenil das televisións públicas.
- 61935 POC Sobre o balance económico e de audiencia da Televisión de Galicia.

Comisión de Control (29/12/2023)

- 55819 POC Sobre as previsións de aprobación e posta en marcha do Consello de Informativos e o Estatuto profesional.
- 60912 POC Sobre o proceso de posta en marcha do servizo OTT da Corporación Radio e Televisión de Galicia, as liñas que o definen e as consecuencias deste avance.
- 62296 POC Sobre os métodos de selección dos contidos dos boletíns informativos da Radio Galega.

11.6 Outros organismos de control

Ademais do seu labor de atención e resposta ás cuestións presentadas no ámbito parlamentario, a CRTVG atende tamén os expedientes abertos pola Valeduría do Pobo de Galicia. No 2023, a Valeduría do Pobo xestionou catro expedientes relativos á CRTVG, todos eles arquivados e resolto positivamente para a Corporación:

_Expediente S.7.Q/15427/22. Cuestión formulada por un particular a propósito da suposta falta de presenza do deporte feminino na TVG. A Corporación respondeu achegando probas sobre as coberturas e retransmisións ao respecto, informes e datos de control interno. Este expediente foi concluído sen que se requirira á CRTVG ningunha acción complementaria ao respecto.

_Expediente P.- Q/13408/23. Cuestión formulada por un particular a propósito dun contido emitido no programa da TVG 'Xente marabillosa' do 16 de abril de 2023. A Corporación respondeu achegando as probas pertinentes e o expediente foi concluído sen que se requirira á CRTVG ningunha acción ou recomendación ao respecto.

_Expediente V.4.Q/11657/23. Cuestión formulada por un particular a propósito da existencia no estudio de gravación do programa 'Quen anda aí?', de TEX45 Producciones S.L.U e Eurotv Producciones, S.L.U dun cartel de seguridade en inglés (EXIT ONLY), situado nun decorado de dito espazo de traballo, e da falta de resposta do equipo de produción do programa ante a solicitude de información do particular ao respecto. A CRTVG respondeu achegando probas e información sobre a seguridade nestes estudos externos e o expediente foi concluído sen que se requirira ningunha acción complementaria.

_Expediente R.7.Q/15618/23. Cuestión formulada por un particular a propósito do tratamento da información política e convites a líderes políticos na CRTVG nun programa de entretemento. A Corporación respondeu achegando probas sobre as coberturas e entrevistas realizadas polos servizos informativos, cuestións marcadas polo corpus normativo que rexe a actividade da Corporación (Mandato Marco, Lei dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia ou os Criterios Reitores da Dirección Editorial da CRTVG). Tamén, sobre os perfís políticos que visitaron recentemente o programa de entretemento, non suxeito ao corpo normativo. O expediente foi concluído sen que se requirira ningunha acción complementaria.

